

orçamentos
2013

MEMORIA TOMO II
VOLUME 1

XUNTA DE GALICIA



MEMORIA

TOMO II VOLUME 1

CONTIDO

I.	PRESIDENCIA DA XUNTA _____	7
II.	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA ____	49
III.	CONSELLERÍA DE FACENDA _____	143
IV.	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS ____	189
V.	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA _____	267
VI.	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U _____	335



PRESIDENCIA DA XUNTA

SECCIÓN 04

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O decreto 234/2012, do 5 de decembro, establece os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

No seu artigo único dispónse que dependerán funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza os seguintes órganos superiores:

Secretaría Xeral da Presidencia, da que dependerá a Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia

Secretaría Xeral de Medios, da que dependerá a Dirección Xeral de Comunicación e á que estará adscrito o ente público Compañía de Radio Televisión de Galicia

Secretaría Xeral da Emigración

Secretaría Xeral para o Deporte

Secretaría Xeral para o Turismo

Queda adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, de conformidade co disposto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea esta e se aproban os seus estatutos.

Na súa disposición adicional primeira indícase que, de acordo co Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se establecen os estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, a axencia asumirá, dende a súa constitución, as competencias atribuídas á Secretaría Xeral para o Turismo e os servizos de Turismo das xefaturas territoriais, que quedarán suprimidos no momento da dita constitución.

De igual xeito, na súa disposición adicional segunda indícase que o ente público Compañía de Radio-Televisión de Galicia continuará adscrito á Secretaría Xeral de Medios ata a súa disolución, de conformidade co disposto na Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Están adscritos á Presidencia da Xunta de Galicia, como entidades do sector público, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Axencia Turismo de Galicia, a Compañía de Radio-Televisión de Galicia, RETEGAL, a Fundación Deporte Galego, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A e o Consorcio de Estudos Turísticos de Galicia. Estas dúas últimas entidades, pasarán a integrarse na Axencia Turismo de Galicia.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

As funcións dos órganos superiores da Presidencia da Xunta de Galicia, segundo o establecido no seu decreto de estrutura, son as que se indican a seguir:

I.- Secretaría Xeral da Presidencia

Correspóndelle o apoio e asesoramento técnico á Presidencia da Xunta de Galicia, para o que, nos asuntos xerais, actuará como órgano de comunicación coas consellerías, entidades e organismos que teñan relación coa Presidencia.

Asume, igualmente, funcións de coordinación dos órganos adscritos á Secretaría Xeral da Presidencia, sinalados no Decreto 234/2012, do 5 de decembro, das actividades do Departamento de Protocolo e Relacións Públicas da Presidencia da Xunta e da Casa de Galicia en Madrid, dos asuntos administrativos xerais da Presidencia da Xunta e da elaboración dos seus orzamentos.

A esta secretaría xeral está adscrita a Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia, que exercerá funcións de asesoramento, asistencia e apoio técnico á persoa titular da Presidencia, tanto de índole política, destacando a preparación das súas intervencións no Parlamento de Galicia, como de índole técnica, para o que poderá solicitar e sistematizar información acerca das iniciativas, programas, plans e actividades das consellerías para facilitar a coordinación da acción do goberno.

2.- Secretaría Xeral de Medios

É o órgano superior encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual. No marco desa competencia xeral exercerá as funcións de divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia; a coordinación da política de imaxe e publicidade institucional da Xunta de Galicia; a dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación e a implantación de redes propias de telecomunicacións para a prestación de servizos que sexan competencia da comunidade autónoma e o desenvolvemento da normativa referente á comunicación social e á publicidade.

A esta secretaría xeral está adscrita a Dirección Xeral de Comunicación, á que lle corresponde a relación cos medios informativos en todas as materias de comunicación que afecten á Presidencia da Xunta de Galicia así como a coordinación da comunicación interdepartamental da Xunta de Galicia.

3.- Secretaría Xeral da Emigración

Correspóndenlle as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude; relacións coas comunidades galegas no exterior e políticas migratorias e de retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas políticas migratorias.

Igualmente, asume as competencias que atribúe ás comunidades autónomas a Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior.

Tamén lle corresponde a coordinación e execución, se é o caso, das competencias atribuídas ás comunidades autónomas na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa normativa de desenvolvemento e complementaria.

4.- Secretaría Xeral para o Deporte

Correspóndelle a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes. En particular, ten atribuída a execución da política deportiva de Galicia; a promoción e difusión da cultura física e do deporte; o apoio e promoción das asociacións deportivas; a elaboración e execución dos plans de construción de instalacións deportivas propias e o fomento da presenza do deporte galego ao máis alto nivel nacional e internacional.

I.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

De xeito máis concreto, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asume a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; a elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia; a promoción da inclusión e execución do despregue das TIC no ámbito da prestación dos servizos públicos; o impulso do desenvolvemento da sociedade da información en Galicia; a planificación e proposta da normativa en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; o impulso, xestión e coordinación da administración electrónica; a consolidación e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia e a planificación e

ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

Esta axencia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Os seus obxectivos básicos consisten no desenvolvemento do turismo na comunidade autónoma baixo os principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade e seguindo parámetros de eficiencia e eficacia; na potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico; no fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial; no impulso á innovación, investigación, formación e cualificación das empresas e profesionais do sector turístico; na mellora do posicionamento do turismo galego no panorama nacional e internacional; na diversificación da oferta turística de Galicia coa consolidación dos produtos clave para competir no ámbito turístico nacional e internacional e a creación de novos produtos que permitan desesacionalizar a demanda turística e na promoción da imaxe marca-país de Galicia.

1.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA

Segundo o establecido na Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, a esta correspóndelle a xestión directa dos servizos públicos de radiodifusión e televisión competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

En concreto, atribúelle a dita lei a misión de servizo público consistente na promoción, difusión e impulso da lingua galega, así como a atención á máis ampla audiencia, ofrecendo calidade e máxima continuidade e cobertura xeográfica, social e cultural.

Para o desenvolvemento desa misión de servizo público, a Compañía de Radio-Televisión de Galicia deberá promover activamente os principios de programación sinalados na súa lei de creación, fomentar a produción audiovisual propia de Galicia, ofrecer programacións e emisións que coaduxen á proxección cara ao exterior de Galicia e de información ás comunidades galegas no exterior.

Igualmente, promoverá activamente o desenvolvemento da sociedade da información, participando no progreso tecnolóxico, utilizando todas as formas e medios de distribución, expresión

e linguaxe, así como as novas técnicas de produción e de difusión de programas de comunicación audiovisual, e desenvolvendo novos servizos, incluídos os dixitais e en liña.

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, no seu artigo 2, atribúelle á Corporación RTVG a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co establecido no punto dous da disposición transitoria primeira da dita lei, en tanto non teña lugar a transmisión de activos e pasivos á Corporación RTVG, a prestación do servizo público seguiralle correspondendo á Compañía de Radiotelevisión de Galicia e ás sociedades Radiotelevisión de Galicia, S.A e Televisión de Galicia, S.A.

1.2.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

CONSORCIO INSTITUTO DE ESTUDOS TURÍSTICOS DE GALICIA

Foi creado polo Decreto 89/2007, do 19 de abril, e ten por obxecto contribuír ao desenvolvemento do sector turístico de Galicia en especial no ámbito da investigación.

Particularmente, correspóndelle o estudo da capacidade competitiva das empresas turísticas e do sector turístico de Galicia; o desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no campo do turismo; a prestación de asistencia ás entidades e empresas vinculadas ao turismo orientada á mellora da calidade do sector e a análise estatística do desenvolvemento do sector turístico e as súas necesidades.

Desde o momento no que se produza a extinción da súa personalidade xurídica, as súas competencias, recursos e medios materiais serán asumidos pola Axencia de Turismo de Galicia.

1.2.5. DAS SOCIEDADES MERCANTÍLS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

SOCIEDADE ANÓNIMA REDES DE TELECOMUNICACIÓNS GALEGAS, RETEGAL S.A.

Os seus estatutos foron aprobados polo Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, que foron modificados polo Decreto 137/2010, do 5 de agosto.

Segundo eses estatutos ten por obxecto, con carácter xeral, a realización por si ou a través

de terceiros das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións en Galicia, o seu mantemento e a elaboración de propostas, análise e estudos relacionados coas telecomunicacións que corresponden á Xunta de Galicia.

En especial, e con carácter non excluín-te, asume as funcións de elaboración de propostas de planificación, xestión e mantemento de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións; o mantemento e xestión das infraestruturas e equipamentos da rede de transporte e difusión utilizadas pola radio e a televisión de Galicia; a análise de viabilidade de proxectos que teñan relación coas telecomunicacións e o asesoramento técnico na toma de decisións pola administración galega en materia de telecomunicacións e a xestión das redes de telecomunicacións.

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

Esta sociedade creouse en virtude do Decreto 377/1991, do 19 de setembro, e nos seus estatutos establécese que o seu obxecto social é o deseño, programación, coordinación e, se é o caso, realización, entre outras, das seguintes actividades relacionadas co Xacobeo: conservación, rehabilitación e recuperación do Camiño; colocación de sinais de identificación; construción de áreas de descanso nos puntos de interese paisaxístico e monumental; dotación do Museo de Peregrinacións; simposios, congresos, xornadas e ciclos; exposicións itinerantes; rede de albergues, a promoción do Xacobeo, esponsorizacións, etc.

A Axencia de Turismo de Galicia asumirá a tutela funcional desta sociedade, desde o momento no que se produza a modificación do seu obxecto social. A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo manterá a súa personalidade xurídica propia e o seu obxecto social consistirá no mantemento e conservación dos camiños, a rede de albergues e a divulgación do feito e cultura xacobeos.

SOCIEDADE DE IMAXE E PROMOCIÓN TURÍSTICA DE GALICIA, S.A., TURGALICIA

Creada en virtude do Decreto 198/1991, do 27 de marzo, e modificados os seus estatutos polo Decreto 29/2004, do 29 de xaneiro, ten como obxecto realizar unha adecuada promoción dos recursos turísticos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Concretamente, constitúe o seu obxecto a realización das actividades de promoción da oferta turística de Galicia nos mercados nacionais e internacionais; a coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción turística interior e exterior; fomento e impulso das actividades do sector turístico para a promoción do turismo galego e o desenvolvemento e xestión de plans de calidade para aplicar en destinos e/ou establecementos turísticos.

Tamén lle corresponde a creación e funcionamento do Centro Superior de Hostalería de Galicia que levará a cabo actividades de reciclaxe de profesionais do sector turístico; de forma-

ción teórica e práctica de alumnos no campo da hostalería, restauración, turismo e actividades complementarias e de asesoramento e consultaría ao sector turístico.

Desde o momento no que se produza a extinción da súa personalidade xurídica, as súas competencias, recursos e medios materiais serán asumidos pola Axencia de Turismo de Galicia.

I.2.6. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

A Fundación Deporte Galego constituíuse pola Administración autonómica tralo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de decembro de 2000 e con escritura de constitución do 27 de abril de 2011, estando clasificada e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego.

Pretende o impulso e fomento do deporte e a práctica deportiva e a súa difusión entre os cidadáns, para o que leva a cabo, xa sexa de forma independente ou en colaboración con outras entidades, actividades de sustento e promoción do deporte e dos deportistas da comunidade autónoma; a xestión de instalacións deportivas de titularidade autonómica e o fomento do emprego entre os profesionais do deporte.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2013

II.1. DA CONSELLERÍA

As principais liñas de acción dos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia son as que se indican a seguir:

1.- Secretaría Xeral da Presidencia

Como órgano que, con carácter xeral, asume a coordinación co resto dos centros directivos da Xunta de Galicia dos asuntos relacionados coa Presidencia da Xunta de Galicia, impulsará o seguimento das actuacións dos distintos departamentos da Administración autonómica para reforzar a acción coordinada do goberno galego.

2.- Secretaría Xeral de Medios

A Secretaría Xeral de Medios, durante o ano 2013, en materia de fomento do audiovisual, desenvolverá actuacións específicas de difusión e de programación a través do Centro Galego das Artes da Imaxe; de recuperación, conservación e difusión do patrimonio audiovisual galego e de promoción do sector audiovisual e multimedia encamiñadas a potenciar actuacións de comunicación.

Polo que se refire á cobertura informativa e apoio á comunicación social levará a cabo actuacións referidas á normativa dos medios informativos e publicidade; de divulgación da acción institucional e de coordinación operativa da comunicación interdepartamental da Xunta de Galicia.

En materia de radiodifusión, levará a cabo actuacións de xestión, planificación, coordinación e asesoramento técnico dos servizos e infraestruturas de telecomunicación da Xunta de Galicia; ampliará e mellorará a infraestrutura de radio e televisión mediante novos investimentos; realizará estudos técnicos e de planificación para obter cobertura o máis ampla posible na emisión/recepción de programas de radio e televisión que dependen da Xunta de Galicia, así como aqueles estudos tendentes á mellora das infraestruturas.

3.- Secretaría Xeral da Emigración

A actuación da Secretaría Xeral da Emigración abarca tres eidos distintos: a emigración, a inmigración e o retorno.

No primeiro deles, a emigración, incidirase na asistencia sociosanitaria aos galegos e galegas residentes no exterior que se atopan en situación de precariedade, dependencia ou risco de exclusión social; no impulso dos programas relacionados cos centros galegos fomentando a súa modernización e o acceso ás novas tecnoloxías e nos programas dirixidos á xuventude galega e ao colectivo feminino do exterior para a súa participación activa nos proxectos do tecido asociativo da Galicia exterior.

No ámbito da inmigración, as actuacións estrutúranse no desenvolvemento dunha acollida de carácter integral; no fomento da integración sociolaboral a través da consolidación do Plan de formación; no reforzo educativo na ensinanza obrigatoria e en accións de sensibilización e fomento da convivencia intercultural.

En canto ao ámbito do retorno, reforzase o apoio socioeconómico aos retornados a través da mellora da súa rede de información, da colaboración no ámbito da educación e formación e da súa inserción laboral.

4.- Secretaría Xeral para o Deporte

Os obxectivos prioritarios deste centro directivo para o ano 2013 céntranse en catro aspectos básicos.

En primeiro lugar, continuarase co desenvolvemento do Plan Galego de Fomento da Actividade Física, Galicia Saudable. Neste desenvolvemento serán básicas, entre outras actuacións, o extensión da Rede Galega de Unidades de Promoción do Exercicio Saudable municipais (UPEs) e a súa diversificación a outros ámbitos como o educativo, laboral ou sanitario; as accións de fomento da práctica da actividade física dirixida á poboación sedentaria e as axudas a concellos para instalacións e espazos deportivos saudables.

En segundo lugar, continuarase coa labor de apoio ao tecido deportivo galego e aos deportistas, co obxectivo de potenciar a máis sólida estruturación dos axentes deportivos. Neste apartado destacan, entre outras actuacións, o plan de axudas ás federacións, mediante a subscrición de convenios de colaboración; o plan de axudas a clubs e outras entidades deportivas; o desenvolvemento do deporte de alto nivel e a campaña de promoción deportiva na idade escolar mediante a organización de eventos deportivos. Tamén se continuará coa aposta polo Centro Galego de Tecnificación Deportiva, referencia nacional no ámbito da tecnificación e do alto nivel.

En terceiro lugar, a mellora do mapa de infraestruturas deportivas de Galicia, tanto propias como de terceiros, en colaboración coas entidades locais. Acometeranse, entre outras actuacións, a optimización do mapa de infraestruturas deportivas da comunidade autónoma; as antes apuntadas axudas a concellos para instalacións e espazos deportivos saudables; ou o fomento da construción e mellora das instalacións das entidades deportivas.

Por último, no ámbito da adecuación normativa á realidade do deporte galego levarase a cabo o desenvolvemento da Lei do deporte de Galicia aprobada no mes de abril de 2012.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

As actuacións da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia centraranse no desenvolvemento das liñas de traballo recollidas na Axenda Dixital de Galicia 2014.gal, aprobada polo goberno galego en xuño do ano 2010, e que é o instrumento que establece o xeito no que as políticas tecnolóxicas respaldan e reforzan transversalmente os distintos eixos de actuación do Plan Estratéxico Galicia 2010-2014.

Esas liñas de acción son as seguintes:

1. Consolidar un sector TIC competitivo, innovador e xerador de emprego cualificado que actúe como motor do resto dos sectores estratéxicos.
2. Incrementar a competitividade das empresas galegas fomentando a integración das tecnoloxías na súa actividade empresarial.
3. Modernizar as infraestruturas da Xunta, mellorando as mesmas e a súa xestión, establecendo unha política tecnolóxica corporativa en materia de telecomunicacións.
4. Impulsar medidas que faciliten a implantación de operadores con interese en investir no despregamento de infraestruturas en Galicia.
5. Asegurar un despregamento de infraestruturas baseado na eficiencia e cooperación, derivados dunha visión global das infraestruturas existentes e da coordinación de todos os axentes implicados.
6. Fortalecer as competencias dixitais para aumentar a empregabilidade dos cidadáns galegos e diminuír a fenda dixital.
7. Homoxeneizar os sistemas de xestión TIC da Xunta, de maneira que cada unha das dependencias con responsabilidade de xestión en sistemas TIC poida funcionar de xeito coordinado, baixo unhas directrices operativas e estratéxicas unificadas.
8. Garantir a eficiencia no emprego dos recursos públicos e a mellora na calidade do servizo a través da racionalización da contratación e uso dos servizos de mantemento e soporte.
9. Incluír as TICs en todos os ámbitos dos servizos públicos mediante o desenvolvemento da administración electrónica e o e-goberno.

Estas liñas de traballo están en directa relación coa execución do Plan de Modernización da Administración Pública; o Plan Director de Seguridade da Información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Plan Director de Telecomunicacións para o despregamento da banda larga en Galicia; o Plan de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Administración de Xustiza en Galicia ou o Proxecto Abalar.

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

As principais liñas de actuación da Axencia de Turismo de Galicia no 2013, agrúpanse en catro eixos diferenciados.

En primeiro lugar, en canto á política de ordenación do turismo, continuarase co desenvolvemento regulamentario da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia; apoiarase a mellora da sinalización turística; continuarase co apoio e desenvolvemento dos xeodestinos co obxecto de poñer a disposición dos axentes turísticos un plan de destinos que evite localismos e actuacións individualizadas; desenvolveranse plans de destinos turísticos destinados a potenciar os recursos turísticos mediante formulas innovadoras; implementaranse apoios ao Camiño a través do desenvolvemento dun plan interxacobeos e levaranse a cabo campañas de sensibilización turística.

En segundo lugar, no que se refire á política de desenvolvemento sectorial, apoiarase a formación e profesionalización do sector poñendo todos os mecanismos necesarios para ofrecerlle accións formativas.

En terceiro lugar, no referido á política de produto, apoiarase a calidade, promovendo a certificación da marca Q de calidade turística e do distintivo de Compromiso de Calidade Turística; continuarase coas liñas de subvencións específicas para a mellora das infraestruturas turísticas; impulsaranse novos paquetes turísticos capaces de innovar e atraer demandas e potenciaranse os produtos cabeceira de marca que representan a variedade e a personalidade turística de Galicia.

Por último, consolidarase e estimularase a marca Galicia e levaranse a cabo accións de apoio e desestacionalización co obxecto de incentivar a demanda turística cara Galicia na tempada baixa mediante a promoción do turismo rural e o turismo de saúde.

II.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

COMPAÑÍA DE RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA

Durante o ano 2013, a Compañía de Radio Televisión de Galicia ten como principais liñas de acción as que se indican a seguir: promover activamente os principios de programación sinalados na lei de creación; fomentar e dinamizar a produción audiovisual propia de Galicia; avanzar na proxección de Galicia cara ao exterior ofrecendo programación, emisións e información de calidade que contribúan a esta proxección; seguir avanzando no desenvolvemento da sociedade da información, participando no progreso tecnolóxico e estendendo o uso das novas tecnoloxías na produción e difusión de programas de comunicación audiovisual; continuar co desenvolvemento de novos servizos, incluídos os dixitais e en liña, susceptibles de enriquecer ou completar

a súa oferta de programación.

Na área comercial, preténdese seguir avanzando nunha xestión que permita mellorar os seus resultados e servir como dinamizador do sector audiovisual galego.

II.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

CONSORCIO INSTITUTO DE ESTUDOS TURÍSTICOS DE GALICIA

Dentro do seu obxectivo principal de potenciar o coñecemento do turismo en termos de necesidades de información e análise, durante o ano 2013 realizará distintas enquisas, como as de excursionismo ou de demanda turística de Galicia; levará a cabo estudos sobre movementos de viaxeiros e informes de ocupación e sobre o tecido empresarial e o emprego no sector turístico de Galicia.

Esta actividade, logo de que se proceda á extinción deste consorcio, será asumida pola Axencia de Turismo de Galicia.

II.5. DAS SOCIEDADES MERCANTÍLS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

SOCIEDADE ANÓNIMA REDES DE TELECOMUNICACIÓNS GALEGAS, RETEGAL S.A.

As liñas de actuación da sociedade Redes de Telecomunicacións Galegas para o ano 2013 estarán dirixidas, entre outras, á continuación do despregamento da banda larga de Galicia que, no ano 2013, executará a acción 3 na que, ademais de potenciar as infraestruturas xa existentes, se porán en operación case cen novos centros de telecomunicacións; ao mantemento da cobertura e difusión da televisión dixital terrestre; ao despregamento dunha rede de comunicacións radioeléctricas móbiles no marco da implantación dunha rede de comunicación de emerxencias con tecnoloxía TETRA e á execución do plan sectorial de infraestruturas de telecomunicacións.

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, para o ano 2013, centrará a súa actuación na dotación e conservación da rede de albergues públicos; na ampliación das obras de

conservación, sinalización e mellora dos trazados dos distintos Camiños de Santiago; na renovación das liñas de colaboración coas entidades públicas e privadas que traballan pola difusión e promoción do Camiño de Santiago e na promoción do Camiño de Santiago nos principais eventos de turismo alternativo.

SOCIEDADE DE IMAXE E PROMOCIÓN TURÍSTICA DE GALICIA, S.A.

Para o ano 2013, Turgalicia centrará a súa actividade nos seguintes eixos de actuación: promoción da oferta turística de Galicia nos mercados nacionais e internacionais; execución de actividades de promoción turística interior e exterior; fomento do sector turístico para a promoción do turismo galego; labores de información turística tanto a nivel nacional como internacional e desenvolvemento e xestión de plans de calidade.

Esta actividade, logo de que se proceda á extinción desta sociedade, será asumida pola Axencia de Turismo de Galicia.

II.6. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

As liñas de actuación, obxectivos e actuacións básicas da Fundación Deporte Galego para o ano 2013 presentan dúas vertentes diferenciadas.

Por unha banda, o apoio aos clubs que participan nas máximas categorías nacionais das súas respectivas modalidades deportivas, aos deportistas de alto nivel e ás entidades que organizan eventos deportivos de máximo nivel autonómico, nacional e internacional.

Por outra banda, o fomento de programas deportivos tanto nas instalacións xestionadas directamente pola propia fundación e naquelas instalacións xestionadas en réxime de concesión así como, con carácter xeral, o fomento e promoción da actividade físico-saudable na comunidade autónoma.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 111A - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa preténdese garantir que a actividade singular da Presidencia da Xunta de Galicia se preste en condicións eficientes e garantindo a execución dos compromisos cos distintos axentes cos que se establecen relacións de interacción.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Fundamentalmente este programa ten un importante carácter intrínseco á propia actividade da persoa titular da Presidencia da Xunta, no que se refire ás súas relacións institucionais e protocolarias, e ao funcionamento normal e diario das unidades administrativas adscritas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Como xa se indicou este programa ten un marcado carácter de apoio á actividade do Presidente da Xunta de Galicia, polo que nel se recollen basicamente gastos de funcionamento que sustentan esa actividade. Paulatinamente, na senda da contención do gasto corrente que marca a actuación do goberno galego, este programa ten visto minoradas as súas consignacións orzamentarias, sen que isto teña interferido no normal funcionamento das unidades administrativas ás que serve.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O desenvolvemento deste programa ten a súa base, primeiramente, na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa presidencia.

En desenvolvemento das previsións contidas nesa lei, dítanse os oportunos decretos de estrutura. Na actualidade, o Decreto 234/2012, do 5 de decembro, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Igualmente, debe sinalarse o Decreto 325/2009, do 18 de xuño, modificado polo Decreto 215/2010, do 16 de decembro, e polo Decreto 52/2012, do 26 de xaneiro, que regula as funcións dos distintos órganos superiores da Presidencia da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é actuar como soporte orzamentario da actividade singular da persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia así como das unidades administrativas que apoian directamente esa actividade, dun xeito eficiente e menos gravoso para as finanzas autonómicas.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Presidencia

III.1.2. PROGRAMA 432C - FOMENTO DO AUDIOVISUAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa destínase á realización de actuacións dirixidas a fomentar a promoción e difusión da multimedia e do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións deste programa van dirixidas á poboación en xeral, e a fundacións de universidades.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O sector audiovisual está a configurar o noso patrimonio histórico e cultural, polo que debe ser obxecto da correspondente difusión e promoción, a través das canles de comunicación existentes.

Nesta liña, o Centro Galego de Artes da Imaxe desempeña unha importante labor polas súas funcións, tanto de recuperación, catalogación e custodia das obras (cinematográficas, videográficas e fotográficas) que conforman o noso patrimonio audiovisual, como na promoción e difusión do mesmo (programación, proxeccións, mostras e exposicións).

Por outra parte, os avances tecnolóxicos obrigan aos distintos sectores implicados no proceso (administración, empresas, poboación en xeral) a manter actualizados os seus contidos audiovisuais e multimedia, polo que se considera necesario realizar actuacións dirixidas ás empresas e colectivos para que poidan adaptarse ás novas esixencias tecnolóxicas.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia.

Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa de fomento do audiovisual e multimedia está relacionada coa relevante notoriedade e influencia que o sector da imaxe ten sobre a sociedade actual, dado que actúa como instrumento de comunicación dos contidos de carácter cultural, social e económico.

Por isto, as actuacións da Secretaría Xeral de Medios están encamiñadas a potenciar os sectores audiovisual e multimedia, fomentado a promoción da multimedia e a difusión do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medios

III.1.3. PROGRAMA 461A - COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa serve de apoio aos medios de comunicación, a través de proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios, a promoción dos valores e a imaxe de Galicia e a divulgación da acción institucional da Xunta.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa está dirixido fundamentalmente ás empresas xornalística e de radiodifusión, así como ás universidades.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os medios de comunicación constitúen un dos elementos básicos da promoción dos valores e a imaxe de Galicia, das súas institucións e da lingua e cultura galega.

Considérase fundamental que o sector dos medios informativos e de comunicación teñan a mellor capacidade para desenvolver as súas potencialidades nun sector extremadamente cambiante e dinámico e, polo tanto, as actuacións da Xunta de Galicia van encamiñadas a favorecer un marco xurídico, económico e social que permita aos medios de comunicación exercer as súas actividades eficaz e eficientemente, e mais tendo en conta a difícil situación económica actual.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 215/2010, do 16 de decembro, e polo Decreto 52/2012, do 26 de xaneiro.

Lei 14/1966, do 18 de marzo, de prensa e imprenta, e as sucesivas modificacións.

Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e as sucesivas modificacións.

Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é potenciar o coñecemento de Galicia e das súas institucións así como a promoción dos seus valores e da súa lingua nos medios de comunicación.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medios

Dirección Xeral de Comunicación

III.1.4. PROGRAMA 461B - RADIODIFUSIÓN E TVG:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Coa consignación orzamentaria deste programa preténdese a dotación e mellora de infraestruturas, sistemas, equipos e servizos de telecomunicacións para a radiodifusión, a televisión ou outros servizos de comunicacións oficiais, así como os servizos técnicos para o correcto funcionamento dos equipos e sistemas que integran estas infraestruturas de telecomunicacións.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Cidadáns galegos ou outros cidadáns residentes en calquera das entidades de poboación de Galicia, concellos, empresas fabricantes ou instaladoras de equipos e infraestruturas de telecomunicacións, empresas públicas de telecomunicacións.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En decembro de 2008, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio asinaron un Convenio marco de colaboración para o desenvolvemento do Plan Nacional de Transición á TDT en Galicia, o que supuxo un investimento de máis de 12 millóns de euros para dixitalizar a rede de microemisores analóxicos de televisión, con máis de 300 centros de TDT instalados, acadando unha cobertura por riba do 98% da poboación.

Coa publicación do Real decreto 365/2010, do 26 de marzo, polo que se regula a asignación dos múltiplex da Televisión Dixital Terrestre tras o cese das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, faise necesario ampliar a rede de centros emisores de TDT cos novos múltiplex, ademais dun novo multiplex dixital de ámbito autonómico.

Por outra banda, ese mesmo real decreto obriga a abandonar a banda de frecuencias de 790 a 862 MHz, canais radioeléctricos de UHF do 61 ao 69, actualmente ocupada polos múltiplex de TDT de ámbito nacional e autonómico, dentro do Plan Técnico Nacional de TDT, para ocupar novos canais radioeléctricos entre o 21 e o 60 de UHF.

Todo isto supón dous novos retos para a rede dos preto de 300 centros de extensión de cobertura de TDT no medio rural: por unha parte a ampliación do número de múltiplex e por outra parte o cambio de frecuencias da rede actual.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional de Televisión Dixital Terrestre.

Plan Nacional de Transición á TDT (aprobado polo Consello de Ministros do 7/09/2007).

Real decreto 365/2010, do 26 de marzo, polo que se regula a asignación de multiplex de TDT e a reasignación de frecuencias.

Real decreto 752/2010, do 4 de xuño, polo que se aproba o programa de desenvolvemento rural sostible.

Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible.

Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual - radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Unha vez rematada a transición da tecnoloxía analóxica á dixital, faise necesario seguir ampliando as infraestruturas e redes de difusión de radio e televisión, co despregue de novos múltiplex e o cambio de frecuencias.

Así mesmo, no ano 2012, a Xunta de Galicia asinou un convenio co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das zonas rurais. A Secretaría Xeral de Medios executará actuacións dirixidas a adquisición de equipos de comunicacións satelital para acceso a TDT, nas zonas sen cobertura dos concello de Lugo central, montaña lucense, depresións ourensás e terras do Sil.

A través deste programa dótase de medios económicos complementarios á CRTVG e as súas empresas, co fin de dar viabilidade ao funcionamento das actividades que lles son propias, así como facilitarlle os medios materiais e técnicos suficientes para manter operativas as redes de televisión e radio institucionais e lograr unha cobertura de recepción que chegue a todo o territorio de Galicia.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medios

CRTVG

III.1.5. PROGRAMA 312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa inclúe o desenvolvemento de actividades de apoio aos galegos e galegas e ás comunidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade autónoma, para que estes participen da vida social e cultural de Galicia, e contribuír á mellora do seu benestar e calidade de vida. Así mesmo, a través deste programa desenvólvense accións encamiñadas á procura da integración social e á inserción laboral do colectivo de inmigrantes e retornados na nosa sociedade.

Trátase de asegurar unha vida digna aos galegos e galegas residentes no exterior, así como aos fillos destes con nacionalidade española, e vinculados a algún dos concellos de Galicia. A maior parte deste colectivo sitúase nos países latinoamericanos, cuxa situación socioeconómica voltou nas últimas décadas cara unha senda de carácter negativo, o que deu lugar a unha grande inseguridade, cando non ausencia, de sistemas de protección social en xeral dos colectivos máis desfavorecidos en particular.

Polo que se refire ás comunidades galegas como entidades asociativas asentadas fóra do territorio de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración ten como tarefa fundamental a súa preservación. Neste senso, é necesario prestar apoio ás actuacións que realizan estas entidades nas áreas sociais, asistenciais, formativas, culturais, informativas, de xuventude, así como nos investimentos para as infraestruturas das súas sedes sociais.

No ámbito da inmigración, a finalidade última é a consecución da plena integración social das persoas inmigrantes na sociedade galega, fundamentalmente nos ámbitos social, laboral e educativo. É preciso desenvolver unha acollida de carácter integral: cobertura das súas necesidades básicas, impartición de cursos de idiomas, accións informativas e de asesoramento legal de carácter xeral, en especial ás persoas en situación de especial vulnerabilidade.

Outra das esixencias que se demanda na sociedade multicultural actual é a promoción dunha imaxe positiva da inmigración, que favoreza a sensibilización da sociedade galega e fomenta actitudes positivas respecto ao colectivo estranxeiro asentado na comunidade autónoma galega.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A actuación da Secretaría Xeral da Emigración recae sobre o colectivo emigrante, do que unha grande cantidade forma parte dalgunha das entidades galegas que teñen recoñecida a galeguidade ou a condición de centro colaborador ou de institucións e asociacións sen fins de lucro legalmente constituídas que radican fóra de Galicia, en número aproximado de 491 institucións e asociacións independentemente da súa categoría.

Polo que se refire ao ámbito da inmigración e retorno, este colectivo non parou de aumentar, acadando un número de 110.468 persoas inmigrantes no ano 2011 na nosa comunidade autónoma, ocupando o terceiro lugar en volume de retorno e sendo a primeira comunidade autónoma cunha maior proporción de emigrantes retornados respecto ao total da súa poboación.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Dende o inicio da segunda metade do século XX, Latinoamérica iniciou un camiño de deterioro dos seus sectores produtivos ocasionado por distintos factores políticos, sociais e económicos, que deixou como consecuencia o paulatino empobrecemento de amplas capas sociais e a diminución dos sistemas de protección social naqueles países nos que estaban desenvolvidos.

Esta situación de precariedade socioasistencial dos emigrantes galegos e dos seus descendentes directos vén sendo paliada por distintos programas de axudas dende a Secretaría Xeral da Emigración, executado en dúas grandes liñas: axudas directas para atender a individuos con carencia de medios que dean lugar a situación de exclusión social e axudas ás comunidades galegas que dispoñen de centros de atención para os colectivos de emigrantes, co obxectivo de protección socio sanitaria e con carácter de beneficencia.

As debilidades deste programa veñen xeradas pola situación na que se vive nos países de residencia e a imposibilidade de actuar directamente sobre ela. Por outro lado, a idade media do colectivo que se pretende atender dificulta medidas de retorno ou de mellora na promoción laboral. Así mesmo, o acceso de segundas e terceiras xeracións á xestión dos grandes centros de beneficencia levantados polos galegos de orixe e nos que, cada vez máis, teñen acceso persoas non vinculadas con Galicia, deriva nun menor compromiso de asistencia ao colectivo orixinario. Todos estes factores conflúen para derivar nun gran número de persoas con necesidades socio-sanitaria e de asistencia.

A fortaleza deste programa é a grande vinculación afectiva que manteñen os emigrantes con Galicia: unha rede de sociedades e comunidades espalladas por todo o mundo, fundamentalmente en América, que contan a maior parte deles con servizos de protección (sanitarios, residencias de anciáns, centros de día ...) e o carácter de solidariedade e beneficencia cos seus paisanos máis desfavorecidos dos seus fundadores, que aínda perdura.

Polo que atinxe á política en materia de inmigración e retorno, a situación actual presenta unha serie de debilidades como é a dispersión xeográfica do colectivo a atender (16 concellos de Galicia contan cunha porcentaxe de poboación inmigrante superior ao 3% do seu padrón

municipal e estes concellos non son na súa maior parte limítrofes). Na mesma liña, a diversidade da orixe dos inmigrantes e retornados: existen 20 países de orixe que aportan máis de 1.000 inmigrantes á sociedade galega, dificulta unha actuación uniforme aplicable a esta colectividade. Ademais, hai que engadir a falla de coñecemento das linguas de acollida. Así mesmo, existe un desaxuste entre a demanda empresarial de man de obra e a formación da poboación inmigrante, sobre todo polas dificultades na validación dos estudos realizados no país de orixe.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude.
- Decreto 4/1987, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, modificado polo Decreto 195/1991 do 30 de maio.
- Lei 40/2006, do 14 de decembro, do estatuto da cidadanía española no exterior.
- Plan Integral da Emigración 2011-2013.
- Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereito e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei orgánica 2/2009.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Unha das finalidades do programa da Secretaría Xeral da Emigración é asegurar unha vida digna aos galegos e galegas residentes no exterior, e aos fillos destes con nacionalidade española; en condicións de protección o máis similares posibles ás que gozan os residentes en Europa. Os resultados pretendidos son fundamentalmente paliativos e temporais, polo carácter asistencial e individual do programa na súa modalidade de cobertura socio-asistencial ao colectivo de emigrantes galegos.

Así mesmo, fomentar o coñecemento e a difusión da cultura galega a través do desenvolvemento de accións e actividades culturais nas diferentes entidades e centros galegos no exterior.

É preciso aumentar o grao de participación e vinculación de mozos e mozas descendentes de emigrantes galegos nas actividades que leven a cabo as entidades e que manteñen o espírito de galegitude, asegurando así a máis ampla participación e integración da xuventude na vida asociativa das nosas comunidades.

En canto ao ámbito da inmigración e retorno, a Secretaría Xeral da Emigración ten como obxectivo avanzar na integración da poboación inmigrante e retornada, eliminando barreiras como o idioma, costumes sociais, etc. Preténdese atender ás necesidades deste colectivo, con independencia dos seus países de orixe e da localidade na que residan.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Emigración

Secretaría Xeral da Presidencia

III.1.6. PROGRAMA 441A - PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A actuación da Secretaría Xeral para o Deporte ten como fío condutor o fomento da práctica do deporte e da actividade física na Comunidade Autónoma de Galicia, entendido este como elemento imprescindible para a calidade de vida dos galegos, así como o crecemento do deporte en Galicia e o desenvolvemento do seu tecido deportivo, a través da coordinación institucional e cuns claros obxectivos en materia de saúde, benestar e actividade física, infraestrutura deportiva e apoio ao tecido deportivo.

A xeneralización e accesibilidade da práctica do deporte e da actividade física mediante a súa incorporación á vida cotiá dos cidadáns; a mellora e dotación de novas infraestruturas; o apoio aos axentes deportivos na promoción e crecemento do deporte ou o perfeccionamento nas áreas de docencia, formación e tecnificación do deporte son, entre outros, obxectivos prioritarios deste programa.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo afectado pola actividade da Secretaría Xeral para o Deporte é a sociedade galega globalmente considerada (principalmente en canto ao obxectivo prioritario da xeneralización da práctica da actividade física) e o tecido deportivo galego (no tocante á práctica deportiva e ao deporte de competición) sen esquecer, entre outros, ás entidades locais principalmente no referido a infraestruturas deportivas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na comunidade autónoma galega os índices da práctica da actividade física son moi baixos, dado que un 65,5% dos maiores de 18 anos non realiza actividade física suficiente, dato que alcanza o 82% no caso dos nenos. Por outra banda, en Galicia o 25% dos rapaces teñen sobrepeso, e un 17% dos adultos, fronte á media de España do 15%. Esta situación carrega numerosos problemas de saúde, o que se traduce nun problema para as arcas públicas, sendo o gasto medio anual en sanidade dun adulto obeso un 36% superior ao dunha persoa con peso recomendable, e sendo o gasto farmacolóxico un 77% maior.

Débase tamén significar que a actividade deportiva ten como elementos básicos para unha

axeitada evolución aos clubs e federacións. Na actual conxuntura de crise considérase esencial manter o apoio a través de liñas de subvención para a actividade tanto dende a perspectiva das persoas xurídicas como dende a perspectiva do deportista persoa física.

As actuacións anteriores complementáanse coa implantación de infraestruturas deportivas, principalmente naqueles concellos onde a súa carencia impide a realización da práctica deportiva dunha maneira continuada e estruturada.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A norma pola que se regula a actividade deportiva en Galicia é a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

Ademais atópanse en vigor o Decreto 228/1994, do 18 de xullo, regulador das federacións deportivas galegas e a Orde do 28 de xullo que o desenvolve.

Así mesmo, o Decreto 82/1983, do 21 de abril, crea o Rexistro de clubs, federacións e entidades deportivas, desenvolvido pola Orde do 17 de maio de 1983. Esta normativa, en vigor no que non se opoñan á Lei 3/2012, será substituída pola que se promulgue con motivo da nova norma legal.

Por último, cómpre indicar o Plan Galego de Fomento da Actividade Física "Galicia Saudable".

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para conseguir os obxectivos perseguidos con este programa, actuarase en catro grandes aspectos.

En primeiro lugar, na execución do Plan Galego de Fomento da Actividade Física "Galicia Saudable", desenvolverase a Rede Galega de Unidades de Promoción do Exercicio, incrementando o número de UPEs e diversificándolas ao ámbito escolar e laboral; concederanse axudas a entidades sen ánimo de lucro para a promoción do deporte e a concellos para a construción e mellora de instalacións e espazos deportivos.

En segundo lugar, no apoio ao tecido deportivo galego e aos deportistas, estableceranse plans de axudas económicas ás federacións deportivas, aos clubs e outras entidades deportivas; traballarase no perfeccionamento de medidas de apoio aos deportistas de alto nivel e na promoción do deporte en idade escolar.

En terceiro lugar, na mellora do mapa de infraestruturas deportivas galegas, continuarase a optimización da rede actual e investirase na construción de novas infraestruturas.

Por último, seguirase traballando na adecuación da normativa actual á realidade do deporte galego, avanzando no desenvolvemento regulamentario da Lei do deporte de Galicia aprobada no ano 2012 en aspectos tales como a xustiza deportiva, a actividade deportiva ou o deporte

de alto nivel.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral para o Deporte

Fundación Deporte Galego

III.1.7. PROGRAMA 761A -COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Inclúe este programa a realización de accións tendentes á posta en valor dos recursos de interese turístico así como mellora dos servizos existentes para a consolidación dunha oferta turística de calidade que sirva de base para levar a cabo actuacións de promoción do destino Galicia en termos de excelencia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa diríxese, por unha parte, ao sector privado que desenvolve a súa actividade en calquera das categorías profesionais suxeitas á Lei do turismo, así como a empresas complementarias que redunden e complementen a oferta turística de Galicia.

Por outro lado, as actuacións deste programa van dirixidas a mozos que se están formando en diferentes especialidades turísticas, tanto do Centro Superior de Hostelería de Galicia como das universidades e centros de formación.

Por último, ten como destinatarios ás administracións e entidades públicas (concellos, deputacións ...) para a colaboración do desenvolvemento do destino Galicia e a toda a poboación en xeral.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O sector turístico de Galicia caracterízase pola falta de oferta complementaria; por unha baixa estancia media (segundo a enquisa de demanda turística de Galicia de 4,4 días) e un baixo gasto medio (68,8 €); pola estacionalización da oferta e por unha significativa atomización empresarial. Por outra banda, a nosa comunidade autónoma ten que competir con destinos tradicionais de sol e praia, coas dificultades de accesibilidade dende destinos afastados e coa falta de competitividade.

Porén, o turismo de Galicia ofrece unha importante singularidade en termos de oferta, a notoriedade do Camiño de Santiago e un alto nivel de fidelización.

A comunidade autónoma galega debe aproveitar as oportunidades derivadas do novo perfil de turista, do turismo internacional, do fraccionamento das vacacións e a forza de España como destino turístico.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.
- Plan de Acción do Turismo de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa perséguese a consecución dunha serie de obxectivos prioritarios, como son o reequilibrio territorial, a desestacionalización, o incremento do peso do turismo no PIB galego, o aumento da estancia media, o aumento do gasto medio diario dos turistas que nos visitan e o incremento da cota de turismo internacional.

Ademais tamén se pretende aumentar a calidade dos servizos, o establecemento dun modelo de sinalización e a redución de impactos negativos do turismo no patrimonio e no medio ambiente.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia de Turismo de Galicia

III.1.8. PROGRAMA 571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En Galicia atopámonos inmersos nun proceso gradual de transición cara a sociedade da información e do coñecemento, que trae consigo unha transformación radical a nivel tecnolóxico, económico, social e político.

A pesar do esforzo realizado neste eido durante os últimos anos e da progresiva incorporación da nosa comunidade autónoma á sociedade do coñecemento, resulta evidente que aínda estamos moi lonxe da consecución dunha sociedade galega capaz de empregar as novas tecnoloxías co obxectivo de incrementar de maneira significativa os niveis de calidade de vida e benestar social da cidadanía, e a eficiencia e competitividade das nosas empresas.

Neste contexto, e dentro da estratexia do goberno galego en materia de sociedade da información, xorde 2014.gal, Axenda Dixital de Galicia, co obxectivo de maximizar o potencial

social e económico das tecnoloxías da información e a comunicación como peza clave que axude a converter a economía actual nunha economía intelixente, sustentable e integradora, cun alto nivel de emprego, cohesión social e territorial no horizonte de 2014.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal, pois están dirixidas a acadar a inclusión no novo contexto dixital da sociedade galega no seu conxunto (cidadanía en xeral, administracións públicas, sector empresarial, asociacións sen ánimo de lucro), contribuíndo de xeito decisivo na xeración dunha economía do coñecemento que sirva de base para o progreso económico e social cara uns maiores niveis de benestar para a totalidade da poboación galega, ademais de levar a cabo un proxecto tecnolóxico global na Xunta de Galicia que impulse a modernización da administración pública.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Durante o exercicio 2012 puxéronse en marcha unha serie de liñas de actuación para a promoción efectiva da administración electrónica e da presenza da administración pública en internet que se identifican no marco de desenvolvemento do Plan de Modernización e dos decretos de desenvolvemento da administración electrónica e da ordenación da presenza da administración pública en internet. Todas estas actuacións deben continuarse e consolidarse no 2013 para conseguir os obxectivos establecidos.

A situación na nosa comunidade autónoma en relación coa dotación das novas tecnoloxías na Administración de xustiza, sintetízase nos seguintes puntos: ampla fenda dixital do colectivo xudicial e baixa incorporación das tecnoloxías da información aos procesos xudiciais; a dotación de recursos tecnolóxicos non foi parella ao crecemento da litixiosidade e a ausencia de automatización nos procesos xudiciais, dado que practicamente a totalidade dos expedientes xudiciais se tramitan en papel.

No ano 2010 presentouse o Plan de Sistemas TIC da Administración de xustiza en Galicia (Plan Senda 2014) que tenta paliar esta situación e promover a implantación efectiva das TIC neste sector. Xa durante o ano 2011 se levaron a cabo actuacións no contexto deste plan e debe continuarse coa evolución de sistemas cara acadar o expediente electrónico xudicial, a adecuación á Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza, e a adecuación dos sistemas de información para a implantación na nova oficina xudicial.

Por outra banda, ao comezo da execución do Plan de Banda Larga soamente un 71,8% da poboación galega contaba con cobertura de banda larga de calidade. O desigual despregamento territorial das infraestruturas que permiten dispor das novas tecnoloxías da información daba lugar a que os concellos da zona rural se visen discriminados fronte ás cidades, producíndose a "fenda dixital", que tiña como consecuencia a limitación das posibilidades de crecemento rural en canto á implantación de novos negocios e a competitividade das actividades tradicionais.

Coas actuacións postas en marcha, esta cifra aumentou ata acadar un 91%. Así mesmo, ao comezo do plan tan só o 83% dos centros de demanda da administración contaban con cobertura. Na actualidade a cobertura é de máis dun 96%. Para acadar estes avances foron postas en marcha seis actuacións: despregamento de redes fixas, despregamento de redes de nova xeración, despregamento de redes sen fíos (wimax), despregamento de redes sen fíos (3G), adecuación do operador público RETEGAL e universalización da banda larga vía satélite. Estas actuacións deberán ter continuidade no 2013 para poder acadar os obxectivos e os compromisos establecidos no Plan de Banda Larga, para que o 94% da poboación poida ter acceso á banda larga coas actuacións postas en marcha e o 6% restante mediante satélite.

En canto á actual infraestrutura de telecomunicacións, na actualidade a rede corporativa da Xunta de Galicia dá servizo a máis de 3.000 centros repartidos por toda a xeografía galega. Esta dispersión fai moi complexo garantir unha equidade no servizo proporcionado, debido a que hai moitas ubicacións rurais onde non é tecnoloxicamente posible chegar co mesmo nivel de servizo que nas zonas urbanas.

Así pois, é imprescindible manter o servizo de comunicacións de datos e de telefonía para estes centros, ao mesmo tempo que é preciso acadar pouco a pouco un servizo mínimo aceptable para os centros onde a día de hoxe se chega con dificultade, o que require importantes investimentos, que son precisos para acadar unha equidade nos servizos independentemente da situación dos centros galegos.

Tamén existe unha importante heteroxeneidade dos sistemas informáticos repartidos nunha multitude de centros de proceso de datos, o que ocasiona unha gran ineficiencia, con limitacións de crecemento futuro, de dispoñibilidade, escalabilidade e seguridade. Por este motivo, durante o ano 2013 abordarse o traslado do equipamento TIC e dos sistemas de información ao CPD Integral da Xunta de Galicia situado na Cidade da Cultura, sendo necesario abordar investimentos en equipamento, necesarios para realizar procesos de consolidación que permitan acadar unha maior eficiencia, e tamén para poder dar servizo con conexións de alta velocidade nos numerosos centros que na actualidade se atopan dispersos.

Finalmente, 2014.gal Axenda Dixital de Galicia define a estratexia da Xunta de Galicia para dar o impulso definitivo que necesita a comunidade autónoma no que se refire ás tecnoloxías da información e a comunicación. O achegamento das distintas axudas para o desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos conclúe nunha aposta decidida por impulsar o sector da economía do coñecemento e dos sectores produtivos e por potenciar a posta en marcha de actuacións en ámbitos prioritarios para Galicia como son, entre outros, a sanidade e a educación.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Este programa orzamentario e os instrumentos de planificación sectoriais que enmarcan as distintas actuacións previstas desenvólense, con carácter xeral, dentro do marco establecido pola 2014.gal, Axenda Dixital de Galicia, nas súas diferentes liñas estratéxicas.

En concreto, a normativa legal e os instrumentos de planificación máis salientables son os seguintes:

O Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.

O Plan Estratéxico Tecnolóxico Global: Axenda Dixital de Galicia 2014.gal, que recolle a estratexia da Xunta de Galicia no emprego das novas tecnoloxías para converter a economía actual nunha economía intelixente, sustentable e integradora, cun alto nivel de emprego, cohesión social e territorial.

O Plan de Modernización da Administración Pública 2010-2013, baseado na posta en marcha dunha serie de proxectos destinados a potenciar o desenvolvemento dos servizos de administración electrónica na propia Xunta e á mellora e modernización dos servizos que ofrece esta de cara ao cidadán.

O Plan Director de Seguridade de Información 2010-2014, que mellorará a seguridade dos sistemas de información da Xunta de Galicia.

O Plan Director de Banda Larga 2010-2013, que busca posibilitar o acceso á banda larga a toda a sociedade galega.

O Plan de Sistemas de Información Senda 2014, que contempla un conxunto de actuacións vinculadas á renovación de infraestrutura, seguridade, implantación de sistemas de información e formación específica do uso das TIC neste contexto.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No eido da administración electrónica, para o exercicio orzamentario do 2013, continuárase co fomento e presenza das administracións públicas na rede (autonómica, local e de xustiza). Así mesmo, desenvolveranse actuacións derivadas da normativa vixente en materia de administración electrónica, en especial tramitación electrónica de procedementos administrativos ata acadar o 95% dos procedementos en presentación telemática, extensión da sinatura electrónica ao 100% dos departamentos da Xunta de Galicia e a integración de novos servizos en sede electrónica como os taboleiros dixitais.

Igualmente, potenciarase o uso das TICs na Administración de xustiza, aumentando os medios humanos e materiais, ao obxecto de mellorar a organización e axilizar os procesos e o tempo de resposta, polo que se continuará coas actuacións iniciadas en 2012.

Por outra banda, potenciarase o modelo de colaboración coas entidades locais mediante a posta en marcha de servizos comúns para todas elas.

O obxectivo do Plan de Banda Larga para o 2013 é acadar que a práctica totalidade da poboación de Galicia conte con cobertura de banda larga de calidade.

No ámbito das telecomunicacións continuarase coa mellora na dispoñibilidade das liñas de comunicacións da rede corporativa.

Continuarase coas iniciativas que se están levando a cabo no ámbito da sociedade da información, reorientando os colectivos obxectivo a aqueles nos que a fenda dixital é máis evidente, no ámbito empresarial ás pemes, micropemes e autónomos, e no ámbito da cidadanía, facendo foco nos colectivos en risco de exclusión social.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Secretaría Xeral da Presidencia

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prog.	Obxectivos Extratécnicos	Indicador	Valor Final
	Obxectivos Operativos		
111A PRESIDENCIA DA XUNTA			
Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia			
	Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	Sen indicador	
312C SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS			
Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, os seus retornados e á poboación inmigrante			
	Acción de programas de bolsas destinadas aos cidadáns galegos do exterior para a realización de estudos universitarios oficiais e de formación profesional	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	4
		Persoas beneficiadas (total) (Nº)	6
	Accións de desenvolvemento do Plan Integral de Emigración	Entidades beneficiadas (Nº)	200
		Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	4.700
		Persoas beneficiadas (total) (Nº)	7.700
		Proxectos (Nº)	7
	Actuacións tendentes ao aumento da empregabilidade dos inmigrantes e retornados con cargo ao Fondo Social Europeo.	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	164
		Persoas beneficiadas (total) (Nº)	297
	Mellora da acción para acollida e integración de inmigrantes	Concellos beneficiados (Nº)	12
		Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº)	168
		Participantes en actividades de formación (total) (Nº)	280
Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais			
	Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	Sen indicador	
432C FOMENTO DO AUDIOVISUAL			
Consolidar un sector galego do audiovisual			
	Difusión de actividades audiovisuais do CGAI	Campañas de difusión y promoción (Nº)	15
		Espectadores de proxeccións CGAI (total) (Nº)	12.000
		Publicacións (Nº)	1
	Promoción do Sector Audiovisual e Multimedia	Campañas de difusión y promoción (Nº)	1
		Convenios asinados (Nº)	1
		Estudos, informes e traballos técnicos (Nº)	5
Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial			
	Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	Sen indicador	
441A PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA			
Fomento do deporte, para gañar en calidade de vida, saúde e desenvolvemento			
	Actuacións de desenvolvemento do Plan Galego para o Fomento de Actividade Física "Galicia Saudable"	Asociacións beneficiadas (Nº)	1.190
		Campañas de difusión y promoción (Nº)	1
		Concellos beneficiados (Nº)	290
	Actuacións do Plan de dinamización deportiva nos concellos.	Novas instalacións deportivas (Nº)	7
	Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra: desenvolvemento de programas de tecnificación e de Rendemento deportivo das Federacións deportivas galegas.	Deportistas galegos de máximo nivel apoiados en CGTD (total) (Nº)	169
	Convocatoria de axudas aos Deportistas Galegos de alto nivel para apoiar aos deportistas recoñecidos pola Secretaría xeral para o deporte como Deportistas Galegos de Alto Nivel.	Deportistas galegos de elite (Nº)	220
	Fomento do Deporte Galego a través de convenios coas federacións deportivas	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	950

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Mellora das infraestruturas deportivas a través de axudas a concellos e empresas.	Concellos beneficiados (Nº)	2
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe		
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	Sen indicador	
461A COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL		
Dinamización e consolidación do sector da comunicación		
Fomento e apoio aos medios de comunicación	Accións institucionais que reciben apoio (Nº)	7
	Axudas concedidas (Nº)	25
	Campañas de difusión y promoción (Nº)	5
	Convenios asinados (Nº)	11
	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	14
	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	21
Promoción da lingua galega no ámbito dos medios de comunicación	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	2
	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	15
Soporte xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos		
Soporte xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	Sen indicador	
461B RADIODIFUSIÓN E TVG		
Dinamización e consolidación do sector da comunicación		
Mellorar e ampliar a rede de infraestruturas de radiodifusión e dos telecentros de comunicación e potenciar os seus instrumentos de xestión	Actuacións en infraestruturas para servizos de TV e radiodifusión (Nº)	90
	Axudas concedidas (Nº)	500
	Centros beneficiados (Nº)	274
	Equipamentos (Nº)	825
	Estudios, informes e traballos técnicos (Nº)	750
	Usuarios (total) (Nº)	1.185.000
571A FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO		
Contribuir á formación dun sector empresarial galego da sociedade da información, facilitando o seu negocio e incluso a cooperación a través de proxectos conxuntos		
Apoio a proxectos para solucións de demandas comúns do sector TIC: comercialización, aprovisionamento, estratexias de marketing.	Centros conectados con Banda Ancha (Nº)	100
	Emprego asociado. Nº de mulleres participantes nos proxectos (Nº)	100
	Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos (Nº)	200
	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	100
	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	100
	Iniciativas de proxectos impulsores da sociedade da información (Nº)	100
	Investimento privado inducido (Euros)	1.000.000
	Proxectos (Nº)	100
Fomento do emprego das TIC nos fogares e negocios para aumentar a produtividade e os intercambios tecnolóxicos e culturais		
Apoio as entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actuacións de promoción e difusión da sociedade da información e para promover o desenvolvemento e produción de contidos dixitais.	Entidades beneficiadas (Nº)	100
Axudas a cidadáns e entidades sen ánimo de lucro para o acceso a equipamentos informáticos e promoción da conectividade á banda larga	Entidades beneficiadas (Nº)	100
Mellora da competitividade das empresas a través da promoción das TIC, principalmente entre PEMES e Autónomos.	Empresas beneficiadas que contan con Sistemas de Xestión Medioambiental certificado ISO 14001 e/ou EMAS (Nº)	30

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

	Persoas en réxime de autónomos beneficiadas (mulleres) (Nº)	30
	Persoas en réxime de autónomos beneficiadas (total) (Nº)	60
	Proxectos (Nº)	60
Implantación de redes de banda longa e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que permitan a conectividade da Administración, os fogares e as empresas de Galicia		
Desenvolvemento das redes de banda larga e accesibilidade ás TIC en todo o territorio de Galicia	Centros conectados con Banda Ancha (Nº)	20
	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	1
	Poboación adicional que dispón de acceso a redes de banda ampla (Nº)	73.478
	Proxectos (Nº)	5
	Ampliación da velocidade media de acceso á Rede Corporativa(Mbps)	247
Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais		
Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	Sen indicador	
Soporte xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos		
Soporte xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	Sen indicador	
761A COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO		
Apoio e incentivo a produtos turísticos estratéxicos en canto que aseguren a desestacionalización e a diferenciación no destino Galicia		
Accións de apoio a investimentos privados turísticos produtivos no territorio.	Proxectos (Nº)	8
Contribución a creación e/eu consolidación de rutas turísticas agroalimentarias e rutas enoturísticas en Galicia	Plans e campañas de dinamización e promoción turística desenvolvidas (Nº)	3
Liñas de axuda para incentivar a xeración de oferta complementaria.	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	4
	Proxectos (Nº)	4
Posicionamento dos produtos turísticos diferenciadores e singulares de Galicia	Entidades beneficiadas (Nº)	15
	Feiras (Nº)	20
	Plans e campañas de dinamización e promoción turística desenvolvidas (Nº)	10
Desenvolvemento dunha nova estratexia de marketing no sector turístico		
Lanzamento, divulgación, consolidación e promoción da marca turística e o destino Galicia.	Plans e campañas de dinamización e promoción turística desenvolvidas (Nº)	50
Desenvolvemento e impulso de estratexias de aposta pola competitividade dos establecementos turísticos (calidade, - e non pola cantidade- + mellora da xestión + formación) e dos destinos (desenvolvemento de produtos que incidan directamente nun maior gasto medio e/ou maior estadia media e/ou maior cota de turismo internacional)		
Mayor competitividade da administración turística. Modernización da rede de oficinas turísticas galegas.	Proxectos (Nº)	1
Mellora da competitividade da empresa turística: formación, estudos, estadísticas, calidade, etc..	Actuacións de formación (Nº)	15
	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	140
	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	150
	Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº)	20
	Participantes en actividades de formación (total) (Nº)	45
	Proxectos (Nº)	100
Promoción de Galicia como destino de turismo cultural		
Accións en materia de revitalización turística no territorio.	Infraestrutura turística nova e/ou mellorada (Nº)	10
	Inmoebles aos que se incorporaron medidas que favorezan a accesibilidade (Nº)	5
	Proxectos (Nº)	10
Ordenación do territorio en áreas turísticas en aras da racionalización, planificación, investimento e promoción dos xeodestinos galegos.	Proxectos (Nº)	10

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	
Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	Sen indicador

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	10	11	20	21	30
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	3.771	89			
312C-Servizos sociais relativos ás migracións					9.257
432C-Fomento do audiovisual			365		
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social			5.990	119	
461B-Radiodifusión e TVG			96.788		
Total	3.771	89	103.143	119	9.257

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos			
	40	A1	A2	Total
111A-Presidencia da Xunta de Galicia				3.860
312C-Servizos sociais relativos ás migracións				9.257
432C-Fomento do audiovisual				365
441A-Promoción da actividade deportiva	18.553			18.553
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social				6.108
461B-Radiodifusión e TVG				96.788
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento		94.561		94.561
761A-Coordinación e promoción do turismo			35.883	35.883
Total	18.553	94.561	35.883	265.375

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	IV	VI	VII	VIII	Total
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	2.562	1.278	5	15			3.860
312C-Servizos sociais relativos ás migracións	1.988	1.961	4.459	145	705		9.257
432C-Fomento do audiovisual				365			365
441A-Promoción da actividade deportiva	3.042	3.296	10.599	1.259	358		18.553
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social	2.129	1.207	390	2.382			6.108
461B-Radiodifusión e TVG				2.509	1.084	93.195	96.788
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento	10.145	8.316	954	59.002	16.146		94.561
761A-Coordinación e promoción do turismo	4.292	285	12.279	4.578	14.450		35.883
Total	24.157	16.342	28.685	70.254	32.742	93.195	265.375

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

10 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.436	2.473	1,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.342	1.278	-4,8
Cap. IV - Transferencias correntes	6	5	-13,2
Cap. VI - Investimentos reais	20	15	-25,8
Total	3.803	3.771	-0,8

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

11 D.X. DO GABINETE DA PRESIDENCIA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	96	89	-7,4
Total	96	89	-7,4

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

20 SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.119	2.010	-5,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.268	1.207	-4,8
Cap. IV - Transferencias correntes	764	390	-48,9
Cap. VI - Investimentos reais	7.290	5.256	-27,9
Cap. VII - Transferencias de capital	1.383	1.084	-21,6
Cap. VIII - Activos financeiros	99.148	93.195	-6,0
Total	111.972	103.143	-7,9

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

21 DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	128	119	-7,4
Total	128	119	-7,4

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

30 SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.190	1.988	-9,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.112	1.961	-7,1
Cap. IV - Transferencias correntes	5.731	4.459	-22,2
Cap. VI - Investimentos reais	417	145	-65,4
Cap. VII - Transferencias de capital	983	705	-28,3
Total	11.433	9.257	-19,0

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

40 SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.493	3.042	-12,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.898	3.296	13,7
Cap. IV - Transferencias correntes	12.523	10.599	-15,4
Cap. VI - Investimentos reais	1.595	1.259	-21,1
Cap. VII - Transferencias de capital	588	358	-39,2
Total	21.097	18.553	-12,1

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	10.775	10.145	-5,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	6.962	8.316	19,4
Cap. IV - Transferencias correntes	1.238	954	-22,9
Cap. VI - Investimentos reais	54.658	59.002	7,9
Cap. VII - Transferencias de capital	14.658	16.146	10,2
Total	88.290	94.561	7,1

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

A2 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.293	4.292	0,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	300	285	-5,0
Cap. IV - Transferencias correntes	14.750	12.279	-16,8
Cap. VI - Investimentos reais	10.500	4.578	-56,4
Cap. VII - Transferencias de capital	20.453	14.450	-29,3
Total	50.295	35.883	-28,7

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2012	2013	% Var.
10 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	3.803	3.771	-0,8
11 D.X. DO GABINETE DA PRESIDENCIA	96	89	-7,4
20 SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	111.972	103.143	-7,9
21 DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN	128	119	-7,4
30 SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN	11.433	9.257	-19,0
40 SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	21.097	18.553	-12,1
A1 AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	88.290	94.561	7,1
A2 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	50.295	35.883	-28,7
Total	287.114	265.375	-7,6

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013	2012	2013
Cap. I - Gastos de persoal	10.460	9.721	15.068	14.437	0	0	25.529	24.157
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	7.619	7.741	7.262	8.601	0	0	14.881	16.342
Cap. IV - Transferencias correntes	57.341	51.579	15.988	13.233	38.318	36.127	35.011	28.685
OPERACIÓNS CORRENTES	75.421	69.041	38.318	36.270	38.318	36.127	75.421	69.184
Cap. VI - Investimentos reais	9.323	6.675	65.157	63.579	0	0	74.480	70.254
Cap. VII - Transferencias de capital	103.222	96.321	35.110	30.596	100.268	94.175	38.064	32.742
Cap. VIII - Activos financeiros	99.148	93.195	0	0	0	0	99.148	93.195
OPERACIÓNS DE CAPITAL	211.692	196.191	100.268	94.175	100.268	94.175	211.692	196.191
Total	287.114	265.232	138.585	130.445	138.585	130.301	287.114	265.375

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Medios Personais

Presidencia da Xunta de Galicia	2013
Altos Cargos	7
Persoal Funcionario	153
Subgrupo A1	40
Subgrupo A2	30
Subgrupo C1	32
Subgrupo C2	41
Agrupacións profesionais	10
Persoal Laboral	74
Grupo I	10
Grupo II	5
Grupo III	14
Grupo IV	4
Grupo V	37
Grupo VIII	4
TOTAL	234

Medios Personais

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	2013
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	176
Subgrupo A1	38
Subgrupo A2	51
Subgrupo C1	79
Subgrupo C2	7
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	96
Grupo I	13
Grupo II	16
Grupo III	63
Grupo IV	4
TOTAL	273

Medios Personais

Axencia de Turismo de Galicia	2013
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	120
Subgrupo A1	15
Subgrupo A2	40
Subgrupo C1	24
Subgrupo C2	33
Agrupacións profesionais	8
Persoal Laboral	16
Grupo I	2
Grupo II	2
Grupo III	3
Grupo IV	3
Grupo V	6
TOTAL	137

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autónomo

Consorcios autónomos	Ingresos	Gastos
Consorcio Instituto De Estudos Turísticos De Galicia	475	475
Entidades públicas empresarias	Explotación	Capital
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Sociedades	97.002	7.721
Fundacións do sector público autónomo	Explotación	Capital
Fundación Deporte Galego	3.496	97
Sociedades mercantís públicas autónomas	Explotación	Capital
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	13.568	244
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.	15.887	231
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	10.827	932
	141.254	9.701

(Miles de Euros)



**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA**

SECCIÓN 05

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O novo goberno constituído tras as eleccións ao Parlamento de Galicia, do 21 de outubro de 2012 avanza na racionalización e simplificación das estruturas administrativas, o que se plasma na nova estrutura fixada no Decreto 235/2012, do 5 de decembro. Así, o seu artigo 1 establece que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza se estrutura nos seguintes órganos superiores:

1.- Vicepresidencia

Secretaría Xeral da Igualdade
Asesoría Xurídica Xeral, con nivel orgánico de dirección xeral

2.- Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Secretaría Xeral Técnica
Dirección Xeral de Xustiza
Dirección Xeral de Administración Local
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa
Delegacións territoriais, adscritas organicamente a esta consellería na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo configuradas como órganos de dirección, e nivel orgánico de dirección xeral.

Adscritos a esta consellería, como organismos autónomos, figuran:

Escola Galega de Administración Pública, que se axustará nos seus fins estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 4/1987, do 27 de maio.

Academia Galega de Seguridade Pública, que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 1/2007, do 15 de xaneiro.

A consellería, ten adscrita como entidade instrumental do sector público autonómico, segundo o disposto nos artigos 74 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia:

Axencia Galega de Emerxencias, que se axustará nos seus fins estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Así mesmo, quedan adscritas a esta consellería a Delegación da Xunta de Galicia en Bos

Aires (Arxentina) e a Delegación da Xunta de Galicia en Montevideo (Uruguai) e os órganos colexiados que así se determinen pola súa normativa reguladora e o Instituto de Medicina Legal de Galicia, órgano técnico ao servizo da Administración de xustiza, creado polo Decreto 119/2005, do 6 de maio.

I.2. COMPETENCIAS

A nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia crea a figura da Vicepresidencia, a que lle corresponde exercer as competencias de coordinación e planificación interdepartamental e a súa execución, asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais e coordinar o programa lexislativo da Xunta de Galicia e a elaboración de normas de carácter xeral e, en particular, a relación entre o poder executivo e o Parlamento de Galicia. Para o desenvolvemento destas funcións contará co apoio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Pola súa banda, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde, sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuídas, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de xustiza, Administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións exteriores e coa Unión Europea e avaliación e reforma administrativa, que exercerá no nivel de desenvolvemento que se indica para cada un dos órganos que integran este departamento, no seu vixente decreto de estrutura orgánica.

I.2.1. DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

VICEPRESIDENCIA

ASESORÍA XURÍDICA XERAL

Co rango de dirección xeral, asume a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da Administración da Comunidade Autónoma e da súa Administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 7/1984, do Parlamento de Galicia, e do artigo 551.3 da Lei orgánica do poder xudicial.

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

Como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade correspóndelle a promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e accións no eido da eliminación da violencia de xénero; a planificación e coordinación das políticas da Xunta de Galicia en materia de xénero, erradicación da discriminación por razón de sexo, igualdade entre mulleres e homes, erradicación da violencia de xénero e promoción da corresponsabilidade entre mulleres e homes; a proposta de medidas para a promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres e o establecemento de canles de participación con asociacións, fundacións e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

SECRETARIA XERAL TECNICA

A Secretaría Xeral Técnica exercerá, con carácter xeral, as competencias e funcións establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, polo que se regulan as funcións das secretarías xerais técnicas nas consellerías da Xunta de Galicia e demais normativa autonómica que lle sexa aplicable e en particular as seguintes:

1. O secretariado do Goberno da Xunta de Galicia e das súas comisións delegadas a excepción da asistencia as súas sesións, exercendo as competencias sinaladas nas normas reguladoras de réxime interior da Xunta de Galicia.
2. A vicepresidencia da Comisión de Secretarios Xerais Técnicos, correspondéndolle levantar acta das reunións para a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.
3. O Rexistro Único das Fundacións de Interese Galego.
4. A edición do Diario Oficial de Galicia (DOG).
5. A dirección do Parque Móbil da Xunta de Galicia e a coordinación dos parques sectoriais pertencentes a outras consellerías.
6. O servizo médico da Administración autonómica.
7. As funcións que establece o artigo 31.3º da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en relación co persoal da Administración da Xunta de Galicia e o da Administración de xustiza.
8. O Sistema Único de Rexistro, integrado polos rexistros presenciais (rexistro xeral e auxiliares) e polo rexistro electrónico.

9. Información e atención ao cidadán.
10. O exercicio das funcións que lle correspondan á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en materia de colexios profesionais.
11. A tradución, revisión lingüística e asesoramento aos órganos da Administración autonómica que así o soliciten.
12. Calquera outras que lle atribúa a normativa en vigor, así como aquelas que lle sexan singular ou especialmente encomendadas por delegación do titular do departamento.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

Correspóndelle á Dirección Xeral de Xustiza exercer as competencias atribuídas á Xunta de Galicia estatutariamente ou por transferencia, relativas á promoción e ao desenvolvemento do dereito civil especial, promoción do galego no ámbito da xustiza, demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral, acceso dos cidadáns á xustiza en igualdade de oportunidades a través do sistema de asistencia xurídica gratuíta, as relacións co poder xudicial e demais institucións relacionadas coa xustiza, así como as facultades organizativas e de xestión de medios que configuran a denominada administración da Administración de xustiza.

O artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril) recolle unha cláusula subrogatoria que fai relación ao que a sentenza do Tribunal Constitucional 56/1990, do 29 de marzo, denomina “administración da Administración de xustiza”, concretamente referíndose ao exercicio de tódalas facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial atribúen ao Goberno do Estado en relación coa Administración de xustiza. Ao abeiro desta cláusula estatutaria apróbase o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro), o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro), e o Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro sobre traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e os institutos de medicina legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo), que completan o proceso de transferencia de medios en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia. O marco das competencias da comunidade autónoma nesta materia resultan da relación das anteditas normas coas previsións da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985 do poder xudicial, que supuxo unha significativa ampliación de competencias da comunidade autónoma en materia de xustiza.

En fin, o feixe de facultades e potestades comprendidas no ámbito da actuación da Dirección Xeral de Xustiza poden resumirse en:

- I. Dotación de medios de soporte da Administración de xustiza, incluíndo recursos humanos

así como medios económicos (pagamento de valoración e peritaxes, transportes e indemnizacións por razóns de servizo) e materiais (parque inmobiliario, mobiliario, instrumental, TICs, material e outros subministros) dos xulgados, tribunais, fiscalías, rexistros civís, instituto de medicina legal e demais servizos da Administración de xustiza en Galicia.

2. Xestión do sistema de asistencia xurídica gratuíta no relativo á regulamentación administrativa, recoñecemento das prestacións aos cidadáns beneficiarios e compensación económica á avogacía e a procura polos servizos profesionais.
3. Deseño do modelo de implantación da nova organización da Administración de xustiza e das relacións de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza.
4. Fomento do coñecemento, investigación e desenvolvemento das ciencias xurídicas e forenses, en especial do dereito galego e na formación dos operadores xurídicos, así como desenvolvemento de proxectos e iniciativas que colaboran cos fins de prevención e solucións dos conflitos, seguridade xurídica e paz social aos que está orientada á xustiza.
5. Promoción do uso do galego no ámbito da xustiza.
6. Coordinación das delegacións territoriais en materia de xestión de medios persoais, económicos e materiais da Administración de xustiza.

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

A Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de Administración local. Correspóndenlle a este órgano as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local.

En particular, son competencias da Dirección Xeral de Administración Local:

A coordinación das políticas públicas en materia de Administración local, xestión en materia de pacto local e cooperación coas asociacións de municipios.

A proposición das directrices en relación cos programas de cooperación e financiamento local e, en especial, co Fondo de Cooperación Local.

A elaboración dos programas formativos en materia de Administración local.

O fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

O fomento e a ordenación dos procesos asociativos e consorciais das entidades locais así como as propostas en materia de organización territorial.

O fomento do asociacionismo veciñal.

A execución das competencias que con respecto ao funcionariado con habilitación de carácter estatal, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

A elaboración, impulso e xestión de programas con financiamento da Unión Europea e de cooperación transfronteiriza con incidencia no mundo local e no ámbito das competencias da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, facendo especial fincapé nas accións enmarcadas no eido da cooperación Galicia-Norte de Portugal.

O impulso, estudo e control do cumprimento da Lei de Administración local de Galicia e demais normativa de réxime local, así como o exercicio das competencias que nesa materia lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

O impulso de incorporación do galego á Administración local de forma coordinada coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A xestión do portal Eido Local, así como o fomento e impulso da incorporación das novas tecnoloxías, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e de métodos de calidade nas administracións locais galegas.

A tramitación dos expedientes de declaración de urxente ocupación nas expropiacións forzosas instados polas entidades locais.

O Rexistro de Entidades Locais de Galicia.

A tramitación dos expedientes de alteración e deslindamento de termos municipais; a tramitación dos expedientes suxeitos a intervención autonómica en materia de patrimonio das entidades locais e a tramitación dos expedientes de solicitude de disolución dos órganos das corporacións locais e de consultas populares en asuntos de competencia municipal.

Aqueloutras que lle sexan atribuídas pola normativa vixente así como as que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Comunidade Autónoma galega nas seguintes materias:

- a) A información e asistencia ao Goberno nas súas relacións co Parlamento de Galicia.
- b) O seguimento do programa lexislativo e dos acordos adoptados polo Parlamento de Galicia.
- c) A organización e coordinación dos procesos electorais en que sexa competente a Co-

munidade Autónoma de Galicia, así como a representación da Xunta de Galicia en aqueles procesos electorais aos cales estea invitada como observadora.

- d) O seguimento das iniciativas tramitadas nas Cortes Xerais ou noutras comunidades autónomas, que puideran ter algunha relación coa Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) A determinación do departamento da Xunta de Galicia que debe dar resposta ás iniciativas parlamentarias que se presenten na cámara.
- f) A representación da comunidade autónoma no que atinxe ás relacións institucionais coa administración e Goberno estatal así como coas restantes administracións e gobernos de outras comunidades autónomas.
- g) O rexistro dos convenios que sexan autorizados polo Consello da Xunta de Galicia e os que outorguen os departamentos da Xunta, organismos autónomos e entes de dereito público da Administración autonómica.
- h) A legalización de sinaturas de documentos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que vaian producir efectos no estranxeiro conforme ao establecido no Decreto 351/2009, do 9 de xullo, polo que se regula a legalización de documentos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que deban producir efectos no estranxeiro.
- i) A representación da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión Mixta de Transferencias e nas comisións bilaterais de cooperación entre a Administración xeral do Estado e a Administración autonómica, así como naqueles foros en que sexa necesaria a súa presenza, e non estea predeterminado o departamento que deba asistir por razón da materia que se vai a tratar, cando así sexa acordado polo Consello da Xunta de Galicia.
- j) O seguimento da participación da Xunta de Galicia nas conferencias sectoriais.
- k) A coordinación da actividade da Comisión de seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas.
- l) A representación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en aqueles supostos en que lle sexa encomendada polo seu titular.
- m) Aquelas outras que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior exercerá as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia, estatutariamente ou por transferencia, relativas ás materias de atención de emerxencias e protección civil, interior e seguridade.

En particular, correspóndelle o exercicio das funcións que derivan das competencias nas seguintes materias:

- I. En materia de emerxencias e protección civil:

- a) A dirección, a coordinación e a execución das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de atención de emerxencias e de protección civil, tales como a intervención e a atención das emerxencias e o restablecemento dos servizos esenciais para a cidadanía afectada por unha emerxencia.
 - b) A planificación da protección civil e a prevención, a previsión e a análise de riscos relacionados con ela.
 - c) A dirección do Centro de Atención de Emerxencias I I 2 Galicia a través da AXEGA.
 - d) A representación da consellería na Comisión Nacional de Protección Civil e noutros organismos de coordinación internacionais, europeos e autonómicos de protección civil.
 - e) O exercicio da planificación e a coordinación dos plans e os programas dos servizos contra incendios e salvamento locais, sen prexuízo das competencias que lle poidan corresponder á Dirección Xeral de Administración Local.
 - f) As relacións da Administración autonómica, en materia de atención de emerxencias, coas administracións locais, coas comunidades autónomas, coa Administración xeral do Estado e cos estados da Unión Europea, tendo unha relación especial con Portugal pola súa proximidade e pola posibilidade de ter que compartir emerxencias comúns.
 - g) O seguimento da encomenda do Consello de Seguridade Nuclear á Xunta de Galicia en materia de vixilancia radiolóxica co exercicio de autoridade competente para a protección dos traballadores e da poboación fronte á exposición a fontes de radiación natural asociada a actividades laborais, en aplicación da normativa vixente.
2. En materia de seguridade e interior:
- a) O exercicio da xefatura dos servizos de seguridade baixo a superior autoridade do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
 - b) A proposta e execución dos plans de seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia así como a elaboración e proposta dos plans e proxectos de actuación, xestión e planificación operativa dos servizos policiais adscritos á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
 - c) A planificación, xestión e distribución dos recursos humanos e materiais destinados á seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia e a proposta ou a resolución, se é o caso, das cuestións relativas á selección, formación e perfeccionamento do persoal adscrito aos servizos policiais da Xunta de Galicia.
 - d) As funcións de coordinación das policía locais que lle correspondan á comunidade autónoma.
 - e) O establecemento de mecanismos e fórmulas de cooperación coas forzas e corpos de seguridade do Estado para a coordinación e realización das competencias en materia de prevención e seguridade.
 - f) A elaboración de cantos informes e estudos requira e esixa o exercicio das competencias que lle corresponden á consellería en materia de prevención e seguridade.
 - g) A preparación dos correspondentes estudos e anteproxectos de disposicións xerais.

3. En materia de xogo e espectáculos públicos:
 - a) A tramitación dos expedientes administrativos en materia de casinos, xogos e apostas cuxa autorización corresponda a esta dirección xeral, a execución das directrices que lle sexan indicadas en relación aos distintos sectores do xogo e a preparación dos informes ou estudos encamiñados á elaboración dos anteproxectos de disposicións xerais na materia, así como para a recolla da información estatística das empresas correspondentes.
 - b) A tramitación dos expedientes administrativos de probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos que se desenvolvan integramente por vías situadas no ámbito territorial de Galicia, dos relativos á autorización de horarios especiais e, en xeral, todos os que sexan de competencia da dirección xeral en materia de espectáculos públicos, así como a realización dos informes e estudos encamiñados á elaboración dos anteproxectos das disposicións xerais na materia.

Aquelas outras que se lle atribúan pola normativa vixente así como as que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

Entre as atribucións da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión europea destacan as seguintes:

Desenvolver a estratexia da acción exterior de Galicia.

Executar a acción exterior de Galicia, como política de acción exterior propia, consensuada cos principais actores representados no Consello de Acción Exterior (CAEX), atendendo aos seus valores e intereses, para contribuír a difusión da imaxe integral de Galicia así como apostar pola internacionalización das empresas galegas.

Consolidar a representación de Galicia no marco europeo.

Potenciar a coordinación e as interrelacións dentro do marco dos organismos comunitarios e coa Administración xeral do Estado. Coñecer e analizar a participación das unidades administrativas galegas no entorno europeo. Preparar, organizar e promover visitas institucionais desde Galicia ao espazo europeo e de representantes de institucións europeas a Comunidade Autónoma de Galicia; en definitiva apostar por unha "máis e mellor Europa".

Exercer a política de cooperación ao desenvolvemento e acción humanitaria.

Executar con maior eficacia os compromisos que definen a política de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria, para contribuír á consecución dun mundo máis xusto e á redución da pobreza, así como dar resposta ás emerxencias internacionais, o que implica o fortalecemento dos actores do sistema galego da cooperación, a mellora da calidade técnica e

operativa do sector, a ordenación dos medios da cooperación galega e a busca de sinerxías cos sectores galegos experimentados no eido.

DIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA

A Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa ten recollidas as súas competencias no artigo 36 do vixente decreto de estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e configúrase como o órgano central, con ámbito de actuación sobre todas as consellerías e entes instrumentais do sector público autonómico, coa exclusión dos sistemas sanitario, educativo e xudicial, para impulsar actuacións de modernización e reforma administrativa, co obxectivo de acadar unha Administración pública eficaz, eficiente e orientada á prestación de servizos de calidade ao/á cidadán/á.

En particular, correspóndelle exercer as seguintes competencias:

1. En materia de funcionamento dos servizos públicos
 - a) A realización de auditorías de control do funcionamento dos centros, servizos e unidades, dentro do seu ámbito de actuación, para a detección de posibles deficiencias, emitindo o correspondente informe e propoñéndolle ao órgano competente a adopción das medidas necesarias para a súa corrección.
 - b) A vixilancia do cumprimento da normativa vixente en materia de xornada, horario, permisos e licenzas do persoal ao servizo da Administración autonómica galega.
 - c) En xeral, aquelas funcións de información, inspección, auditoría e control que, con carácter extraordinario, lle sexan encomendadas polo/a conselleiro/ a de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
2. En materia de avaliación do rendemento e xestión da calidade
 - a) O desenvolvemento e xestión do programa de avaliación do rendemento das unidades administrativas da Xunta de Galicia.
 - b) O desenvolvemento e xestión de medidas para a implantación de sistemas de mellora da calidade tendentes a promover a mellora continua dos servizos da Administración autonómica, tanto dos que se lle prestan directamente ao/á cidadán/á coma dos servizos internos.
 - c) A colaboración cos órganos competentes doutras administracións públicas no deseño e aplicación de programas de avaliación do rendemento e da calidade tendentes a mellorar a prestación dos servizos públicos, mediante o asinamento de convenios que faciliten o intercambio de información, métodos e experiencias.
3. En materia de racionalización e simplificación de procedementos administrativos:
 - a) A promoción, planificación e coordinación dos procesos de racionalización, simplificación e modernización dos procedementos administrativos, suprimindo trámites e actua-

- cións innecesarios coa finalidade de mellorar a resposta aos/ás cidadáns/ás.
- b) A emisión de informe, con carácter preceptivo e previo á súa aprobación e posterior publicación no Diario Oficial de Galicia, sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral, dentro do ámbito das súas competencias, que afecten procedementos administrativos por instancia de parte.
 - c) A xestión e coordinación funcional do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA), como sistema integrado de xestión dos procedementos administrativos e como base do sistema de información da Xunta de Galicia.
 - d) A xestión e coordinación funcional do Servizo de Resposta Inmediata (Seri).
 - e) A promoción da implantación dun sistema integrado de información e tramitación para a creación de empresas que facilite a interlocución dos emprendedores coa Xunta de Galicia.
 - f) A coordinación da aplicación da normativa europea e estatal sobre simplificación e mellora da xestión administrativa.
4. En materia de información administrativa e atención ao cidadán
 - a) A dirección e coordinación, desde un punto de vista funcional, do sistema de información administrativa e atención ao/á cidadán/á da Xunta de Galicia, en colaboración coa Secretaría Xeral Técnica.
 - b) A avaliación periódica da calidade do sistema de información administrativa, proponendo as medidas de mellora precisas co fin de facilitarles aos/ás cidadáns/ás e usuarios/as os servizos que demandan.
 - c) A tramitación, sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás secretarías xerais técnicas e en colaboración con estas, das queixas e suxestións que formulen os/as cidadáns/ás e usuarios/as sobre o funcionamento dos servizos que presta a Administración autonómica.
 5. En materia de estruturas orgánicas e relacións de postos de traballo
 - a) A realización de análises de carga de traballo soportada polas distintas unidades administrativas e que respondan a criterios de racionalidade, simplificación e austeridade, para acadar unha Administración pública eficaz e eficiente. Neste sentido, as secretarías xerais técnicas das consellerías deberán solicitar informe á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, antes de ser solicitado o informe á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, sobre as estruturas orgánicas e as relacións de postos de traballo. De non ser emitido no prazo máximo de oito días naturais, o informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa entenderase favorable.
 - b) A realización de estudos sobre o dimensionamento de cadros de persoal, proponendo as medidas necesarias sobre a reasignación de efectivos en función das cargas de traballo soportadas polas distintas unidades administrativas para conseguir un mellor funcionamento dos servizos.

DELEGACIÓNS TERRITORIAIS.

As delegacións territoriais da Xunta de Galicia na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, nas cales se integran todos os órganos, unidades e servizos da Administración periférica autonómica sitos no seu respectivo ámbito territorial foron creadas por Decreto 245/2009, do 30 de abril.

Os delegados ou delegadas territoriais exercen a representación da Xunta de Galicia e a coordinación do exercicio das competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma no seu correspondente ámbito territorial, dependendo funcionalmente das directrices, instrucións ou criterios que emanen dos diversos órganos superiores das consellerías correspondentes, por razón das distintas competencias materiais.

I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- A EGAP é a institución, creada pola Lei 4/1987, de 27 de maio, encargada das tarefas de selección e formación do persoal ao servizo da Administración pública galega, así como do estudo e a difusión das ciencias da administración.
- De acordo co artigo 3 da referida lei de creación da EGAP na redacción dada pola Lei 10/1989, de 10 de xullo, son competencias da EGAP:
 - a) Colaborar na realización das probas selectivas para o acceso á condición de funcionario ao servizo da Administración desta comunidade autónoma convocadas de conformidade o disposto na Lei de función pública de Galicia, e doutras administracións públicas que previo convenio llo encomenden, con excepción do persoal docente e sanitario.
 - b) Organizar e impartir cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, correspondentes ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.
 - c) Organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao que se alude no apartado a).
 - d) Realizar as probas e impartir os cursos que se establezan para a promoción interna dos funcionarios.
 - e) Realizar as probas e impartir os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios locais con "habilitación de carácter estatal".
 - f) Realizar as probas selectivas e os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios dos entes locais de Galicia "sen habilitación estatal", de acordo cos convenios que se subscriban coas distintas entidades locais.

- g) A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión.
- h) O establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das administracións públicas, a nivel estatal e internacional.
- i) A difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

A Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), creada pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, ten entre os seus fins:

- a) O enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia,
- b) O compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública.
- c) O impulso da calidade nos servizos de seguridade pública para unha mellor atención ao cidadán e maior satisfacción do seus xestores.

De acordo co Decreto 24/2010, do 25 de febreiro, polo que se aproba a súa estrutura orgánica, as súas funcións formativas desenvólvense nos seguintes ámbitos:

1. No ámbito da formación xudicial e penitenciaria e da seguridade privada.
Organizar e realizar nas materias de seguridade pública, en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e cos ministerios competentes en materia de xustiza e interior, así como con outros organismos, universidades ou centros de investigación, actividades dirixidas á formación de xuíces e fiscais, dos funcionarios de institucións penitenciarias e dos traballadores da seguridade privada, a través do asinamento dos oportunos convenios.
2. No ámbito da formación policial.
 - a) Elaborar os programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policía locais, así como a súa formación continua, perfeccionamento e especialización.
 - b) Colaborar coas administracións competentes na selección do persoal dos corpos da policía de Galicia e das policía locais.
 - c) Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos das policía locais.
3. No ámbito da formación de protección civil, bombeiros e axentes forestais.
 - a) Elaborar os programas formativos e impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos servizos de protección civil e aos membros dos corpos

- de bombeiros das entidades locais coas que se formalice o correspondente convenio de colaboración.
- b) Impartir os cursos dirixidos aos axentes forestais.
 - c) Colaborar coas entidades locais na selección e formación continua do persoal integrante dos corpos de bombeiros e de protección civil.
 - d) Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de bombeiros e protección civil, establecéndose os convenios oportunos.
4. Outras funcións.
- a) Investigar, estudar e divulgar contidos, técnicas e documentación, con especial referencia á realidade galega.
 - b) Promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
 - c) Homologar, cando proceda, os títulos correspondentes aos cursos de formación impartidos por outras academias, escolas ou centros.
 - d) Calquera outra que lle poida ser atribuída polas normas, de conformidade coa súa natureza.

1.2.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

Correspóndelle á Axencia Galega de Emerxencias o exercicio das seguintes funcións:

- a) Xestionar o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e prestar materialmente a asistencia requirida polos cidadáns e polas cidadás a través del, ou dar traslado, segundo se estableza regulamentariamente, daquelas que lles corresponda atender a outros organismos competentes na materia.
- b) Xestionar os helicópteros de emerxencias do 112 e todos os outros medios e recursos operativos que se poidan incorporar á axencia.
- c) Analizar os riscos e mais identificalos e localizalos no territorio co fin de elaborar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia, así como os catálogos de medios e recursos e o catálogo de servizos.
- d) Desenvolver programas en materia de protección civil e xestión de riscos e de emerxencias consonte as directrices emanadas da Xunta de Galicia e establecer os medios para fomentar actuacións que contribúan á prevención de riscos, á atenuación dos seus efectos e, en xeral, á toma de conciencia e sensibilización dos cidadáns da importancia

de protección civil.

- e) Levar a cabo os estudos necesarios para a elaboración do Plan territorial de protección civil de Galicia, dos plans especiais e das liñas directrices para a elaboración dos plans territoriais que correspondan.
- f) Avaliar e cualificar o risco cando lle sexa comunicada unha situación de emerxencia das que poden dar lugar á activación dun plan público de protección civil.
- g) Pór á disposición dos órganos competentes da Xunta de Galicia os medios á súa disposición para a xestión das emerxencias de interese galego baixo a superior dirección da persoa titular da presidencia da Xunta ou da persoa titular da consellaría na que esta delegue e mais daqueloutras emerxencias que os plans especiais ou territoriais determinen.
- h) Estudar as actuacións necesarias para o restablecemento dos servizos esenciais para a comunidade e a restauración, a rehabilitación e o retorno á normalidade nos casos de catástrofe ou calamidade.
- i) Fomentar, en colaboración coa consellaría competente en materia de voluntariado, a vinculación voluntaria e desinteresada dos cidadáns ás actividades de protección civil.
- j) As demais funcións que no ámbito da protección civil e da xestión de emerxencias se determinen no seu Estatuto.

I.2.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN GALICIA-EUROPA

De acordo co vixente decreto de estrutura orgánica da consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ten entre as súas competencias efectuar o seguimento das actuacións da Fundación Galicia Europa. Por outra parte as actividades da FGE están reguladas pola Lei 12/2006, do 1 de decembro de fundacións de interese galego.

A FGE é unha entidade sen ánimo de lucro declarada de interese galego pola Orde de 24 de maio de 1988 da Consellería de Cultura e Deportes, e clasificada pola mesma como cultural privada por Orde do 23 de maio de 1988.

A Xunta de Galicia é membro fundador da Fundación Galicia Europa xunto con outras institucións como Novagaliciabanco e Banco Pastor; outros membros son o Consorcio Zona Franca de Vigo, Cámaras de Comercio galegas e deputacións. O cumprimento dos fins fundacionais da FGE está confiado o Padroado onde están representados os membros segundo o criterio de representatividade establecido.

As funcións da FGE a través das súas oficinas en Santiago de Compostela e en Bruxelas son

principalmente as seguintes:

1. Defender os intereses de Galicia ante a Unión Europea

A oficina da FGE en Bruxelas forma parte das preto de 300 entidades de representación rexional presentes na capital europea, unha das súas funcións é traballar para que a complexa toma de decisións a nivel comunitario se leve a cabo cun maior coñecemento da realidade e intereses galegos.

2. Informar sobre a Unión Europea en Galicia

A información constitúe un requisito indispensable para a defensa efectiva dos intereses galegos no proceso comunitario de toma de decisións e para fomentar a participación de entidades galegas en programas de financiamento comunitario. O portal web e os contactos directos con diversos departamentos da Xunta de Galicia son as principais canles utilizadas para a transmisión desta información.

3. Formación e sensibilización en Galicia sobre a realidade europea

Coa finalidade de facer mais comprensible o funcionamento das institucións comunitarias e achegar a Unión Europea e os restantes países europeos a sociedade galega, a FGE desenvolve importantes actividades de formación (concesión de becas e cursos) e sensibilización en Galicia, principalmente a través da oficina de Santiago de Compostela.

4. Promover a participación das entidades galegas en proxectos europeos

Co propósito de potenciar a competitividade do sector público e privado galegos e coa finalidade de preparar a sociedade galega en xeral para a redución dos fondos estruturais a partir de 2013, a FGE fomenta a participación de entidades galegas nos programas de financiamento comunitario, os cales esixen proxectos innovadores e de marcada dimensión europea.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2013

II.1. DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

II.1.1. DA VICEPRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

Para o ano 2013, a Secretaría Xeral da Igualdade terá tres liñas xerais de acción: o impulso da incorporación do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nos diferentes departamentos do goberno galego; a mellora e optimización dos recursos dos servizos para a atención ás mulleres e, en particular, para aquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade; a promoción e realización de actividades de sensibilización da sociedade respecto da igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación e a prevención da violencia de xénero, moi particularmente das xeracións máis novas.

Polo que se refire ao ámbito da promoción da igualdade, no ano 2013 incidirase na promoción de programas de información e sensibilización destinados a fomentar políticas de igualdade e dos programas dirixidos a promover o liderado profesional das mulleres e a súa presenza en postos de responsabilidade; na promoción da redución da fenda dixital das mulleres para favorecer a súa participación social e mellorar a súa empregabilidade; no apoio ao movemento asociativo das mulleres; no desenvolvemento de programas dirixidos a fomentar o emprendemento das mulleres e o autoemprego feminino e no impulso de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

No ámbito do tratamento da violencia de xénero, as liñas básicas de actuación serán, entre outras, a prevención e sensibilización sobre a violencia de xénero; a coordinación dos recursos existentes na eliminación da violencia de xénero; a formación destinada a diferentes colectivos profesionais relacionados co tratamento da violencia de xénero; programas que incidan na mellora das condicións e criterios de organización e funcionamento da rede galega de atención ás vítimas de violencia de xénero; o desenvolvemento das medidas previstas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, e no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero; medidas específicas dirixidas á atención psicolóxica especializada dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero así como aos seus fillos; e, en relación coa prostitución, a trata e a explotación sexual, programas de información e sensibilización; programas de apoio ás mulleres que son vítimas de trata para proporcionarlles axuda, asesoramento e atención así como programas de formación específicos para colectivos profesionais.

ASESORÍA XURÍDICA XERAL

Tendo en conta os obxectivos e liñas de acción deste centro directivo, definidas no seu regulamento orgánico aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo, no ano 2013 profundizarase na defensa máis efectiva ante os órganos xurisdicionais así como na emisión de todo tipo de informes en dereito e o estudo e informe dos distintos proxectos normativos.

Ademais, prestarase especial atención ao asesoramento en asuntos de orde xurisdicional constitucional e ao seguimento de normativa comunitaria e á prestación de asesoramento xurídico en materia de dereito comunitario europeo.

II.1.2. DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Os orzamentos da Secretaría Xeral Técnica da consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, baséanse nos criterios de austeridade e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa coa finalidade de dar cumprida resposta ás liñas básicas da súa actuación que son as seguintes:

- A coordinación do réxime interno das actividades do resto dos centros directivos da consellería así como das delegacións territoriais, elaborando propostas de actuación sobre aspectos relativos á organización, estruturación, planificación, métodos de traballo e mellora, atendendo a criterios de eficacia, eficiencia e redución do gasto público.
- A ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería, introducindo unha maior racionalidade no desenvolvemento competencial e de xestión das súas funcións.
- Xestión do Diario Oficial de Galicia, en versión dixital xa dende maio de 2011, avanzando na racionalización e modernización dos procedementos e na redución do gasto público.
- Continuar avanzando nunha axeitada xestión do Parque Móbil da Xunta de Galicia, logo da profunda reestruturación efectuada dende o inicio da lexislatura, adaptando o seu funcionamento ás novas demandas e avanzando na racionalización e redución do gasto público.
- Continuar primando o sistema electrónico no novo modelo de rexistro e sistema de información ao cidadán, materializado coa publicación, no último trimestre de 2011, do Decreto 191/2011, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia, que

establece unha auténtica rede integral de información que racionalice o funcionamento administrativo e a cooperación coas entidades locais de Galicia, a través do Portelo Único, orientada a acadar o fin último de beneficiar aos cidadáns, como eixe central de todos os seus servizos.

- A conservación e o mantemento dos complexos administrativos, tanto centrais como periféricos, vinculados á adopción de medidas estratéxicas de aforro e eficiencia enerxética, que redundarán na racionalización do gasto público e na efectiva protección do medio ambiente .
- O despacho dos asuntos propios das asociacións, fundacións de interese galego, colexios profesionais e academias de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

As principais liñas de actuación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en materia de Administración de xustiza e no marco dos programas de gastos I31A "Dirección e servizos xerais de xustiza" e I31B "Persoal ao servizo da Administración de xustiza", son as seguintes:

- Impulso da mediación intraxudicial como mecanismo de solucións de conflitos distinto ao proceso xudicial.
- Sostemento e impulso da asistencia xurídica gratuíta mediante a consolidación do esforzo inversor na prestación do servizo e mediante a posta en marcha de medidas de mellora da xestión baseadas, fundamentalmente, na implantación de solucións informáticas que posibiliten a interoperabilidade telemática na tramitación e, en definitiva, a axilización dos procesos, así como no establecemento de protocolos de actuación entre todos axentes intervinientes.
- Implantación da nova organización da Administración de xustiza e nomeadamente, coa elaboración das relacións de postos de traballo das oficinas da Fiscalía de Galicia.
- Execución das actuacións recollidas no Plan de Infraestruturas Xudiciais, no referente a actuacións de mantemento, rehabilitación e ampliación de edificios xa existentes. Pola outra banda, e logo de entregados e supervisados os correspondentes proxectos, procederase ao longo do exercicio 2013 a licitar as obras de construción dos novos edificios xudiciais de A Coruña (Fábrica de Tabacos) e Pontevedra, cuxo importe total xirará en torno aos 40 millóns de euros, vinte cada un dos edificios.
- Potenciación da Comisión Mixta coa Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- Potenciación de medidas alternativas ao cumprimento de penas de prisión.
- Impulso das medidas dirixidas a aumentar a seguridade nos edificios xudiciais.
- Mantemento das axudas a corporacións locais para xulgados de paz.

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

A Dirección Xeral de Administración Local, no marco e execución das súas competencias, persegue como obxectivos prioritarios:

- A optimización e mellora da xestión na prestación de servizos á cidadanía.
- Alcanzar melloras progresivas na cooperación coas entidades locais.
- A mellora de dotacións e servizos prestados ós administrados.
- As actuacións básicas que deberán ser desenvolvidas para a súa realización.
- - Fomento e impulso da incorporación das novas tecnoloxías e da e-Administración ou administración electrónica nas entidades locais, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- Establecer, sempre dentro do marco básico estatal, un réxime normativo propio para a administración local galega, efectuando as adaptacións e propostas (tanto a nivel legislativo como regulamentario) que reflicten as peculiaridades e características propias, tanto da nosa Comunidade autónoma, coma das nosas entidades locais.
- O fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución de liñas de subvención destinadas a eles.
- Colaborar e apoiar aos concellos de Galicia na construción, rehabilitación e reforma das sedes das casas consistoriais para que poidan contar con espazos dignos e adecuados para a prestación dos servizos que teñen encomendados.
- Colaborar cos concellos galegos na prestación dos servizos que lle son propios, apoiando as dotacións de equipamentos e a execución das infraestruturas necesarias para esa prestación.
- Apoiar aos concellos galegos na prestación das súas competencias, facendo especial fincapé no reforzo da seguridade cidadá, con medidas de apoio ás policía locais da nosa comunidade.
- Potenciar e apoiar fórmulas de colaboración e cooperación intermunicipal, coa finalidade de racionalizar servizos e recursos para ofrecer un mellor servizo á cidadanía.
- A elaboración, impulso e xestión de programas con financiamento da Unión Europea e de cooperación transfronteiriza con incidencia no mundo local e no ámbito das competencias da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- O fomento e impulso do Portal Eido Local e de métodos de calidade nas administracións locais, en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- A relación coas corporacións locais e a elaboración dos programas formativos en materia de Administración local.
- Coordinar e impulsar a formación nas administracións locais de Galicia, potenciando para iso os medios dos que dispón a administración autonómica, de xeito que se asegure unha oferta formativa racional e axeitada no conxunto das administracións existentes en Galicia.

- A execución das competencias que, con respecto ao funcionariado con habilitación de carácter estatal, lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Impulsar, en estreita relación coas entidades locais, o desenvolvemento e materialización das accións previstas no Pacto local, de modo que se poida acadar a implantación e desenvolvemento das previsións contidas nel.
- Potenciar e impulsar o emprego da lingua galega nas entidades locais de Galicia.
- Posta en marcha e impulso da Área Metropolitana de Vigo.
- Promover a estabilización, no marco da actual situación de crise económica, do Fondo de Cooperación Local no ano 2013.
- Mellorar a liquidez das arcas municipais, de xeito que as entidades locais galegas non teñan que adiantar os fondos para a execución dos proxectos subvencionados, no marco do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a través de medidas como a posibilidade de solicitar pagamentos anticipados do importe da subvención concedida mediante convenios de colaboración e das convocatorias de axudas, ou que as entidades locais non teñan que xustificar o pagamento material das actuacións subvencionadas con carácter previo ao libramento da subvención, sendo suficiente a acreditación do recoñecemento da obriga, sen prexuízo de ter que acreditar a efectividade do pagamento da actuación no prazo de sesenta días desde a recepción dos fondos públicos.
- Xestión do Fondo de Compensación Ambiental como ferramenta de reequilibrio territorial e de impulso ao funcionamento dos servizos e á dotación de infraestruturas e realización de investimentos produtivos e xeradores de emprego no ámbito local e no financiamento do gasto corrente ou de funcionamento das entidades locais en materia medioambiental.
- O impulso do asociacionismo municipal das EELL mediante iniciativas que premien accións de colaboración conxunta entre concellos, mancomunidades e consorcios.
- O fomento da xestión compartida entre concellos mediante a aprobación de modelos tipo de convenio para a xestión compartida e o financiamento de proxectos piloto.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Informar e asistir ao Goberno nas súas relacións co Parlamento de Galicia.
- Coordinar e canalizar as actividades da Xunta en relación coas iniciativas de control e impulso do Parlamento.
- Facer o seguimento do programa legislativo e dos acordos parlamentarios.
- Prestarlle apoio ao presidente nas súas intervencións parlamentarias.

- A coordinación técnica nos procesos electorais que corresponda realizar, coordinar ou organizar á Xunta de Galicia.
- Facer o anteproxecto dos presupostos electorais que corresponden á Xunta de Galicia.
- Facer o seguimento dos procesos realizados no ámbito do Estado e fóra del que teñan incidencia na representación política dos cidadáns de Galicia.
- Facer informes, estatísticas e estudos, así como impulsar e organizar seminarios, cursos e publicacións, en materia electoral.
- Iniciar negociacións sobre a transferencia de novas competencias co Goberno do Estado, naquelas materias nas que a nosa comunidade ten un especial interese, buscando sempre o beneficio e interese xeral.
- Fomento e mellora das relacións coa Administración xeral do Estado, a través da Comisión Bilateral de Cooperación do Estado e a Comunidade Autónoma Galega, tratando de acudir a esta comisión de xeito máis regular e para outros asuntos de especial interese para ambas as dúas partes.
- Mellora das técnicas de estudo empregadas no “Observatorio legal do Estado e doutras CCAA”, co fin de realizar un seguimento axeitado da normativa estatal principalmente, e das restantes comunidades autónomas.
- Actualización e perfeccionamento do rexistro de convenios para facilitar o acceso ao mesmo por parte das persoas interesadas.
- Desenvolvemento da actividade que realiza a Comisión de seguimento de disposicións normativas do estado e doutras comunidades autónomas.

Para acadar os obxectivos mencionados realízanse unha serie de funcións, que se describen a continuación:

1. Facer o seguimento do programa legislativo do Goberno e dos acordos parlamentarios, de xeito especial daqueles que incidan na acción do Goberno.
2. Solicitar das distintas consellerías ou órganos da Xunta de Galicia os informes procedentes para a elaboración das respostas ás preguntas escritas.
3. Ser a canle de comunicación axeitada entre a Xunta de Galicia e o Parlamento respecto á tramitación de proposicións de lei, interpelacións, mocións e calquera outro tipo de iniciativa parlamentaria.
4. Remitir ao Parlamento a documentación que a Xunta de Galicia deba realizar por disposición legal.
5. Solicitar datos aos distintos departamentos do Goberno para a realización de informes de apoio ao Presidente nas súas intervencións parlamentarias.
6. Representación da comunidade autónoma naqueles actos, reunións e xornadas programadas pola Administración xeral do Estado ou polo goberno do Estado ou doutras comunidades autónomas.
7. Participación en actividades de interese da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias organizadas por outras institucións, universidades (autonómicas, estatais ou

- estranxeiras) e demais entidades, asociacións ou fundacións de interese.
8. Realización de estudos en materia de relacións institucionais (traspasos, novas competencias para Galicia, conflictividade constitucional, entre outros).
 9. Realización de estudos en materias correspondentes ao “Observatorio legal do estado e das CCAA”, para o apoio do labor de seguimento legal no caso de que fose necesario pola singularidade da materia.
 10. Realización de traballos de investigación en materia de relacións institucionais (evolución histórica das formas de Estado, a organización territorial do Estado no dereito comparado, entre outras).
 11. Organización de xornadas e cursos, facilitando a participación doutras CCAA para o estudo e debate en diferentes perspectivas das relacións institucionais.
 12. A actualización do programa de xestión de datos, en concreto da parte externa do mesmo, co fin de implementar o módulo de busca a dispor da cidadanía despregando máis posibilidades de busca avanzada.

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior dirixe as súas actuacións nos seguintes eidos e liñas de actuación:

1º: Protección civil e emerxencias: as accións neste campo centraranse en tres obxectivos estratéxicos, que a súa vez incluírán medidas operativas para o seu cumprimento:

1) Planificación:

- a) Modificación e actualización dos plans existentes para adaptalos á lei de emerxencias e á estrutura prevista dos sistemas de atención ás emerxencias, incluíndo os mapas de riscos correspondentes.
- b) Redacción de novos plans de emerxencia para actividades novas ou que requiren plans de emerxencia de nova redacción.
- c) Implantación dos plans de emerxencia renovados e dos plans de emerxencia novos, competencia desta dirección xeral.
- d) Desenvolvemento do rexistro dos plans de autoprotección en Galicia, con especial significación na autoprotección escolar.
- e) Apoio á Comisión Galega de Protección Civil para a revisión dos plans de emerxencia, especialmente dos plans de emerxencia municipal (PEMU).

2) Aplicación e desenvolvemento da lei de emerxencias:

- a) Homoxeneización da prestación de salvamento e emerxencias en todo o territorio, mediante a creación de consorcios provinciais de SEIS (servizos de extinción de incendios e salvamento) e a construción e equipamento de novos parques de bombeiros.

- b) Potenciación dun sistema de parques de bombeiros, a través dos consorcios provinciais, que garantan á poboación galega, independentemente do seu lugar de residencia, un servizo permanente e profesional de atención e resposta ás emerxencias.
 - c) Establecemento dun plan de intervención dos servizos contraincendios e outros servizos de emerxencia homoxéneo en todo o territorio galego que garanta a coordinación e colaboración dos distintos servizos que poidan actuar nas emerxencias.
 - d) Contribución á seguridade dos cidadáns, achegando parte dos gastos de funcionamento dos consorcios para a prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento daqueles consorcios con participación da Xunta de Galicia. Ao mesmo tempo se porá en funcionamento un novo parque de bombeiros na provincia de Ourense que completará a cobertura que neste eido se proporciona á poboación galega; así mesmo se porá en funcionamento o consorcio provincial de Ourense e se integraran no mesmo os consorcios comarcais desta provincia.
 - e) Establecemento de programas de formación homoxéneos para os profesionais das emerxencias de Galicia e potenciación da formación dos voluntarios de Galicia que complementen de forma coordinada os medios de intervención na nosa comunidade.
- 3) Outras actuacións:
- a) Establecemento de convenios de colaboración con entidades, organismos e colectivos con interese na súa integración no sistema de xestión de emerxencias de Galicia.
 - b) Elaboración e deseño dun novo mapa de atención ás emerxencias en Galicia baseado en criterios de eficiencia e eficacia da xestión e resposta ás emerxencias, en consenso coa FEGAMP, de acordo coas previsións recollidas no Pacto Local.
 - c) Fomento do voluntariado de protección civil potenciando a súa formación e preparación cara a situacións de emerxencia e e intervención.
 - d) Realización de campañas de promoción da protección civil entre os cidadáns, con especial atención á poboación en idade escolar.
- 4) A Axencia Galega de Emerxencias:
- a) Modernización e potenciación do sistema de atención ás emerxencias en Galicia a través do CAE 112, dando unha resposta máis áxil e eficaz aos galegos.
 - b) Potenciación da coordinación dos distintos axentes intervintes en emerxencias a través do Cae 112.
 - c) Modernización e mellora da plataforma de atención telefónica do 112, coa introdución de novas ferramentas de xestión que melloren a resposta ante as continxencias que poidan xurdir.
 - d) Execución das obras do novo centro de atención ás emerxencias na Estrada e licitación da nova plataforma de xestión das emerxencias do 112 para este novo centro.
 - e) Implementación de programas específicos de atención telefónica a colectivos

con discapacidades auditivas e da fala.

f) Establecemento de mecanismos de colaboración con outros centros de atención ás emerxencias que permitan ofrecer atención ós sinistros producidos en zonas comúns da fronteira do norte de Portugal e coa Comunidade de Castela e León, a través do proxecto ARIEM I I 2.

2º: Seguridade e Policía.

En materia de seguridade:

- 1) Completar o desenvolvemento normativo da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación das policía locais, no que atinxe aos medios técnicos e mobilidade entre corpos.
- 2) Establecemento de convenios de colaboración coas distintas consellerías da Xunta de Galicia para regular a actuación da Unidade Adscrita de Policía no desenvolvemento das competencias propias de cada departamento.
- 3) Establecemento de mecanismos de colaboración e coordinación das actuacións da UPA con outros corpos e forzas de Seguridade que desenvolven as súas tarefas na nosa comunidade.
- 4) Impulso da mellora dos medios humanos e materiais da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), que permita a creación de novos equipos operativos, que coas súas intervencións de prevención e protección incrementando o benestar da poboación galega, cumprindo de xeito máis eficaz e eficiente as súas funcións, dando mellor resposta ás demandas da sociedade galega.
- 5) Potenciar o desenvolvemento das funcións propias da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente nos eidos da seguridade e protección de persoas, órganos, edificios e establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia, para garantir o normal funcionamento e a seguridade dos usuarios dos servizos, na inspección das actividades sometidas a ordenación ou disciplina da comunidade autónoma e mailo uso da coacción en orde a execución forzosa dos seus actos ou as súas disposicións.
- 6) Formación específica para o persoal integrante da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia respecto de todas as funcións que teñen asumidas.
- 7) Elaboración de plans de seguridade dos edificios administrativos da Xunta de Galicia.

Liñas de acción:

- 1) Tramitación dos textos normativos que regulen o desenvolvemento da lei de coordinación de policía locais, que aínda compre completar.
- 2) Mantemento, dotación e modernización dos equipos de comunicación con destino aos efectivos integrantes da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia para a implantación definitiva do programa denominado

Sistema de Radiocomunicacións Dixitais de Emerxencia do Estado -SIRDEE-, no que se integran as demais forzas e corpos de seguridade do Estado, para unha mellor operatividade dos servizos tanto propios como compartidos.

3) Potenciación dos recursos humanos da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia mediante a oportuna negociación co Ministerio do Interior para acadar a adscrición de novos efectivos coa prórroga do acordo administrativo de colaboración entre o Ministerio de Interior e a Comunidade Autónoma de Galicia en materia policial.

4) Mantemento e actualización dos medios materiais destinados á Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de manter e incrementar os estándares de calidade no servizo policial que presta a unidade.

Investimento real destinado ao ámbito da seguridade pública:

1) Modernización dos sistemas de comunicación e informáticos que melloren a xestión interna e externa das funcións policiais.

2) Mellora nos dispositivos de comunicación e mobilidade que sirvan de soporte as comunicacións móbiles de voz e datos.

3) Potenciar a formación de carácter permanente na Academia Galega de Seguridade Pública para os funcionarios da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia en todas as funcións que lle son propias e, en especial, para os grupos de investigación especializada en medio ambiente e incendios, control de marisqueo ilegal, menores, violencia intrafamiliar, patrimonio histórico, seguridade de persoas e edificios, inspección e control policial do xogo, operativo de seguridade, etc.

4) Implantación dunha ferramenta informática de xestión da actividade da Unidade de Policía adscrita que garanta a planificación e xestión de recursos dun xeito áxil e eficaz.

5) Implementación e actualización de plans de seguridade nos edificios administrativos dependentes da Xunta de Galicia.

3º: Xogo e Espectáculos Públicos.

En materia de xogo:

Abordar o deseño dun marco de regulación mais flexible, que facilite a normalización do xogo e acade a conciliación dos intereses do sector e da administración.

En materia de espectáculos públicos:

1) Continuar co proceso de elaboración da normativa autonómica reguladora dos procedementos en materia de establecementos e espectáculos públicos

2) A coordinación da tramitación dos expedientes en materia de espectáculos públicos entre as xefaturas territoriais, en especial no referente a expedientes sancionadores.

Liñas de acción:

En materia de xogo:

- 1.- Aprobación dunha nova lei de xogo.
- 2.- Modificación do regulamento de máquinas.
- 3.- A celebración, cos representantes dos distintos sectores implicados no xogo, das reunións que se requiran para coñecer en todo momento a realidade do xogo na comunidade autónoma, empresarios, asociacións de ludópatas, etc.

En materia de espectáculos públicos:

- 1.- Aprobación da lei de espectáculos públicos.
- 2.- Elaboración de cantas instrucións internas se requiran para proceder á coordinación da tramitación dos expedientes en materia de espectáculos públicos entre as xefaturas territoriais, en especial, no que fai referencia aos expedientes sancionadores.
- 3.- A realización de actividades de contacto e intercambio cos representantes dos distintos sectores implicados na materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

Os obxectivos prioritarios da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, son a promoción da acción exterior de Galicia en xeral, especialmente nas relacións coa Unión Europea, nas relacións con Portugal, prioritariamente coa Rexión do Norte e a Cooperación para o desenvolvemento dos países desfavorecidos mencionados no Plan Director da Cooperación Galega.

As actuacións que se van a desenvolver para a consecución dos obxectivos son as seguintes:

Executar a acción exterior de Galicia, como política de acción exterior propia, consensuada cos principais actores representados no Consello de Acción Exterior (CAEX), atendendo aos seus valores e intereses.

Apostar pola internacionalización das empresas galegas como acicate para superar a crise económica dando facilidades aos emprendedores para potenciar a súa capacidade empresarial.

Reforzar as delegacións da Xunta de Galicia no exterior, empregando criterios de eficiencia e eficacia.

Reforzar o papel da Fundación Galicia Europa, empregando criterios de eficiencia e eficacia.

Potenciar e difundir unha imaxe integral de Galicia no exterior, facendo fincapé nunha “especialización intelixente”.

Afianzar unha eurorrexión do coñecemento e da proximidade para que os cidadáns que viven ao lado da fronteira se beneficien do feito fronteirizo.

Consolidar e potenciar a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, presidida desde xaneiro de 2011 polo Presidente da Xunta de Galicia.

Consolidar e potenciar a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT).

Consolidar, potenciar e traballar para integrar a visión macrorrexional de Galicia dentro da estratexia para o Atlántico que promove a Comisión Europea.

Achegar a Comunidade Autónoma de Galicia, no contexto de Rexión Europea, como país con identidade propia, apostando por unha maior integración e por unha "máis e mellor Europa".

Durante o vindeiro ano 2013 intensificarse a participación de Galicia no Comité das Rexións e noutros órganos comunitarios, para dar a coñecer e defender as posicións e intereses de Galicia no marco da Unión Europea.

Coordinación de actuacións con outros territorios con intereses e obxectivos comúns dentro do marco das organizacións rexionais europeas (CRPM, Comisión Arco Atlántico, ARFE), que permite a elaboración de estratexias conxuntas e o seu desenvolvemento.

Implementación e seguimento da Estratexia Europa 2020 para a realización de actuacións dirixidas a un crecemento intelixente, sostible e integrador.

Durante o 2013 Galicia fará o seguimento das negociacións finais sobre os regulamentos dos fondos europeos e sobre as reformas das políticas comúns de pesca e agricultura en defensa dos sectores produtivos galegos.

Representación de Galicia nos mecanismos de diálogo e colaboración existentes entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas nos asuntos europeos, como son os órganos da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE).

Seguimento das políticas comunitarias que máis afectan a Galicia en relación coa defensa dunha axuda transitoria no marco da política rexional a partir de 2014, para lograr sinerxías conxuntas con outras rexións co fin de acadar un impacto real nas futuras normas referidas á Política de Cohesión.

Durante o ano 2013 Galicia continuará coa súa participación no Comité Executivo do Centro Europeo para a Interdependencia e a Solidariedade do Consello de Europa (Centro Norte-Sur).

Dar cumprimento a Lei 3/2003, do 19 de xuño de cooperación para o desenvolvemento e ao II Plan Director da Cooperación Galega (2010_2013).

Conseguir unha maior eficacia da axuda desembolsada no ámbito da cooperación para o desenvolvemento.

Garantir a participación da Xunta de Galicia en proxectos de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria.

Apoiar a profesionalización do sector da cooperación para o desenvolvemento en Galicia.

Fomentar a educación para o desenvolvemento da cidadanía galega.

DIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA

Os obxectivos e liñas de acción da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa son as que se indican a continuación:

1. Obxectivo estratéxico: implantación dun plan de austeridade, que reasigne o gasto a actuacións produtivas e que beneficien aos cidadáns xunto cunha execución rigorosa do orzamento.

O devandito obxectivo estratéxico concíbese nos seguintes obxectivos operativos:

- Dimensionamento e avaliación da actividade dos entes públicos dependentes da Xunta de Galicia.
- Seguimento da xestión anual das unidades administrativas da Xunta de Galicia que permita unha adaptación á carga de traballo da unidade.
- Implantación e verificación do cumprimento dos contratos programa dos organismos dependentes da Xunta de Galicia.

2. Obxectivo estratéxico: racionalización e simplificación das cargas administrativas que soportan os cidadáns e as empresas nas súas relacións coa administración.

O devandito obxectivo estratéxico concíbese nos seguintes obxectivos operativos:

- Implantación progresiva da presentación telemática das solicitudes dirixidas polos cidadáns e as empresas á Xunta de Galicia.
- Proposta de simplificación de trámites ou documentos.
- Valoración das cargas administrativas.

DELEGACIÓNS TERRITORIAIS

As delegacións territoriais, de acordo coa súa estrutura, aprobada na anterior lexislatura, continuarán a desenvolver no ano 2013 as súas liñas básicas de actuación:

- Achegar a administración ao cidadán.
- Coordinar as competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma nos seus ámbitos territoriais.
- Racionalizar e simplificar procesos profundizando na e-administración.

O feito de que exista un interlocutor único nos ámbitos das delegacións territoriais, que integra todos os órganos, unidades e servizos da Administración periférica autonómica localizados no seu respectivo ámbito territorial garante a prestación de todos os servizos inherentes ás áreas competenciais dos diferentes departamentos cunha maior eficacia e eficiencia e calidade na xestión.

Cómpre sinalar ademais a función que realiza a comisión territorial de coordinación, un órgano de apoio pensado para impulsar e coordinar o funcionamento do conxunto de departamentos.

Por último, nos casos das provincias de A Coruña, Lugo e Ourense, é función destacada dos seus delegados territoriais a coordinación e seguimento da posta en marcha das medidas previstas no Plan Ferrol e nos Plans IMPULSA Lugo e IMPULSA Ourense, dirixidos os tres ao reequilibrio territorial de Galicia.

PLANS IMPULSA

O Plan Impulsa Lugo e o Plan Impulsa Ourense son proxectos transversais que implican a todos os departamentos da Xunta de Galicia. A Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza é o seu organismo coordinador, que se ocupa de controlar e avaliar o desenvolvemento das máis de 80 medidas de cada un deles, distribuídas polas diferentes consellerías.

Como tarefa propia, ademais da coordinación global da marcha dos plans, a Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza ten encomendadas varias medidas concretas. Estas afectan principalmente ao quinto eixo destes plans, o referido á mellora da calidade de vida nestas dúas provincias. Un eixo que implica ás áreas de sanidade e benestar de xeito sobranceiro pero que tamén abrangue medidas relevantes en materia de xustiza, emerxencias e seguridade.

Na diagnose previa á elaboración dos plans, atopouse unha importante deficiencia en Ourense en materia xudicial, polo que se priorizaron os proxectos do Plan de Infraestruturas Xudiciais que afectaban a esta provincia. No 2011 finalizaron as obras de remodelación dos edificios xudiciais de Celanova e O Carballiño, mentres que no 2012 comezou a executarse a construción dun novo edificio xudicial na cidade de Ourense. Esta obra, cun investimento total de máis de 16 millóns de euros, será concluída con cargo aos orzamentos de 2013.

No eido das emerxencias, foi Lugo a provincia que requiriu máis atención. Considerouse que dispoñer dun servizo profesional de emerxencias equiparable ao presente noutras provincias era un factor clave de seguridade e sustentabilidade para atraer poboación e tecido empresarial. Para rematar con esta desvantaxe comparativa fronte a outras provincias, constituíuse xunto á

Deputación un Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento. Froito dese esforzo, puxéronse en funcionamento a partires de 2011 cinco novos parques de bombeiros aos que engadiuse no 2012 o parque de Monforte.

Unha vez construídos e dotados, estes parques están a facer unha labor fundamental, tendo atendido ata finais de 2012 máis de 1.500 casos de incendios e emerxencias. Para continuar con este servizo, investiranse 2.304.209 € no seu mantemento neste exercicio.

No caso ourensán, queda pendente a finalización dun novo parque de bombeiros no Carballiño que cubra as comarcas do Carballiño e do Ribeiro e as dote dun nivel de seguridade para empresas e particulares equivalente ao do resto do territorio. Para a finalización e dotación deste parque apróbase un investimento de 1.300.0000 € neste exercicio.

No eido da seguridade, esta consellería ten tamén conseguido avances nas medidas previstas, ao lograr ampliar o número de axentes da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á comunidade autónoma destinados en ambas provincias. En calquera caso, este avance non supón aumento orzamentario pois os seus salarios corren a cargo do Estado.

ACTUACIÓNS A EXECUTAR A TRAVÉS DA SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS, SPI GALICIA, S.A.

A consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza continuará coa programación de parte das súas actuacións a través da SPI.

Por unha banda, culminará a execución das seguintes obras iniciadas na anterior lexislatura que ascenden a un total de 26 millóns de euros:

- Plan de Infraestruturas Xudiciais: novo edificio dos xulgados en Ourense, proxecto básico e de execución do edificio da antiga Fábrica de Tabacos en A Coruña, proxecto básico e de execución do novo edificio xudicial en Pontevedra e reposición de cubertas dos xulgados de Redondela.
- Ámbito de emerxencias e interior: novo edificio de atención das emerxencias da Estrada e Parque de Bombeiros de O Carballiño.
- Ámbito administrativo: reforma e mellora da instalación eléctrica do edificio administrativo de Lugo.

E, pola outra, iniciará a execución da obra do novo edificio do Rexistro Civil en Vigo, por importe de 900.000 euros.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os presupostos da Escola Galega de Administración Pública reflicten o esforzo realizado de cara a consolidar a impartición da formación de acordo con criterios de racionalización e eficiencia no gasto público, criterios que permiten manter, en todo caso, tanto os niveis de calidade na prestación do servizo como as diferentes liñas de acción, que abranguen dous ámbitos diferenciados

No ámbito da formación:

A formación e perfeccionamento dos empregados/as públicos dependentes da Administración Autonómica galega, da Administración local de Galicia e da Administración de xustiza transferida á comunidade autónoma, así como a cooperación con outras administracións públicas en relación coa formación e o perfeccionamento dos seus respectivos empregados/as públicos.

A potenciación das actividades na modalidade de teleformación, que permite ofertar formación a un maior número de persoas a un menor custo e contribúe a eliminar as barreiras espaciais e temporais, favorecendo ademais a conciliación da vida familiar e laboral. Nesta actuación, que vén consolidar unha nova forma de ensino baseada no uso dos medios telemáticos, tómase como marco de referencia o obxectivo fixado no Plan Estratéxico de Galicia de acadar o 60% das prazas nesta modalidade cara o horizonte do ano 2014.

Cómpre destacar ademais o esforzo que se está a acometer na creación de novos materiais de formación, cos que se pretende innovar nos contidos. Así mesmo, estase a traballar para que, en 2013, se poña en marcha unha nova alternativa formativa mediante o Programa de Autoformación. Esta nova modalidade de formación permite á aprendizaxe autónoma, sen límites de prazas ou tempo e poderá ser certificada a través dos certificados de equivalencia. Un novo formato que favorece o acceso a información, unha formación flexible e permanentemente actualizada e que contribúe á conciliación dos tempos.

O reforzo do carácter práctico da formación, garantindo a máxima aplicabilidade dos coñecementos e habilidades adquiridos coa formación ao posto de traballo e a efectiva transferencia dos coñecementos, mediante a inclusión dunha porcentaxe mínima do 25% de horas prácticas en todas as accións formativas.

A aposta pola formación destinada ao persoal das administracións locais de Galicia, en colaboración coa FEGAMP e as deputacións provinciais, co obxecto de dar resposta ás necesidades reais e específicas do persoal destas administracións e contribuír así á transformación e modernización das entidades locais galegas.

A consolidación da formación en linguas estranxeiras, mediante a oferta dun elevado nú-

mero de prazas nestas actividades, cunha importante aposta pola formación de mantemento e perfeccionamentos dos niveis acadados de competencia idiomática, como garantía da eficacia a medio e longo prazo dos esforzos realizados en exercicios anteriores. Todo isto co obxecto de dar resposta á elevada demanda rexistrada nesta área e desde a perspectiva de manter os altos niveis de satisfacción coa formación en materia de linguas estranxeiras que ofrece a EGAP.

O desenvolvemento de accións orientadas á capacitación dos empregados públicos en materia de tecnoloxías da información e da comunicación, como liña clave de acción da EGAP, que se viu reforzada en 2011, coa posta en marcha, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), dunha iniciativa pioneira destinada ao deseño dun itinerario formativo no ámbito das TIC co Plan Formativo Ofimático de Galicia e á Certificación de Competencias Dixitais en Ofimática. A formación que imparte a EGAP oriéntase ao obxectivo estratéxico de acadar o 100% do funcionariado público con competencias dixitais en 2014, fixado na Axenda Dixital 2014.gal.

A potenciación da formación en lingua galega, reforzando a misión da escola de difundir e normalizar o idioma galego na Administración pública e contribuír á capacitación lingüística do seu persoal, co obxecto de facer reais e efectivos os dereitos da cidadanía en materia lingüística, mediante a realización de actividades destinadas ao persoal das distintas administracións e o incremento do uso dos medios telemáticos na formación en lingua galega.

O desenvolvemento de programas de capacitación e formación para o exercicio da función directiva -curso para a obtención do diploma de directivo/a da Xunta de Galicia e predirectiva -xefes/as de sección e negociado- na administración, en colaboración, de ser o caso, con outros centros ou órganos de formación especializados.

A organización e impartición dos cursos selectivos para o acceso aos corpos e escalas da administración autonómica que se determine, sempre e cando se teñan superado as probas correspondentes aos procesos selectivos, así como o acceso aos corpos de funcionarios locais con habilitación de carácter estatal.

No ámbito da investigación e a divulgación:

A realización de actividades divulgativas, dirixidas aos empregados/as públicos e aos interesados/as en xeral, tales como xomadas, congresos, seminarios e conferencias, en materias de interese para as administracións públicas e a sociedade no seu conxunto, con especial atención ás novidades normativas. Esta liña de actuación reforza o papel da EGAP como foro de debate e análise das distintas problemáticas sociais que poidan suscitarse, ao permitir extraer información para a posta en marcha de políticas públicas que sexan implementadas polas distintas administracións.

A ampliación e mantemento do fondo bibliográfico e documental da EGAP, especialmente en soporte electrónico, así como a mellora no servizo que se ven prestando e a difusión dos estudos en materia de Administración pública, garantindo o máximo aproveitamento das tecno-

loxías da información e comunicación para achegar a información aos interesados/as.

A elaboración duns temarios de referencia, contrastados e permanentemente actualizados, para os procesos selectivos convocados pola Xunta de Galicia -tanto para o persoal funcionario, dos corpos xerais e especiais, como para o persoal laboral-, que son postos ao servizo da sociedade en xeral, ao atopárense dispoñibles, en galego e castelán, na páxina web da escola, sendo posible a súa descarga en liña e sen ningún custo.

A potenciación dos convenios e da realización de intercambios con organismos semellantes das administracións públicas, a nivel nacional e internacional, que favorezan o establecemento de alianzas estratéxicas e o acceso formación por parte dun maior número de usuarios/as e a un menor custo.

A convocatoria de bolsas, axudas e premios destinados a fomentar o estudo e a investigación en materias relacionadas coas actividades da escola, como a biblioteconomía e a documentación, as novas tecnoloxías aplicadas á formación ou calquera outra que se considere de relevancia.

A promoción da investigación, a documentación e o debate nas materias relacionadas coas administracións públicas, mediante a edición de dúas publicacións periódicas, de carácter semestral: a Revista Galega de Administración Pública (REGAP) e a revista Administración&Cidadanía, orientadas, respectivamente, á difusión do coñecemento na área das ciencias xurídicas e as ciencias sociais; e a edición de obras monográficas en materia de Administración pública.

O intercambio do coñecemento e o fomento do acceso á información por parte de todas as persoas interesadas, a través dos medios telemáticos, coa creación de espazos que favorezan a difusión do coñecemento xerado a partir das actividades organizadas pola escola, a interactividade e o desenvolvemento de redes de colaboración.

A investigación e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, mediante o desenvolvemento de estudos e investigacións de natureza multidisciplinar no ámbito da formación -detección de necesidades formativas, avaliación da calidade da actividade formativa e determinación do impacto da formación-, a Administración pública e as políticas públicas, orientados á mellora da propia escola e das administracións públicas en xeral, desde unha perspectiva de servizo ao empregado/a público e á cidadanía no seu conxunto.

A identificación de forma exhaustiva das necesidades formativas -referidas tanto a coñecementos transversais coma específicos- do conxunto do persoal e da propia administración con estudos anuais e paralelamente a avaliación do comportamento da demanda dos usuarios/as que acceden á formación da EGAP. Nun contexto coma o actual, caracterizado pola contención do gasto e a racionalización administrativa, cobra un especial protagonismo, na planificación da formación, o axuste da política formativa ás necesidades reais da organización, coa finalidade de garantir que a cualificación profesional do persoal se adecúe ás actividades que desenvolve e aos fins da administración.

A consolidación e mellora do sistema de avaliación da formación cunha avaliación permanente da actividade formativa da escola, como acción transversal destinada a coñecer o nivel de calidade na prestación dos servizos e a satisfacción dos usuarios/as, a través do Sistema Integral de Avaliación da Calidade da Formación da Escola, que incorpora a opinión dos distintos axentes participantes no proceso formativo e permite tomar en consideración as peculiaridades de cada modalidade de impartición, posibilitando efectuar a planificación das actividades a partir de información obxectiva, ao integrar o ciclo PDCA de mellora continua -Planificar (Plan), Facer (Do), Avaliar (Check) e Actuar (Act)- na acción formativa da EGAP. Unha actuación crucial para a mellora da programación de actividades, por canto a información que se obtén a partir da avaliación resulta fundamental para programar as actividades con criterios de calidade e eficiencia.

Deseño e implementación de proxectos e iniciativas en materia de calidade -tomando como referentes o modelo EFQM de excelencia, a norma UNE-EN ISO 9001:2008 e a metodoloxía para a elaboración de cartas de servizos da Xunta de Galicia-, orientados a dar satisfacción ás necesidades e expectativas dos usuarios/as da EGAP e a acadar a mellora continua na xestión interna e a prestación dos servizos, garantindo a calidade da formación no ámbito da Administración pública galega e a eficiencia na xestión. A calidade constitúe un dos eixos clave do proceso de modernización e mellora da xestión da escola, polo que se avanzará en diversas accións estratéxicas encamiñadas á consecución do Selo de Excelencia "Compromiso cara a Excelencia na Xestión", á implantación do sistema de xestión da calidade UNE-EN ISO 9001:2008 e seguimento do nivel de cumprimento da carta de servizos da EGAP de nivel auditado, aprobada pola Orde do 4 de abril de 2012, publicada no DOG nº 69 do 11 de abril de 2012, que contribuirán a acadar unha maior racionalidade e eficiencia na xestión dos recursos á hora de planificar e xestionar as actividades formativas que organiza a EGAP.

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

A Academia Galega de Seguridade Pública, de acordo co establecido na Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, orienta a súa actuación ao enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación impulsando a calidade dos servizos para unha mellor atención ao cidadán.

Neste sentido, as liñas de actuación previstas para o exercicio 2013 son as que de seguido se relacionan:

No ámbito da formación policial:

1. Elaborar os programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos corpos das policía locais segundo a demanda dos concellos.
2. Impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización, para todas as categorías ou todos os postos das policía locais e da Unidade do Corpo Nacional de Policía

adscrita á Xunta de Galicia.

3. Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos das policía locais.

No ámbito da formación de protección civil, bombeiros e axentes forestais:

1. Elaborar os programas formativos e impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos servizos de protección civil e aos membros dos corpos de bombeiros das entidades locais coas que se formalice o correspondente convenio de colaboración.
2. Impartir os cursos dirixidos aos axentes forestais.
3. Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de bombeiros e protección civil, establecéndose os convenios oportunos.

No ámbito da investigación e divulgación:

1. Investigación, estudo e divulgación de contidos, técnicas e documentación, na materia de seguridade pública e con especial referencia á realidade galega, a través principalmente da produción editorial, ampliación do fondo bibliográfico e potenciación da páxina web da AGASP e da formación on-line.
2. Promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.

II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

Ao igual que no momento da elaboración das previsións orzamentarias para o ano 2011 e 2012, continuamos nunha situación marcada por criterios restritivos de contención no gasto, que inciden nos obxectivos estratéxicos e fins perseguidos pola AXEGA, obrigándoa a redefinir algúns deles e revisar os obxectivos operativos deseñados para a súa consecución.

Non se debe esquecer, en calquera caso, que a AXEGA xestiona servizos esenciais en materia de resposta ás emerxencias, protección civil e seguridade pública a través do CAE 112 Galicia.

As prioridades de gasto deben seguir orientadas aos sectores fundamentais para a recuperación da actividade económica, nun contexto marcado pola austeridade e contención do gasto corrente sen descoidar os servizos públicos esenciais.

En atención ao exposto a AXEGA adoptará como criterios básicos para a confección dos seus orzamentos, o da optimización dos recursos existentes e o de moderación do gasto naqueles ámbitos non estratéxicos da xestión de emerxencias en aras a garantir o mesmo nivel de eficiencia e eficacia na prestación deses servizos.

A Axencia Galega de Emerxencias no 2013 desenrolará a súa actividade con arranxo ós seguintes criterios estratéxicos e liñas de actuación nos que se desenrola cada un deles:

- a) Optimización dos recursos existentes:
Neste ámbito as liñas de actuación son as seguintes:
 - Mellora do sistema de atención ás emerxencias nos seus aspectos tecnolóxico, de infraestruturas e de equipamentos de servizo.
 - Mellora do sistema de comunicación nos servizos de emerxencia.
- b) Moderación do gasto naqueles ámbitos non estratéxicos da xestión de emerxencias.
Neste ámbito as liñas de actuación son as seguintes:
 - Supervisión e control estrito dos gastos ordinarios de material de oficina e comúns de mantemento para o normal funcionamento das intalacións da AXEGA e do CAE 112.
- c) Eficacia e eficiencia na coordinación e xestión das emerxencias:
Neste ámbito as liñas de actuación son as seguintes:
 - Estudio detallado das situacións de risco en Galicia para colaborar coa Dirección Xeral de Emerxencias e Interior na planificación necesaria para a súa adecuada cobertura.
 - Desenvolvemento e actualización constante dos protocolos de actuación, baseados nas situacións de risco, para o Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia.
 - Desenvolvemento do sistema integrado de xestión de emerxencias.
 - Mellora no tempo de resposta ás emerxencias e diminución nos tempos de atención ás chamadas ao número 112.
 - Potenciación da atención das emerxencias mediante un grupo de apoio loxístico dependente da Axega, como apoio aos servizos municipais, comarcais nos supostos de calamidade e catástrofe.
- d) Formación e profesionalización dos axentes xestores da emerxencia:
Neste ámbito as liñas de actuación son as seguintes:
 - Cursos de formación para coñecemento e manexo de novas ferramentas tecnolóxicas para a prevención e identificación de riscos.
- e) Innovación técnica:
Neste ámbito as liñas de actuación son as seguintes:

- Implementación e posta en marcha de métodos de atención a colectivos con discapacidades a través do I12 coa posta en marcha de programas axeitados a estes colectivos.
- Implementación de novas ferramentas informáticas para a predición, identificación e evolución de riscos que pola súa natureza podan ser cualificados de extraordinarios.
- f) Colaboración con outros entes xestores de emerxencias no ámbito interrexional e transfronteirizo:
Neste ámbito as liñas de actuación son as seguintes:
 - Impulso á atención das emerxencias producidas nas zonas fronteirizas Portugal e Castela-León con implementación dun proxecto específico que impulse a creación desta macrorrexión.

II.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

A entrada en vigor da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, supón o mandato do parlamento de Galicia para que se acaden importantes obxectivos no ámbito da protección civil e a xestión de emerxencias, sendo un dos máis destacables a necesidade de acadar a maior homoxeneidade posible da prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento en toda Galicia do xeito máis eficaz.

Neste senso a Xunta de Galicia, xunto con outras administracións locais de Galicia, participa na xestión e financiamento dos distintos consorcios contraincendios existentes na nosa comunidade.

A figura do consorcio contraincendios foi posta pola Xunta de Galicia, ao abeiro da lei de Administración local de Galicia, no ano 1999 coa finalidade de prestar este servizo esencial á poboación galega con independencia do seu lugar de residencia, garantindo a protección das súas vidas e patrimonios mediante a implementación de servizos profesionais de atención ás emerxencias as vinte e catro horas do día os 365 días do ano.

Estes consorcios, que inicialmente foron configurados con carácter comarcal, permitiron pasar dos 7 parques existentes na nosa comunidade no ano 1999 (parques municipais das 7 grandes cidades galegas) á existencia neste intre, xa en funcionamento, de 31 parques profesionais en Galicia, que se completarán con outro mais no vindeiro ano 2013.

A fórmula de xestión destes servizos é a través dos consorcios locais contraincendios e de salvamento, que permiten unha xestión áxil e eficaz dos recursos, ao mesmo tempo que unha cercanía ao territorio cuberto polos mesmos e ás administracións implicadas no seu ámbito de actuación.

Estes consorcios que xestionan o servizo xa teñen un carácter provincial en tres das pro-

vincias galegas dende principios do exercicio 2012, carácter que adquirirán tamén os parques da provincia de Ourense o ano 2013.

Así, os consorcios que están en funcionamento na nosa comunidade son os seguintes:

- Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña
- Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de Lugo
- Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de Pontevedra
- Consorcio Servizo contra Incendios e Salvamento Comarca de Valdeorras
- Consorcio Servizo contra Incendios e Salvamento comarca de Verín
- Consorcio Servizo contra Incendios e Salvamento Comarca da Limia
- Consorcio Servizo contra Incendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeiros-Terra de Montes

No ano 2013 entrará en funcionamento o Consorcio contra incendios e Salvamento das Comarcas do Carballiño e do Ribeiro.

II.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

A FGE ten como obxectivos prioritarios a defensa dos intereses xerais da Comunidade Autónoma de Galicia ante a Unión Europea, a información as institucións, organismos ou empresas interesadas e aos cidadáns galegos en xeral de todas aquelas decisións que afecten ou interesen a nosa comunidade, a formación de expertos en temas europeos e a sensibilización da poboación galega sobre a incidencia que teñen os acordos ou decisións da Unión Europea e a promoción e participación de entidades galegas en proxectos europeos que sexan do seu interese.

As actuacións que se van a desenvolver para a consecución dos obxectivos son as seguintes:

Defender os intereses galegos ante a Unión Europea participando nos debates sobre a reforma orzamentaria, a configuración da política rexional, a Política Común de Pesca e a Política Agrícola Común.

Poñer a disposición da Xunta de Galicia o asesoramento técnico e o apoio loxístico da FGE, para asegurar unha activa participación da comunidade autónoma nos foros europeos de carácter institucional ou asociativo dos que é membro ou nos que está invitada a pronunciarse.

Impulsar e participar en iniciativas europeas que resulten útiles para comunicar as prioridades galegas aos responsables da definición das políticas comunitarias. Promover a presenza de

relatores galegos nos foros de discusión e difusión de boas prácticas en Bruxelas.

“Debates Galicia Europa” é unha iniciativa lanzada polo Presidente da Xunta de Galicia a través da que a FGE organizará actos, seminarios e xornadas sobre políticas europeas e o seu impacto en Galicia, creando foros de debate onde se fomente o intercambio de ideas.

Para que Galicia teña información sobre a Unión Europea, a FGE dispón dun medio altamente eficaz para a transmisión as institucións, sectores especializados e persoas interesadas a través da Web www.fundaciongaliciaeuropa.eu. A través desta web elabórase un boletín electrónico quincenal sobre noticias de actualidade comunitaria e convocatorias de programas europeos.

En materia de formación realízase a convocatoria de bolsas para licenciados en prácticas nas dúas oficinas da FGE (Santiago de Compostela e Bruxelas) e outra liña de axudas para titulados universitarios para a realización de prácticas nunha institución da Unión Europea.

Organizar encontros entre empresas, preferentemente con capacidade innovadora, e representantes da FGE, abertos aos medios de comunicación para a difusión entre a sociedade galega e elaboración de conclusións que se remiten os departamentos interesados.

Para promocionar a participación das entidades galegas en proxectos europeos a FGE asesora aos actores galegos interesados, con especial incidencia nas pemes, definindo o elemento innovador, fomentando a introdución de mellores prácticas e apoiando a busca de socios a escala europea.

A Fundación tamén continuará coa súa participación en proxectos como o Ecoinnova e o Emprende en colaboración con outros socios europeos.

Por último, a FGE organiza cursos de elaboración e xestión de proxectos europeos en Galicia.

FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA

As principais liñas de actuación da Fundación Semana Verde de Galicia concréntanse na renovación, modernización e consolidación dos produtos feirais existentes aos requirimentos dos axentes económicos:

- Xeración de novos produtos feirais rendibles e definidos en plena integración con sectores económicos implicados, incluíndo a exploración de tódolos sectores susceptibles de celebrar actividades feirais.
- Modernización, mellora e rendibilización de servizos non feirais xa ofrecidos anteriormente, con atención especial á xestión de salas e locais e á Central Agropecuaria de Galicia.

- Creación de novas áreas de negocio non feiral para a unha explotación eficiente das instalacións que garanta a súa viabilidade.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 111E - RELACIÓNS EXTERIORES:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Execución das relacións exteriores de Galicia como política de acción exterior propia, potenciación da coordinación e as interrelacións cos organismos comunitarios e consolidación e/ou ampliación dos organismos de cooperación interrexional.

Desenvolver unha política de acción exterior propia, tendo en conta os intereses de Galicia e os diversos escenarios políticos.

Potenciar as delegacións da Xunta de Galicia para promocionar a imaxe da comunidade autónoma, defender os seus intereses e atender a colectividade galega no exterior cos mesmos dereitos e garantías que se estivese en territorio galego.

Afirmar a presenza e a imaxe de Galicia no contexto europeo e internacional, difundindo a súa realidade e especificidade no mundo.

Impulsar a participación con voz propia nos procedementos e mecanismos da política europea e na política internacional.

Colaborar nas liñas de actuación da comunidade autónoma no ámbito da Unión Europea para defender e impulsar os intereses de Galicia, así como aplicar esta actuación a outras áreas xeográficas nas que Galicia teña intereses.

Cooperar institucional e tecnicamente nas actuacións da Administración autonómica, naquelas materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais de interese para a comunidade autónoma.

Representar a comunidade autónoma nos órganos de cooperación ou nas institucións que corresponda en materia comunitaria ou de acción exterior, e garantir a presenza activa de Galicia en institucións e organismos da Unión Europea e outras esferas de actuación comunitarias.

Coordinar e seguir o procedemento de axudas públicas e o procedemento de queixas comunitarias ante a Comisión Europea, a través da realización de tarefas de coordinación e interlocución entre os departamentos da Xunta de Galicia, a Administración xeral do Estado e a Unión Europea.

Responder á incidencia que teñan nos intereses e competencias da Comunidade Autónoma

as actuacións da Unión Europea.

Conciliar actuacións, definir prioridades e canalizar a información que sexa de interese para os departamentos da Xunta de Galicia e para a sociedade galega, tanto no ámbito da Unión Europea como no ámbito da acción exterior en xeral.

Impulsar a cooperación con rexións de áreas xeográficas da Unión Europea así como con rexións de outras áreas xeográficas a través de estruturas de participación bilateral e multilateral. Neste ámbito é necesario destacar a especial cooperación entre a Rexión Norte de Portugal, no marco das perspectivas financeiras da Unión Europea 2007-2013.

Colaborar no proceso de internacionalización da economía e das empresas, como un dos obxectivos prioritarios da Xunta de Galicia.

Asegurar un correcto funcionamento administrativo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e da Fundación Galicia Europa.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa ten carácter universal, en termos xerais trata de afirmar a presenza e a imaxe de Galicia no contexto europeo e internacional e de defender os seus intereses.

Non obstante hai subgrupos específicos que compre nomear:

- 1.- Delegacións da Xunta de Galicia no exterior
- 2.- Fundación Galicia Europa
- 3.- Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal
- 4.- Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No decurso da pasada lexislatura, a Xunta de Galicia puxo en marcha algunhas iniciativas tendentes a reforzar a acción exterior de Galicia e a súa presenza alén das nosas fronteiras. Dentro delas cabe salientar o Consello de Acción Exterior, do que forman parte tanto a Administración autonómica como a sociedade civil, e que se configura como un "think tank" de apoio á presidencia da Xunta cara a unha actuación compartida entre todos os actores no eido exterior.

Dentro da cooperación transfronteiriza, cómpre salientar a posta en funcionamento da Agrupación Europea Galicia - Norte de Portugal (GNP, AECT), como brazo executor das políticas que diseña a Comunidade de Traballo Galicia - Norte de Portugal, que é presidida nesta quenda polo Presidente da Xunta de Galicia.

Por outra banda Galicia, xunto co Norte de Portugal e con Castela e León, deron os pasos para impulsar ás rexións do suroeste europeo para que, dentro do marco da estratexia atlántica

que está a deseñar a Comisión Europea, iniciasen a constitución dunha organización suprarrexional que buscase sinerxías para posibilitar un traballo conxunto en eidos como a educación, a investigación, a industria, o traballo, os transportes e a loxística, o medio ambiente ou a cultura. Este traballo conxunto servirá tamén para que Galicia se posicione mellor cara a un novo período de programación comunitaria, de acordo coa Estratexia 2020 da Unión Europea.

Galicia ostenta a Vicepresidencia da Comisión Arco Atlántico e lidera o seu grupo "Pesca". Estas actividades, xunto coa súa participación activa dentro da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas de Europa (CRPM) e a Asemblea das Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE), perseguen a consolidación e relevancia da presenza galega nas organizacións rexionais europeas.

Potenciouse a participación de Galicia nos órganos de representación da Unión Europea, en especial no Comité das Rexións, sendo responsable do ditame do Comité das Rexións relativo á reforma do Regulamento das Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT) cuxas propostas foron recollidas en gran medida pola Comisión Europea. Por outra banda, sinalar tamén que en maio de 2011 o Comité das Rexións aprobou o Ditame do Libro Verde da Comisión Europea sobre "O futuro da Política de Desenvolvemento da UE", e en febreiro de 2012 aprobou o ditame "Incremento do Impacto da Política de Desenvolvemento da U.E: programa para o cambio", cuxa elaboración foi encomendada a Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia exerceu a representación das comunidades autónomas no Consello de Ministros da UE en materias de medio ambiente, pesca, agricultura, xogo e deporte.

Galicia impulsou os mecanismos de coordinación existentes entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas nos asuntos europeos, mediante o liderado dun grupo de traballo establecido para a articulación de novos ámbitos de cooperación e ampliación dos instrumentos de participación autonómica nos órganos comunitarios. Este grupo xa acadou resultados concretos como son a modificación estatutaria da CARUE ou a ampliación da participación a novos consellos da U.E. nos eidos de consumo, xogo e deportes.

Impulso da iniciativa CROWC, Convergence Regions on the Way to Cohesion, co fin de promover de modo conxunto a situación das rexións europeas (17, de acordo cos últimos datos de Eurostat) que, previsiblemente abandonarán o obxectivo converxencia a partir de 2014, por ter superado o 75% do PIB medio comunitario. A propia Comisión Europea recolle na súa proposta de regulación das próximas perspectivas financeiras a existencia dunha rede de seguridade para este tipo de rexións.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa está encadrado no marco legal seguinte:

Decreto polo que establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Decreto 368/2009 do 30 de xullo, polo que se crea e se regula o Consello de Acción Exterior.

Acordo constitutivo da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, realizado en Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 2006.

Convenio de cooperación territorial europea entre a Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal, polo que se crea a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT), realizado en Santiago de Compostela, a 22 de setembro de 2008.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actuacións deste programa teñen por finalidade reforzar a presenza exterior de Galicia e visibilizar a nosa participación naqueles foros nos que se poida mellorar a posición galega, en especial nun momento en que se está a debater o novo período de programación comunitaria para o período 2014 - 2020. Así mesmo, estas accións diríxense a prestar apoio e asesoramento aos distintos departamentos da Xunta de Galicia sobre as políticas comunitarias de especial incidencia e interese para a nosa comunidade autónoma dentro dos obxectivos da Estratexia Europa 2020.

A busca de sinerxías con outras rexións servirá tamén para acadar unha maior forza á hora de defender as nosas posicións, na busca de maximizar a rendibilidade do esforzo, ao aglutinar connosco a outras rexións con obxectivos concorrentes cos galegos.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

Fundación Galicia Europa

III.1.2. PROGRAMA 121A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto, asignado á Secretaría Xeral Técnica, atende as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e daqueles departamentos que, por non ter orzamento singularizado para o desenvolvemento da totalidade das súas funcións, precisan do apoio técnico, administrativo e orzamentario da Secretaría Xeral Técnica.

En concreto, con cargo a este programa fináncianse as seguintes actuacións:

- A coordinación do réxime interno das actividades do resto dos centros directivos da consellería así como das delegacións territoriais creadas trala reestruturación da Administración periférica, elaborando propostas de actuación sobre aspectos relativos á organización, estruturación, planificación, métodos de traballo e mellora, atendendo a criterios de eficacia, eficiencia e redución do gasto público.
- A ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería introducindo unha maior racionalidade no desenvolvemento competencial e de xestión das súas funcións.
- Xestión do Diario Oficial de Galicia, xa na súa versión dixital dende maio de 2011, avanzando na racionalización e modernización dos procedementos e na redución do gasto público.
- Continuar avanzando nunha axeitada xestión do Parque Móbil da Xunta de Galicia, logo da profunda reestruturación efectuada dende o inicio da lexislatura, adaptando o seu funcionamento ás novas demandas e avanzando na racionalización e redución do gasto público.
- Continuar primando o sistema electrónico no novo modelo de rexistro e sistema de información ao cidadán, establecendo unha auténtica rede integral de información que racionalice o funcionamento administrativo e a cooperación coas entidades locais de Galicia a través do Portelo Único, orientada a acadar o fin último de beneficiar aos cidadáns, como eixe central de todos os seus servizos.
- A conservación e o mantemento dos complexos administrativos, tanto centrais como periféricos, vinculando o servizo de mantemento á adopción de medidas estratéxicas de aforro e eficiencia enerxética, que redundarán na racionalización do gasto público e na efectiva protección do medio ambiente .
- O despacho dos asuntos propios das asociacións, fundacións de interese galego, colexios profesionais e academias de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións recollidas no programa están dirixidas a atender as necesidades de funcionamento dos servizos administrativos, o que redunda nun servizo público máis eficaz que ten como destinatarios directos aos cidadáns da Comunidade Autónoma de Galicia, o que determina o carácter universal do colectivo ao que van dirixidas as ditas actuacións.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Continuando coa senda de aforro iniciada en exercicios anteriores, séguese a reducir as partidas nas que aínda hai marxe, á vez que se continúan introducindo novas liñas de aforro, sen que iso supoña unha mingua na calidade dos servizos prestados (rexistro electrónico, Diario Oficial de Galicia dixital, mantemento dos complexos administrativos vinculado á adopción de medidas estratéxicas de aforro e eficiencia enerxética, subhasta electrónica da electricidade de diversos edificios administrativos, etc).

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa encádrase no marco legal seguinte:

Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Orde do 28 de abril de 2011, pola que se regula a edición electrónica do Diario Oficial de Galicia e se determina a súa posta en funcionamento.

Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 327/1994, do 3 de novembro, polo que se regulan os servizos de automobilismo da Xunta de Galicia e Decreto 199/2003, do 27 de febreiro, polo que se modifica o anterior.

Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de xaneiro de 2011 polo que se aproba a instrución pola que se regula a xestión do gasto do Parque Móbil da Xunta de Galicia.

Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do rexistro de fundacións de interese galego.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Finalmente, cómpre sinalar que a finalidade deste programa está orientada a proporcionar unha administración de calidade, eficiente e próxima ao cidadán, ao menor custo posible.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.3. PROGRAMA 121B - ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Á Asesoría Xurídica Xeral, con rango de dirección xeral, correspóndelle a dirección e coor-

dinación dos servizos de asistencia xurídica da administración da comunidade autónoma e da súa administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 7/1984, do Parlamento de Galicia, e do artigo 55 I.3 da Lei orgánica do poder xudicial.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A actuación da Asesoría Xurídica Xeral diríxese á cidadanía, dado que este centro directivo, e dentro dela os seus letrados, teñen atribuída en exclusiva unha dobre función: a de asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo da mesma.

Esta dobre función ten como finalidade asegurar o sometemento da actuación administrativa á legalidade e á defensa dos intereses propios da comunidade autónoma, o que redunda, en último termo, a favor do cidadán.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Como se sinalou anteriormente, a Asesoría Xurídica Xeral e, dentro dela os seus letrados, teñen atribuída en exclusiva unha dobre función, a de asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo desta.

Así, e en canto á labor de defensa en xuízo da administración, aos preitos seguidos en primeira instancia (polos Gabinetes das catro provinciais e de Santiago) hai que sumarlle os recursos ordinarios e extraordinarios (de casación). A todo isto hai que engadirle ademais os preitos e recursos no Servizo Galego de Saúde.

Por outra banda, en canto á función de asesoramento xurídico, hai que ter en conta que a elaboración de informes constitúe unha das principais actividades dos letrados de cada unha das consellerías.

Así, é relevante non só a previsión dun incremento do número de informes emitidos polos letrados senón tamén, polo que respecta á área de contencioso, a previsión dun incremento tanto de recursos ordinarios, extraordinarios (de casación), preitos e recursos nos Gabinetes Xurídico Territoriais e no Servizo Galego de Saúde.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Os obxectivos e liñas de acción da Asesoría Xurídica Xeral son os que se definen e concretan no seu regulamento orgánico, aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo, e, en concreto, a prestación de asistencia xurídica tanto contenciosa como consultiva.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os obxectivos a conseguir son os propios da Asesoría Xurídica Xeral definidos no seu regulamento orgánico aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo, e modificado polo Decreto 120/2006, do 20 de xullo, e que se concretan no asesoramento á Administración autonómica en asuntos constitucionais así como a representación e defensa ante o Tribunal Constitucional; no asesoramento á administración da comunidade autónoma en materia de dereito comunitario europeo e o seguimento de normativa comunitaria; no asesoramento e emisión de informes

en dereito á Administración autonómica; no estudo e informe dos anteproxectos de lei e dos proxectos de normas regulamentarias e na defensa e representación en xuízo da Administración autonómica.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Asesoría Xurídica Xeral

III.1.4. PROGRAMA 121C - RELACIÓNS INSTITUCIONAIS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto está configurado para atender o exercicio das funcións que ten asignadas a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias en execución do previsto no vixente decreto de estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O programa trata de atender a necesidade de informar e asistir ao goberno galego nas súas relacións co Parlamento de Galicia, así como de realizar o seguimento das disposicións normativas procedentes do Estado e doutras comunidades autónomas, o seu estudo comparado e a detección de invasións competenciais por parte do Estado.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

No exercicio destas funcións non se ve afectado ningún colectivo en particular, senón o total da poboación galega.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A dinámica administrativa e parlamentaria española complicouse nos últimos anos dende un punto de vista cualitativo xa que a cambiante dinámica socioeconómica do Estado, a influencia da produción normativa europea motivan, xunto a outros factores, a complexidade crecente da normativa española abarcando habitualmente co mesmo produto normativo funcións pluri-disciplinares e multisectoriais que dificultan o encaixe da devandita actuación nos parámetros de competencia constitucional contidos no artigo 148 e seguintes da Constitución Española.

A efectos prácticos isto implica unha maior carga de traballo e unha maior complexidade do seu desempeño.

As medidas levadas a cabo pasaron pola implementación de novas aplicacións informáticas, que permiten axilizar e mellorar o traballo a realizar, e polo esforzo persoal e directo dos funcionarios da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal que comprende as actuacións do programa é o Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os beneficios que se pretenden acadar son: mellorar a canle de comunicación entre a Xunta de Galicia e o Parlamento galego e, salvagardar as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

III.1.5. PROGRAMA 122A - AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Racionalización do gasto público e mellora dos servizos mediante:

- a) Avaliación das unidades administrativas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades do sector público autonómico.
- b) Racionalización e simplificación dos trámites e cargas administrativas, avaliando o seu custo co obxecto de mellorar a relación da administración cos cidadáns.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Administración pública autonómica e cidadáns (persoas físicas e xurídicas) que se relacionan coa Xunta de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No que respecta á avaliación das unidades administrativas cumpre sinalar que se ven facendo periodicamente dende o ano 1996, facilitando información permanente para adecuar as estruturas das unidades á carga administrativa soportada por estas.

No que respecta á avaliación dos entes instrumentais, comezouse esta actuación na anterior legislatura despois de concluír xa o I Plan de avaliación e abordándose neste exercicio económico o remate da execución do II Plan e o inicio dun novo Plan.

Esta actuación concrétase en informes que conclúen nunha proposta de extinción/refundición/mantemento con melloras estruturais e de funcionamento do ente.

No que respecta á racionalización e simplificación das cargas administrativas, ven orixinada por un mandato da Unión Europea a través da Directiva de Servizos, asumido por España como país membro, e concrétase nun compromiso de redución de cargas coa finalidade de minorar o custo das actividades administrativas que deben levar a cabo as empresas e cidadáns nas súas relacións coa administración.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Decreto polo que establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Eficiencia no gasto público, incidindo no funcionamento dos servizos públicos, na avaliación da Administración autonómica, na simplificación dos procedementos e servizos administrativos e na información administrativa e atención ao cidadán.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

III.1.6. PROGRAMA 122B - FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O Estatuto básico do empregado público trata de dar resposta á necesidade de adaptarse ás innovacións que, en materia de recursos humanos, introducíronse no ámbito da Unión Europea. Esta norma establece a formación no só como un dereito dos empregados públicos, senón tamén como un deber, co obxectivo de manter actualizada a súa formación profesional para o desempeño das súas funcións e poder dar así unha maior satisfacción ás esixencias da sociedade.

A Escola Galega de Administración Pública é un organismo autónomo adscrito á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia que ten como finalidade principal formar e especializar ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

A EGAP considera necesario realizar unha transición do modelo de formación anterior cara ao novo modelo de formación esixido pola administración do século XXI: isto é, combinar a formación á demanda de necesidades percibidas polos empregados públicos cun modelo arti-

culado polas necesidades institucionais e dos cidadáns. Os eixes deste novo modelo anticipan a liña estratéxica de articular a formación ofertada pola EGAP coa renovación de contidos, coa calidade e a eficiencia na prestación dos servizos, e coa avaliación continua da formación e a súa aplicación no posto de traballo e a súa tradución na mellora da prestación de servizos á cidadanía.

Este programa inclúe os medios orzamentarios precisos para o financiamento do conxunto das actividades a desenvolver pola EGAP referidas á formación e perfeccionamento dos empregados públicos da Administración autonómica, da Administración local e da Administración de xustiza, a través de cursos, xornadas, seminarios e doutras actividades docentes en materias relacionadas coa actividade pública, incluíndo a formación lingüística e dando continuidade ao plan de formación continua.

Tamén é obxectivo deste programa orzamentario o desenvolvemento de accións de divulgación e investigación en materia de Administración pública, así como a difusión dos contidos e documentación derivados de tales investigacións, a través das publicacións periódicas (revista Administración & Cidadanía e REGAP) e das coleccións de títulos que edita a EGAP; conseguindo deste xeito a divulgación de coñecementos á sociedade en xeral.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A escola ofrece formación aos seguintes colectivos: empregados públicos ao servizo da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia (16.844 persoas), empregados públicos da Administración local (31.043 persoas), empregados de xustiza transferidos á comunidade autónoma (2.727 persoas) e persoal da administración e servizos do Sistema Universitario de Galicia (PAS) (3.828 persoas). En total, a EGAP atende ás demandas de formación de 54.542 empregados públicos. Por outra banda a EGAP tamén é un organismo aberto á sociedade, xa que se dirixe ao público en xeral a través de xornadas, seminarios e a súa páxina web, instrumentos aos que pode acceder calquera persoa allea á administración.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A EGAP elabora para cada un dos colectivos mencionados anteriormente (Administración autonómica, local e xustiza) un plan de formación específico. Estes plans de formación materialízanse en convocatorias de cursos que se publican no DOG. A través das actividades formativas a escola forma aos empregados públicos tanto con materias de carácter transversal (procedemento administrativo, ofimática, lingua galega, idiomas estranxeiros, xénero, etc.), que incrementan súa capacitación profesional promovendo o seu desenvolvemento persoal e facilitando a súa mobilidade e promoción profesional, como con outras materias específicas máis estreitamente relacionadas cos diversos ámbitos de traballo da administración.

Este programa de gasto reflicte o esforzo realizado de cara a consolidar a impartición da formación de acordo con criterios de racionalización e eficiencia no gasto público, criterios que permiten manter, en todo caso, tanto os niveis de calidade na prestación do servizo como as diferentes liñas de acción do organismo, tanto no ámbito da formación como no ámbito da investigación e divulgación.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Lei 4/1987, do 27 de maio de creación da Escola Galega de Administración Pública (DOG núm. 143 do 2 de xuño de 1987), modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo (DOG núm. 141 do 24 de xullo de 1989).

Decreto 306/1990, de 24 de maio, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento da EGAP.

Resolución do 8 de xuño de 2010, da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se publica o Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas de 22 de marzo de 2010.

Decreto 175/2010, do 14 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Escola Galega de Administración Pública (DOG núm. 205 do 25 de outubro de 2010).

Decreto 172/2011, do 4 de agosto (DOG núm. 159, do 22 de agosto de 2011), polo que se modifica o Decreto 294/1992, do 10 de setembro, que regula o diploma de directivo, modificado polo Decreto 1/1995, do 12 de xaneiro (DOG núm. 9, do 13 de xaneiro de 1995) e polo Decreto 319/1996, do 26 de xullo (DOG núm. 153, do 6 de outubro de 1996)

Resolución do 19 de decembro de 1990, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se crea a Revista Galega de Administración Pública (DOG núm. 21, do 30 de xaneiro de 1991), modificada pola Resolución do 23 de marzo de 1992 (DOG núm. 71, do 13 de abril de 1992).

Resolución do 23 de febreiro de 2006, pola que se crea a revista "Administración & Cidadanía" e se suspende a REGAP (DOG núm. 45, do 6 de marzo de 2006)

Resolución do 1 de outubro de 2010, pola que se reedita a Revista Galega de Administración Pública (REGAP) (DOG núm. 206, do 26 de outubro de 2010).

Resolución do 4 de xaneiro de 2008, pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (DOG núm. 7 do 10 de xaneiro de 2008).

Referidos á formación en lingua galega:

Art. 3.1 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública (DOG núm. 143, do 2 de xuño de 1987).

Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 22 de setembro de 2004.

Art. 24.1 da Lei 3/1993 de normalización lingüística de Galicia.

Outros plans que afectan á EGAP:.

Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014

Axenda Dixital 2014.gal (Liña 3: "Cidadanía dixital") Programa de Acreditación de Competencias Dixitais (L3-P3:)

Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013

Plan de actuación integral para as persoas con dependencia (2010-2013)

Plan Impulsa Lugo

Plan Impulsa Ourense

Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2011-2015

VI Plan Galego para a Igualdade entre Mulleres e Homes. Estratexia 2012-2015

Plan de igualdade da Administración autonómica

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Mediante as diferentes actividades formativas a EGAP procura a capacitación profesional dos empregados públicos coa finalidade non só de mellorar o seu rendemento laboral e de facilitar a súa mobilidade dentro da administración, senón tamén de ofrecer un mellor servizo á sociedade.

Ademais, a EGAP, a través das diferentes actividades de divulgación (xornadas, seminarios, edición de publicacións) pretende achegar á sociedade en xeral aqueles temas relacionados coa administración que poidan ser do seu interese, e facilitar a comprensión das diferentes novidades normativas.

Finalmente, a escola traballa con diferentes iniciativas relacionadas coa detección de necesidades formativas, a calidade e a satisfacción dos usuarios que contribúen a mellorar non só a formación, senón que tamén axudan a racionalizar os procesos de xestión.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Escola Galega de Administración Pública

III.1.7. PROGRAMA 123A - ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Subvencionar os gastos de alimentación do persoal da Xunta de Galicia mediante a entrega de bonos de comedor aos traballadores que prestan os seus servizos en Santiago de Compostela, que así o soliciten, o que lles permite obter unha redución do prezo do menú de 1,2 € sobre o prezo marcado, na cafetería de San Caetano.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Colectivo de traballadores da Xunta de Galicia con destino en Santiago de Compostela.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Mantense a partida orzamentaria destinada a subvencionar os bonos de comedor dos traballadores que prestan servizo en Santiago de Compostela.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco no que se desenvolve o programa é o vixente decreto de estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Contribuír a financiar os custos de alimentación dos traballadores da Xunta de Galicia.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.8. PROGRAMA 131A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE XUSTIZA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa na súa concreción ven de soportar o funcionamento dos servizos centrais e periféricos da consellería asociados á Administración de xustiza.

Concretamente o programa recolle o orzamento de gastos que xestionan a Dirección Xeral de Xustiza e a Secretaría Xeral Técnica, destinados a garantir o exercicio das competencias en materia de provisión de medios materiais e persoais para o funcionamento da Administración de xustiza

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa de gasto ten carácter sectorial, dirixido directamente ao sostemento dos gastos xerados polos operadores da Administración de xustiza en Galicia, e de modo amplo, dirixido ao sostemento da xustiza como servizo público fundamental para os cidadáns.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na actualidade este programa de gasto contribúe á mellora da xestión realizada pola Administración autonómica, fundamentalmente en dúas vertentes: por un lado os gastos correntes de funcionamento dos órganos e servizos xudiciais en Galicia, e por outra banda os gastos de mantemento do servizo de asistencia xurídica gratuíta.

Polo que respecta aos gastos correntes de funcionamento da Administración de xustiza, os axustes a realizar deben contribuír á racionalización dos gastos que se viron incrementados nos últimos anos, en primeiro lugar polo incremento no prezo dos artigos e servizos contratados, e en segundo lugar polo feito de que a estrutura da Administración de xustiza en Galicia experimentou un continuo crecemento desde a asunción de competencias, concretamente 22 unidades xudiciais na anterior lexislatura. A pesar destes incrementos, o nivel de gasto en bens e servizos correntes non experimentou o mesmo crecemento, en grande medida debido á política da consellería de contratar de modo centralizado e mediante procedementos abertos as subministracións e servizos, o que está contribuíndo de xeito fundamental á contención do gasto, así como o emprego do parque móbil nos desprazamentos do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

Polo que respecta aos gastos asociados ao servizo de asistencia xurídica gratuíta, debemos resaltar a consolidación do esforzo inversor e a mellora na xestión e informatización do servizo.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco normativo no que se encadra este programa ten a súa orixe no artigo 20 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), que recolle unha chamada cláusula subrogatoria ou residual que fai relación ao exercicio pola nosa comunidade autónoma de todas as facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial atribúen ao Goberno do Estado en relación coa Administración de xustiza, materia esta que a sentenza do Tribunal Constitucional 56/1990, do 29 de marzo, denominou “administración da Administración de xustiza”.

Concretamente en base a este artigo do Estatuto de Autonomía aprobouse o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, que foron asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro. Do mesmo xeito aprobouse o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro), e o Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro sobre ampliación do traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e os institutos de me-

dicina legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo).

Desde xeito quedou completado o proceso de transferencias de medios materiais e persoais en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia.

Por último sinalar que o marco das competencias da comunidade autónoma nesta materia resultan da relación das anteditas normas coas previsións da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985 do poder xudicial.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Como antes se dicía, a finalidade xeral que persegue o programa é dar soporte á Administración de xustiza en Galicia, incidindo especialmente na posta en marcha de actuacións tendentes ao seu mellor funcionamento e modernización. Para conseguilo é preciso artellar unha serie de políticas instrumentais coa finalidade de dotar os medios de soporte da Administración de xustiza, incluíndo os recursos humanos auxiliares, concretamente aqueles medios económicos para o pagamento das valoracións e peritaxes, as locomocións e indemnizacións por razóns de servizo, así como o fornecemento dos medios materiais relativos ás infraestruturas inmobiliarias, o equipamento mobiliario e instrumental e outras subministracións aos xulgados, tribunais, fiscalías, rexistros civís, instituto de medicina legal e demais servizos da Administración de xustiza en Galicia.

Así mesmo dentro desde mesmo programa artículase a xestión do sistema de asistencia xurídica gratuíta, no relativo á regulamentación administrativa, recoñecemento das prestacións aos cidadáns beneficiarios e correlativa compensación económica á avogacía e á procura polos servizos profesionais.

Outros obxectivos fundamentais que persegue o programa son o deseño do modelo de implantación da nova organización da Administración de xustiza e das relacións de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza, o fomento do coñecemento, investigación e desenvolvemento das ciencias xurídicas e forenses, en especial do dereito galego e na formación dos operadores xurídicos, así como o desenvolvemento de proxectos e iniciativas que colaboran cos fins de prevención e solucións dos conflitos, seguridade xurídica e paz social aos que está orientada á xustiza.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Xustiza

III.1.9. PROGRAMA 131B - PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Programa habilitado para o pagamento das nóminas do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza (corpos de médicos forenses, de xestores procesuais e administrativos, tramitadores procesuais e administrativos e o corpo de auxilio xudicial), así como o custo da formación e das axudas por acción social deste persoal traspasado á Comunidade Autónoma de Galicia.

As actividades a desenvolver no marco deste programa son a confección e pagamento das nóminas, o pagamento das axudas do fondo de acción social destinados ao devandito persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, así como os cursos do plan de formación anual destinado a ese mesmo persoal, cuxa xestión desenvolve á Escola Galega de Administración Pública e financia este programa.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Colectivo de traballadores ao servizo da Administración de xustiza.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Este programa vai ligado dun xeito directo ás necesidades do persoal funcionario do que se compón as distintas unidades e servizos da Administración de xustiza en Galicia (incluíndo xulgados, tribunais, fiscalías, o Instituto de Medicina Legal e outros servizos directamente ligados aos anteriores, como son os servizos comúns de rexistro e reparto, notificacións, de atención ao cidadán, etc, así como os xulgados de paz).

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Esta xestión ven dada polos Decretos 438/1996, do 20 de decembro e 82/1998, do 5 de marzo, de asunción de competencias transferidas polo Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, e polo Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro sobre ampliación do traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e os institutos de medicina legal.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O esforzo económico deste programa está en relación á mellora da estrutura da Administración de xustiza en Galicia, que ven experimentando un continuo crecemento desde a asunción de competencias, e concretamente 22 unidades xudiciais na anterior lexislatura, o que se traduce en máis de 115 novos funcionarios.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Xustiza

III.1.10. PROGRAMA 141A - ADMINISTRACIÓN LOCAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece a obrigatoriedade de prestación de determinados servizos públicos polos concellos. Así mesmo, a propia lei, no seu artigo 82.1 preceptúa que a prestación homoxénea dos servizos mínimos constitúe un obxectivo e á súa consecución dirixírase a coordinación e axuda da comunidade autónoma

Esta prestación homoxénea dos servizos precisa dun esforzo por parte da consellería competente en materia de Administración local, con actuacións que potencien e apoiem a prestación dos servizos por parte dos concellos, que son a administración máis próxima aos administrados, con especial énfase no actual contexto de crise económica, na optimización e xestión eficiente dos recursos dispoñibles, mediante a promoción de fórmulas de xestión compartida dos servizos. Deste xeito, conséguese o obxectivo adicional de garantir un equilibrio no territorio galego entre o medio rural e o urbano, o interior e a costa, que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia.

As necesidades que se trata de atender a través deste programa son basicamente:

Contribuír á adquisición de dotacións, equipamentos e construción de infraestruturas nos concellos para a prestación de servizos á cidadanía no marco das súas competencias.

Establecemento de programas de cooperación coas entidades locais para a mellora dos servizos públicos, promovendo fórmulas de xestión compartida.

Impulso das novas tecnoloxías e da administración electrónica, ou e-Administración, nas entidades locais galegas, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, posibilitando unha mellor relación entre a Administración autonómica e os concellos e entre estes e os cidadán, redundando nun mellor servizo.

Promover a estabilización no marco da actual situación de crise económica, do Fondo de Cooperación Local no ano 2013.

Mellorar a liquidez das arcas municipais, de xeito que as entidades locais galegas non teñan que adiantar os fondos para a execución dos proxectos subvencionados, no marco do Decreto

193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a través de medidas como a posibilidade de solicitar pagamentos anticipados do importe da subvención concedida mediante convenios de colaboración e das convocatorias de axudas, ou que as entidades locais non teñan que xustificar o pagamento material das actuacións subvencionadas con carácter previo ao libramento da subvención, sendo suficiente a acreditación do recoñecemento da obriga, sen prexuízo de ter que acreditar a efectividade do pagamento da actuación no prazo de sesenta días desde a recepción dos fondos públicos.

Xestión do Fondo de Compensación Ambiental como ferramenta de reequilibrio territorial e de impulso ao funcionamento dos servizos e á dotación de infraestruturas e realización de investimentos produtivos e xeradores de emprego no ámbito local e no financiamento de gasto corrente ou de funcionamento en materia medioambiental.

O impulso do asociacionismo municipal das EELL mediante iniciativas que premien accións de colaboración conxunta entre concellos, mancomunidades e consorcios.

O fomento da xestión compartida entre concellos mediante a aprobación de modelos tipo de convenio para a xestión compartida e o financiamento de proxectos piloto.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa ten carácter universal ao ter como destinatarios últimos o conxunto da cidadanía, sendo os concellos os suxeitos relevantes na implantación das actuacións previstas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A normativa xeral, constituída fundamentalmente pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece o punto de partida para o deseño das propostas a través das cales acadar os obxectivos orzamentarios.

No tocante aos concellos, cómpre indicar que o concello constitúe o nivel básico e esencial da organización territorial de Galicia. As repercusións da actual crise financeira sobre as facendas locais agudízase no caso dos pequenos municipios, con escasa poboación e insuficientes medios económicos, que se ven con dificultades para atender as esixencias que require a prestación dos servizos públicos. É por iso que deben buscarse fórmulas adecuadas que apoiem o mantemento dun nivel óptimo de prestación de servizos ou contribúan á mellora da súa calidade, na acción de fomento individual ou mediante fórmulas de xestión compartida: convenios de colaboración, subvencións para obras e equipamentos, para infraestruturas básicas de uso público e para actuacións destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e reequilibrio territorial, axudas para actuacións de reforzo das policía locais, así como o impulso do Portal Eido Local ou o impulso definitivo á modernización da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a implantación, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, da e-Administración nos concellos de Galicia, constitúen importantes ferramentas para acadar unha prestación homoxénea dos servizos á vez que elevan o seu nivel de calidade.

Por outra banda, o fomento do asociacionismo municipal, a través das mancomunidades de

concellos ou os consorcios locais, e a implantación de instrumentos e procedementos que permitan a xestión compartida na acción de fomento, compoñen fórmulas de xestión que optimizan recursos a menor custo e maior efectividade, especialmente no caso dos pequenos concellos.

Finalmente, non se pode esquecer a existencia das asociacións veciñais. Por mandato da Lei de Administración local de Galicia, desde a Xunta de Galicia deberá favorecerse o desenvolvemento das asociacións que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños dos concellos de Galicia. As asociacións que se constitúen con esta finalidade teñen a consideración de entidades de participación cidadá e, xa que logo, eríxense nun dos elementos clave de vertebración da política e da vida local dos concellos galegos. Por este motivo o asociacionismo veciñal é outro dos escenarios en que se desenvolve a acción subvencional da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, respaldando o funcionamento das confederacións, federacións, coordinadoras ou agrupacións de veciños de Galicia mediante o financiamento dos seus gastos de funcionamento así como daquelas actividades que redunden na mellora de vida local.

Outros ámbitos de actuación:

A Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Segundo establece o artigo 5.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia, fomentará e promoverá as relacións de colaboración e cooperación entre as distintas administracións públicas galegas, a través da Comisión Galega de Cooperación Local, composta paritariamente por representantes da comunidade autónoma e das entidades locais galegas, que á súa vez son designadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias, recoñecida polas entidades locais como a entidade representativa no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local: A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten atribuídas as competencias de elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local. Dentro desta materia, ten atribuída a execución das competencias que, con respecto aos funcionarios con habilitación de carácter estatal, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia. Entre as funcións do colexio atópase o impulso, a través dos medios que procedan, do estudo do dereito e técnicas de administración que afecten aos profesionais colexiados, así como cantas outras funcións redunden en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados, como pode ser a implantación da e-Administración. Ambos os dous, consellería e colexio, consideran oportuno establecer un marco de colaboración que lles permita xuntar esforzos para facilitar a consecución dos seus intereses comúns.

A elaboración, impulso e xestión de programas con financiamento da Unión Europea e de cooperación transfronteiriza con incidencia no mundo local e no ámbito das competencias da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza concréntanse en proxectos tales como:

Proxecto 500CT-GNP-AECT-IA-P Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal: realización de accións tendentes a desenvolver servizos comúns na euro-rexión, en particular, no dominio do ambiente e ordenamento do territorio para acadar unha xestión máis racional dos recursos da euro-rexión, a través da elaboración de estudos para a xestión integrada de equipamentos, estruturas e territorios

Proxecto 0374_ADL_I_E, que ten como obxectivo o deseño da Axenda Dixital Local da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal, mediante un modelo sistemático de implantación da sociedade da información, participativo e adaptable ás peculiaridades das distintas áreas urbanas.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario que comprende as actuacións do programa vén constituído por:

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico o e Fondo de Compensación Ambiental.

Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Programa operativo FEDER de Galicia 2007-2013.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa I41A - Administración Local concrétase en tres puntos fundamentais:

1. O fomento das liñas de colaboración coas entidades locais que apoiem o mantemento dun nivel óptimo de prestación de servizos e exercicio de competencias ou contribúan á mellora da súa calidade, na acción de fomento individual ou como xestión compartida: convenios de colaboración, axudas para a realización de obras e adquisición de equipamentos, para infraestruturas básicas de uso público, para investimentos en servizos e competencias, para actuacións destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e reequilibrio territorial, axudas para actuacións de reforzo das policía locais, o impulso do Portal Eido Local ou da e-Administración en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, constitúen importantes ferramentas para acadar unha prestación homoxénea dos servizos á vez que elevan o seu nivel de calidade.
2. Establecemento de programas de cooperación coas entidades locais, asociacionismo municipal e veciñal e implantación de instrumentos e procedementos que permitan a xestión compartida na acción de fomento.
3. Establecemento de programas de cooperación de asociacionismo veciñal.
4. O impulso da e-Administración no ámbito das entidades locais de Galicia, en colaboración

coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

5. A elaboración, impulso e xestión de programas con financiamento da Unión Europea e de cooperación transfronteiriza con incidencia no mundo local.
6. fomento da colaboración cos colexios ou federacións profesionais.
 desenvolvemento das accións vinculadas a estes obxectivos van permitir unha actuación a dous niveis:

- a) Vai permitir ós concellos dotarse de servizos, infraestruturas e equipamento necesario para o exercicio das súas competencias e para a prestación de servizos á cidadanía.
- b) Vai destinar parte dos recursos ao financiamento dos servizos das entidades locais, a través de fórmulas de asociacionismo municipal ou xestión compartida, así como daquelas entidades que integran o tecido organizativo de participación cidadá nos concellos.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Administración Local

III.1.11. PROGRAMA 161A - ELECCIÓN E PARTIDOS POLÍTICOS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

No programa 161A inclúense os medios precisos para facer fronte aos gastos dimanantes do proceso electoral e das subvencións ás formacións políticas, como consecuencia da celebración, o 21 de outubro de 2012, das eleccións ao Parlamento de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Formacións políticas que obtiveron, nas eleccións do 21 de outubro de 2012, representación no Parlamento de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O programa está destinado, tanto á dotar os medios precisos para que poidan levarse a cabo todas as actuacións relacionadas coa organización e coordinación dos procesos electorais a nivel autonómico, como para facer fronte ás subvencións aos partidos políticos segundo o establecido na Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia. Tendo en conta que as eleccións tiveron lugar no último trimestre do ano 2012, a dotación que se inclúe nos orzamentos de 2013 está destinada exclusivamente a atender a liquidación das subvencións aos partidos políticos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Decreto 174/2012, do 27 de agosto, da Presidencia da Xunta de Galicia, polo que se dispón

a disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.

Lei 8/1985, do 13 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, reguladora das eleccións ao Parlamento de Galicia.

Decreto vixente de estrutura orgánica da consellería.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Atender a obriga establecida no artigo 44 da Lei 8/1985, que establece que a Comunidade Autónoma de Galicia subvencionará os gastos electorais dos partidos, coalicións, federacións e agrupacións de electores sempre que a candidatura obteña representación.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica.

III.1.12. PROGRAMA 212A - PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O papel da Xunta de Galicia na atención de emerxencias centrase en tres funcións fundamentais: a superior dirección e coordinación da protección civil, a xestión dos servizos que se considere necesario prestar de forma unitaria para todo o territorio galego, e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta de que dispoñen as entidades locais.

Os obxectivos deste programa na área de protección civil e bombeiros consisten na definición e a posterior posta en funcionamento dun sistema que garanta a protección dos cidadáns fronte as situación de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, e que por extensión poda utilizarse dun xeito efectivo para a xestións das situacións de urxencia ou emerxencia que de xeito cotián ocorren aos cidadáns da comunidade autónoma.

Na área de seguridade consisten en soportar o funcionamento do sistema de seguridade público galego, desde a aplicación, ordenación e calidade do servizo público para garantir unha prestación máis eficaz e eficiente, tanto na consecución dos resultados desexables como no uso racional e sostible dos recursos públicos dispoñibles, tendo en conta que estamos ante unha materia moi sensible e transcendente ao constituírse como un ben público que vai unido ao benestar social e a calidade de vida da sociedade galega.

O programa desenvólvese a través de tres centros directivos: Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Academia Galega de Seguridade Pública e Axencia Galega de Emerxencias, que

dirixen as súas actividades en orde a:

1. Na área de protección civil elabóranse e implántanse plans de emerxencia por mor de riscos tanto naturais como aqueles ocasionados pola actividade humana, aténdese a xestión de emerxencias derivadas dos avisos ó CAE 112 Galicia e da activación dos devanditos plans, e préstase apoio os concellos e agrupacións de voluntarios de protección civil como parte fundamental do sistema.
2. Na área de bombeiros, a través dos consorcios provinciais e comarcais nos que participa a Xunta de Galicia, aténdense prioritariamente por persoal especializado as incidencias derivadas de incendios urbanos, industriais e forestais de afectación a vivendas, explosións, fugas, inundacións, rescates, derrubamentos e outras actividades de salvamento que for precisas.
3. Na área de policía as intervencións do persoal policial da Unidade de Policía Adscrita se dirixen a complementar as actuacións das distintas consellerías da Xunta que poidan precisar de prevención, reforzo ou investigación desde a perspectiva da seguridade: protección, incendios forestais, medio natural, furtivismo e marisqueo ilegal, patrimonio cultural, protección de menores e familia e as inspeccións en materia de urbanismo
4. A través da Axencia Galega de Emerxencias as necesidades que se tratan de atender consisten na definición e a aplicación dun criterio de coordinación, cooperación e colaboración entre os distintos axentes que interveñen na emerxencia, que permita dar unha resposta integral no eido da xestión das emerxencias e, no seu caso, na posterior rehabilitación.
5. A través da Academia Galega de Seguridade Pública aténdese á formación do persoal do sistema integrado de Protección Civil, Emerxencias e Seguridade Pública.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Polo que respecta ao colectivo ao que se dirixen as actuacións do programa, tanto nas áreas de protección civil e bombeiros como na de policía, ao estaren despregados os efectivos destes colectivos por toda a xeografía galega, as súas intervencións abarcan toda a Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración e coordinación cos corpos de emerxencias, seguridade e bombeiros dependentes dos concellos, así como tamén cos corpos de seguridade dependentes da Administración estatal. Na área de formación as actividades están dirixidas á policía local de Galicia, UPA, agrupacións de protección civil, bombeiros, axentes forestais e forzas e corpos de seguridade do Estado.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En relación a actividade da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior,

I.- Na área de protección civil.

I.1 Situación de partida.

Disponse de plans e programas de emerxencias que necesitan ser renovados por imperativo legal e mellorar a súa implantación.

Hai novas obrigas legais que é preciso atender como é o sistema de plans de auto-protección que teñen que ter e implantar todos os establecementos nos que se poida

desencadear unha emerxencia.

O rexistro de voluntarios de protección civil debe ser actualizado para responder ás necesidades das agrupacións e da administración para o seu mellor funcionamento, en orde a acadar unha óptima mobilización dos recursos dispoñibles.

1.2 Actuacións novas.

Ademais de atender as emerxencias ordinarias (incendios, inundacións, accidentes,...), tramitación de expedientes de subvencións, convenios, etc. está previsto:

- Renovar os plans de emerxencia exterior que caducaron ou van a caducar, ademais de elaborar novos plans para establecementos que por diversos motivos (superación de umbrais ou nova normativa) é preciso realizar.
- Revisar os plans vixentes e mellorar a súa implantación: estanse a implantar novas aplicacións informáticas e está previsto a realización de exercicios e simulacros
- Mantemento da aplicación web para o rexistro e xestión de plans de autoprotección, dando cobertura ás necesidades dos concellos e servizos de emerxencia.
- Un novo rexistro electrónico de agrupacións de voluntarios que responda ás súas necesidades e ás da administración.

2.- Na área de bombeiros

2.1 Situación de partida

A Xunta de Galicia actualmente está a participar no funcionamento e operatividade do Consorcio provincial da Coruña (con 10 parques comarcais de bombeiros), de Lugo (con 5 parques comarcais de bombeiros), no de Pontevedra (con 5 parques comarcais de bombeiros) e nos Consorcios Comarcais de Valdeorras, Verín e A Limia, cun parque comarcal en cada consorcio.

2.2 Actuacións novas

Para 2013 entrará en funcionamento un novo parque de bombeiros, nas comarcas do Carballiño e O Ribeiro, coa creación dun parque comarcal no Carballiño.

Posta en funcionamento do consorcio provincial de Ourense, integrándose nel os consorcios comarcais desta provincia e así homoxeneizar o sistema en toda a comunidade autónoma.

2.3 Datos estatísticos

Actualmente prestase o servizo contra incendios e salvamento nas catro provincias galegas cunha cobertura coa que non se acadan as ratios de intervención desexables. Coa nova planificación, que inclúe a proxección sobre os parques de Monforte (en funcionamento a partir de outubro de 2012) e O Carballiño, así como os parques municipais de bombeiros dependentes das grandes cidades galegas, a cobertura de poboación que se marca como obxectivo real para o ano 2013 sería a seguinte:

A Coruña: 87,05% ; Lugo: 89,65% ; Ourense: 70,36% ; Pontevedra: 73,21% .

3.- Na área de policía

3.1 Situación de partida

A Unidade de Policía Adscrita contaba a mediados de 2012 con 338 efectivos despregados na sede central de Santiago, en 4 sedes provinciais e na sede local de Vigo.

3.2 Actuacións novas

Preténdese que, logo da adscrición durante o ano 2012 de 80 novos efectivos mediante un concurso específico de méritos, pódase proceder en 2013 á cobertura do total de prazas vacantes existentes no catálogo de postos de traballo da Unidade do CNP adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), instando ao Ministerio do Interior a convocar un concurso de vacantes ata completar o cadro de persoal e poder exercer de xeito pleno e eficaz as funcións e competencias que ten esta unidade.

4.- A través da Axencia Galega de Emerxencias

4.1 Situación de partida

Na actualidade o sistema de atención de emerxencias de Galicia está baseado nunha estrutura multidisciplinar, que dependendo de distintas administracións e con sistemas organizativos moi diversos, procede a resolución destas unha vez que os recursos dispostos para elo son alertados polo Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia. Este sistema fai que resulte moi difícil e en moitos casos case imposible, realizar o seguimento da intervención así como a avaliación da mesma, dado que tanto os protocolos de actuación, coma os procedementos operativos e guías de actuación non son sempre coincidentes.

4.2 Actuacións novas

- a) Creación dun grupo móbil e especializado que permite realizar labores de dirección, mando e control así como a prestación de recursos propios para as operacións en emerxencias de especial magnitude ou relevancia.
- b) Adecuación da súa estrutura organizativa aso criterios de tecnificación e especialización na atención das emerxencias.
- c) Evolución e optimización das ferramentas tecnolóxicas existentes.
- d) Dimensionamento, formación e constante especialización do persoal da AXEGA e do CAE 112 Galicia.
- e) Definición das necesidades e funcionalidades do futuro centro integrado de atención ás emerxencias.
- f) Deseño e aprobación de protocolos de intervención de recursos de emerxencias no territorio de Galicia, atendendo a criterios de territorialidade e operatividade dos recursos.

5.- A través da Academia Galega de Seguridade Pública

5.1 Situación de partida

A AGASP, organismo autónomo administrativo, ten como finalidade a formación no eido de protección civil, bombeiros e axentes forestais así como no ámbito de formación policial mediante cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policía locais, así como a súa formación

continua, perfeccionamento e especialización.

O longo dos últimos exercicios incrementouse sensiblemente o orzamento adicado a formación mediante fondos comunitarios ampliándose a oferta formativa da AGASP á colectivos de servizos de seguridade e emerxencias.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Polo que respecta ao marco legal no que se desenvolve o programa, este está integrado polas seguintes disposicións legais:

Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil.

Real decreto, 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a norma básica de protección civil.

Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a norma básica de autoprotección.

Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.

Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro, polo que se aproba a directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas.

Decreto 56/2000, de 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación dos voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil.

Resolución do 2 de agosto de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se publica o Plan Territorial de Emerxencias e Protección Civil de Galicia.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Lei 5/1997 da Administración local de Galicia.

Lei 2/1986, do 13 de marzo, de corpos e forzas de seguridade.

Real decreto 221/1991, do 22 de febreiro, de regulación das unidades adscritas.

Real decreto 1089/2000, do 19 de xuño, que modifica ao anterior.

Orde do 19 de xuño do 1991, do Ministerio do Interior, de creación da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 223/2007, do 5 de decembro polo que se aproba o estatuto da AXEGA.

Real decreto 903/1997, do 16 de xuño do Ministerio de Fomento sobre transposición da normativa europea referente ó número único de emerxencias I 12.

Acordo do Consello da Xunta do 1 de outubro de 1997, en virtude do cal se constitúe a Xunta de Galicia en entidade prestataria do servizo de atención de chamadas de urxencia I 12.

Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.

Lei 8/2007, do 13 de xuño, de Policía de Galicia

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa se pretende mellorar e renovar a implantación de plans de protección civil, reforzar e mellorar a xestión dos parques de bombeiros e apoiar os diferentes organismos da Xunta en necesidades relativas a protección, investigación, vixilancia e garantía da seguridade das persoas e do medio. Asemade perséguese o estudo e a execución da política autonómica en materia de protección civil e emerxencias, mediante o exercicio das funcións definidas no artigo 18 da Lei de emerxencias.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Academia Galega de Seguridade Pública

Axencia Galega de Emerxencias

III.1.13. PROGRAMA 312G - APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa trátase de impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres, o acceso aos servizos de coidado e atención de menores e persoas dependentes, contribuíndo tamén así a facilitar a incorporación das mulleres ao mercado laboral.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, establece o compromiso da comunidade autónoma na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade no ámbito laboral e formativo. Do conxunto de medidas que esta lei refire para acadar este obxectivo ten especial relevancia a obriga de aplicar todas as competen-

cias para que a maternidade deixe de ser motivo de discriminación para as mulleres e para que as cargas familiares sexan obxecto de corresponsabilidade familiar. Neste sentido, a conciliación do emprego e da vida familiar e o fomento do emprego feminino por conta propia ou allea son criterios xerais fixados na lei que vinculan a actuación dos poderes públicos.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A expresión conciliación da vida laboral e familiar fai referencia á necesidade de compatibilizar o traballo remunerado co traballo doméstico e as responsabilidades familiares. Porén, tamén ten que estar relacionada coa dispoñibilidade de tempo para o desenvolvemento persoal de cada individuo. É entón cando falamos da conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

A conciliación da vida persoal, laboral e familiar preséntase como unha necesidade que afecta a toda a sociedade e que, polo tanto, debe ter unha resposta conxunta implicando a todos os axentes, administracións públicas, organizacións, axentes sociais, cidadanía en xeral.

A administración pública, a través da creación de servizos de apoio e novas infraestruturas que faciliten a conciliación e proporcionando modelos de flexibilidade no contorno de traballo que sirvan de exemplo ao resto das organizacións.

Empresas e sindicatos, adoptando novas formas de organización do traballo que permitan, tanto a mulleres como a homes, mellorar as condicións de benestar persoal e familiar.

Mulleres e homes, cambiando as mentalidades para favorecer un avance na asunción das responsabilidades familiares/domésticas de forma corresponsable.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A opinión xeneralizada da cidadanía en relación coa compatibilización da vida persoal, familiar e laboral é que continúa sendo moi difícil, manténdose a opinión maioritaria de que as responsabilidades familiares son máis propias das mulleres.

Por outra banda, non existe aínda cultura de corresponsabilidade empresarial, un feito derivado en gran parte da estrutura do tecido produtivo galego. Esta situación dificulta a conciliación e a corresponsabilidade e a iso únese a falta de servizos axeitados, o que fai preciso o desenvolvemento de políticas que incidan sobre os factores que están a impedir a conciliación da vida persoal e laboral.

Por todo isto, faise preciso o establecemento de actividades que faciliten a solución dos problemas descritos: campañas de sensibilización e difusión para fomentar a corresponsabilidade; axudas dirixidas a fomentar a corresponsabilidade dos homes traballadores; accións dirixidas a que as empresas poñan en marcha programas ou accións de conciliación; implantación de servizos e axudas dirixidas a favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral ou impulsar

novas formas de organización dos tempos de traballo.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Igualdade

III.1.14. PROGRAMA 313B - ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo deste programa é a incorporación da perspectiva de xénero nas actuacións da Administración autonómica, a promoción da igualdade en todos os ámbitos e as medidas que axuden a combater a discriminación por razón de sexo.

Executaranse os plans, programas de acción e actividades que, para a consecución dos obxectivos enunciados, realicen os distintos departamentos da Xunta de Galicia así como os concellos en materias con incidencia sobre o colectivo feminino.

Así mesmo, realizaranse actividades, en colaboración coas diferentes administracións públicas e as asociacións, de promoción da igualdade e de fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Prestarase un especial apoio á promoción do emprego das mulleres e a súa información en todos os eidos.

Finalmente, a través dos programas de atención especializada, fomentaranse accións dirixidas a determinados colectivos de mulleres: mulleres xestantes e/ou lactantes, mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social, mulleres en situación de especial protección.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As desigualdades diferenciais que seguen a existir entre homes e mulleres obrigan a mellorar a posición das mulleres en tódolos ámbitos e fan necesaria a adopción de medidas que permitan favorecer a súa presenza no mercado de traballo, a posta en valor do seu traballo e a visibilización nas súas traxectorias profesionais, sobre todo nos sectores da ciencia e da tecnoloxía.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A independencia económica debe alcanzarse especialmente loitando contra a discriminación, os estereotipos en materia de educación, a segregación no mercado laboral, o emprego precario, o traballo a tempo parcial involuntario e a distribución desequilibrada das obrigacións familiares entre homes e mulleres.

Preténdese garantir a plena realización do potencial da muller e a utilización de todas as súas competencias. As súas iniciativas deberán facilitar unha distribución máis equitativa de homes e mulleres no mercado laboral e permitir un aumento do emprego de calidade para as mulleres.

Igualdade no salario de homes e mulleres (polo mesmo traballo ou un traballo do mesmo valor). Considérase imprescindible a loita contra as diferenzas salariais, facendo uso de todos os instrumentos dispoñibles.

A representación das mulleres na toma de decisión e nos postos de responsabilidade, ámbitos nos que seguen estando infrarrepresentadas respecto dos homes, tanto no sector público como no privado. Necesidade de traballar por unha representación máis equitativa das mulleres.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes

Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é potenciar as medidas tendentes a promover a igualdade entre homes e mulleres.

Igualmente, fomentar as políticas de gasto que supoñan unha contribución máis relevante na mellora da produtividade e competitividade da economía galega, aumentando o grao de eficacia e eficiencia do gasto público.

Por outra banda, tamén se pretende aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e produtividade do traballo impulsando a igualdade de oportunidades.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Igualdade

III.1.15. PROGRAMA 313D - PROTECCIÓN E APOIO DAS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa trátase de prever e abordar a violencia de xénero dende as súas diferentes causas, tipoloxías, manifestacións e consecuencias, así como garantir a asistencia e protección das vítimas, con actuacións de carácter integral, desenvolvendo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Diríxese este programa a todas as mulleres que vivan, residan ou traballen en Galicia e que se encontren nunha situación de violencia de xénero, así como as súas fillas e fillos e outras persoas dependentes delas, vítimas directas e indirectas. Atención á vítimas de trata con fins de explotación sexual.

O programa diríxese tamén á atención a vítimas de trata de seres humanos, fundamentalmente con fins de explotación sexual.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Trátase dunha violencia que afecta ás mulleres polo mero feito de selo. Constitúe un atentando contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito no que se produza.

Por esta razón, é necesario actuar en vertentes distintas: a prevención, atención, corrección, protección e asistencia fronte á violencia de xénero.

O ano 2011, o último sobre o que se realizou o informe anual de seguimento, Galicia situouse no cuarto lugar no elenco de comunidades autónomas con maior número de mortes por este fenómeno (tres casos, o 4,9 % do total).

Polo que se refire á taxa de denuncias, por cada dez mil mulleres no ano 2011, Galicia sitúase no posto número quince entre as dezasete comunidades. En Galicia solicítanse menos ordes de protección que noutras comunidades autónomas cunha poboación similar. No ano 2011, presentáronse en Galicia 5.153 denuncias por violencia de xénero.

As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen acceso prioritario ás vivendas de promoción pública e están contempladas como colectivo preferente en todas as medidas de emprego xestionadas dende a Xunta de Galicia.

Tamén se fai un importante investimento para que os oitenta e un concellos galegos que contan con centros de informacións ás mulleres manteñan estes, e para que as vítimas de violencia de xénero poidan contar con atención psicolóxica especializada.

A rede galega de acollemento, que conta con cinco casas de acollida e un centro de emerxencias, no ano 2011 tivo un grao medio de ocupación do 54%.

Por outra banda, non se deben esquecer as axudas económicas a mulleres vítimas de violencia de xénero que, no ano 2011, lle foron concedidas a 300 mulleres, o que supuxo o maior número de axudas nos anos que levan vixentes.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O apoio e protección ás mulleres que sofren violencia de xénero con carácter xeral non dispón dun tratamento integral, existindo diversidade de recursos dispersos que non presentan unha liña de actuación común, facéndose necesario continuar coa articulación de mecanismos integrais de intervención mediante instrumentos axeitados, a través, entre outros, da sensibilización sobre as causas e efectos que a violencia de xénero ten sobre as mulleres, tamén sobre os nenos e as nenas e sobre a sociedade en xeral; da formación da totalidade dos profesionais implicados no tratamento da violencia de xénero ou da visibilización e sensibilización sobre un delito aínda moi oculto na nosa sociedade, como é o da trata de persoas, fundamentalmente co fin de explicación sexual.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Igualdade

III.1.16. PROGRAMA 324B - MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURANZA NO TRABALLO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O Servizo de Prevención Riscos Laborais para o persoal ao servizo da Administración xeral da Xunta de Galicia, constitúe o conxunto de medios humanos e materiais necesarios para realizar as actividades preventivas e garantir a protección da seguridade e saúde dos traballadores.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Colectivo de traballadores da Xunta de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O SPRL realiza anualmente a memoria do servizo, onde se reflicten os traballos realizados no ano polo servizo e realiza a programación anual onde se establecen os obxectivos do servizo para o ano seguinte.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O SPRL realiza as súas funcións dentro do marco da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, do Real decreto 39/1997, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención e do resto do ordenamento xurídico que lle atribúe funcións.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade e obxectivos do programa é a redución constante da sinestralidade laboral e enfermidades profesionais, así como, a mellora continua das condicións de seguridade e saúde no traballo, para o que ten previsto o desenvolvemento e implantación dun protocolo de actuacións no ámbito da prevención de riscos laborais, que comprende tanto a prevención como a avaliación de riscos nos distintos centros de traballo e vixilancia da saúde dos traballadores.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.17. PROGRAMA 331A - COOPERACIÓN EXTERIOR AO DESENVOLVEMENTO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Execución da política da Xunta de Galicia na materia de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria.

Coa Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento e a comunidade galega asume a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza e propiciar un desenvolvemento humano solidario e estable, que inclúa maiores cotas de liberdade e un reparto máis xusto dos froitos do crecemento económico.

De tal xeito, mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento a Xunta de Galicia trata de contribuír á redución da pobreza colaborando na consecución dos obxectivos de desenvolvemento do milenio e promovendo o desenvolvemento nos países do sur.

Concretamente realízanse as seguintes actuacións para atender ás necesidades dos beneficiarios:

Fomentar a cooperación a prol dos países en vías de desenvolvemento, maximizando o efecto da axuda sobre a poboación directamente afectada.

Planificar as estratexias de cooperación ao desenvolvemento e acción humanitaria da Xunta de Galicia, detallando a especial incidencia por sectores e países co fin de garantir o maior grao de eficacia e eficiencia da axuda.

Incentivar a participación social e cívica nas accións de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria, fomentando a concienciación da sociedade e a tolerancia dos valores culturais dos países en vías de desenvolvemento.

Promover a formación e a capacitación en materia de cooperación internacional e acción humanitaria tanto teórica como práctica. A formación realízase tanto en Galicia coma no terreo onde se desenvolven os proxectos.

Fomentar a coordinación e o traballo conxunto de Galicia coa Axencia Española de Cooperación Internacional e a súa oficina de acción humanitaria, así como outras axencias multilaterais de cooperación ao desenvolvemento.

Fortalecer os diferentes actores da cooperación galega para o desenvolvemento, facendo especial fincapé nas ONGD, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, as comunidades galegas no exterior e as universidades galegas.

Seguimento e avaliación de proxectos de cooperación para o desenvolvemento e de proxectos de axuda humanitaria e de emerxencia.

Cooperación directa, especialmente no sector da pesca, e noutros como a acción humanitaria, saúde, auga potable ou medio ambiente.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os beneficiarios das actuacións son sectoriais: os beneficiarios das actuacións son as ONGD e os restantes axentes de cooperación recoñecidos na Lei 3/2003, sendo os beneficiarios últimos das intervencións de desenvolvemento a poboación dos países do sur nos que os axentes de cooperación executan os seus proxectos.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No ano 2006 foi aprobado o I Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009. Concluído o período da súa vixencia, iniciouse un segundo ciclo de planificación, abrindo paso a un novo plan director que orienta os esforzos da cooperación galega durante o período 2010-2013, no que se recolleron as fortalezas do I Plan e se avanzou cara a superar as debilidades atopadas.

O II Plan director artículase en tres grandes ámbitos de actuación no que se inclúen todas as actuacións a desenvolver:

1. Contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos ODM e promovendo o desenvolvemento nos países do sur.
2. Mellora da calidade da axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París.
3. Promoción na sociedade galega da conciencia solidaria e o coñecemento sobre a reali-

dade do sur.

Co II Plan avanza cara a mellora da calidade da axuda, mellorando a súa eficacia e concentrando xeográfica e sectorialmente os esforzos.

O Plan Director cuadrienal concretase en plans anuais, que detallan as actuacións previstas para o exercicio orzamentario correspondente.

Sinalar tamén a aprobación polo Comité das Rexións da UE en maio de 2011 do Ditame sobre o Libro Verde da Comisión europea sobre “o futuro da Política de Desenvolvemento da UE”, e en febreiro de 2012 do ditame “Incremento do Impacto da Política de Desenvolvemento da U.E: programa para o cambio”, cuxa elaboración foi encomendada a Galicia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Decreto de estrutura orgánica da consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que establece as competencias da Dirección Xeral na materia de cooperación para o desenvolvemento.

Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento

II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013

Plans anuais da cooperación galega (Plan anual 2013)

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio e promovendo o desenvolvemento nos países do sur.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prog.	Obxectivos Extratécnicos	Indicador	Valor Final
	Obxectivos Operativos		
111E RELACIÓNS EXTERIORES			
	Promoción da Acción Exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa UE, Portugal e a Cooperación ao Desenvolvemento		
	Accións para a promoción, impulso e fortalecemento da presenza de Galicia na UE.	Actividades culturais promovidas pola Fundación Galicia Europa (Nº)	15
		Bolsas promovidas pola Fundación Galicia Europa (Nº)	5
		Campañas de difusión y promoción (Nº)	100
	Actividades de Cooperación Transfronteriza e Interrexional, con especial incidencia na consolidación da Macrorrexión Galicia-Castela e León-Norte de Portugal.	Proxectos (Nº)	1
	Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia		
	Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	Sen indicador	
121A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL			
	Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos comunitarios municipais adaptándoos ás singularidades do contorno e garantindo o equilibrio territorial		
	Actuacións da consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza en colaboración con institucións sen fins de lucro para a realización de actividades de apoio a colectivos de persoas en risco de exclusión social ou outras actividades de interese xeral	Actuacións desenvolvidas (Nº)	24
		Convenios asinados (Nº)	4
	Reforzo da administración de Xustiza, aumentando os medios humanos e materiais, ao obxecto de mellorar a organización e axilizar os procesos e o tempo de resposta		
	Mellora das infraestruturas xudiciais: actuacións de mantemento, rehabilitación, ampliación e nova construción de edificios xudiciais	Actuacións de novas construción (Nº)	7
	Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación		
	Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	Sen indicador	
121B ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA			
	Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia		
	Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	Sen indicador	
121C RELACIÓNS INSTITUCIONAIS			
	Impulsar a coordinación entre o Goberno galego, o Parlamento e o Estado		
	Reforzar as actuacións de coordinación entre o Goberno galego, o Parlamento e o Estado	Documentos de tramitación parlamentaria (Nº)	10.000
	Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia		
	Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	Sen indicador	
122A AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA			
	Implantación dun Plan de austeridade, que reasigne o gasto a actuacións productivas e que beneficien aos cidadáns xunto cunha execución rigorosa do orzamento		
	Seguimento da xestión anual das unidades administrativas da Xunta de Galicia e establecementos de "ratios" para a reorganización de efectivos nos servizos comúns e nos centros diferenciados da Xunta de Galicia.	Unidades ás que se realizou seguimento (%)	79
		Unidades ás que se realizou seguimento (Nº)	560
	Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación		
	Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	Sen indicador	
122B FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DAC.A.			

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Optimización do potencial dos empregados públicos coa finalidade última de mellorar a calidade na prestación de servizos		
A Mellora da Xestión da Formación da EGAP a través da implantación do modelo europeo da calidade EFQM. Instaurarase un novo modelo de xestión que permita a Escola desenvolver con garantías de calidade o seu papel de centro oficial de docencia.	Puntuación media anual para a obtención do selo de excelencia EFQM (Nº/media)	200
Cara a potenciación das accións formativas impartidas a través da teleformación, favorecendo a descentralización dos cursos e a conciliación da vida familiar e laboral.	Actuacións de formación idiomas (Nº)	10
	Cursos teleformación (Nº)	37
	Participantes en actividades de teleformación (mulleres) (Nº)	2.512
	Participantes en actividades de teleformación (total) (Nº)	4.187
	Prazas en actividades de teleformación (Nº)	4.925
Cara ao incremento do número de actividades formativas orientadas á incorporación das novas tecnoloxías, idiomas, administración electrónica, calidade, recursos humanos e linguaxe administrativa galega.	Actividades formativas novas sobre o ano anterior (%)	2
	Cursos teleformación (Nº)	2
	Participantes en actividades de teleformación (mulleres) (Nº)	150
	Participantes en actividades de teleformación (total) (Nº)	251
Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación		
Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	Sen indicador	
123A ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN		
Promover actuacións de carácter social destinadas aos traballadores		
Cofinanciar os gastos de transporte e comedor do persoal	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	1.272
	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	2.181
131A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE XUSTIZA		
Fomento das TIC e e-Administración, como un dos máis poderosos instrumentos dispoñibles na actualidade para a conformación dun novo modelo, esencial no apoio dos novos procedementos e sistemas de xestión e facilitando a accesibilidade e atención ao cidadán		
Potenciación do uso das TIC na Administración de Xusticia.	Unidades xudiciais (Nº)	17
Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos comunitarios municipais adaptándoas ás singularidades do contorno e garantindo o equilibrio territorial		
Actuacións da consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza en colaboración con institucións sen fins de lucro para a realización de actividades de apoio a colectivos de persoas en risco de exclusión social ou outras actividades de interese xeral	Convenios asinados (Nº)	2
Reforzo da administración de Xustiza, aumentando os medios humanos e materiais, ao obxecto de mellorar a organización e axilizar os procesos e o tempo de resposta		
Asistencia Xurídica Gratuita	Casos aboados aos colexios de avogados (Nº)	53.171
	Casos aboados aos colexios de procuradores (Nº)	29.555
Axudas a corporacións locais para secretarías e sostemento dos gastos dos xulgados de paz.	Concellos beneficiados (Nº)	270
	Convenios asinados (Nº)	4
Convenio co Ministerio do Interior para a vixilancia das sedes xudiciais	Edificios vixiados (%)	90
Mellora das infraestructuras xudiciais: actuacións de mantemento, rehabilitación, ampliación e nova construción de edificios xudiciais	Actuacións de mantemento (Nº)	23
	Actuacións de novas construción (Nº)	1
	Novos órganos e servizos xudiciais equipados	4
Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación		
Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	Sen indicador	
131B PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA		

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	
Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	Sen indicador
141A ADMINISTRACIÓN LOCAL	
Establecemento dun novo esquema de gobernanza cos concellos, introducindo fórmulas de cooperación co fin de prestar servizos máis eficientes e sostibles	
Accións de mellora de servizos públicos e realización de programas conxuntos coas entidades locais	Concellos beneficiados (Nº) 315
Realización de programas conxuntos con entidades, organizacións e asociacións no ámbito da administración local	Concellos beneficiados (Nº) 19 Entidades beneficiadas (Nº) 16
Subvención para o financiamento de obras e equipamento para a prestación de servizos municipais. Obras novas ou de mellora de edificios destinados á prestación de servizos municipais e ao equipamento do seu mobiliario.	Concellos beneficiados (Nº) 12 Superficie de espazos destinados á prestación de servizos locais mellorada (m2) 2.400
Soporte xeral - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	
Soporte xeral - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	Sen indicador
161A ELECCIÓNS E PARTIDOS POLÍTICOS	
Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	
Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	Sen indicador
212A PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	
Desenvolvemento das competencias da Xunta na importante materia de seguridade cidadá, en colaboración e coordinación coas restantes administracións públicas competentes	
Formación na AGASP do persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias, con especial atención ao persoal dos servizos de prevención e defensa contra incendios e salvamento.	Cursos para os servizos de prevención e defensa contra incendios e salvamento (Nº) 150 Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº) 1.200 Participantes en actividades de formación (total) (Nº) 3.000
Formación, actualización e especialización na AGASP do persoal de seguridade pública que presta servizos na Comunidade Autónoma de Galicia	Actuacións de formación (Nº) 185 Cursos teleformación (Nº) 30 Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº) 700 Participantes en actividades de formación (total) (Nº) 2.300
Potenciación da seguridade Pública a través da Unidade de Policía adscrita á Xunta de Galicia	Dispositivos executados pola UPA (Nº) 4.532
Protección civil e emerxencias, centrado na prevención de catástrofes naturais e os riscos derivados do cambio climático, que priorice a prevención, planificación, coordinación e información á poboación, establecendo mecanismos concretos de apoio aos concellos	
Implantación dun novo mapa de atención ás emerxencias en Galicia.	Poboación atendida (Nº) 2.794.516
Modernización e mellora da atención á poboación ante situacións de emerxencia e catástrofe.	Chamadas atendidas polo 112 (Nº) 1.675.830 Poboación atendida (Nº) 2.794.516 Tempo medio de resposta (Minutos) 20
Profesionalización dos servizos de emerxencia da Comunidade Autónoma de Galicia.	Concellos beneficiados (Nº) 315 Profesionais de intervención ante urxencias (mulleres) (Nº) 3.127 Profesionais de intervención ante urxencias (total) (Nº) 13.392 Servizos profesionais postos en funcionamento (Nº) 45
Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	
Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	Sen indicador
311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	
Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	
Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	Sen indicador

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

312G APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL		
Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres		
Apoio á medidas de conciliación e corresponsabilidade.	Concellos beneficiados (Nº)	50
	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	143
	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	430
Impulso da conciliación vida familiar e laboral.	Familias beneficiadas (Nº)	175
	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	350
	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	700
Medidas de apoio á conciliación da vida laboral, familiar e persoal.	Homes que reducen a súa xornada laboral para o coidado de fillas/os menores de tres anos (Nº)	207
	Redución xornada (Horas)	10
313B ACCIÓNS PARA A IGUALDADE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER		
Modificar ás estruturas culturais co obxecto de remover as barreiras sociais e laborais ás mulleres		
Accións para o apoio de medidas de promoción das mulleres	Entidades beneficiadas (Nº)	127
	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	2.500
	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	2.500
Accións para o desenvolvemento da rede de centros de información ás mulleres.	Centros de Información a Muller (CIMS) (Nº)	80
	Concellos beneficiados (Nº)	104
	Consultas atendidas nos CIMS (Nº)	85.000
	Cursos de temática de apoio á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (Nº)	10
	Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº)	400
	Participantes en actividades de formación (total) (Nº)	450
	Persoas que traballan nos CIMS (mulleres) (Nº)	211
	Persoas que traballan nos CIMS (total) (Nº)	223
	Centros de Información a Muller (CIMS) con posto de dinamizadora (Nº)	20
	Accións realizadas no ámbito da dinamización (Nº)	20
Accións para o fomento de emprendementos innovadores liderados por mulleres	Empresas creadas (Nº)	60
	Postos de traballo por conta allea creados (Nº)	22
Accións para os Plans de Igualdade a desenvolver polas corporacións locais	Concellos beneficiados con plans de igualdade (Nº)	100
	Plans de igualdade (Nº)	10
Campañas de sensibilización, fomento e igualdade de oportunidades en centros educativos	Campañas que fomenten a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (Nº)	10
Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais		
Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	Sen indicador	
313D PROTECCIÓN E APOIO DAS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO		
Modificar ás estruturas culturais co obxecto de remover as barreiras sociais e laborais ás mulleres		
Accións de apoio a vítimas de violencia de xénero.	Mulleres e fillas/os atendidas progr. protec. e apoio mulleres que sofren violencia de xénero (Nº)	2.100
Accións de desenvolvemento Lei integral violencia de xénero	Accións sensibilidade, información e formación sobre violencia de xénero (Nº)	300
	Actuacións de información (Nº)	3.700
	Mulleres e fillas/os atendidas progr. protec. e apoio mulleres que sofren violencia de xénero (Nº)	550

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

324B MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO		
Aumentar a excelencia en materia de prevención de riscos laborais		
Implantar a cultura da prevención de riscos laborais na sociedade galega, especialmente no sistema educativo.	Campañas de difusión y promoción (Nº)	1
Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego		
Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego	Sen indicador	
331A COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO		
Promoción da Acción Exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa UE, Portugal e a Cooperación ao Desenvolvemento		
Contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio e promovendo o desenvolvemento nos países do sur.	Axudas (Nº)	8
	Entidades beneficiadas (Nº)	25
	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	9
	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	11
	Proxectos de desenvolvemento (Nº)	25
Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia		
Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	Sen indicador	

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos						
	11	12	21	22	23	24	25
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral			39.999				
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da C.A.		2.166					
121C-Relacións institucionais						799	
123A-Acción social en favor do persoal da Administración			70				
131A-Dirección e servizos xerais de xustiza			13.843	23.328			
131B-Persoal ao servizo da Administración de xustiza				68.534			
141A-Administración local					3.726		
161A-Eleccións e partidos políticos			2.353				
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma							12.040
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	2.230						
312G-Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social	996						
313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller	6.295						
313D-Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero	2.933						
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo			882				
Total	12.454	2.166	57.147	91.863	3.726	799	12.040

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos						
	26	27	28	80	81	A1	Total
111E-Relacións exteriores	2.719						2.719
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral			1.684				41.683
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da C.A.							2.166
121C-Relacións institucionais							799
122A-Avaliación e calidade da Administración pública		1.504					1.504
122B-Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da C.A.				2.906			2.906
123A-Acción social en favor do persoal da Administración							70
131A-Dirección e servizos xerais de xustiza							37.172
131B-Persoal ao servizo da Administración de xustiza							68.534
141A-Administración local							3.726
161A-Eleccións e partidos políticos							2.353
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma					2.639	6.002	20.682
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social							2.230
312G-Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social							996
313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller							6.295
313D-Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero							2.933
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo							882
331A-Cooperación exterior e ao desenvolvemento	4.143						4.143
Total	6.862	1.504	1.684	2.906	2.639	6.002	201.794

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	Total
111E-Relacións exteriores	1.213	707	8	730	61			2.719
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral	20.055	18.624		129	2.635	190	50	41.683
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da C.A.	1.980	186						2.166
121C-Relacións institucionais	566	185		11	37			799
122A-Avaliación e calidade da Administración pública	1.415				90			1.504
122B-Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da C.A.	1.008	1.671		70	157			2.906
123A-Acción social en favor do persoal da Administración		70						70
131A-Dirección e servizos xerais de xustiza	8.636	13.657		12.847	2.033			37.172
131B-Persoal ao servizo da Administración de xustiza	68.534							68.534
141A-Administración local	745	226		283	49	2.424		3.726
161A-Eleccións e partidos políticos				2.353				2.353
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma	5.146	3.144		6.600	5.757	34		20.682
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	2.230							2.230
312G-Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social				996				996
313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller		820		5.471	5			6.295
313D-Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero		127		2.492	68	246		2.933
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo		618			264			882
331A-Cooperación exterior e ao desenvolvemento	408			3.014	60	662		4.143
Total	111.936	40.033	8	34.995	11.217	3.556	50	201.794

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

11 SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.325	2.230	-4,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.203	947	-21,3
Cap. IV - Transferencias correntes	9.079	8.959	-1,3
Cap. VI - Investimentos reais	118	73	-37,9
Cap. VII - Transferencias de capital	224	246	9,8
Total	12.948	12.454	-3,8

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

12 ASESORIA XURÍDICA XERAL	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.167	1.980	-8,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	196	186	-5,0
Cap. VI - Investimentos reais	1	0	-100,0
Total	2.363	2.166	-8,3

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

21 SECRETARÍA XERAL TECNICA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	21.336	20.415	-4,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	28.218	29.232	3,6
Cap. IV - Transferencias correntes	190	2.514	1226,5
Cap. VI - Investimentos reais	4.422	4.745	7,3
Cap. VII - Transferencias de capital	260	190	-26,9
Cap. VIII - Activos financeiros	50	50	0,0
Total	54.476	57.147	4,9

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

22 D.X. DE XUSTIZA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	78.897	75.126	-4,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.835	3.735	31,8
Cap. IV - Transferencias correntes	12.815	12.815	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	228	187	-18,2
Total	94.775	91.863	-3,1

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

23 D.X DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	748	745	-0,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	240	226	-6,0
Cap. IV - Transferencias correntes	440	283	-35,7
Cap. VI - Investimentos reais	148	49	-67,1
Cap. VII - Transferencias de capital	4.995	2.424	-51,5
Total	6.571	3.726	-43,3

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

24 D.X. DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	614	566	-7,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	202	185	-8,4
Cap. IV - Transferencias correntes	13	11	-15,0
Cap. VI - Investimentos reais	46	37	-18,2
Total	875	799	-8,7

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

25 D.X DE EMERXENCIAS E INTERIOR	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.151	4.029	-2,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.236	1.174	-5,0
Cap. IV - Transferencias correntes	9.669	6.600	-31,7
Cap. VI - Investimentos reais	308	203	-34,0
Cap. VII - Transferencias de capital	631	34	-94,6
Total	15.994	12.040	-24,7

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

26 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA U. EUROPEA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.577	1.621	2,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	801	707	-11,7
Cap. III - Gastos financeiros	0	8	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	5.391	3.744	-30,6
Cap. VI - Investimentos reais	386	121	-68,6
Cap. VII - Transferencias de capital	1.457	662	-54,6
Total	9.612	6.862	-28,6

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

27 D. X. DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.423	1.415	-0,6
Cap. VI - Investimentos reais	109	90	-18,2
Total	1.533	1.504	-1,9

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

80 ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.074	1.008	-6,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.911	1.671	-12,6
Cap. IV - Transferencias correntes	80	70	-12,6
Cap. VI - Investimentos reais	193	157	-18,6
Total	3.258	2.906	-10,8

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

81 ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	753	671	-10,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.748	1.935	10,7
Cap. VI - Investimentos reais	40	33	-18,6
Total	2.541	2.639	3,9

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	747	446	-40,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	60	35	-42,0
Cap. VI - Investimentos reais	5.700	5.521	-3,1
Total	6.507	6.002	-7,8

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2012	2013	% Var.
11 SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE	12.948	12.454	-3,8
12 ASESORIA XURÍDICA XERAL	2.363	2.166	-8,3
21 SECRETARÍA XERAL TECNICA	54.476	57.147	4,9
22 D.X. DE XUSTIZA	94.775	91.863	-3,1
23 D.X DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	6.571	3.726	-43,3
24 D.X. DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS	875	799	-8,7
25 D.X DE EMERXENCIAS E INTERIOR	15.994	12.040	-24,7
26 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA U. EUROPEA	9.612	6.862	-28,6
27 D. X. DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA	1.533	1.504	-1,9
28 DELEGACIÓNS TERRITORIAIS	1.697	1.684	-0,8
80 ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	3.258	2.906	-10,8
81 ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	2.541	2.639	3,9
A1 AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	6.507	6.002	-7,8
Total	213.150	201.794	-5,3

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013	2012	2013
Cap. I - Gastos de persoal	114.935	109.810	2.574	2.126	0	0	117.509	111.936
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	34.929	36.392	3.718	3.641	0	0	38.648	40.033
Cap. III - Gastos financeiros	0	8	0	0	0	0	0	8
Cap. IV - Transferencias correntes	43.933	40.322	80	70	6.336	5.397	37.677	34.995
OPERACIÓNS CORRENTES	193.798	186.532	6.372	5.836	6.336	5.397	193.833	186.971
Cap. VI - Investimentos reais	5.766	5.505	5.934	5.711	0	0	11.699	11.217
Cap. VII - Transferencias de capital	13.501	9.267	0	0	5.934	5.711	7.567	3.556
Cap. VIII - Activos financeiros	50	50	0	0	0	0	50	50
OPERACIÓNS DE CAPITAL	19.317	14.822	5.934	5.711	5.934	5.711	19.317	14.822
Total	213.114	201.355	12.306	11.548	12.270	11.109	213.150	201.794

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Medios Personais

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	2013
Altos Cargos	17
Persoal Funcionario	3.233
Subgrupo A1	243
Subgrupo A2	876
Subgrupo C1	1.289
Subgrupo C2	760
Agrupacións profesionais	65
Persoal Laboral	507
Grupo I	32
Grupo II	27
Grupo III	158
Grupo IV	126
Grupo V	160
Grupo VIII	4
TOTAL	3757

Medios Personais

Escola Galega de Administración Pública	2013
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	22
Subgrupo A1	6
Subgrupo A2	3
Subgrupo C1	4
Subgrupo C2	8
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	8
Grupo IV	5
Grupo V	3
TOTAL	31

Medios Persoais

Academia Galega de Seguridade Pública	2013
Persoal Funcionario	18
Subgrupo A1	5
Subgrupo A2	3
Subgrupo C1	1
Subgrupo C2	7
Agrupacións profesionais	2
Persoal Laboral	1
Grupo II	1
TOTAL	19

Medios Persoais

Axencia Galega de Emerxencias	2013
Persoal Funcionario	2
Subgrupo A1	2
Persoal Laboral	5
Grupo I	1
Grupo III	3
Grupo IV	1
TOTAL	7

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Consorcios autonómicos	Ingresos	Gastos
Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Valdeorras	956	956
Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Verín	909	909
Consorcio Contra Incendios e Salvamento das Comarcas de Deza e Taboas-Terras de Montes	788	788
Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Limia	911	911
Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento	4.768	4.768
Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento	3.394	3.394
Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Galicia Europa	700	119
Fundación Semana Verde de Galicia	2.062	
Fundación Rof Codina	1.587	294
	16.075	12.138

(Miles de Euros)



CONSELLERÍA DE FACENDA

SECCIÓN 06

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

No Decreto 307/2009, do 28 de maio, establécese a estrutura orgánica da Consellería de Facenda. Non obstante, esta estrutura foi parcialmente modificada polo Decreto 235/2012, do 5 de decembro, que fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia. Tendo en conta ambas normas, así como a inminente entrada en funcionamento da Axencia Tributaria de Galicia, a estrutura orgánica da Consellería de Facenda para 2013 inclúe os seguintes órganos:

O/a conselleiro/a

A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

A Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

A Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro

A Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos.

A Dirección Xeral da Función Pública

Adscribíense á consellería as seguintes entidades:

O Instituto Galego de Estatística, organismo autónomo que se axustará, en canto aos seus fins, estrutura e funcionamento, ao previsto na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e ás normas que a desenvolven.

O Consello Galego da Competencia (CGC), organismo autónomo creado pola Lei 1/2011, do 28 de febreiro.

Ambos organismos deben adecuarse ao réxime xurídico que establece a Lei 16/2010, do 17 de decembro, para os organismos autónomos.

O Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIX-TEC), creado pola Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión.

A Axencia Tributaria de Galicia, creada polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, ó abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para a realización das funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias que lle atribúe a citada lei.

O Consello Económico e Social de Galicia, ente institucional de dereito público, órgano consultivo da Administración autonómica en materia socioeconómica, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución Española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Cómpre indicar que a disposición adicional primeira do Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, prevé a refundición, nun só ente,, do CIXTEC e do Instituto Galego de Estatística, mediante un anteproxecto legislativo que debe ser elevado ao Consello da Xunta, nun prazo de 3 meses desde a entrada en vigor do citado decreto.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Facenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda se establecen no Estatuto de Autonomía.

O Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, establece no artigo 7 as seguintes competencias da Consellería de Facenda:

- A execución ou dirección da política económica e financeira aprobada pola Xunta, na forma que esta determine.
- A elaboración do anteproxecto de lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma.
- O control de eficacia e eficiencia respecto dos obxectivos previstos nos orzamentos xerais da comunidade.
- A ordenación de pagamentos nos termos establecidos na presente lei.
- O exercicio directo das demais funcións de control interno reguladas nesta lei e a dirección e execución da contabilidade pública
- A administración, xestión e recadación dos dereitos da facenda da comunidade autónoma, e o desenvolvemento das actividades inherentes ao exercicio da tutela financeira sobre os entes locais, que ten atribuída a comunidade no artigo 49 do Estatuto de autonomía.
- As funcións executivas en materia de ordenamento e control das institucións de crédito corporativo público e territorial e caixas de aforro que operen no seu territorio, nos termos previstos no artigo 30 do Estatuto de autonomía.
- As demais funcións e competencias que lle asigne a normativa legal vixente.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

Exercerá as funcións e competencias establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e demais normativa autónoma que lle sexa aplicable. Entre as súas funcións están as seguintes:

- Representar á consellería por orde do seu titular.
- Coordinar, baixo a dirección da persoa titular da consellería, os programas e actuacións das diferentes direccións xerais e entes do sector público adscritos á consellería.
- Prestar asistencia técnica e administrativa á persoa titular da consellería en cantos asuntos esta considere conveniente.
- Actuar como órgano de comunicación coas demais consellerías.
- Dirixir e xestionar os servizos comúns do departamento, así como os órganos e unidades administrativas que estean baixo a súa dependencia.
- Velar pola organización, simplificación e racionalización da actividade administrativa, e propoñer as modificacións encamiñadas a mellorar e perfeccionar os servizos.
- Elaborar os proxectos de plans xerais de actuación da consellería.
- Elaborar o anteproxecto de orzamento correspondente á consellería e levar a cabo o seguimento da execución orzamentaria.
- Emitir informe sobre os anteproxectos de lei e proxectos de regulamentos da consellería e tramitalos.
- Emitir informe sobre os anteproxectos de lei e de regulamentos doutras consellerías.
- Xestionar os medios materiais adscritos ao funcionamento da consellería.
- Resolver os conflitos de atribucións que xurdan entre órganos dependentes dela.
- Propoñerlle á persoa titular da consellería a resolución que considere procedente nos asuntos da súa competencia cuxa tramitación lle estea encomendada.
- Responsabilizarse dos servizos de lexislación, documentación e publicación da consellería.
- Velar polo cumprimento da Lei 2/2007, de igualdade no traballo entre homes e mulleres.
- Garantir a accesibilidade á información do seu departamento segundo a Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.
- Aqueloutras que lle asigne o órgano competente ou que lle atribúa o ordenamento xurídico.

Finalmente, en materia de contratación pública, correspóndelle, entre outras:

- O desempeño da presidencia da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e o apoio á mesma a través da súa secretaría xeral.

- A organización, mantemento e custodia do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A organización, mantemento e custodia do Rexistro Xeral de Contratos da Comunidade Autónoma de Galicia.

INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Correspóndenlle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, baixo a dependencia da persoa titular da Consellería de Facenda, as seguintes competencias:

- Efectuar o control interno da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o exercicio da función interventora e do control financeiro na forma e co contido previstos no capítulo I do título V da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- A dirección e xestión da contabilidade pública na forma e co contido previstos nos capítulos II e III do título V da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e na Orde do 1 de decembro de 1989, pola que se implanta un novo sistema de información contable na Administración da Xunta de Galicia.
- As actuacións de control financeiro de subvencións de acordo co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa de desenvolvemento.
- As actuacións de auditoría de fondos comunitarios que lle correspondan, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios e a restante normativa de aplicación.
- A xestión da información económico-financeira e formulación de informes e propostas de actuación derivadas do exercicio das súas funcións contables e de control.
- O exercicio das demais funcións que lle asigna a lei e outra normativa de aplicación.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS

En materia de planificación económica, prevese que asuma as seguinte competencias:

- O exercicio de todas as competencias que o Estatuto de Autonomía lle atribúe á comunidade autónoma en materia de planificación económica.
- A realización dos traballos e estudos relativos á elaboración, seguimento e avaliación da planificación da actividade económica da comunidade autónoma e dos programas económicos a medio e longo prazo.
- A análise e estudo da actividade económica en xeral, e das actuacións de política económica e investimentos públicos da Administración autonómica, en particular, a avaliación dos programas económicos sectoriais e territoriais, así como, se é o caso, a instrumen-

tación de propostas para a corrección dos desequilibrios rexionais.

- O seguimento das actuacións e do impacto económico a medio prazo da política económica da Administración autonómica, e das políticas comunitarias, nacionais e rexionais.
- Así mesmo, e sen prexuízo das competencias sectoriais doutras consellerías, o mantemento de relacións con outras administracións públicas, cos sectores socioeconómicos e axentes sociais en canto se refire ao seguimento das súas actuacións investidoras, e co Consello Económico e Social de Galicia.
- A coordinación das relacións coa Administración xeral do Estado e, se é o caso, coa europea, en materias de coordinación de investimentos, en canto á programación a medio prazo.

En materia de orçamentos, correspóndenlle as seguintes competencias:

- Realización de estudos e actuacións relativas á determinación dos recursos económicos que deben ser transferidos á comunidade autónoma desde os orçamentos doutras administracións públicas.
- Elaboración do proxecto de orçamentos xerais da comunidade autónoma, así como o desenvolvemento das competencias atribuídas pola lexislación vixente á Consellería de Facenda en materia orzamentaria.
- Análise económico-financeira da evolución orzamentaria na súa vertente de ingresos e gastos, podendo, se é o caso, propoñer aquelas medidas que se consideren convenientes para o necesario equilibrio orzamentario.
- O exercicio das competencias atribuídas pola lexislación vixente á Consellería de Facenda en materia de retribucións do persoal, aprobación e modificación de anexos de persoal, autorización da masa salarial en convenios e acordos colectivos e, en xeral, en todas aquelas materias relacionadas con decisións sobre o persoal que teñan repercusión económica.
- A xestión do Fondo de Cooperación Local.
- Polo que se refire ao Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo das competencias xerais incluídas nos puntos precedentes, correspóndelle a este centro directivo:
 - Establecer os criterios que se deben seguir en materia de xestión de recursos propios.
 - Coñecer aqueles actos de control, inspección e avaliación da xestión, tanto en centros ou servizos sanitarios propios coma concertados, efectuados pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, que teñan contido económico e que sexan de interese para a Consellería de Facenda.
- Emitir informe sobre os proxectos de novos investimentos e novos servizos, en canto a súa incidencia nos gastos recorrentes.
- Así mesmo, requirirán informe da dirección xeral o establecemento de concertos de vinculación, revisión de tarifas ou outras modificacións nas condicións económicas dos

servizos concertados que impliquen a adquisición de novos compromisos financeiros ou que condicionen a asignación dos recursos económicos para futuros exercicios.

- A solicitude aos centros xestores de gastos e demais entidades do sector público autonómico de tanta información resulte precisa para o axeitado exercicio das competencias recollidas nos puntos anteriores.
- A definición e coordinación da formación específica do seu persoal nas materias relacionadas coa política económica e orzamentaria; co contido e estrutura das políticas de gasto público, coas técnicas de previsión económica, orzamentarias e de avaliación de obxectivos e proxectos, e coas demais materias de coñecemento imprescindible para un axeitado exercicio das súas competencias.

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO

Exercerá as competencias seguintes:

O desenvolvemento e execución das funcións que lle corresponden á comunidade autónoma en materia financeira, en especial as relativas a:

- Endebedamento da Administración xeral da comunidade autónoma, e doutros entes públicos da comunidade.
- Operacións de garantía que corresponda outorgar ao Consello da Xunta de Galicia, así como os procedementos de reintegro que se inicien polos avais executados con cargo á tesourería da comunidade autónoma.
- Tutela financeira sobre corporacións locais galegas.
- Centros de contratación de valores.
- Mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social e outras entidades aseguradoras.
- Mediación de seguros e reaseguros privados.
- Ordenación do crédito, banca e seguros.

A xestión da tesourería da comunidade autónoma e, en canto estea atribuída á comunidade a doutros entes públicos, en especial:

- A realización dos ingresos.
- A ordenación xeral de pagamentos en canto lle fose delegada polo conselleiro/a de Facenda.
- A ordenación xeral de pagamentos do Servizo Galego de Saúde, así como a periodificación de pagamentos e provisión de fondos dos seus centros de xestión.
- A xestión dos depósitos e fianzas que deban constituírse na Caixa Xeral de Depósitos

da comunidade autónoma, así como a coordinación na materia dos departamentos territoriais.

- Autorización da apertura de contas nas entidades de crédito e aforro e o seu réxime de disposición, de acordo co establecido na lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, sen prexuízo daquelas que lle correspondan á administración tributaria.
- A xestión e rendibilización de todos os recursos financeiros da tesourería xeral e a súa distribución para o pagamento das obrigas.

DIRECCIÓN XERAL DE PROXECTOS E FONDOS EUROPEOS

A Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos exercerá as seguintes competencias:

- A relación sobre materias relativas á Unión Europea (UE) e á política económica, tanto no ámbito da comunidade autónoma como doutras administracións, a través dos órganos colexiados de coordinación que correspondan ou das diversas comisións sectoriais establecidas.
- A coordinación e o impulso de actuacións da Administración autonómica en materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais da Unión Europea.
- A coordinación de actuacións tendentes ás demandas de información das inspeccións técnicas e financeiras comunitarias.
- As competencias atribuídas no regulamento da Comisión Europea relativo aos organismos intermedios.

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

A Dirección Xeral da Función Pública é o órgano ao que lle corresponde a execución da política de persoal da Administración da Xunta de Galicia nos termos previstos na lei da función pública e demais normativa que a desenvolva, a xestión das competencias atribuídas á Consellería de Facenda nesta materia e a resolución daquelas que lle delegue a conselleira. A tal fin, coordinará a actuación dos órganos competentes en materia de persoal das distintas consellerías e organismos autónomos dependentes delas, ditando as instrucións oportunas.

A Dirección Xeral da Función Pública exercerá as seguintes competencias:

- A realización dos estudos e traballos quen en materia de persoal lle sexan encomendados ou coide conveniente efectuar.
- A elaboración dos anteprojectos de disposicións en materia de función pública.
- A proposta de convocatoria e resolucións dos concursos de traslados para a provisión de posto de traballo dos distintos corpos, escalas e categorías á conselleira ou conselleiro, así como a fixación dos criterios aos que deberán someter todas as convocatorias

públicas de libre designación.

- A elaboración das ofertas de emprego público.
- A proposta á conselleira ou conselleiro da convocatoria das probas selectivas para o ingreso nos corpos, escalas e categorías da Administración da Xunta de Galicia adscritos á Consellería de Facenda.
- A tramitación dos expedientes de incompatibilidades do persoal ao servizo da Xunta de Galicia.
- A tramitación dos expedientes de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autónoma sometidos á Lei 9/1996, do 18 de outubro, pola que se establece o réxime de incompatibilidades dos membros da Xunta e da administración, así como a custodia e a xestión dos rexistros de incompatibilidades de altos cargos.
- A coordinación das relacións laborais e sindicais con respecto ao persoal ao servizo da Administración da comunidade autónoma.
- As convocatorias de listas para a cobertura temporal de postos de persoal funcionario e laboral adscritos á Consellería de Facenda.
- A proposta, se é o caso, ao órgano competente da incoación de expedientes disciplinaarios cando se detecten indicios racionais de responsabilidade administrativa na actuación do persoal, e elevar ao Consello da Xunta as propostas de imposición da sanción de separación do servizo ou despedimento do persoal xestionado pola Dirección Xeral da Función Pública.
- A emisión dos informes preceptivos e previos, que sobre os proxectos de disposicións que afecten a materia de réxime de persoal ou estrutura orgánica estableza a normativa vixente.
- A elaboración dos estudos e propostas sobre o dimensionamento dos cadros de persoal e as relacións de postos de traballo, así como a elevación ao Consello da Xunta das propostas ou modificacións das relacións de postos de traballo para a súa aprobación.
- A xestión e confección do Rexistro de Persoal da Xunta de Galicia.
- A xestión do fondo de acción social a favor do persoal da Administración da Xunta de Galicia.

I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

O Instituto Galego de Estatística, organismo autónomo creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia. Entre as súas funcións están as seguintes:

- A dirección e coordinación da actividade estatística no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A coordinación da actividade estatística levada a cabo polas distintas Administracións públicas de Galicia.
- Levar a cabo as estatísticas ou as fases delas que lle encomenden o Plan Galego de Estatística e os seus correspondentes Programas Estatísticos, así como calquera outra que lle podan encomendar ou que se estableza en virtude de convenios con outros organismos estatísticos.
- Colaborar en estatísticas de interese estatal ou supraestatal promovidas polos organismos competentes.
- Asegurar a difusión adecuada das estatísticas publicadas en Galicia, a través dos medios máis pertinentes, e estender certificacións dos resultados estatísticos da súa competencia.
- Velar polo cumprimento das normas técnicas aprobadas e a aplicación das garantías necesarias para que sexan respectados o segredo estatístico e as outras condicións xurídicas a que se debe suxeitar a actividade estatística.

Como xa se indicou, está previsto que se fusione, nun só ente, co CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCIERA E CONTABLE (CIX-TEC), que ten por obxecto o desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, a súa planificación, instalación, xestión, supervisión, asesoramento e coordinación para levar a cabo os procesos informáticos da Administración Autónoma de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financiera, e en xeral, os relacionados cos anteriores

CONSELLO GALEGO DA COMPETENCIA

Creado ao abeiro da Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia, como organismo autónomo que ten como fin xeral preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores.

O Consello Galego da Competencia exercerá as funcións de instrución e resolución dos expedientes vinculados coa competencia, de colaboración e coordinación, de control de axudas públicas, de arbitraje, consultivas, de promoción da competencia e de asesoramento e representación que lle atribúe a lei.

I.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (CES)

Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, é un órgano consultivo da Administración Autonómica en materia económica e social, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución Española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, co obxecto de facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia

I.2.4. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

Creada polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, ó abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para a realización das funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias que lle atribúe a citada lei. Ten por obxecto a aplicación de todos os tributos propios, así como, por delegación do Estado, dos tributos estatais cedidos, como instrumento ao servizo dos intereses da Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación efectiva dos recursos ao seu cargo.

Entre as funcións da Axencia Tributaria de Galicia están as seguintes:

- a) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora dos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora dos tributos estatais cedidos á Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto na normativa reguladora do financiamento autonómico.
- c) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora das recargas que se establezan sobre os tributos estatais.
- d) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora doutros tributos estatais ou locais recadados en Galicia que puidese asumir por delegación ou encomenda.
- e) A recadación dos ingresos de dereito público de natureza non tributaria que a normativa atribúa á consellería competente en materia de facenda.
- f) A revisión en vía administrativa das actuacións e actos realizados no exercicio das funcións anteriores, con excepción das reclamacións económico-administrativas, da revisión de actos nulos de pleno dereito e daquelas outras que por lei específica se atribúa a

outros órganos.

- g) A colaboración e coordinación coas demais administracións tributarias, e en particular a participación nos órganos de goberno da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou, no seu caso, nos das entidades que cren en relación coa aplicación dos tributos en Galicia.

CENTRO INFORMÁTICO DE XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANXEIRA E CONTABLE (CIXTEC)

Creado pola disposición adicional quinta da Lei 2/1998, do 8 de abril, e que inicia a súa actividade polas determinacións do Decreto 360/1998, do 4 de decembro.

O obxecto do CIXTEC é o desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, a súa xestión, planificación, supervisión, asesoramento e coordinación, así como a subministración dos equipos necesarios para realizar o procesos informáticos da Xunta de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financeira e, en xeral, os relacionados cos anteriores.

Como xa se indicou, está previsto que se fusione, nun só ente, co INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2013

II.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Facenda é a responsable da xestión orzamentaria dos programas propios da consellería e dos créditos consignados na sección de “Gastos de diversas Consellerías” destinados ao pago de servizos de carácter horizontal como alugueres, seguros e o imposto de bens inmobles dos que integran o patrimonio da comunidade autónoma.

Os recursos asignados á Consellería de Facenda no proxecto de orzamentos para o exercicio 2013, veñen marcados un ano máis pola situación de crise económica e financeira e, polo tanto, deben perseguir o incremento do grao de eficacia e eficiencia do gasto público da consellería co fin de crear unha administración moderna baseada na planificación e na xestión por resultados nun escenario de control do gasto e de austeridade.

Os principais obxectivos estratéxicos que se pretenden conseguir son os seguintes:

A continuación do plan de modernización dos procesos da consellería iniciados no exercicio 2010 no que se refire, fundamentalmente, a aqueles que teñen que ver cos servizos que se prestan ao cidadán.

A finalización dos procesos de actualización legislativa coa aprobación de novas leis nas materias función pública e réxime financeiro, orzamentario e de control.

As actuacións máis importantes que se levarán a cabo no exercicio 2013, son as seguintes:

Fomento e extensión da contratación electrónica a todas as Consellerías da Xunta de Galicia no ano 2013. O seu uso permitirá incrementar a eficacia e reducir custos á Administración e ás empresas garantindo sempre a seguridade e a calidade dos procesos da contratación pública.

Adopción das medidas necesarias para lograr a consolidación do proceso de utilización da aplicación informática que pretende a coordinación entre a xestión orzamentaria vinculada con investimentos e a información de carácter patrimonial existente no Inventario Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

Conclusión dos traballos de actualización dos bens inmobles que deben constar incorporados ao Inventario Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, actualmente en curso

Estas actuacións desenvolveranse dende os diferentes centros directivos, organismos, axencias e entes públicos tal e como se detalla a continuación.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

En colaboración co CIXTEC vai estender a toda a administración autonómica a contratación electrónica na súa aposta polo fomento da e-administración que, ademais de informatizar os procesos administrativos, facilita de maneira expresa as relacións e o acercamento aos cidadáns e, no marco da contratación pública, permitirá un aforro de recursos ás empresas e a realización de procesos de contratación encadrados nos principios da transparencia, da publicidade e demais principios da contratación pública.

Elaborar un rexistro de entidades do sector público autonómico de acordo co previsto na Lei 16/2010.

Continuación do proceso de redistribución de espazos para conseguir o aproveitamento óptimo dos mesmos e rebaixando no posible o gasto en alugueiros, así como proceder ao alleamento daqueles inmobles que resulten innecesarios para a prestación do servizo público

Realizar todas as tarefas de colaboración e coordinación co Instituto Galego de Estatística nos cometidos recollidos na lei de Plan Galego de Estatística de Galicia.

INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma no exercicio 2013 fórmase como obxectivos primordiais os seguintes:

Implementar a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a administración, dedicando unha especial atención no emprego dos fondos europeos. Este obxectivo desglósase en:

Incrementar a eficacia no gasto público introducindo sistemas de seguimento, avaliación e control, e auditoría dos expedientes de gasto.

Auditoría e control dos distintos programas de gasto e especialmente das actuacións con fondos comunitarios, para gañar en eficiencia.

Modificar a normativa de fiscalización e control para adaptarse aos cambios na estrutura orgánica do sector público autonómico dimanantes da aplicación da LOFAXGA.

Control financeiro permanente e auditoría das entidades do sector público dentro dunha programación plurianual.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS

Os obxectivos da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para o ano 2013 encá-

dranse dentro das funcións propias e específicas de elaboración e seguimento do orzamento da comunidade autónoma, que en concreto son os seguintes:

1. A Lei 2/2011, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira consolida un cambio na xestión financeira da comunidade autónoma, obrigando a realizar un escenario orzamentario plurianual que constituirá a programación do sector público autonómico con orzamento limitativo, para iso, en colaboración co CIXTEC, desenvolverase o soporte informático que permita a elaboración dos devanditos escenarios, así como a súa actualización nun tempo razoable.
2. Os escenarios plurianuais serán a base dos orzamentos de cada exercicio, definirán a senda financeira da comunidade autónoma en base á previsible evolución dos ingresos, así coma os recursos a asignar ás diferentes políticas de gasto, en función dos diferentes obxectivos estratéxicos e os compromisos plurianuais asumidos.
3. Elaborar un límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado que enmarque o proceso de elaboración orzamentaria.
4. O cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e da senda de consolidación fiscal acordada no Consello de Política Fiscal e Financeira para a Comunidade Autónoma de Galicia esixe a adopción dunha disciplina financeira que parta xa do proceso de planificación das actuacións das seccións orzamentarias. Para iso avaliaranse as repercusións orzamentarias de cada plan, proxecto plurianual ou norma que se propoñan.
5. Continuar o proceso de mellora continua na elaboración e calidade dos orzamentos da comunidade autónoma.
6. A Lei 16/2010 de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, establece a obriga de deseñar os contratos plurianuais de xestión das axencias públicas autonómicas, para o que se colaborará no seu deseño e se informará respecto do encaixe dos gastos dimanantes da súa aplicación co escenario financeiro da comunidade autónoma.
7. A obtención de contas parciais ao longo do ano e dun estado do orzamento vixente de ingresos é unha prioridade para a Xunta de Galicia, precisase unha orde que sistematice todo o rexistro de ingresos e ordene aos distintos axentes que interveñen na contabilización dos mesmos, así mesmo en colaboración coa IXCA e o CIXTEC mellorarase a aplicación informática soporte do sistema contable a nivel consolidado.
8. Xestionar eficazmente os expedientes modificativos de gasto promovidos polas diferentes consellerías.
9. Impulsar a análise das repercusións económico-orzamentarias das diferentes políticas de gasto aos efectos de posibilitar a súa execución dentro do marco da política de estabilidade orzamentaria.
10. Levar a cabo todas aquelas actuacións que permitan mellorar o seguimento e mantemento dos diferentes programas orzamentarios e os obxectivos neles definidos mediante o establecemento de sistemas específicos para os gastos da dependencia, da sanidade pública, dos investimentos en infraestruturas e dos gastos de persoal na Administración institucional.

En materia de planificación económica, prevese que asuma as seguintes competencias:

- O exercicio de todas as competencias que o Estatuto de Autonomía lle atribúe á comunidade autónoma en materia de planificación económica.
- A realización dos traballos e estudos relativos á elaboración, seguimento e avaliación da planificación da actividade económica da comunidade autónoma e dos programas económicos a medio e longo prazo.
- A análise e estudo da actividade económica en xeral, e das actuacións de política económica e investimentos públicos da Administración autonómica, en particular, a avaliación dos programas económicos sectoriais e territoriais, así como, se é o caso, a instrumentación de propostas para a corrección dos desequilibrios rexionais.
- O seguimento das actuacións e do impacto económico a medio prazo da política económica da Administración autonómica, e das políticas comunitarias, nacionais e rexionais.
- Así mesmo, e sen prexuízo das competencias sectoriais doutras consellerías, o mantemento de relacións con outras administracións públicas, cos sectores socioeconómicos e axentes sociais en canto se refire ao seguimento das súas actuacións investidoras, e co Consello Económico e Social de Galicia.
- A coordinación das relacións coa Administración xeral do Estado e, se é o caso, coa europea, en materias de coordinación de investimentos, en canto á programación a medio prazo.

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO

Os obxectivos da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro para o ano 2013 son:

Planificación do endebedamento da comunidade autónoma.

Negociar e formalizar operacións crediticias coa banca pública europea

Lanzamento de débeda pública da comunidade autónoma a longo prazo.

Obtención das mellores condicións financeiras posibles para o endebedamento do exercicio, nun ano de inestabilidade dos mercados financeiros.

Afondar no asesoramento, control e seguimento do endebedamento do sector público da comunidade autónoma

Incidir nos procedementos de tutela financeira ás CC.LL.

Coordinación e xestión dos procedementos para constitución e devolución de avais por

medios electrónicos.

Desenvolvemento da oficina virtual para a constitución de depósitos e garantías en metálico.

Presentación telemática de certificados de seguros de caución.

DIRECCIÓN XERAL DE PROXECTOS E FONDOS EUROPEOS

Os obxectivos da Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos para o ano 2013 serán os seguintes :

- A relación sobre materias relativas á Unión Europea (UE) e á política económica, tanto no ámbito da comunidade autónoma como doutras administracións, a través dos órganos colexiados de coordinación que correspondan ou das diversas comisións sectoriais establecidas.
- A coordinación e o impulso de actuacións da Administración autonómica en materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais da Unión Europea.
- A coordinación de actuacións tendentes ás demandas de información das inspeccións técnicas e financeiras comunitarias.
- As competencias atribuídas no regulamento da Comisión Europea relativo aos organismos intermedios.

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

A actividade da Dirección Xeral da Función Pública no 2013 virá determinada polos seguintes elementos singulares que se superporán ao seu funcionamento ordinario:

- Aprobación dunha nova lei de función pública como consecuencia das previsións contidas na Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.
- O desenvolvemento da aplicación informática de recursos humanos.
- O desenvolvemento e actualización das aplicacións informáticas da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas.
- A preparación e elaboración dos regulamentos de desenvolvemento da nova lei da función pública de Galicia, coa fixación dos posibles criterios a ter en conta para o seu articulado.
- Desenvolvemento e implementación dunha nova regulación das listas para o nomeamento de persoal funcionario interino e de persoal laboral temporal.
- Desenvolvemento dos procesos extraordinarios de consolidación de persoal laboral previstos na disposición transitoria X do V Convenio colectivo único para o persoal

laboral da Xunta de Galicia.

- Estudo e desenvolvemento dun plan de igualdade de sexo na Administración pública con medidas de conciliación da vida familiar e laboral.
- Coordinación dos traballos da comisión creada pola Orde do 3 de xullo de 2009, para o estudo das vixentes asistencias técnicas, contratos de servizo, consultorías e encomendas de xestión.
- A tramitación dos concursos de traslados de Administración xeral e de Administración especial.
- O desenvolvemento das actuacións do Consello Asesor para a Integración da Discapacidade na Función Pública de Galicia.
- A elaboración e tramitación dos expedientes de modificación das relacións de postos de traballo para adecualas ás novas estruturas orgánicas da Administración da Xunta de Galicia.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Dirixir e coordinar as actividades estatísticas no ámbito competencial da comunidade autónoma, fortalecendo especialmente a cooperación coas consellerías para a elaboración dos proxectos técnicos das operacións que lles encomendan os programas estatísticos e para a catalogación dos rexistros administrativos de interese estatístico.

Elaborar as estatísticas do programa 2013 e as que se establezan en virtude de convenios con outros organismos públicos, en particular as que se derivan do asinado co Instituto Nacional de Estatística para a realización conxunta da enquisa de poboación activa en Galicia.

Promover a confección de normas e requisitos técnicos unitarios para a estatística pública galega, participando activamente no Foro Rexional de Estatística e nos seus grupos de traballo e coordinando o de inventario de operacións estatísticas.

Fomentar a investigación estatística e avanzar na elaboración de programas informáticos para o tratamento integrado das enquisas.

Mellorar a comunicación dentro da organización estatística para desenvolver unha actividade máis estandarizada.

Contribuír á formación especializada dos membros da organización estatística e á dos estudantes galegos, mediante accións específicas dirixidas a cada un destes colectivos.

Contribuír á elaboración dos indicadores sintéticos de seguimento do Plan Estratégico Galicia 2010-2014.

Como xa se indicou, está previsto que se fusione, nun só ente, co CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCIERA E CONTABLE (CIX-TEC), que ten por obxecto o desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, a súa planificación, instalación, xestión, supervisión, asesoramento e coordinación para levar a cabo os procesos informáticos da Administración Autónoma de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financiara, e en xeral, os relacionados cos anteriores

CONSELLO GALEGO DA COMPETENCIA

A actuación do Consello Galego da Competencia ten como finalidade, dende a perspectiva do Plan Estratégico de Galicia 2010-2014, a defensa dos dereitos e intereses económicos dos consumidores galegos e defensa da competencia, que se traslada como obxectivo estratéxico na defensa e promoción da competencia en Galicia.

O CGC vai traballar no ano 2013 nas mesmas liñas que se recolleron no seu Plan de lanzamento para os anos 2011-2012, aprofundando nos seus obxectivos e prioridades, tendo en consideración a premisa da austeridade no gasto e o feito de que os obxectivos ligados a plena posta en funcionamento do consello cumpríronse xa de xeito satisfactorio, tendo en conta as actuais circunstancias socio-económicas.

As prioridades do CGC para o próximo ano son:

- 1.- Promoción da competencia como medio para lograr unha maior eficiencia económica e estimular a competitividade das empresas
- 2.- Protección dos consumidores fronte a condutas anticompetitivas
- 3.- Control e asesoramento ás administracións públicas nas actividades que teñan incidencia na libre competencia do mercado.

Os obxectivos operativos do CGC para 2013 son os seguintes:

- A) Obxectivos relacionados coa función sancionadora.
 1. Resolución eficiente das denuncias.
 2. Posta en marcha de mecanismos eficaces de vixilancia dos mercados galegos e fomento das actuacións de oficio.
- B) Obxectivos relacionados coa función de promoción da competencia.
 1. Elaboración de informes sobre sectores económicos.
 2. Asesoramento e control da actividade da administración relacionada coa libre competencia.

II.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA.

As liñas de acción para o exercicio económico 2013 son atender plenamente as súas actividades, tales como:

Ditames de solicitude preceptiva de anteproxectos de lei, proxectos de decretos lexislativos, plans xerais e sectoriais que regulen materias socio- económicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, de anteproxectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten á organización, ás competencias ou funcionamento do consello, e de anteproxectos ou proxectos relativos a materias que por precepto expreso dunha lei teñan que serlle consultadas ao consello.

Ditames facultativos, solicitados polo Consello da Xunta ou polas consellerías.

Informes ou estudos por solicitude da Xunta de Galicia sobre as reformas de normativa vixente e sobre a elaboración de plans e programas que afecten ao desenvolvemento económico e social.

Informes ou estudos por propia iniciativa sobre as reformas da normativa vixente e a elaboración dos plans e programas así como a execución destes co obxectivo de mellorar o desenvolvemento económico e social da comunidade, e sobre as repercusións e adaptacións que as novas tecnoloxías impoñan no sistema económico e social galego.

Memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia e sobre as recomendacións ou orientacións, se é o caso, acerca da política orzamentaria.

II.4. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

Dar cumprimento ás previsións orzamentarias do estado de ingresos nos tributos.

Desenvolvemento das modificacións lexislativas en materia tributaria.

Posta en funcionamento do novo modelo de organización e xestión.

Incrementar a eficacia e eficiencia na aplicación dos tributos e a loita contra a fraude fiscal a través da mellora do tratamento da información e dos procesos de control, a racionalización e modernización dos procedementos internos e a detección de áreas de risco (Plan de control tributario).

Mellorar a información e asistencia ao contribuínte orientando a actuación administrativa ao servizo dos cidadáns e á transparencia.

Consolidar os mecanismos de colaboración coa AEAT, as Administracións tributarias das restantes comunidades autónomas e a Administración local.

Promover a alta cualificación do persoal.

Fomentar e estender a colaboración social e impulsar as novas tecnoloxías, á busca da redución de trámites administrativos e dos custos fiscais indirectos.

Posta en funcionamento da sede electrónica da Axencia Tributaria de Galicia con novas funcionalidades e novos servizos.

CENTRO INFORMÁTICO PARA XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCEIRA E CONTABLE (CIXTEC)

As liñas de acción desta entidade establécense seguindo os criterios de priorización das políticas de gasto encamiñadas a potenciar os sectores fundamentais para a recuperación da actividade económica nun contexto marcado pola austeridade e contención do gasto corrente, sen descoidar os servizos públicos esenciais.

Concretamente, desenvolveranse actuacións que permitirán elaborar novos procedementos informatizados no ámbito da Xunta de Galicia, que redundarán nunha maior operatividade das aplicacións e dos recursos afectados.

Así pois, dentro dos obxectivos estratéxicos marcados pola Xunta de Galicia de cara a impulsar a modernización da sociedade da información mediante os investimentos en TIC, establece as seguintes liñas de actuación para o exercicio económico 2013:

- Informatización dos procesos administrativos e en especial, aqueles que teñan como finalidade facilitar as relacións coa cidadanía e as empresas.
- O desenvolvemento de aplicacións informáticas e implantación de aplicacións que veñan a facilitar as relacións cos cidadáns e co sector empresarial. As actuacións abarcan dúas operacións principais:

1) “Carpeta do Cidadán”, na que se desenvolven, entre outras actuacións, as relativas a novos procesos nos sistemas de información da contratación pública, e as relacionadas con desenvolvementos de aplicacións do sistema de facturación electrónica, e

2) Operacións “Licitación electrónica” na que se desenvolveran actuacións que faciliten a interoperabilidade entre as empresas e o órgano de contratación dentro do sistema.

- A evolución e mellora dos servizos e sistemas de xestión para a informatización de procesos de carácter tributario, económico-financeiro e contable. As liñas de actuación que se van levar a cabo dentro deste sistema, veñen dar continuidade ás políticas xa iniciadas no exercicio 2012 e que están encamiñadas a facilitar os medios informáticos necesarios para unha xestión mais eficiente do sistema tributario.

- A evolución e mellora dos servizos e sistemas de información de Recursos Humanos que comprenderá entre outras, a integración da nómina de entidades públicas e novas axencias, e a implementación de sistemas de control do gasto en materia de recursos humanos.

Ademais dos grandes eixos sinalados levaranse a cabo proxectos estratéxicos como a adaptación e implantación da contabilidade de axencias públicas autonómicas, a adecuación do sistema de información tributaria aos requisitos da Axencia Tributaria Galega, o reforzamento das accións relativas a informatización da contratación administrativa das diferentes administracións públicas galegas.

Potenciaranse as base de datos que proporcionen información homoxénea das diferentes unidades que exercen funcións de control sobre as entidades que conforman o sector público galego.

Todas estas actuacións estableceranse de forma coordinada cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, co fin de mellorar a eficiencia pública a través da coordinación e racionalización das actividades.

Como xa se indicou, está previsto que se fusione, nun só ente, co INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 124A DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é levar a cabo as funcións propias deste centro directivo, que se concretan nas seguintes:

- Tramitación de procesos selectivos en todas as súas fases.
- Tramitación de procesos de contratación temporal.
- Procesos de provisión: concursos de traslados de persoal laboral e funcionario.
- Subvencións aos comités de empresa
- Resolución das situacións administrativas e demais do persoal funcionario, laboral da Administración da comunidade autónoma previstas no capítulo II do título V da Lei 4/1988 e no Convenio colectivo único da Xunta de Galicia.
- Emitir os informes previos en relación coas retribucións e, en xeral, con calquera autorización de melloras retributivas, individuais e colectivas, que afecten ao persoal ao servizo da comunidade autónoma.
- Coordinación, información e participación nos órganos correspondentes relativos ás relacións laborais do persoal ao servizo da Xunta de Galicia.
- A inscrición no rexistro central de persoal de todos os actos que afecten á vida administrativa do persoal da súa competencia.
- A clasificación de órganos de selección de persoal e fixación do límite máximo de asistencias que percibirán os membros de tales órganos.
- A xestión dos rexistros de altos cargos.
- A tramitación dos expedientes de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica sometidos á Lei 9/1996, do 18 de outubro.
- Mantemento e xestión do rexistro de persoal eventual da Xunta de Galicia.
- A emisión dos informes preceptivos e previos que sobre os proxectos de disposicións que afecten en materia de réxime de persoal.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Racionalización e control do persoal ao servizo da administración autonómica

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Persoal do sector público autonómico

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Pártese dunha situación no que o persoal se ve afectado pola reorganización do sector público autonómico derivado fundamentalmente da Lei 16/2010.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 4/1988 e no Convenio colectivo único da Xunta de Galicia.
- Lei 9/1996, do 18 de outubro

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Racionalización e optimización dos efectivos

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral da Función Pública

III.1.2. PROGRAMA 581A.-ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Inclúense neste programa as actividades realizadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e as consellerías a través dos seus Órganos Estatísticos Sectoriais (OES), encadradas nos Programas Estatísticos Anuais (PEA) que desenvolven o Plan Galego de Estatística (PGE 2012-2016).

O obxectivo central do plan é desenvolver e consolidar o sistema estatístico galego e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns, axeiándose aos criterios de economía e de aproveitamento das fontes existentes, minimizando as molestias aos cidadáns e garantindo o segredo estatístico.

Este obxectivo concrétese nun conxunto de obxectivos informativos, organizativos e instrumentais, que se desenvolven mediante as actuacións estatísticas que se relacionan e describen en cada programa anual.

A execución destes programas contribuirá tamén ao cumprimento do obxectivo estratéxico relativo á creación, organización e difusión do coñecemento estatístico do Plan Estratéxico Galicia 2010-2014.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Crear, organizar e difundir coñecemento estatístico acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns.

Contribuír a estruturar e desenvolver a organización estatística, potenciando a coordinación e a colaboración institucional coas entidades públicas territoriais e non territoriais galegas, estatais, europeas e internacionais relacionadas coa estatística.

Asegurar a calidade e a conexión do sistema estatístico cos usuarios e cos informantes

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Fornecedores de datos (fogares e empresas, fundamentalmente) e usuarios da información estatística (cidadáns, investigadores, administracións públicas e universidades; Xunta de Galicia, Parlamento de Galicia e demais órganos estatutarios).

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O programa estatística para o 2013, vinculado con este programa orzamentario, será o primeiro dun novo Plan Galego de Estatística 2012-2016 aprobado por Lei 8/2011, do 9 de novembro. Este plan é o cuarto da comunidade autónoma (1998/2001; 2002/2006 e 2007/2011) e, como nos anteriores, estará sometido á avaliación. Isto supón o necesario seguimento de cada un dos seus programas anuais, a través do cálculo de tres indicadores básicos: grao de execución das actividades estatísticas programadas, grao de cumprimento dos calendarios previstos e nivel de cobertura dos proxectos técnicos. Pendente de executar o programa 2012, no cadro seguinte inclúe os resultados dos cinco programas anteriores e os obxectivos do 2012

IGE e departamentos da Xunta	Seguimento programas anuais do PGE 2007-2011					PGE 2012-2016
	PEA 2007	PEA 2008	PEA 2009	PEA2010	PEA2011*	Obxectivos PEA 2012
Grao execución das actividades programadas	83,3	80,4	77,6	82	82,5	85
Grao de cumprimento do calendario de difusión	27,8	43,7	42,9	73,1	57,5	59
% de operacións con proxecto técnico	66,4	77,9	89,5	96,6	96,6	98

* Pendente de aprobar polo Consello Galego de Estatística

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal que ampara o programa 581A queda establecido na seguinte lexislación:

- Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, modificada polas Leis 7/1993, do 24 de maio, 10/2001, do 17 de setembro e 16/2006, do 27 de decembro.
- Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, polo que se regulan os órganos estatísticos sectoriais e se establece o procedemento de designación.
- Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan Galego de Estatística 2012-2016
- As actuacións do Programa Estatístico Anual están instrumentalizadas a través do Plan Galego de Estatística e dos Programas Estatísticos Anuais. A execución destes corresponde ao IGE e aos Órganos Estatísticos Sectoriais.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O Programa Estatístico para o 2013, vinculado ao programa orzamentario 581A, recollerá,

clasificará e describirá as operacións e as outras actividades estatísticas que darán cumprimento aos obxectivos do PGE 2012-2016, en particular, aos informativos plasmados nas súas metas de información.

En relación cos obxectivos organizativos e instrumentais tentarase contribuír ao desenvolvemento da organización estatística de Galicia, para conseguir un uso máis racional dos recursos e da información dispoñible. Tamén se programarán actividades para asegurar a calidade e conexión do sistema estatístico cos usuarios, entre outras, a divulgación axeitada da información estatística de carácter oficial, a realización de proxectos de investigación estatística e de formación, tanto dos profesionais como dos usuarios.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego de Estatística

III.1.3. PROGRAMA 611A.-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é, con carácter xeral, atender e xestionar os gastos de persoal e de funcionamento dos servizos centrais da Consellería de Facenda.

Para a levar a cabo a súa execución establécense as seguintes actuacións:

Xestión económica e seguimento da execución orzamentaria dos diferentes servizos da consellería.

Xestión de servizos para apoio a diversas actividades da consellería.

Xestión das transferencias correntes e de capital ao CIXTEC e ao CES para o seu financiamento.

Xestión de recursos humanos da Consellería de Facenda.

Implantación de medidas tendentes a optimizar o funcionamento do sector público autónomo.

Emitir informes e ditames dirixidos ao sector público en materia de contratación administrativa no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Seguimento das medidas de austeridade e racionalización do gasto público incluídas neste orzamento.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Coordinar os servizos centrais, tanto no que respecta a medios humanos como materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

O programa desenvólvese tamén a través do Centro informático para a xestión tributaria, económica- financeira e contable (CIXTEC), que desenvolve a súa actividade, prestando servizos tanto aos órganos centrais da Consellería de Facenda como ao resto das consellerías ao través dos sistemas de información e aplicacións informáticas de carácter horizontal.

Dentro do marco competencial que esta entidade ten atribuído, débense destacar os desenvolvementos de proxectos e aplicacións informáticas, a súa planificación, instalación, xestión, supervisión, asesoramento e coordinación para levar a cabo os procesos informáticos da Administración autonómica de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financiera, e en xeral, nos que exerza competencias a Consellería de Facenda e as súas entidades dependentes, así como a subministración do equipamento informático necesarios para acadar os seus fins.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Persoal da consellería, de tal maneira que dispoñan dos medios necesarios para realizar as tarefas que teñen encomendadas.

Todas as prestacións e servizos desenvolvidos polo CIXTEC teñen un ámbito de actuación que afectan a toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación actual ven marcada polas medidas de austeridade e racionalización no gasto corrente.

A situación actual encádrase dentro do fomento da e-administración, incrementando a informatización dos procesos administrativos, sobre todo naqueles que incidan dunha forma máis directa nas relacións cos cidadáns. Así mesmo, estanse a incorporar novas funcionalidades nos sistemas horizontais da Consellería de Facenda que permitan incrementar as medidas de control económico-financiero como medio necesario para acadar os obxectivos de austeridade e disciplina orzamentaria.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 307/2009 polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Facenda.
- O marco regulamentario que ampara as actuacións deste programa, no relativo a CIXTEC é a Lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galicia (LOFAXGA)

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Soporte da actividade da consellería. Levar a cabo as competencias encomendadas conseguindo a maior eficiencia e racionalización dos recursos

De acordo cos obxectivos establecidos no Plan estratéxico de Galicia 2010-2014, o Centro Informático para a Xestión tributaria, económico-financeira e contable (CIXTEC) está a realizar as súas inversións e actuacións en aras de modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das tecnoloxías da información no ámbito da administración e, mais especialmente, dos servizos públicos.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

Centro Informático para a xestión tributaria, económico-financeira e contable (CIXTEC)

III.1.4. PROGRAMA 612A.-PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA :

A. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

Elaboración e seguimento da execución dos orzamentos da comunidade autónoma:

1. Elaboración do proxecto anual de orzamentos xerais da comunidade autónoma e xestionar as modificacións precisas para garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan Estratéxico e na normativa de estabilidade orzamentaria.
2. Análise e seguimento da execución do orzamento de ingresos, con especial atención ao sistema de financiamento autonómico e ao financiamento finalista doutras administracións.
3. Seguimento da execución dos programas de gasto orzamentados e do equilibrio orzamentario, no eido dun sistema de orzamentación encamiñada a resultados.
4. Informar calquera iniciativa legislativa ou norma de rango regulamentario, plans ou programas de actuación, en aras de valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de xeito estrito ao cumprimento das esixencias do principio de estabilidade orzamentaria, tendo en conta os escenarios financeiros da comunidade autónoma.
5. Actualización do Plan de Reequilibrio Económico Financeiro (PEF) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2012-2015. Seguimento das medidas de austeridade e racionalización do gasto público incluídas no PEF e proposta de medidas correctoras que garantan os obxectivos de déficit e endebedamento comprometido no mesmo.
6. Seguimento e soporte da execución financeira do Sergas.
7. Mantemento e seguimento dos obxectivos estratéxicos e operativos de cada programa de

gastos.

8. Orzamentación, seguimento e proposta de racionalización dos gastos de persoal, tanto na Administración xeral coma na instrumental co obxectivo de optimización dos recursos existentes, garantindo unha consolidación do gasto de persoal axustada á capacidade financeira da comunidade autónoma e en consonancia co acordo marco sobre sostibilidade das finanzas públicas.
9. Programación e control da xestión de fondos europeos.
10. Análise dos obxectivos e actuacións das entidades que integren o sector público autonómico, da súa coherencia coas políticas de gasto e avaliación da súa incidencia financeira.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Incrementar a eficacia e a eficiencia nos procedementos de coordinación de axudas públicas e da programación, xestión e seguimento dos Programas Europeos da política rexional comunitaria.

Deseñar un marco orzamentario que de soporte financeiro ás políticas estratéxicas de gasto da comunidade autónoma e garanta a sostibilidade das finanzas públicas.

Realizar un seguimento da execución dos orzamentos da comunidade autónoma consonte a lei aprobada polo Parlamento e os obxectivos de estabilidade orzamentaria previamente determinados.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa actúa sobre a elaboración, execución e liquidación dos orzamentos de todo o sector público autonómico.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida caracterízase pola acusada recesión económica, derivada dunha importante crise nos sectores financeiro e da construción que provoca unha merma sustancial nos ingresos da comunidade autónoma

Todo isto vén obrigando a realizar un forte axuste estrutural nos orzamentos da comunidade autónoma.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco no que se elabora o orzamento 2013 está en coherencia cos contidos do Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de estabilidade presupostaria.

- Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria a lei xeral de estabilidade presupostaria.
- Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

- Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira de Galicia
- Normativa de aplicación aos Fondos Estruturais e Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014, Horizonte 2020.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Garantir a estabilidade financeira e a sostibilidade do sector público autonómico.

Facer da política fiscal unha ferramenta eficiente de loita anti-cíclica.

Mellorar a asignación de recursos financeiros mediante a implementación dun proceso de orzamentación de cara a resultados.

Avanzar na implementación das políticas de cohesión rexional e da Unión Europea e en acadar unha xestión eficiente dos recursos procedentes dos fondos comunitarios

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral Planificación e Orzamentos

Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos

III.1.5. PROGRAMA 613A.-DEFENSA DA COMPETENCIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O Programa ten por obxecto dotar a Administración pública galega dos instrumentos máis axeitados para promover e impulsar o funcionamento competitivo dos mercados en Galicia, desenvolvendo as potencialidades que ofrece o marco institucional creado pola Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e das consumidoras galegos segundo se establece no artigo 2 da lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Trátase dunha actuación que se dirixe á totalidade da poboación de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A adopción de importantes medidas de carácter estrutural e de contención do gasto na economía española están pendentes de producir os seus froitos nun contexto marcado pola

incertidume e a inestabilidade. Esta situación xeral deixa sentir os seus efectos en Galicia de xeito evidente. O tecido industrial galego, formado fundamentalmente por pemes e a dificultade de acceso ao crédito mantense en 2012 o que fai que o panorama económico siga a ser especialmente delicado no horizonte do 2013.

Esta situación esixe desde as Administracións Públicas non so manter, senón reforzar o impulso de políticas favorecedoras do funcionamento competitivo dos mercados, promovendo políticas procompetitivas e, ao mesmo tempo, eliminando os obstáculos á competencia, sancionando, no seu caso, as prácticas que a restrinxan. A defensa e promoción da competencia continúan a ser, elementos esenciais para poder superar a crise e emprender de xeito decisivo a senda da recuperación económica.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O Consello Galego da Competencia (CGC) foi creado pola Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia, como organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica e orzamento propios, con capacidade de obrar e plena independencia no exercicio das súas competencias. O organismo ten como fin xeral preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e das consumidoras, asumindo as funcións que como autoridade da competencia en Galicia lle atribúe a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da competencia e o Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Defensa e Promoción da Competencia en Galicia para promover o benestar dos consumidores e consumidoras galegas e o desenvolvemento da economía de Galicia.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Consello Galego da Competencia (CGC)

III.1.6. PROGRAMA 621A.-ADMINISTRACIÓN FINANCIERA,TRIBUTARIA,PATRI MONIAL E DO CONTROL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Inclúese neste programa as actuacións en materia financeira, tributaria, patrimonial e de control.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Control do programa de endebedamento, correcta xestión dos tributos propios e cedidos, xestión do patrimonio da comunidade autónoma e control da actividade económica-financeira.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Toda a comunidade autónoma.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Dificultades no que afecta fundamentalmente á xestión da débeda pública e financiamento da comunidade autónoma, marcada pola situación dos mercados financeiros.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 307/2009, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería de Facenda.
- O programa desenvólvese dentro do ámbito marcado pola normativa en materia de política financeira: Lei de mediación de seguros privados, o texto refundido da Lei de Ordenación e supervisión de seguros privados, o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como os acordos adoptados no seo do Consello de Política Fiscal e financeira das CCAA en materia de endebedamento.
- Axencia Tributaria Galega creada ó abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para a realización das funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias que lle atribúe a citada lei.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dende o punto de vista das competencias en materia financeira, a finalidade do programa é a seguinte:

- Planificación do endebedamento da comunidade autónoma.
- Desenvolvemento normativo e execución en materia de mediación de seguros.
- Tutela financeira sobre corporacións locais galegas.
- Ordenación de pagamentos e xestión de cobros

Dende o punto de vista das competencias tributarias, o control da aplicación dos tributos e ingresos xestionados pola Axencia Tributaria de Galicia coas seguintes accións:

- Análise e deseño da política global de ingresos públicos, e elaboración da súa normativa no relativo aos tributos cedidos polo Estado á comunidade autónoma e aos tributos propios e prezos que esta estableza.
- Accións de mellora da eficacia e eficiencia na aplicación dos tributos e a loita contra a fraude fiscal.
- Accións de mellora na información e asistencia ao contribuínte.

- Impulso da Administración electrónica.
- Impulso e coordinación das relacións de colaboración en materia tributaria con outras administracións públicas.
- Apoio ás actuacións da Xunta Superior de Facenda.

Atendendo ás competencias en financeira, patrimonial e de control, as finalidades do programa e as actuacións para a súa consecución, son as seguintes:

- Coordinación e xestión da contabilidade presupostaria, financeira e patrimonial da comunidade autónoma.
- Control interno da actividade económico-financiera.
- Incrementar a eficacia no gasto público introducindo sistemas de seguimento, avaliación e control, e auditoría dos expedientes de gasto.
- Auditoría e control dos distintos programas de gasto e especialmente das actuacións con fondos comunitarios para gañar en eficiencia.
- Control financeiro permanente e auditorías das entidades do sector público dentro dunha programación plurianual.
- Xestión patrimonial. Buscar unha maior eficiencia na utilización do patrimonio inmobiliario e no gasto en alugueres.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro

Axencia Tributaria de Galicia

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prog.	Obxectivos Extratécnicos	Indicador	Valor Final
	Obxectivos Operativos		
124A DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA			
	Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	Sen indicador	
	Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación		
581A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA			
	Creación, organización e difusión do coñecemento estatístico		
	Cumprir e coordinar o Programa estatístico anual	Operacións e actividades estatísticas desenvolvidas/programadas (%)	100
		Publicacións para a difusión do coñecemento estatístico (Nº)	100
	Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	Sen indicador	
	Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación		
611A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA			
	Contribuír á formación dun sector empresarial galego da sociedade da información, facilitando o seu negocio e incluso a cooperación a través de proxectos conxuntos		
	Fortalecemento e ampliación da administración electrónica.	Aplicacións desenvolvidas (Nº)	3
		Funcionalidades para os empregados públicos (Nº)	3
	Implantación de redes de banda longa e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que permitan a conectividade da Administración, os fogares e as empresas de Galicia	Aplicacións desenvolvidas (Nº)	3
	Promover e difundir aplicacións e servizos dirixidos ás familias, cidadáns e pomes, como a carpeta do cidadán, ou centros de información, que incrementen a accesibilidade aos servizos das administracións públicas	Servizos telemáticos para a cidadanía (Nº)	3
		Servizos telemáticos para empresas (Nº)	3
		Usuarios (total) (Nº)	5.000
	Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	Sen indicador	
	Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación		
	Soporte xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	Sen indicador	
	Soporte xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos		
612A PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONOMÍA			
	Implementar a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a administración, adicando unha especial atención no emprego dos fondos europeos e introducindo novas figuras financeiras público privadas e en colaboración coas institucións comunitarias		
	Reforzar as tarefas de planificación e de xestión dos Programas Operativos dos fondos estruturais como organismo Intermedio	Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº)	4
		Informes de verificacións (Nº)	123
		Participacións en reunións, grupos de traballo relacionadosco seguimento, xestión e control(da AX e/ou CE) (Nº)	15
		Porcentaxe de gasto auditado (%)	100
		Publicacións (Nº)	3
		Publicacións na web (Nº)	25

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

<p>Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación</p> <p>Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación</p>	<p>Organización de xornadas e/ou cursos (Nº) 2</p> <p>Sen indicador</p>
<p>613A DEFENSA DA COMPETENCIA</p>	
<p>Defensa dos dereitos e intereses económicos dos consumidores galegos e defensa da competencia</p>	
<p>Reforzo dos organismos reguladores da competencia, mellorando os servizos do TGDC</p>	<p>Campañas de inspección (Nº) 2</p> <p>Expedientes iniciados (total) (Nº) 25</p> <p>Expedientes iniciados de oficio (Nº) 2</p>
<p>Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia</p>	
<p>Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia</p>	<p>Sen indicador</p>
<p>621A ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL.</p>	
<p>Implementar a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a administración, adicando unha especial atención no emprego dos fondos europeos e introducindo novas figuras financeiras público privadas e en colaboración coas institucións comunitarias</p>	
<p>Auditorías e control dos distintos programas de gasto, e especialmente das actuacións con fondos comunitarios, para gañar en eficiencia</p>	<p>Auditorías (Nº) 151</p>
<p>Estender o control financeiro permanente e as auditorías de contas, legalidade e procedemento a todo o sector público dentro dunha programación plurianual e incrementar o control no ámbito do SERGAS</p>	<p>Entidades do sector público auditadas (Nº) 7</p>
<p>Incrementar a eficacia no gasto público, introducindo sistemas de seguemento, avaliación e control, e auditoría dos expedientes de gasto</p>	<p>Auditorías (Nº) 74</p>
<p>Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación</p>	
<p>Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación</p>	<p>Sen indicador</p>

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos					
	01	02	03	04	05	06
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública						2.760
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	4.654					
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica			1.266		3.203	
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	321	7.147		1.387		
Total	4.975	7.147	1.266	1.387	3.203	2.760

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos					
	80	81	A1	A2	B1	Total
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública						2.760
581A-Elaboración e difusión estatística	4.005					4.005
611A-Dirección e servizos xerais de facenda			15.041		763	20.458
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica						4.468
613A-Defensa da competencia		484				484
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control				13.557		22.412
Total	4.005	484	15.041	13.557	763	54.587

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	III	IV	VI	VIII	Total
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública	2.509	238		13			2.760
581A-Elaboración e difusión estatística	2.684	357			965		4.005
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	8.518	2.415			9.525		20.458
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica	3.061				1.407		4.468
613A-Defensa da competencia	364	120					484
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	18.884	2.610	0		727	191	22.412
Total	36.019	5.740	0	13	12.624	191	54.587

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	8.547	3.087	-63,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.108	994	-10,3
Cap. VI - Investimentos reais	414	703	69,8
Cap. VIII - Activos financeiros	213	191	-10,0
Total	10.281	4.975	-51,6

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

02 INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.431	6.420	44,9
Cap. VI - Investimentos reais	811	727	-10,4
Total	5.242	7.147	36,3

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	787	1.266	60,9
Total	787	1.266	60,9

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

04 D.X. POLÍTICA FINANCEIRA E TESOIRO	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	858	1.387	61,6
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0,0
Total	858	1.387	61,6

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

05 D.X DE PROXECTOS E FONDOS EUROPEOS	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.133	1.795	58,5
Cap. VI - Investimentos reais	1.648	1.407	-14,6
Total	2.781	3.203	15,2

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

06 D.X DE FUNCIÓN PÚBLICA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.391	2.509	80,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	144	238	65,8
Cap. IV - Transferencias correntes	11	13	12,0
Total	1.546	2.760	78,5

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

80 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.950	2.684	-9,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	373	357	-4,3
Cap. IV - Transferencias correntes	12	0	-100,0
Cap. VI - Investimentos reais	987	965	-2,2
Total	4.322	4.005	-7,3

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

81 CONSELLO GALEGO DA COMPETENCIA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	386	364	-5,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	157	120	-23,6
Cap. VI - Investimentos reais	5	0	-100,0
Total	548	484	-11,6

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

A1 CENTRO INFORMÁTICO XESTIÓ TRIBUTARIA ECONOMICA E CONTABLE	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.311	4.916	-7,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.481	1.303	-12,0
Cap. VI - Investimentos reais	6.293	8.822	40,2
Total	13.086	15.041	14,9

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

A2 AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	11.747	11.077	-5,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.460	2.480	0,8
Total	14.207	13.557	-4,6

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

B1 CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	531	515	-3,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	261	248	-5,0
Total	792	763	-3,7

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2012	2013	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TECNICA E DO PATRIMONIO	10.281	4.975	-51,6
02 INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	5.242	7.147	36,3
03 DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS	787	1.266	60,9
04 D.X. POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO	858	1.387	61,6
05 D.X DE PROXECTOS E FONDOS EUROPEOS	2.781	3.203	15,2
06 D.X DE FUNCIÓN PÚBLICA	1.546	2.760	78,5
80 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	4.322	4.005	-7,3
81 CONSELLO GALEGO DA COMPETENCIA	548	484	-11,6
A1 CENTRO INFORMÁTICO XESTION TRIBUTARIA ECONOMICA E CONTABLE	13.086	15.041	14,9
A2 AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	14.207	13.557	-4,6
B1 CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	792	763	-3,7
Total	54.451	54.587	0,3

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013	2012	2013
Cap. I - Gastos de persoal	17.147	16.463	20.925	19.556	0	0	38.072	36.019
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.252	1.233	4.732	4.508	0	0	5.984	5.740
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
Cap. IV - Transferencias correntes	25.678	23.468	12	0	25.667	23.455	23	13
OPERACIÓNS CORRENTES	44.078	41.164	25.669	24.063	25.667	23.455	44.080	41.772
Cap. VI - Investimentos reais	2.873	2.837	7.285	9.787	0	0	10.158	12.624
Cap. VII - Transferencias de capital	7.285	9.787	0	0	7.285	9.787	0	0
Cap. VIII - Activos financeiros	213	191	0	0	0	0	213	191
OPERACIÓNS DE CAPITAL	10.371	12.815	7.285	9.787	7.285	9.787	10.371	12.815
Total	54.448	53.979	32.954	33.850	32.952	33.242	54.451	54.587

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Medios Personais

Consellería de Facenda	2013
Altos Cargos	7
Persoal Funcionario	440
Subgrupo A1	131
Subgrupo A2	99
Subgrupo C1	132
Subgrupo C2	69
Agrupacións profesionais	9
Persoal Laboral	14
Grupo I	1
Grupo II	1
Grupo III	1
Grupo IV	10
Grupo V	1
TOTAL	461

Medios Personais

Instituto Galego de Estatística	2013
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	56
Subgrupo A1	25
Subgrupo A2	21
Subgrupo C1	5
Subgrupo C2	4
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	11
Grupo I	1
Grupo III	9
Grupo IV	1
TOTAL	68

Medios Personais

Consello Galego da Competencia	2013
Altos Cargos	1
Personas Funcionarias	7
Subgrupo A1	3
Subgrupo C1	3
Agrupacións profesionais	1
TOTAL	8

Medios Personais

Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable	2013
Altos Cargos	1
Personas Laborais	105
Grupo I	3
Grupo II	68
Grupo III	25
Grupo IV	7
Grupo V	2
TOTAL	106

Medios Personais

Axencia Tributaria de Galicia	2013
Altos Cargos	1
Personas Funcionarias	359
Subgrupo A1	60
Subgrupo A2	97
Subgrupo C1	112
Subgrupo C2	82
Agrupacións profesionais	8
Personas Laborais	25
Grupo II	1
Grupo III	10
Grupo IV	11
Grupo V	3
TOTAL	385

Medios Personais

Consello Económico e Social de Galicia	2013
Altos Cargos	2
Persoal laboral	9
Grupo I	6
Grupo III	3
TOTAL	11



**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

SECCIÓN 07

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

Para o desenvolvemento das funcións que lle encomenda á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, e de acordo có disposto na disposición transitoria segunda do Decreto 235/2012 do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, a consellería estruturase nos seguintes órganos de dirección :

O/A Conselleiro/a.

A Secretaría Xeral Técnica

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

A Dirección Xeral de Mobilidade.

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza

Ademais, quedan adscritos á consellería:

O organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)

O organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio (IET)

A Axencia Galega de Infraestruturas

O entidade pública empresarial Augas de Galicia

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU)

O xurado de Expropiación de Galicia

I.2. COMPETENCIAS

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas é o órgano de administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de medio ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, vivenda e solo, infraestruturas e mobilidade, e conservación da natureza, consonte o establecido no EAG, nos termos sinalados na Consti-

tución Española, e que exercerá, no nivel de desenvolvemento que se indica no seu decreto de estrutura orgánica, para cada un dos órganos integrantes deste departamento.

A acción política da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas guíase pola idea fundamental de que o territorio é o principal activo de que dispón a nosa sociedade. Un activo que ten algo máis que un valor económico de uso, que non é só un recurso de explotación económica, senón que é o contorno no que os seres humanos desenvolven a súa vida, xerando, polo tanto, con el, unha relación de identidade, unha relación emocional que nos obriga a protexelo, a ordenar con mimo o seu uso e a transferilo, se é posible, en mellores condicións das que nós o temos herdado.

A política territorial para Galicia abordará de xeito global o desenvolvemento dun territorio ordenado, buscando fortalecer 3 tipos de relacións: a necesaria interrelación entre as cidades, a vinculación entre o medio rural, o ámbito periurbano e o mundo urbano, e a coordinación entre as administracións municipais, supramunicipais e autonómica. Deste xeito poderemos planificar e ordenar con criterios de sostibilidade ambiental, económica e social os usos do territorio e os investimentos en infraestruturas.

Para que o sistema territorial cumpra a súa función é preciso que as infraestruturas e o transporte artellen axeitadamente o territorio unindo o sistema de cidades, permitindo as comunicacións dentro das áreas metropolitanas e das rexións urbanas, conformando eixes de comunicación entre as grandes cidades e as cidades intermedias e facilitando o acceso ao medio non urbano. Todo iso, para que as cidades desenvolvan a súa potencialidade para espallar a innovación polo territorio, contribuíndo a xerar actividade económica e mellorando a calidade de vida.

No que respecta á materia de medio ambiente, continuarase coa orientación ambiental baseada na introdución de melloras na xestión, programación e planificación, para o que se van seguir empregando métodos de traballo dinámicos que comporten unha maior implicación social, empresarial e institucional.

1.2.1. DA CONSELLERÍA

A Secretaría Xeral Técnica da consellería exercerá as funcións e competencias establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, en relación coas diferentes unidades e servizos en que se estrutura a consellería, así como aquelas previstas na normativa aplicable ou mesmo as que lle sexan delegadas ou encomendadas pola persoa titular da consellería, de acordo a Orde do 15 de marzo de 2012 sobre delegación de competencias no secretario xeral e noutros órganos da consellería.

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo exercerá as funcións inherentes á dirección, planificación, impulso, xestión e coordinación das competencias en materia de

urbanismo e ordenación do territorio, así como os informes na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre e no solo rústico, que ten atribuídas a consellería.

De conformidade co establecido no artigo 11 do Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, considerando a evidencia de que o medio ambiente resulta un elemento fundamental para o desenvolvemento económico e social da nosa comunidade autónoma, exercerá as súas actuacións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o medio ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección de dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico e a súa posta en marcha, para o logro da axeitada protección ambiental e o desenvolvemento de estudos e informes en materia de ambiente, buscando que o mencionado desenvolvemento económico e social avance na senda da sostibilidade.

A Dirección Xeral de Mobilidade, no ámbito competencial da comunidade autónoma, exerce, entre outras, as seguintes funcións: planificación, coordinación, seguimento e execución da política xeral de transportes; promoción da investigación sobre transporte, loxística e mobilidade; ordenación do transporte terrestre, por cable e marítimo; planificación e execución das políticas de control e inspección dos diversos modos de transporte; programación e execución de investimentos, obras e instalacións de transportes.

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza exercerá as competencias e funcións atribuídas á consellería en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras; o fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos; a ordenación, conservación, protección, fomento e o aproveitamento sustentable dos recursos cinexéticos e piscícolas nas augas continentais; a divulgación dos valores do patrimonio natural; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos singulares da xea da Comunidade Autónoma galega, así como o desenvolvemento e dinamización do uso público e recreativo do medio natural; a promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen; a conservación específica dos espazos que compoñen a Rede Galega de Espazos Protexidos e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

O Xurado de Expropiación de Galicia foi creado no artigo 232 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, como órgano colexiado permanente da comunidade autónoma especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a administración expropiante sexa a comunidade autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial. A súa composición foi regulada polo artigo 7.2 da Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e o seu funcionamento polo regulamento de organización e funcionamento, aprobado polo Decreto 223/2005, do 16 de xuño, que establece a súa organización e funcionamento.

Os Reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos nas materias da actual competencia da consellería son os seguintes:

1. Medio Ambiente e territorio: Real decreto 3564/1983, do 5 de outubro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estudos de ordenación do territorio e medio ambiente. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 53/1984, do 23 de marzo.

Real decreto 971/1984, do 28 de marzo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de medio ambiente. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 116/1984, do 29 de xuño.

Real decreto 659/1985, do 17 de abril, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral e vertidos ao mar. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 252/1985, do 28 de novembro.

2. Urbanismo: Real decreto 212/1979, do 26 de xaneiro, transfere á Xunta todas as competencias atribuídas á Administración do Estado pola lei sobre réxime do solo, ordenación urbana e disposicións regulamentarias, no que afecte ao ámbito territorial da Xunta. Asumidas e asignadas polo Decreto 5/1979, do 22 de febreiro, as funcións e servizos son traspasadas polo Real decreto 2424/1982, do 24 de xullo, e asumidas e asignadas polo Decreto 130/1982, do 4 de novembro. Tales competencias comprenden todas as relativas ás ordes normativa, organizativa, resolutiva, consultiva e de calquera outro xénero atribuídas á Administración do Estado polas disposicións vixentes nas citadas materias.
3. Transporte: Real decreto 212/1979, do 26 de xaneiro, transfere competencias en materia de transporte, relativas á concesión, autorización, explotación e inspección dos servizos de transporte por estrada e cable, do establecemento e explotación das estacións de vehículos públicos de viaxeiros e mercadorías, sobre establecemento e organización dos ferrocarrís e tranvías cando non teñan ámbito nacional e non estean integradas en Renfe. O Decreto 5/1979, do 22 de febreiro, asume e asigna estas competencias á entón Consellería de Ordenación do Territorio.
4. Inspección e sanción dos servizos de transporte: Real decreto 2299/1982, do 24 de xullo, transfere á comunidade autónoma funcións e servizos en materia de inspección e sanción do transporte por estrada e trolebús, afectos ás competencias que lles corresponden, asumidas e asignadas polo Decreto 129/1982, do 4 de novembro.
5. Transporte marítimo: Real decreto 1641/1996, do 5 de xullo, dispón o traspaso de funcións e servizos relativos a actividades de transporte marítimo que se realiza exclusivamente entre portos ou puntos da comunidade, sen conexión con portos doutros ámbitos territoriais. Asumidas e asignadas á Consellería de Política Territorial por Decreto 338/1996, do 13 de setembro.
6. Conservación da Natureza: Real Decreto 1082/2008, do 30 de xuño, de ampliación das funcións e servizos da Administración do estado en materia de conservación da natureza, a través do que se realizou a transferencia do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas

I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, define os organismos autónomos como entidades públicas instrumentais cuxa organización e funcionamento se regulan polo dereito administrativo, e que se someten a dereito privado só naqueles casos nos que corresponda de acordo coa normativa xeral ou sectorial aplicable.

Adscritos á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, con natureza de organismo autónomo figuran:

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS)

Organismo autónomo creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, ao que lle corresponde a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia. O IGVS adscríbase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, segundo o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da citada consellería.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo exerce as competencias e funcións que a continuación se indican:

- En xeral correspóndenlle as competencias e funcións en materia de política de vivenda, favorecendo o acceso dos cidadáns ao dereito, constitucionalmente garantido, dunha vivenda digna e adecuada.
- O fomento das actuacións de rehabilitación do patrimonio e arquitectónico en materia de vivenda tanto rural como urbana.
- A creación de solo residencial e de equipamentos acorde coas necesidades de asentamento da poboación.
- Complementariamente correspóndelle ao IGVS, a través dos seus órganos, dentro do marco da normativa de ordenación do territorio e a urbanística, o establecemento da política de solos de carácter produtivo, tales como o industrial, o comercial ou tecnolóxico e, en xeral, os que incidan na mellora da habitabilidade do territorio da Comunidade Autónoma, baseando aquela no principio de sostibilidade, en colaboración coa política de solos sectoriais específicos desenvolta por outros departamentos ou administracións en Galicia.
- A tramitación de plans e proxectos sectoriais abeirados no acordo do Consello da Xunta de 26 de maio de 2006 e de 6 de setembro de 2007, e na disposición adicional 2ª da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

Estas competencias e funcións relacionadas de xeito xenérico son consecuencia de sucesivas transferencias, que de seguido tamén se relacionan:

- Patrimonio arquitectónico, control de calidade na edificación e vivenda: o Real decreto 1926/1985, do 11 de setembro, dispón o traspaso de funcións e servizos na materia. A asunción e asignación lévase a cabo mediante Decreto 230/1985, do 24 de outubro.
- Sociedade estatal de promoción e equipamento do solo (SEPES): polo Real decreto 213/1986, do 10 de xaneiro, foron traspasadas á Comunidade Autónoma as participacións accionariais, e as funcións inherentes ás mesmas, que SEPES ostentaba en Xestur Coruña, Xestur Lugo e Solo Urbano de Pontevedra.
- Real decreto 2498/1983, do 20 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda rural. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 152/1983, do 11 de outubro.
- Real decreto 1461/1989, do 1 de decembro, sobre ampliación de medios adscritos ós servizos da administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de patrimonio arquitectónico, control da calidade da edificación e vivenda.

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (IET)

A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, no seu artigo 9, crea e regula o Instituto de Estudos do Territorio como organismo autónomo de carácter administrativo que ten por obxecto o análise, o estudo e o asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio, adscrito á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

A materialización de dito mandato legal supuxo a conversión da Dirección de Sostibilidade e Paisaxe nun organismo autónomo, o cal asumirá as competencias e funcións atribuídas á dirección xeral así como as funcións establecidas no artigo 10 da citada Lei, subrogándose o novo ente nos dereitos e obrigas desta, dende a súa posta en funcionamento

A disposición derradeira cuarta da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificou o artigo 10 da Lei 6/2007, do 11 de maio, engadindo entre as funcións do Instituto de Estudos do Territorio a da recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural, función en estreita vinculación coas funcións asignadas á Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía, polo Decreto 148/2003, do 9 de xaneiro.

Trala publicación do decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio queda adscrito directamente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a través da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

1.2.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

Segundo o disposto no artigo 74 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, son axencias públicas autonómicas, aquelas que, para o cumprimento dos programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, se lles encomenda a realización de actividades en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos

Na consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas teñen esta natureza:

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, na súa Disposición Adicional Cuarta, outorgou autorización ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia Galega de Infraestruturas, adscrita á consellería competente en materia de infraestruturas.

A axencia asume as competencias atribuídas á Dirección xeral de Infraestruturas e aos servizos de infraestruturas das xefaturas territoriais, órganos que se suprimen, subrogándose o novo ente nos dereitos e obrigas derivados das competencias, dende a súa posta en funcionamento.

Os obxectivos básicos da Axencia Galega de Infraestruturas son impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas: Para tales efectos, correspóndelle á Axencia planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas que sexan de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. Ademais, fíxase como obxectivo garantir o uso e defensa do patrimonio viario.

A axencia poderá, directamente ou a través de sociedades adscritas ou sobre as que teña atribuída a súa tutela funcional, planificar, proxectar, construír, conservar e explotar outras infraestruturas, en virtude das encomendas ou encargos que reciba dos órganos ou entidades competentes.

O Real decreto polo que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos en materia de estradas é o seguinte:

O Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, modificado polo 2708/1983, do 21 de setembro, traspasa funcións e servizos do Estado en materia de estradas relativas á titularidade e xestión destas, así como as competencias que a Lei de Estradas de 1974 atribúe ao Ministerio de Obras Públicas en relación coas estradas provinciais e municipais. Competencias asumidas e

asignadas a esta consellería polo Decreto da Xunta de Galicia 156/1982, do 15 de decembro.

1.2.4. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, define as entidades públicas empresariais como entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, con criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese públicos susceptibles de contraprestación.

Na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas están adscritas as entidades de seguido relacionadas con natureza de entes públicos empresariais:

AUGAS DE GALICIA

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, no seu artigo 8, crea e regula o ente público Augas de Galicia con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e das competencias reguladas por esta Lei, e adscribea á consellería competente en materia de augas .

O artigo do II da Lei 9/2010 encoméndalle a Augas de Galicia:

1. No eido da xestión das concas intra comunitarias, as competencias que o ordenamento xurídico vixente en materia de augas atribúe aos organismos de conca, así como as que especificamente se regulen na presente lei e no resto do ordenamento xurídico de aplicación.
2. Con relación ás concas intercomunitarias, a participación na planificación hidrolóxica, así como a representación da Comunidade Autónoma de Galicia nos organismos de conca do Estado na forma que fixe o ordenamento xurídico de aplicación.
3. No eido das obras hidráulicas:
 - A planificación, programación, proxecto, construción e explotación de obras hidráulicas declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia polo Consello da Xunta.
 - A promoción ante a Administración Xeral do Estado da declaración de obras de intereses xeral deste.
 - A redacción de proxectos, construción e explotación de obras de interese xeral do Estado nas condicións que fixen os correspondentes convenios que terán de subscribirse entre Augas de Galicia e o órgano competente da Administración Xeral do Estado.
 - A participación na construción e explotación das obras hidráulicas de competencia das entidades locais galegas na forma regulada pola presente Lei.

4. No eido da planificación territorial e urbanística, corresponde a Augas de Galicia a emisión de informe con anterioridade á aprobación inicial dos instrumentos de ordenación territorial e dos plans xerais de ordenación urbana. Igualmente, terán que someterse a informe de Augas de Galicia a aprobación e modificación dos plans parciais e especiais que conteñan determinacións có mesmo obxecto que os plans regulados pola Lei 9/2010.
5. En materia de abastecemento e saneamento de augas:
 - A ordenación dos servizos de abastecemento saneamento en alta.
 - A elaboración dos plans xerais galegos de abastecemento e saneamento de acordo co previsto na Lei 9/2010, os cales conterán os criterios para a coordinación das actuacións das entidades locais competentes en materia de abastecemento e saneamento.
 - A promoción da constitución de consorcios e mancomunidades para a mellor prestación dos servizos de abastecemento e saneamento.
6. En materia de vertidos:
 - A autorización e control dos vertidos de augas urbanas ou industriais ao dominio público hidráulico, así como da eventual reutilización dos efluentes, e, en xeral, as demais funcións que a lexislación atribúe aos organismos de conca.
 - A autorización das obras e instalacións de vertidos desde terra ás augas do litoral galego e o exercicio das funcións de policía sobre os mesmos.
7. A elaboración e proposta á consellería competente en materia de augas das normas que sexan necesarias para o desenvolvemento da presente Lei para a súa posterior elevación, de selo caso, ao Consello da Xunta e o exercicio das actuacións que legal ou regulamentariamente lle sexan atribuídas.
8. En materia tributaria, actuar como suxeito activo con relación á aplicación dos tributos en materia de augas regulados na presente lei conforme á normativa vixente.

Os Reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos nas materias do ente son os seguintes:

 - Real decreto 1870/1985, do 11 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de abastecemento de auga, saneamento, encauzamento e defensa de marxes. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 253/1985, do 17 de outubro.
 - Real decreto 2792/1986, do 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de obras hidráulicas. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 24/1987, do 29 de xaneiro.

1.2.5. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

O artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, habilita á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para constituír, mediante convenio, consorcios con outras Administracións Públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de

fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concurrente cos da Xunta de Galicia, para a realización destes.

Na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas figuran adscritas as seguintes entidades con natureza de consorcio:

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA (APLU)

Encárgase de mellorar a vixilancia e inspección do territorio e a protección do litoral coa finalidade de velar polo cumprimento da legalidade, previndo e combatindo as infraccións en materia de urbanismo e de costas.

En concreto, as funcións que ten encomendadas enuméranse do seguinte xeito:

- A inspección e vixilancia urbanística
- A acción de reposición da legalidade urbanística nos supostos de:
 - Obras realizadas sen licenza urbanística en terreos cualificados como zonas verdes, espazos libres, dotacións ou equipamentos públicos
 - Obras realizadas en solo rústico sen a preceptiva autorización urbanística autonómica ou incumprindo as súas condicións
 - Obras e usos prohibidos en solo rústico
 - Obras executadas sen licenza urbanística municipal constitutivas de infracción urbanística grave ou moi grave, só no caso de que o concello non exerza as súas competencias;
- O exercicio da potestade sancionadora:
 - Por infraccións urbanísticas moi graves
 - Por infraccións urbanísticas graves cometidas en solo rústico sen a preceptiva autorización autonómica ou incumprindo as súas condicións
- O exercicio das potestades delegadas polos concellos integrados na axencia
- A impugnación das licenzas urbanísticas ilegais
- O exercicio da potestade sancionadora e de reposición da legalidade por actuacións contrarias á Lei de costas, realizadas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre;
- O asesoramento ás Administracións públicas integradas na axencia
- E en xeral, calquera outra competencia que en materia de disciplina urbanística lle corresponda exercer á comunidade autónoma.

1.2.6. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, define as sociedades públicas autonómicas como sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesta lei.

Na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas están adscritas as sociedades públicas autonómicas de seguido relacionadas con natureza de sociedade anónima mercantil:

SOCIEDADES DE XESTIÓN URBANÍSTICA (XESTUR)

A Comunidade Autónoma, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, ten participación maioritaria nas seguintes empresas constituídas como sociedades anónimas baixo o título xenérico de Xestur:

Xestur A Coruña, S.A.

Xestur Lugo, S.A.

Xestur Ourense, S.A.

Xestur Pontevedra, S.A.

O Consello da Xunta de Galicia, na sesión celebrada o día 3 de xullo de 2008, aprobou o Decreto 167/2008, polo que se declaran medio propio instrumental e servizo técnico da Administración Xeral da Xunta de Galicia as catro sociedades anónimas de Xestión Urbanística de Galicia, e se aproba a modificación dos seus estatutos.

Segundo a nova regulación, o obxecto social das catro Xestures ven constituído pola realización de actividades dirixidas á promoción e xestión do solo empresarial, residencial e construción de edificacións no territorio de Galicia. O desenvolvemento destas actividades ten por finalidade garantir a utilización do solo de acordo co interese xeral e dotar a Galicia de solo suficiente para a localización de industrias e a implantación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento socioeconómico e a promoción de emprego así como de solo para a construción de vivendas dignas e adecuadas, especialmente, aos sectores con menos capacidade económica, actuando como elemento de regulación do mercado inmobiliario e de mellora da calidade ambiental.

Ás sociedades citadas débese engadir, como instrumento de execución dos compromisos da administración estatal do Plan Sectorial de Parques Empresariais, a sociedade Suelo Empresarial del Atlántico, S.L., participada polo IGVS, e que terá por finalidade a execución do solo

industrial derivado do dito plan.

SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A. (SOGAMA)

Creada por Decreto 111/1992, de 11 de abril, coma unha Sociedade Pública autonómica dependente da Consellería competente en materia de residuos, ten encomendadas entre as súas funcións a xestión dos residuos urbanos a partir de que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no plan de xestión de residuos urbanos, coas conseguíntes operacións de transporte, almacenamento, valorización, tratamento, comercialización e depósito controlado dos residuos.

A escritura de constitución da Sociedade é de 14 de maio de 1992 sendo o seu obxecto social o seguinte:

Todas as actividades relacionadas co deseño, construción, explotación e mantemento de instalación de transferencia, tratamento, eliminación e, en xeral, xestión de todo tipo de residuos engadida a recollida e transporte e reciclaxe.

O estudo, desenvolvemento e implantación de tecnoloxías, proxectos e instalación encañados á obtención de enerxía a partir de fontes alternativas que cooperen á preservación do medio ambiente.

A realización de todo tipo de traballos, obras, plans, estudos, informes, investigación, proxectos, auditorías, consultorías, asistencias técnicas e servizos profesionais relacionados coa protección, conservación, limpeza, recuperación, rexeneración, descontaminación ou mellora do medio ambiente, así coma a xestión de todo tipo de Servizos en materia medioambiental. Ditas actividades incluírán, en particular, as materias seguintes:

- Descontaminación de solos
- Aproveitamento de recursos forestais para a produción de biomasa
- Adecuación, selado, clausura e rexeneración de vertedoiros de residuos.

SOCIEDADE PUBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA (SPI)

Creada ao abeiro do artigo 55.2 do Estatuto de Autonomía e, de conformidade co previsto nos artigos 45.1 e 3 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da comunidade autónoma, mediante Decreto 56/1997, do 6 de marzo, modificado polos Decretos 260/2002, do 30 de xullo e 293/2004, do 2 de decembro. A Sociedade Pública Investimentos de Galicia S.A ten por obxecto, entre outros, a proxección, construción, conservación, explotación e promoción de toda clase de infraestruturas nas que participe ou promova a Xunta de Galicia, e os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2013

II.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Os orzamentos da Secretaría Xeral Técnica da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, baséanse nos criterios de austeridade e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa, coa finalidade de dar cumprida resposta ás liñas básicas da súa actuación, que son as seguintes:

- A coordinación do réxime interno das actividades do resto dos centros directivos da consellería, así como das xefaturas territoriais, elaborando propostas de actuación sobre aspectos relativos á organización, estruturación, métodos de traballo e mellora, atendendo a criterios de eficacia, eficiencia e redución do gasto público.
- A ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería, introducindo unha maior racionalidade no desenvolvemento competencial e de xestión das súas funcións.
- En xeral, prestar apoio aos restantes centros directivos da consellería e aos seus entes adscritos, coa finalidade de acadar unha mellora na calidade e eficiencia na prestación dos servizos públicos á cidadanía da nosa comunidade.

SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

- a) A materialización e posta en práctica da política territorial e de utilización racional do solo coa finalidade de favorecer o desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio; contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación e protexer e potenciar o patrimonio natural e cultural, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos, e o exercicio das funcións que a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, lle atribúe á persoa titular do centro directivo competente en materia de urbanismo.
- b) O fomento da formación, da investigación e a elaboración e da participación cidadá na formulación, tramitación e xestión do planeamento territorial e urbanístico. A divulgación de estudos e proxectos en materia de urbanismo. O seguimento e control da actividade urbanística, sen prexuízo das competencias dos municipios.
- c) A elaboración de proxectos e anteprojectos de disposicións normativas en materia de urbanismo.
- d) A preparación de informes que, conforme a lexislación de carácter sectorial, lle corresponda emitir ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

- e) A análise e proposta de informe dos expedientes de solicitude de autorización de execución de grandes establecementos comerciais sobre a súa adaptación ao planeamento vixente e en tramitación, para a posta en coñecemento da súa viabilidade á Comisión Consultiva de Equipamentos Comerciais.
- f) A realización de apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico, a súa xestión e execución e o seu seguimento, arquivo e rexistro, mediante un plan de axudas públicas.
- g) Execución dun programa de axudas económicas e de asesoramento técnico encamiñadas a materialización do Planeamento Urbanístico Municipal, coa finalidade de facilitar a elaboración e tramitación dos plans de ordenación municipal e polo tanto, o desenvolvemento sostible do noso territorio.
- h) A realización de actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial para a posta en valor do plan HURBE.

Realizaranse unha serie de actuacións en zonas de especial valor en espazos de relación pública, co fin de contribuír ao desenvolvemento local desas zonas e poñer a disposición dos seus habitantes os valores de ditos espazos. Trátase de preservar, conservar e/ou transformar, segundo o caso, determinadas espazos urbanos, a través de medidas puntuais e específicas para cada zona para a creación de riqueza e, en consecuencia, contribúan a unha maior calidade de vida dos seus cidadáns. As actuacións realizaranse coa colaboración dos concellos, xa que son as administracións máis próximas ao territorio e aos cidadáns, mediante o desenvolvemento dos programas de equipamentos públicos, de humanización de rúas e de urbanización e mellora de espazos públicos, para dar cobertura ás necesidades da cidadanía.

O obxectivo é que, ata o ano 2014, o 40 % de concellos de Galicia sexan beneficiarios dunha axuda.

SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

En materia de medio ambiente:

As actuacións da consellería neste ano céntranse en dous eixes fundamentais:

- I. Dar continuidade á progresiva consecución do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, repostando de xeito decidido ás demandas comunitarias en materia de prevención da xeración de residuos e á promoción da reutilización, reciclaxe e recuperación dos xerados, co fin de acadar un modelo de xestión sostible, que reduza o seu impacto ambiental.

As actuacións neste eido irán dirixidas a:

- Seguir avanzando na dotación á comunidade autónoma dos equipamentos, sistemas e infraestruturas necesarias que garantan unha axeitada xestión de residuos no noso territorio, apostando pola autosuficiencia territorial e a redución dos custos de transporte.
 - Fomentar a recollida selectiva en orixe como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe, cun apoio específico á xestión e recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos urbanos.
 - Garantir a calidade e transparencia da información, o que permitirá facer un seguimento dos resultados da planificación, comparando modelos de xestión cara a análise da súa eficiencia.
2. A consecución duns niveis óptimos de investigación e observación ambiental, mediante a ampliación da rede de observación ambiental e a posta en marcha de programas de investigación que conduzan á mellora da capacidade predictiva dos riscos naturais, e o seguimento do Programa Marco de Cambio Climático.

No ano 2013 as actuacións centraranse en:

- Consolidar a rede de seguimento do estado ecolóxico das augas de Galicia
- Potenciar a rede de observación do territorio de Galicia
- Impulsar a investigación en prevención de riscos naturais
- Potenciar e promover o cumprimento das medidas propostas polos distintos departamentos da Xunta ao abeiro do mencionado Programa Marco de Cambio Climático.

DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE

O sector do transporte en Galicia ten unha enorme importancia estratéxica, ao afectar transversalmente a todos os sectores produtivos de Galicia. Pero a súa importancia vai máis alá dos aspectos meramente económicos: o transporte permite aos cidadáns alcanzar aquilo que é importante no seu quefacer cotiá: desprazarse ao traballo, ao centro de formación, a recibir asistencia médica ou simplemente a participar en actividades culturais ou de esparexemento que, especialmente en Galicia, requiren o desprazamento e, con frecuencia, utilizar medios de transporte. Así mesmo, o transporte é un elemento clave para mellorar a competitividade do noso tecido empresarial no marco dun mercado global, ao permitir o descenso dos custos loxísticos, especialmente importantes en certos produtos. Por outra parte, o transporte permite que os consumidores accedan a unha variedade maior de produtos e de máis calidade.

Deste xeito, en Galicia fórmulanse múltiples retos que requiren do transporte para ser superados. A distancia dos mercados, a dispersión da poboación, a demanda de accesibilidade, a fragilidade do medio natural, etc. son cuestións que condicionan singularmente e dificultan a forma en que se ofertan os servizos de transporte a persoas e mercadorías.

A profunda crise económica que estamos a padecer e a coñecida relación entre o transporte e a actividade económica, pola que ámbalas dúas materias teñen un comportamento sensible-

mente paralelo, fan que este sector estea a padecer especialmente o impacto da crise, feito que resulta de especial preocupación dende o punto de vista de seguir satisfacendo as demandas de mobilidade das persoas e as mercadorías. Polo tanto, é preciso seguir a manter unha política activa que, aínda dentro das estritas limitacións orzamentarias, permita mellorar o sector facéndoo máis competitivo e eficiente, ademais de resolver as demandas de mobilidade que se producen dende os ámbitos social e produtivo de Galicia.

Pero a actuación do Goberno non só debe restrinxirse a medidas económicas. A crise está a poñer de manifesto que as solucións que se deseñaron na España dos anos 80 do século XX deber evolucionar e adaptarse á Galicia do século XXI. É preciso deseñar e poñer en marcha novas solucións que permitan satisfacer as demandas de mobilidade de persoas e mercadorías, especialmente no eido rural. Para iso, será preciso desenvolver o marco legal co que intervén o sector, adaptándoo á realidade social e territorial de Galicia, pero sendo coherente coa legislación europea na materia. É outro reto sobre o que se iniciará o avance en 2013.

En resumo, é preciso manter accións dirixidas tanto á mellora da competitividade das empresas de transporte, para o que é esencial a do propio sistema loxístico, como a facilitar a mobilidade das persoas e mercadorías, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte.

As accións contempladas no programa 512A, Ordenación e Inspección do Transporte, van dirixidas, por tanto, ao sector do transporte de mercadorías e de persoas, configurados por máis de 20.000 empresas e nos que desenvolven de xeito directo a súa actividade laboral máis de 42.000 traballadores. Igualmente, este programa prevé actuacións encamiñadas ao público en xeral, como usuario do sistema de transporte público.

No eido dirixido ao ámbito profesional, a administración estima esencial actuar en ámbitos orientados á mellora da competitividade do sector empresarial, tanto de mercadorías como de viaxeiros, fomentando a realización de accións formativas, facilitando a renovación do tecido empresarial e o cumprimento da normativa sectorial (por exemplo, relativa aos períodos de descanso dos condutores) e poñendo en marcha as accións do plan de modernización das concesións de transportes público de viaxeiros, entre outras actuacións.

Por outra parte, tamén é preciso seguir impulsando a mellora da oferta de transporte público en Galicia. Nesta liña, e trala implantación das áreas de Transporte Metropolitano de A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol e Lugo, continuarase coa implantación do Plan de Transporte Metropolitano nas áreas de Ourense, Pontevedra e Vigo, para acadar o obxectivo de implantalo nas 7 principais aglomeracións urbanas de Galicia. A progresiva posta en marcha das accións dirixidas á modernización do transporte público de viaxeiros no conxunto do territorio espérase que contribúa á potenciación do sistema de transporte público en Galicia.

Igualmente, avanza na posta en operación do Plan Director da Mobilidade Alternativa, co obxectivo de incrementar a participación dos modos menos contaminantes no reparto

modal, na procura dunha mobilidade sostible. Tamén se iniciará o desenvolvemento da primeira fase do Plan Sectorial de Aparcadoiros Disuasorios, cuxo obxectivo é a diminución dos desprazamentos en vehículos privados, fomentando o uso do transporte público ou facendo un uso máis eficiente do vehículo privado mediante o uso do coche compartido.

DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

As súas principais liñas de acción son as seguintes:

1. Conservación e protección do patrimonio natural coa conservación específica dos espazos que compoñen a Rede Galega de Espazos Protexidos, da Rede Natura 2000 de Galicia e das Reservas da Biosfera das que é xestor a Dirección Xeral de Conservación da Natureza.
2. Conservación da biodiversidade cunha xestión dos hábitats naturais da flora e da fauna silvestres con especial atención á aprobación dos plans de conservación das especies do catálogo galego de especies ameazadas, así como a xestión das especies exóticas invasoras.
3. Impulsar medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos que compoñen a Rede Galega de Espazos Protexidos mediante o fomento do uso público e o turismo sostible e a través de medidas de apoio ao desenvolvemento socioeconómico da poboación das áreas de influencia dos parques naturais.
4. Divulgación e difusión do patrimonio natural para trasladar á sociedade o valor dos servizos ecosistémicos que aportan as áreas protexidas e a biodiversidade ao conxunto da poboación.
5. A caza e a pesca continental pivota sobre dous piares fundamentais: a preservación dos valores do medio e a súa rendibilización como instrumento de desenvolvemento . A posta en funcionamento de medidas para conservar, protexer e potenciar as poboacións das especies cinxéticas e piscícolas.

XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA

A finalidade do Xurado de Expropiación de Galicia é a consolidación do Organismo, na súa función de resolución de expedientes de expropiación, cos obxectivos de reducir a bolsa de expedientes pendentes de resolución, e de resolver os recursos en prazo.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS)

Pola súa especial incidencia, pódense destacar os seguintes obxectivos e liñas de acción:

- Impulsarase, en colaboración coas Xestures e SEA, a creación de solo produtivo ordenadamente, de acordo cos plans e programas vixentes ou en elaboración, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e principalmente co novo Plan sectorial de áreas empresariais.
- Impulsarase e fomentarse o desenvolvemento de solo residencial, para a creación de solo con destino preferente á construción de vivendas protexidas, de acordo cos datos do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda.
- Impulsarase a construción de vivenda de promoción pública, rematando as vivendas xa iniciadas nos anos anteriores.
- Impulsarase a construción de vivendas de promoción pública en réxime concertado con outros promotores públicos ou con promotores privados para facilitar un rápido acceso a vivenda das persoas con maiores dificultades.
- Facilitarase o acceso á vivenda de promoción pública aos sectores con maiores dificultades a través de contratos de copropiedade.
- Facilitarase o acceso á vivenda en aluguer aos colectivos máis vulnerables a través das vivendas de inserción.
- Continuarase coa reparación do parque de vivendas de promoción pública, mediante accións directas e medidas de fomento con axudas ás comunidades de propietarios, permitindo así a diminución da acción directa do organismo na reparación dos grupos de vivendas pola acción de fomento, garantindo a implicación dos usuarios das vivendas.
- Fomentarse a reconstrución e rehabilitación de vivendas e a corrección de impactos nas edificacións actuais, e a rehabilitación de edificios e vivendas de promoción pública en conxuntos históricos das cidades galegas.
- Impulsaranse as axudas ao alugamento na procura dunha dinamización do mercado de vivenda en aluguer, coa intervención decidida da Administración pública e orientadas con especial incidencia aos colectivos sociais máis desfavorecidos ou en risco de exclusión social.
- Iniciarase o desenvolvemento do futuro plan de vivenda e continuarase o desenvolvemento do Plan de Vivenda 2009-2012, así como dos plan galegos de vivenda para os períodos correspondentes, co obxectivo de facilitar aos cidadáns e cidadás galegos e galegas o acceso á vivenda.

- Axudas para a rehabilitación de calidade de vivendas en áreas de rehabilitación integral e de centros históricos, e de renovación urbana e núcleos rurais necesitados de renovación integral con oficinas de información e apoio técnico á rehabilitación.
- Facilitarase o acceso á primeira vivenda de calidade a aqueles colectivos de ingresos medios e baixos e aqueloutros con especiais dificultades polas súas circunstancias persoais.
- Impulsarase a construción de vivendas protexidas de calidade con destino a alugueiro, especialmente de xente moza e maiores de rendas limitadas.
- Facilitarase o realoxo das unidades familiares que se atopen en situación de especial dificultade por mor dun procedemento de execución hipotecaria
- Axudas para a rehabilitación ou renovación de vivendas rurais.
- Axudas para a rehabilitación ou renovación de vivendas en conxuntos históricos.

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (IET)

Este organismo ten como obxectivos para o ano 2013:

1. Articulación e implementación do sistema de seguimento das DOT e dos restantes instrumentos de ordenación do territorio, polo de agora, o Plan de ordenación do litoral (POL). Con estes instrumentos preténdese conseguir un modelo de ocupación e uso do territorio que tenda á sociedade da sustentabilidade.
2. Impulsar e xerar coñecemento en materia de territorio, paisaxe e sustentabilidade, a través de:
 - Elaboración e desenvolvemento de Instrumentos de xestión, ordenación e protección da paisaxe
 - Apoio ao desenvolvemento Instrumentos de Ordenación do Territorio.
 - Estratexia de Sostibilidade de Galicia.
 - Estratexia da Paisaxe Galega.
 - Estudos estratéxicos
3. Difusión do coñecemento en materia de territorio, paisaxe e sustentabilidade, permitindo transferir o seu coñecemento para o conxunto da cidadanía en xeral e á comunidade educativa en particular.
4. Xestión e organización do nodo principal da Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia dun xeito coordinado co resto de nodos IDE da comunidade autónoma e có Estado e constitución e mantemento dun sistema de información xeográfica corporativo.
5. Elaboración, mantemento e actualización de información xeográfica e cartográfica
6. Creación dun fondo documental de información territorial.
7. Prestar asesoramento e apoio ao resto dos organismos en todas aquelas materias das que é competente o IET.

8. Establecemento dun Plan de Calidade e Seguimento para a adecuada implantación e a consecución dos obxectivos establecidos.

II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional cuarta, outorgou autorización ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia Galega de Infraestruturas, adscrita á consellería competente en materia de infraestruturas. A nova entidade, que asumirá as competencias atribuídas á Dirección Xeral de Infraestruturas e aos servizos de infraestruturas das xefaturas territoriais, terá como obxectivos básicos impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas e, en especial, a planificación, proxección, construción, conservación e explotación das estradas que sexan competencia da nosa comunidade autónoma, e os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas; e tamén garantir o uso e defensa do patrimonio viario.

Mediante o Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas, publicado no DOG do 26 de agosto de 2011, desenvolveuse a citada disposición adicional e dáse cumprimento ao previsto no artigo 54.5 da devandita lei, regulando os aspectos referidos á organización e funcionamento da axencia, a súa estrutura, o réxime do seu persoal, o seu réxime económico-financieiro e o seu réxime patrimonial e de contratación. Así mesmo, mediante o previsto na disposición derradeira segunda, atribúese á axencia a tutela funcional da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA.

O 21 de outubro de 2011 queda formalmente constituído o Consello Reitor da Axencia Galega de Infraestruturas e o 20 de xaneiro de 2012 entra en funcionamento a nova organización.

A Axencia Galega de Infraestruturas, ademais de exercer a tutela funcional da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A, asume as competencias atribuídas á Dirección Xeral de Infraestruturas e aos servizos de infraestruturas das xefaturas territoriais, e ten como obxectivos básicos impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas e, en especial, a planificación, proxección, construción, conservación e explotación das estradas que sexan competencia da nosa Comunidade Autónoma, e os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas e, tamén, garantir o uso e defensa do patrimonio viario

Así mesmo, o obxecto da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., que depende funcionalmente da Axencia Galega de Infraestruturas é proxectar, construír, conservar e

explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome propio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuacións, toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver en ditas infraestruturas. A súa actividade comprende tamén, previa autorización do Consello da Xunta, a promoción e execución de actividades urbanísticas e inmobiliarias, adquisición e enaxenación de toda clase de bens inmoebles, xestión e realización das obras e dotación de servizos e a súa posible explotación.

A sociedade tamén ten por obxecto a realización daquelas actividades de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense que se lle establezan regulamentariamente.

Forman parte do obxecto social as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcadoiros e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se encontren dentro da área de influencia do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, así como as actividades que sexan complementarias da construción, conservación e explotación deste.

As liñas de acción da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2013 son:

- Desenvolvemento de accións e actuacións en materia de seguridade vial
 - O Fomento dunha mobilidade sostible
 - Racionalización de recursos humanos
 - Tramitación de disposicións e normas de actuación
 - Optimización de investimentos en materia de planificación, programación, construción e conservación
1. Desenvolvemento de accións e actuacións en materia de seguridade vial
Desenvolver o Plan de Seguridade Vial 2011-2015 de forma eficiente é outra das liñas estratéxicas para o ano 2013, prestando especial atención á política á aquelas accións que traten de garantir a sensibilización, concienciación e respecto por parte dos usuarios da estrada.
 2. O Fomento dunha mobilidade sostible
Será prioridade estratéxica seguir avanzando cara un modelo de mobilidade baseado no uso de modos colectivos e outros modos alternativos ao emprego indiscriminado do coche, tanto no ámbito interurbano coma no metropolitano. No marco destas actuacións sitúase a promoción dos aparcadoiros disuasorios como elementos que van permitir o aforro enerxético e unha redución da pegada de carbono (carbón footprint, huella de carbono) por medio do fomento do transporte público e das viaxes compartidas (car-pooling).
 3. Racionalización de recursos humanos
Unha vez creada a Axencia Galega de Infraestruturas e continuando na senda de evitar

duplicidades, desenvolverase a normativa que habilite a materialización da disolución da Sociedade Pública de Investimentos.

Esta racionalización e optimización de efectivos para a xestión das infraestruturas conlevará, con toda seguridade, a un aforro en gasto corrente, ademais de evitar as duplicidades actualmente existentes.

4. Tramitación de disposicións e normas de actuación.

A liña de actuación principal neste ámbito para o ano 2013 é a tramitación do regulamento da nova Lei de estradas de Galicia, unha vez se aprobe a nova Lei de estradas de Galicia cuxa tramitación foi iniciada en xaneiro de 2012.

5. Optimización de investimentos en materia de planificación e programación

Analizando por períodos a evolución das Vías de Altas Prestacións por titularidade na comunidade galega, pódese concluír un importante desenvolvemento destas vías nos últimos anos, incrementándose en xeral (tanto Xunta coma Ministerio) un 78% (541,88 km) da rede existente en 1999 (693,24 km).

Unha vez que as actuacións que a día de hoxe se encontran en obras se poñan en servizo suporá que ao redor do 77% da poboación encontrarase a menos de 15 minutos dunha Vía de Altas Prestacións.

En consecuencia, dentro das liñas de actuación da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2013 é planificar e executar os eixos viarios estratéxicos pendentes en Galicia acompañando o seu desenvolvemento coa coxuntura económica da administración e priorizando as actuacións en execución, o mantemento e conservación das estradas e o fomento dunha mobilidade sostible.

É dicir, tendo en conta este nivel de accesibilidade así como a necesidade de optimizar os recursos públicos, terá capital importancia para o ano 2013 priorizar as obras en marcha e o mantemento e conservación das estradas que incorporen a introdución de novas tecnoloxías que permitan incrementar a calidade do servizo, a seguridade aos cidadáns e a sostibilidade

Así mesmo, e dado que a Axencia Galega de Infraestruturas asume a tutela funcional da Sociedade Pública de Investimentos, o orzamentos desta axencia pública autonómica para o ano 2013 ascenderá a un total de 394,44 M € (incluída a subvención de peaxes), correspondendo 230,36 € a financiamento orzamentario e 164,08 M € a financiamento extraorzamentario, dos cales 87,48 M € corresponden a obras executadas a través de concesións e 76,60 M € a través da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA.

O financiamento orzamentario é a fonte principal para o financiamento das actuacións e ten a súa orixe nos orzamentos anuais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O financiamento extraorzamentario ten a súa orixe no mercado financeiro privado: concesións de obra pública e a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA.

- Financiamento orzamentario:
Con cargo ao financiamento orzamentario, os programas a impulsar son:
 - 1) Programa de actuacións en Vías de Altas Prestacións.
 - 2) Programas de actuacións en vías estruturantes e complementarias:
 - a) Novos eixes e variantes
 - b) Plan de adecuación de travesías
 - c) Acondicionamento e mellora da rede de estradas convencionais.
 - 3) Programa de Actuacións en Medios Urbanos, tratando de impulsar actuacións que permitan resolver os problemas nos accesos ás cidades, reducindo o nivel de conxestión.
 - 4) Os aparcamentos disuasorios, directamente relacionados co punto anterior.
 - 5) Programa de Mantemento e Conservación das Estradas Galegas. Este programa para o ano 2013 require especial atención, co obxectivo de manter o estado das estradas nas debidas condicións de viabilidade, seguridade, limpeza, sinalización e comodidade. Cabe destacar dentro deste programa o Plan de Viabilidade Invernal da Xunta de Galicia.
 - 6) Programa de Seguridade Vial. Neste programa contemplaranse as accións incluídas no Plan de Seguridade Viaria 2011-2015, como compromiso da Xunta de Galicia na redución da sinistralidade e a minoración da gravidade dos accidentes de tráfico a través dun programa de actuación integral e coordinado entre todas as súas consellerías.
- Financiamento extraorzamentario:
No ano 2013 aplicaranse modelos de financiamento extraorzamentarios para a provisión das infraestruturas e dos obxectivos recollidos no Plan de Mobilidade e Orientación Viaria Estratéxica (Plan MOVE), co obxecto de dotar a Galicia, nun prazo breve de tempo, das actuacións consideradas imprescindibles para o seu desenvolvemento económico, compatibilizando as mesmas cos obxectivos de estabilidade orzamentaria.
Dentro do financiamento extraorzamentario podemos distinguir as concesións de obra pública e a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA.
 - Concesións de obra pública do ano 2013
 - Ao longo do ano 2013 a Axencia Galega de Infraestruturas xestionará a execución de actuacións en réxime de concesión co mesmo obxecto de mobilizar recursos extraorzamentarios, na que cabe destacar a Autovía da Costa da Morte, cuxo sistema de contraprestación consiste na percepción dun canon por dispoñibilidade anual.
 - Neste apartado, para o ano 2013, estímase un investimento extraorzamentario en materia de concesións de 87,48 M €.
 - Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA
 - En concepto de recursos extraorzamentarios, desde a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA, contarase cun investimento total, para o ano 2013, de 76,60 M €.

II.4. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

AUGAS DE GALICIA

- a) Elaboración, seguimento e revisións dos Plans de Abastecemento e Saneamento e Depuración, así como do Plan Hidrolóxico da Demarcación de Galicia Costa.
- b) Execución de infraestruturas hidráulicas.
- c) Xestión do Dominio Público Hidráulico.
- d) Traballos para a implantación da Directiva Marco da Auga.
- e) Explotación de Estacións Depuradoras de Augas Residuais (EDARs).

II.5. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA (APLU)

Para a fixación das principais liñas de acción para o período 2013-2014 da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, tivéronse en conta 3 premisas fundamentais:

- a) A recente e cada vez maior preocupación social pola materia urbanística e, mais en concreto, pola disciplina e potestade sancionadora neste eido. Non pode esquecerse que nos últimos anos desenvolvéronse ao longo da xeografía española actuacións xudiciais e policiais que puxeron en evidencia a existencia de numerosos ilícitos urbanísticos.
- b) A crecente importancia das políticas de ordenación do territorio e de protección do medio ambiente e
- c) A relación existente entre as competencias autonómicas e locais nesta materia, que esixe o exercicio coordinado do conxunto de potestades integradoras da mesma para un axeitado exercicio da competencia urbanística.

Sentado o anterior, o primeiro a destacar é que o obxectivo xenérico desta axencia céntrase principalmente en mellora-la vixilancia e inspección do territorio e a protección do litoral protección do litoral para velar polo cumprimento da legalidade urbanística. Partindo deste obxectivo xenérico as accións concretas a realizar son:

I. A prevención e persecución das infraccións urbanísticas e de costas:

Mediante a realización de actuacións tales como a vixilancia e inspección do territorio para detectar obras en execución sen licenza municipal ou autorización autonómica; outorgar ao persoal formación especializada para mellorar a calidade e eficacia da disciplina urbanística, facilitando a súa participación en conferencias e cursos; a promoción de investigacións

para determinar os feitos e identificar los presuntos responsables da comisión de infraccións graves ou moi graves; a paralización e/ou incoación prioritaria e urxente de expedientes de reposición da legalidade de obras en curso de execución sen licenza municipal ou autorización autonómicas preceptivas e cuxo prazo de caducidade estea próximo a cumprirse; a imposición multas coercitivas no caso de incumprimento voluntario da orde de execución ou a execución subsidiaria da orde de demolición transcorrido un ano dende a executividade da orde de demolición

2. A consecución da máxima coordinación, colaboración e participación dos concellos para a consecución de óptimos resultados no eido do urbanismo:

Mediante a realización de actuacións tales como a vixilancia do cumprimento por parte dos concellos do seu deber de revisar licenzas contrarias ao ordenamento xurídico; dar a coñecer a actividade e as funcións da Axencia ós concellos galegos non adheridos á mesma ou o asesoramento aos concellos na interpretación da normativa urbanística.

E que, en última instancia, toda a actuación da Administración Pública diríxese á protección do benestar dos cidadáns e, en materia urbanística, esta finalidade última da actividade administrativa maniféstase na promoción do seu dereito a un medio urbano e rural axeitado para o desenvolvemento da persoa, consonte ao disposto no artigo 45 da Constitución española de 1978, na Lei 9/2202, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

II.6. DAS SOCIEDADES MERCANTÍAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

SOCIEDADES DE XESTIÓN URBANÍSTICA (XESTUR)

As sociedades de xestión urbanística terán protagonismo na execución de parques empresariais e vivenda e utilizaranse como áxil instrumento na posta en mercado do solo industrial, en particular para facer realidade os compromisos da Administración autonómica na tarefa de creación de solo industrial.

Cómpre destacar de entre as actividades asignadas as Xestures, segundo o Decreto aprobado polo Consello da Xunta do 3 de xullo de 2008, as seguintes:

- Promoción, adquisición, e preparación de solo para asentamentos industriais, residenciais, terciarios e de servizos.
- Exercer a acción urbanizadora dirixida á preparación de solo industrial, residencial, terciario e de servizos, mediante a realización de obras de infraestruturas, urbanización, e dotación de servizos para o seu adecuado equipamento, así como calquera outra acción precisa para a execución do planeamento urbanístico.

- Promover a acción edificatoria dirixida á realización de edificacións e instalacións destinadas a albergar industrias e vivendas, incluídas as vivendas suxeitas a calquera réxime de protección pública, así como as dotacións de equipamento comunitario previstas polo planeamento urbanístico.
- O fomento da adquisición de solo así como a rehabilitación e construción de todo tipo de edificacións.
- A promoción e xestión de actuacións en materia de vivenda e solo que se desenvolvan directamente pola propia sociedade ou en colaboración con outras Administracións públicas competentes.
- Subscribir convenios con Administracións públicas ao obxecto de desenvolver actuacións vinculadas ao obxecto social nos termos establecidos na normativa vixente.
- Así mesmo, estase a acometer o proceso de fusión das catro sociedades existentes nunha única entidade con competencias en toda a comunidade autónoma, co obxecto de garantir unha maior eficiencia na prestación dos servizos nos que se concreta o seu obxecto social, de xeito que se consiga unha maior coordinación na programación, desenvolvemento e xestión da política de solo empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, así como diminuír os gastos de estrutura e funcionamento das sociedades.

SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A. (SOGAMA)

A Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) é unha empresa pública autonómica que se dedica principalmente á xestión e tratamento dos residuos urbanos producidos no territorio galego

Orientadas á protección, conservación e coidado do medio ambiente no seu conxunto, as súas liñas de acción céntranse:

- Na concienciación e divulgación ambiental, a través de campañas educativas relacionadas coas boas prácticas na prevención e menor produción de residuos en orixe, a recollida selectiva, o aforro enerxético e o transporte limpo.
- Na promoción da compostaxe doméstica
- Na participación en proxectos de innovación tecnolóxica ambiental
- No fomento do transporte sostible para os residuos urbanos, apostando polo ferrocarril, como medio máis eficiente, fiable y respectuoso co medio ambiente
- Na colaboración coas Universidades galegas a través da docencia en másters e cursos específicos de postgrao vencellados ao medio ambiente

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 451A - FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADES QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A necesidade que trata de atender o programa 451A consiste basicamente en mellorar as condicións de habitabilidade e calidade das vivendas no máis amplo sentido, incluíndo a reparación das vivendas propias do parque de vivendas de promoción pública do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e o apoio e fomento da rehabilitación a través da declaración de áreas de rehabilitación.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe o programa 451A ten un carácter universal, sempre respectando as limitacións que estableza a normativa vixente. En concreto, o colectivo afectado desagrégase en:

- Persoas propietarias ou inquilinas beneficiarias de actuacións en materia de rehabilitación, de acordo coa normativa aplicable.
- Poboación residente en núcleos rurais e cascos históricos.
- Persoas propietarias de vivendas incorporadas ao Programa Aluga.
- Poboación residente en vivendas que non reúnen as condicións mínimas de habitabilidade.
- Veciños e veciñas das parroquias dos Camiños de Santiago.

No que afecta a este programa, o Plan de Vivenda 2009-2012, á espera do que estableza o futuro plan de vivenda, dá un trato diferenciado a certos colectivos sociais especialmente desfavorecidos (xente moza ata 35 anos, persoas maiores de 65 anos, afectados por situacións catastróficas, familias numerosas, familias monoparentais, persoas dependentes ou con discapacidade e as súas familias, vítimas do terrorismo...).

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O patrimonio arquitectónico (no que hai que incluír de maneira salientable os edificios e vivendas nos que habitan as persoas) require investimentos significativos non só para a súa conservación senón tamén para a súa mellora, sobre todo se temos en conta que representa un activo que vai máis alá do meramente material. Neste ámbito incide a elevada dispersión poboacional de Galicia.

Malia a súa riqueza e importancia, existe un abandono e deterioro progresivo do patrimonio arquitectónico, das vivendas e dos espazos públicos no medio rural e nos conxuntos e núcleos históricos, con despoboamento e envellecemento da poboación, perda de actividades produtivas e da calidade de vida. Nalgúns casos, as vivendas construídas e de nova construción non acadan os niveis necesarios de calidade, habitabilidade e sustentabilidade propios dunha vivenda digna.

A Comunidade Autónoma de Galicia veu realizando nos anos anteriores un esforzo para mellorar a calidade e habitabilidade das vivendas do seu territorio. Así, veu actuando no eido das subvencións en todas as súas vertentes para a rehabilitación (vivendas en conxuntos históricos, vivenda rural, reforma de edificios de vivendas de promoción pública), no marco do plan estatal de vivenda e das normas autonómicas que o complementan e dos programas propios do IGVS. Tamén, e dado o estado de degradación de algúns cascos históricos e núcleos rurais, o IGVS interveu nos anos anteriores para proceder na medida do posible á súa rehabilitación e posterior posta en valor. Tamén se levaron a cabo iniciativas de colaboración a través de convenios e outros mecanismos legalmente establecidos con distintos axentes (concellos, universidades, institucións sen fins de lucro...) nos distintos aspectos (tanto de rehabilitación como técnicos) referidos á calidade da vivenda.

Todo isto veuse realizando nun contexto económico de crise nos últimos anos e cuns recursos económicos decrecentes por mor do escenario orzamentario.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario no que se desenvolve o programa 451A é o seguinte:

- Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, e o Decreto 288/1988, que a desenvolve.
- Real Decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012, e o futuro plan que o substitúa.
- Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o Programa Aluga.
- Decreto 44/2011, do 10 de marzo, polo que se regulan as axudas autonómicas para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas nos ámbitos rural, histórico e dos Camiños de Santiago.
- Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no R.D. 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012, e o futuro decreto que o substitúa.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa 451A ten a finalidade de mellorar as condicións de vida dos propietarios e usuarios das vivendas, de xeito que se favoreza a consecución dunha perfecta habitabilidade das vivendas, ao mesmo tempo que se recupera o patrimonio residencial xa edificado, actuando con criterios de calidade e sostibilidade.

Para estes efectos, establécense medidas de fomento e rehabilitación das vivendas individuais ou en réxime de división horizontal, de reparación do parque público de vivendas e de actuacións sobre ámbitos máis extensos coa declaración de Áreas de Rehabilitación Integral. No caso das áreas, establécense medidas de apoio técnico á rehabilitación a través das oficinas municipais de rehabilitación.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego da Vivenda e Solo

III.1.2. PROGRAMA 451B - ACCESO Á VIVENDA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A necesidade que trata de atender o programa 451B consiste basicamente en facilitar o acceso á vivenda, tanto en propiedade como en réxime de aluguer, para aqueles sectores da sociedade que se atopen en condicións máis desfavorecidas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe o programa 451B ten un carácter universal, sempre respectando as limitacións que estableza a normativa vixente. En concreto, o colectivo afectado desagrégase en:

- Persoas inquilinas incorporadas ao Programa Aluga que teñan alugada unha vivenda no marco deste programa.
- Persoas inquilinas que teñan alugada unha vivenda nesta comunidade autónoma e que sigan tendo dereito á percepción da Renda Básica de Emancipación (ata a extinción definitiva deste programa).
- Adquirentes de vivenda de protección autonómica nova e usada e de vivendas libres usadas e libres a prezo limitado (polas axudas financeiras á adquisición).
- Adquirentes de vivendas de promoción pública.

No que afecta a este programa, o Plan de Vivenda 2009-2012, á espera do futuro plan de vivenda, dá un trato diferenciado a certos colectivos sociais especialmente desfavorecidos (compradores que acceden por primeira vez á vivenda, xente moza ata 35 anos, persoas maiores de 65 anos, vítimas do terrorismo, afectados por situacións catastróficas, familias numerosas, familias monoparentais, persoas dependentes ou con discapacidade e as súas familias, persoas separadas ou divorciadas ao corrente do pagamento de pensións alimenticias e compensatorias, persoas sen fogar ou procedentes de operacións de erradicación do chabolismo, e outros colectivos en situación ou risco de exclusión social determinados polas comunidades autónomas)

Igualmente, dentro do Plan de Vivenda 2009-2012, reciben un trato diferenciado as vítimas de violencia de xénero para as que se contemplan accións que tratan de favorecer a súa independencia e integración social, o que se incardina directamente coas medidas contempladas no VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes (Estratexia 2012-2015),

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Malia a existencia dun stock de vivendas baleiras, continúa sendo complicado o acceso ao dereito constitucional a unha vivenda digna e adecuada para un importante sector da poboación (xa sexa en réxime de propiedade ou de aluguer). Isto é debido a que, malia a caída dos prezos das vivendas (caída dun 11,1% do prezo da vivenda libre en Galicia no primeiro trimestre de 2012 respecto ao mesmo trimestre do ano anterior), persisten as dificultades de acceso ao crédito hipotecario, e increméntanse as dificultades que atravesan as persoas e familias de rendas medias e baixas derivadas da prolongada crise económica e os elevados niveis de desemprego.

A isto hai que engadir a escaseza de solo residencial, que impide construír vivendas de protección oficial de promoción pública.

A Comunidade Autónoma de Galicia veu realizando nos anos anteriores un esforzo para facilitar o acceso á vivenda no seu territorio. Así, veu actuando no eido da promoción pública da construción de vivenda, con destino aos colectivos cunha renda entre o 0,7 e o 2,5 do IPREM. Tamén se incidiu nas axudas a adquirentes de vivendas protexidas, xa fosen usadas ou libres a prezos limitados, dentro do marco do Plan de Vivenda 2009-2012 e das actuacións pendentes de plans anteriores, con especial atención aos colectivos máis desfavorecidos. Tamén se veu desenvolvendo o Programa Aluga, na procura dunha dinamización do mercado de vivenda en aluguer, con axudas aos inquilinos (con especial incidencia nos sectores sociais máis desfavorecidos ou en risco de exclusión social). O IGVS veuse encargando da tramitación, control, xestión e pagamento dos gastos correntes e de capital nos que incorreron as sociedades Xestur, derivados das encomendas de xestión do Programa Estatal da Renda Básica de Emancipación.

Ademais de todo o anterior, o IGVS seguiu a desenvolver nos últimos anos unha política de compra de solo residencial e a súa posterior urbanización (para tentar de cubrir a carencia do mesmo, con vistas a construír vivendas de promoción pública e protexida).

No ano 2012 asinou un convenio entre a Xunta de Galicia, a Fegamp, os promotores e os bancos para crear a primeira bolsa de vivendas a prezo taxado.

Todo isto veuse realizando nun contexto económico de crise nos últimos anos e cuns recursos económicos decrecentes por mor do escenario orzamentario, o que obrigou a adiar e reaxustar, cara ao futuro, o remate e mesmo o inicio dalgunhas das promocións de vivenda pública.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario no que se desenvolve o programa 451B é o seguinte:

- Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS (e Decreto 288/1988, do 29 de setembro, que desenvolve a citada lei).
- Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS.
- Real Decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se aproba o Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, e o futuro plan que o substitúa.
- Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no R.D. 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012.
- Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o Programa Aluga.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa 451B ten a finalidade de facilitar o acceso á vivenda dos sectores con máis dificultades.

Para estes efectos articúlense actuacións dirixidas a desenvolver solo con destino a construción de vivendas protexidas.

Por outra banda prevese a construción de vivendas de promoción pública así como o fomento deste tipo de vivendas en réxime concertado.

Prevese tamén o impulso das vivendas de promoción pública de inserción para atender aos colectivos máis desfavorecidos.

Apóíase o aluguer de vivendas como unha forma de facilitar o acceso á vivenda a persoas con imposibilidade de acceder á adquisición ou por necesidades de mobilidade laboral.

Tamén se establecen medidas de fomento para a adquisición de vivenda protexida.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego da Vivenda e Solo

III.1.3. PROGRAMA 451C - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE VIVENDA E SOLO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A necesidade que trata de atender o programa 451C consiste basicamente en facer fronte aos gastos xerais do Instituto Galego da Vivenda e Solo que non se poden imputar de maneira exclusiva ou maioritaria a ningún dos outros programas de gasto dos que se encarga o instituto.

Así, neste programa inclúense, a nivel de gastos correntes, os gastos do capítulo I (gastos de persoal) e do capítulo II (gastos en bens correntes e servizos) do IGVS e, a nivel de gastos de capital, os gastos de investimento do capítulo VI (xa sexa material ou inmaterial, e non imputables de maneira exclusiva ou maioritaria a ningún dos outros programas).

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe o programa 45 IC é o persoal do IGVS, así como os provedores dos capítulos II e VI de gasto e as persoas que accedan ás bolsas de formación e especialización en materia de vivenda.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación da que se parte neste programa ten que ver coa necesidade de atender determinadas obrigas, no actual escenario de contención de gasto e de eficacia na xestión do orzamento, para tentar atender e priorizar as necesidades que poidan xurdir durante a súa execución. Neste ámbito cómpre destacar a problemática que se produce no capítulo II no concepto 225 (tributos), pola necesidade do IGVS de atender os gastos polo imposto de bens inmobles (IBI), por mor do importante parque de vivendas en propiedade do instituto.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario no que se desenvolve o programa 45 IC é o derivado de calquera normativa en materia de persoal, de subvencións, contratación ou financeira que poida resultar de aplicación para o funcionamento operativo do IGVS.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Ademais de procurar unha xestión eficaz do orzamento e atender ás necesidades do funcionamento ordinarios do instituto (tentando aplicar nos procedementos de xestión do gasto criterios de eficiencia e eficacia), establécense previsións orientadas a satisfacer o IBI do patrimonio do IGVS e do parque público de vivenda que se integra nel, e para facer fronte ás cotas de comunidades das vivendas das que é titular o organismo.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego da Vivenda e Solo

III.1.4. PROGRAMA 511A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

É este un programa instrumental de servizos administrativos que ten como finalidade pro-

porcionar os medios materiais, persoais e de organización para o funcionamento dos servizos de carácter xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, na procura da mellora da eficacia e eficiencia nos servizos públicos que se prestan aos cidadáns.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A poboación ou colectivo ao que se dirixe o programa 511A son os cidadáns en xeral o colectivo de traballadores da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en concreto.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O detalle da situación de partida ven determinado pola necesidade de racionalización no gasto corrente sen que iso supoña unha merma na calidade da prestación do servizo público.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco normativo no que se desenvolve o programa ven fixado polo Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e polo Decreto 235/2012 do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades que desenvolve céntranse na dirección, coordinación e control nas áreas de actividade competencia da consellería e, máis en concreto:

- Na ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería
- Na xestión e control dos convenios e protocolos nos que sexa parte a consellería
- Na preparación, licitación e adjudicación dos expedientes de contratación pública competencia da consellería
- Na xestión e administración dos recursos económicos da Secretaría Xeral Técnica e dos gastos correntes da Dirección Xeral de Conservación da Natureza
- No estudo e tramitación dos anteproxectos e proxectos de disposicións de carácter xeral que elaboren os distintos centros directivos, así como a coordinación das funcións xurídico-administrativas que desenvolvan as distintas unidades da consellería
- Na realización das funcións inspectoras sobre todos os órganos e servizos de carácter técnico da consellería

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Xurado de expropiación de Galicia

III.1.5. PROGRAMA 512A - ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo do programa é facilitar a mobilidade das persoas e mercadorías para que Galicia sexa máis accesible, aberta e integrada nos fluxos comerciais e económicos globais.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os destinatarios destas medidas son, tanto o público en xeral, demandante dos servizos do sector do transporte, como as empresas e os traballadores que prestan os servizos.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Actualmente estanse a desenvolver unha serie de medidas encamiñadas a facilitar a mobilidade, tanto das persoas coma das mercadorías. Entre elas compre destacar a implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano de Galicia e a posta en marcha da Tarxeta Metropolitana de Galicia, cuxa tecnoloxía está a permitir implantar un esquema de tarifas zonais máis sinxelo e a bonificación dos transbordos e da recorrencia. Este novo Plan está xa operativo nas Áreas de Transporte Metropolitano da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela e Lugo. Para o exercicio 2013 está prevista a implantación das ATM de Ourense e Pontevedra.

Paralelamente estanse realizando, e nalgúns casos rematando, unha serie de estudos sobre a implantación en Galicia de novas infraestruturas ou modos de transporte (Plan sectorial de aparcadoiros disuasorios, Plan de mobilidade alternativa, proxectos para a creación de paradas para o transporte de mercadorías, etc).

Encontrase en avanzado estado de execución a obra de construción do acceso da Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra – As Neves á autovía A – 52.

Na actualidade o sector do transporte está afectado por unha diminución da demanda, tanto no eido dos viaxeiros como nas mercadorías, como consecuencia da situación actual de crise económica.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco normativo dentro do que se desenvolve o programan está constituído por:

- Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia.
- Lei 2/2008, do 6 de marzo, pola que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.
- Lei 6/1996 de coordinación de servizos urbanos e interurbanos.
- Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación de transportes.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Polo tanto, a finalidade deste programa é facilitar a mobilidade das persoas e mercadorías, procurando solucións máis eficientes e sostibles, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte, así como mellorar a competitividade das empresas de transporte. Ámbalas dúas liñas de acción contribuirán a reforzar o sector do transporte nestes momentos de crise económica. Contémplanse, entre outras, as seguintes actuacións:

- Continuar coa implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano de Galicia nas grandes áreas metropolitanas de Galicia.
- Desenvolver accións encamiñadas á posta en marcha do Plan de Aparcadoiros Disuasorios.
- Implantar un sistema integral de información do transporte público de Galicia e mellorar as infraestruturas asociadas.
- Proxectar a construción de infraestruturas de mobilidade alternativa.
- Fomentar as accións de formación no sector do transporte.
- Iniciar os traballos de implantación dos programas tecnolóxicos do Plan de modernización do transporte de viaxeiros.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Mobilidade

Axencia Galega de Infraestruturas

III.1.6. PROGRAMA 512B - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

As infraestruturas, especialmente as viarias, son un elemento fundamental para o desenvolvemento económico e social dun país, en canto que constitúen instrumentos que vertebran o seu territorio, atendendo á seguridade viaria.

En consecuencia, os obxectivos deste programa están definidos nos distintos plans de actuacións e destinados á satisfacción de necesidades en materia de infraestruturas do transporte, que son:

- O Plan de Mobilidade e Orientación Viaria Estratéxica (Plan MOVE), que se complementa co PEIT elaborado polo Estado e que se encadra nos documentos de referencia

para as políticas estruturais da Unión Europea.

- O Plan de Aparcamentos Disuasorios, que é un programa específico incluído no Plan MOVE, pero que é preciso resaltar polo que representa: o fomento dunha mobilidade sostible, é dicir, un modelo de mobilidade baseado no uso de modos colectivos e outros modos alternativos ao emprego indiscriminado do coche, tanto no ámbito interurbano coma metropolitano. No marco destas actuacións sitúase a promoción dos aparcadoiros disuasorios, como elementos que van permitir o aforro enerxético e unha redución da pegada de carbono (carbón footprint, huella de carbono), por medio do fomento do transporte público e das viaxes compartidas (car-pooling).
- O Plan de Mobilidade Viaria da Península do Morrazo, que establece e define as actuacións prioritarias para mellorar a mobilidade na zona.
- O Plan de Seguridade Viaria 2011-2015, que recolle a estratexia definida para tratar de lograr un ambicioso obxectivo: a redución sostida do ratio de mortos e feridos graves en accidentes de tráfico por millón de habitantes, de xeito que Galicia se sitúe ao redor da media española.

O Plan de Mobilidade e Orientación Viaria Estratéxica engloba as actuacións que vaia desenvolver a consellería en materia de estradas, e coordínase tanto coas actuacións de infraestruturas noutras materias e a optimización dos modos de transporte, como coas actuacións doutras administracións, en especial coa Administración central do Estado.

Recolle as actuacións concretas en materia de estradas, incluíndo as que correspondan aos programas de actuación en vías de altas prestacións, en vías estruturantes e complementarias, e establece actuacións asociadas ao programa de seguridade viaria e aos programas de mantemento e conservación e de aparcamentos disuasorios. Tamén se contemplarán as actuacións específicas en medios urbanos.

Os aparcadoiros disuasorios son aparcadoiros de coches, especialmente deseñados e situados nas principais estradas de acceso ás cidades, nos que se realiza a intermodalidade entre o vehículo privado e, ben un modo de transporte público colectivo (principalmente o autobús, pero tamén outros coma o tren), ben o coche pero na súa modalidade de viaxe compartida ou car-pooling (coche ocupado por un número determinado de persoas, dúas como mínimo), cun custo reducido para o usuario. En definitiva, nestes aparcadoiros un deixa o seu propio coche e colle o autobús ou sobe ao coche doutra persoa para continuar a viaxe cara ao centro da cidade.

Os beneficios desta actuación, que é unha medida típica na xestión da demanda do vehículo privado, serán: reducir a conxestión do tráfico, promover o maior uso de modos de transporte sostibles e incrementar a eficiencia no uso do transporte e das infraestruturas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATAENDER O PROGRAMA

Co programa de gasto 512B da Axencia Galega de Infraestruturas atenderanse:

- I. As Vías de Altas Prestacións (incluídas as concesións de obra pública), que se corresponden

- coas infraestruturas denominadas estratéxicas.
2. As vías estruturantes e complementarias:
 - a) Novos eixes e variantes
 - b) Adecuación de travesías
 - c) Acondicionamento e mellora da rede de estradas convencionais
 3. As Actuacións en Medios Urbanos, tratando de impulsar actuacións que permitan resolver os problemas nos accesos ás cidades, reducindo o nivel de conxestión.
 4. Os aparcamentos disuasorios, directamente relacionados co punto anterior.
 5. O Mantemento e Conservación das Estradas Galegas. Para o ano 2013 require especial atención, co obxectivo de manter o estado das estradas nas debidas condicións de viabilidade, seguridade, limpeza, sinalización e comodidade. Cabe destacar o Plan de Vialidade Invernal da Xunta de Galicia.
 6. A Seguridade Vía. Contemplaranse as accións incluídas no Plan de Seguridade Vía 2011-2015, como compromiso da Xunta de Galicia na redución da sinistralidade e a minoración da gravidade dos accidentes de tráfico a través dun programa de actuación integral e coordinado entre todas as súas consellerías.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa non está soamente dirixido aos usuarios da estrada, senón que se beneficiará toda a Comunidade Autónoma.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A evolución das infraestruturas viarias de Galicia estivo sempre moi influenciada polas súas singularidades territoriais. Un dos aspectos máis singulares é a dispersión dos asentamentos, co 50% das entidades de poboación de España, das que o 71% posúe menos de 50 habitantes. Este feito provoca que a rede de estradas sexa moi extensa (17.546 km), cunhas competencias repartidas entre o Estado (13%), a Xunta de Galicia (31%) e as Deputacións Provinciais (56%). (Fonte: Anuario Estadístico Ministerio de Fomento, 2009).

Outro dos condicionantes máis influentes é a súa topografía, debido a que o 77% do territorio ten características de terreo accidentado, o que repercute na dificultade do deseño e no custe das estradas.

Nos últimos anos a rede de estradas en Galicia foi experimentando un constante incremento na súa lonxitude, pasando dos 15.338 Km de estradas existentes no ano 1990 (Xunta, Estado e Deputacións) ata os 17.686 Km no ano 2011, o que supuxo un incremento de máis de 2.300 Km na súa lonxitude en menos de 21 anos.

Concretamente, Galicia, en materia de estradas, presenta unha extensa rede, xestionada polas distintas administracións (Estado, Xunta, Deputacións Provinciais e Concellos). No caso das Vías de altas prestacións, a nosa comunidade autónoma sitúase, ao igual que co resto da rede, por riba da media estatal, tanto no que se refire á lonxitude da rede por superficie territorial

como en relación á súa poboación.

Ademais, unha vez que as actuacións en materia de infraestruturas viarias que a día de hoxe se encontran en obras se poñan en servizo, suporá que ao redor do 77% da poboación encontrárase a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario que comprenden as actuacións deste programa é a Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, e os instrumentos de planificación son o Plan MOVE e o Plan de Seguridade Viaria 2011-2015.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Son obxectivos deste programa conservar en bo estado as estradas da comunidade autónoma, ordenar e xerarquizar a rede de estradas da Xunta de Galicia en coordinación coas iniciativas das distintas administracións, completar as comunicacións de Galicia co seu entorno (Asturias, Castela e León e Portugal) e mellorar a accesibilidade ás cidades, aos espazos urbanos principais e ás grandes áreas industriais e loxísticas, fomentando unha mobilidade sostible e situando ao 80% da poboación a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións, integrando a seguridade viaria como criterio básico desde o propio deseño da infraestrutura.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega de Infraestruturas

III.1.7. PROGRAMA 521A - URBANISMO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O contido do programa é o seguinte:

- O desenvolvemento das actuacións necesarias para converter o territorio nun factor protagonista da competitividade e da igualdade e, polo tanto, nun axente activo de desenvolvemento económico e de cohesión social; e conseguir, mediante as oportunas intervencións de regulamentación sobre os usos do solo e accións de construción de edificacións, unha maior calidade de vida para os cidadáns.
- A protección, xestión e ordenación da paisaxe de Galicia, na programación, dirección e control da política de ordenación do territorio e do litoral e na elaboración, mantemento e actualización da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento de estudos territoriais.

Para acadar estes obxectivos, neste programa actuarase en dúas vertentes; por un lado na vertente “territorio e paisaxe” e por outro na vertente “información xeográfica”.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A súa execución presentase para dar solución as seguintes necesidades:

- De ordenación e planificación das actividades humanas sobre o territorio, pola carencia de figuras de ordenación do territorio e de plans de ordenación municipal que están a impedir o desenvolvemento ordenado do territorio e a aplicación de criterios de crecemento sostibles.
- De implicación de todos os axentes sociais intervintes para lograr, a través da cohesión social, o impulso de xeito decidido aos plans aprobados.
- De fomento de iniciativas que contribúan a incrementar o interese dos suxeitos implicados para axilizar a xestión e posta en valor do contido dos plans e programas.
- De humanización das vilas de Galicia, tendo en conta o modelo social de integración cidadá de persoas nativas e inmigrantes para buscar o achegamento dos entramados urbanos aos seus habitantes, mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes.
- De actividades de formación e orientación de profesionais e equipos colaboradores para concienciar aos cidadáns sobre a importancia da planificación e ordenación do territorio no benestar e na calidade de vida.

1. En materia de territorio e Paisaxe:

As políticas públicas en materia de ordenación do territorio incardínanse e atopan a súa xustificación na Estratexia Territorial Europea 2020, que procura a cohesión dos territorios e a sostibilidade como eixos na ordenación territorial.

Así mesmo, a Lei da Paisaxe de Galicia (7/2008, do 7 de xullo) constitúe o marco de referencia para o desenvolvemento das políticas encamiñadas á protección, ordenación e xestión da paisaxe, así como á sensibilización cidadá. Nun marco de cooperación intra e interadministrativa.

A lei establece unha serie de instrumentos dun enorme potencial, polo seu carácter vinculante na ordenación territorial. Estes débense desenvolver a partires das prioridades definidas na Estratexia da Paisaxe Galega, presentada en agosto de 2011: dispor dos catálogos e directrices da paisaxe, as guías de integración paisaxística e o desenvolvemento de políticas de paisaxe en coordinación con outros departamentos da administración, a través de plans ou proxectos sectoriais.

2. En materia de información xeográfica:

Coas actuacións referidas á “información xeográfica”, dáse cumprimento aos mandatos legais establecidos na Lei 14/2010, e no artigo 84.3 da LOUGA.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O ámbito de aplicación das actuacións do programa abarca a totalidade do territorio da comunidade autónoma, o que determina o seu carácter universal.

Coa implantación das actuacións que se propoñen preténdese acadar o seguinte resultado:

un territorio convertido en axente activo de desenvolvemento económico e cohesión social, un maior respecto polo medio ambiente e, en definitiva, mellores condicións de habitabilidade e benestar no contorno de relación social dos residentes na nosa comunidade, conservando e mellorando o necesario equilibrio de relación home-natureza na busca da calidade de vida, amparada, entre outras, pola Estratexia da Paisaxe Galega.

Na vertente “territorio e paisaxe” o programa ten carácter universal.

Na vertente “información xeográfica” as actuacións diríxense en particular ás administracións e organismos de investigación, pero tamén á poboación en xeral.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación actual dende a premisa do obrigado cumprimento da ordenación do territorio e da planificación urbana, está determinada polos seguintes datos significativos: por unha parte o feito de que mais do 80% dos concellos de Galicia están redactando o seu planeamento municipal; e de feito, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas xa ten comprometidas actuacións coa práctica totalidade das entidades municipais para o cumprimento do obxectivo de que o planeamento acade a todo o territorio da Comunidade Autónoma, o que se pretende para o horizonte de 2015-2016.

Por outro lado, a continuación con actuacións do plan Hurbe como elemento revitalizador do territorio e do reequilibrio territorial, mediante a realización dunha serie de actuación en espazos de relación pública, co fin de contribuír ó desenvolvemento local desas zonas e poñer a disposición dos seus habitantes os valores dos ditos espazos. Durante os últimos anos asináronse máis de 54 acordos de colaboración con concellos, o 15 % do total, para execucións destas actuacións; o obxectivo é acadar o 40% ata o ano 2014.

Así mesmo, cabe sinalar as execucións en investimento inmaterial relativas a investigación e divulgación de estudos en materia de urbanismo.

I. En canto a Territorio e Paisaxe, a situación actual é a seguinte:

- Fortaleza: as Directrices de Ordenación do Territorio e do Plan de Ordenación do litoral, como instrumentos de ordenación do territorio, son unha sólida ferramenta para acometer o reto da incorporación do coñecemento do territorio na práctica urbanística, superando as actuacións insostibles no territorio.
- Disponse dunha base de coñecemento e experiencia desenvolvida nos últimos dous anos para acometer con garantías a elaboración dos catálogos de paisaxe e os informes de integración paisaxística.
- Oportunidades: elaboración do regulamento que desenvolva a actual lei e que enmarque outras actuacións, de carácter sectorial, que teñan a paisaxe como eido vertebrador.
- A posta en marcha do Instituto de Estudos do Territorio (IET).
- Ameazas: non satisfacer o compromiso social que carrega a Lei de protección da Pai-

saxe de Galicia.

2. E por último, polo que respecta á Información Xeográfica, esta é a situación actual:
 - Debilidade: a dispersión e falta de homoxeneidade, así como non dispor de información xeográfica coas características e calidades necesarias para poder ser empregada polas novas tecnoloxías (TIC_SIX).
 - Oportunidade: dispor dunha tecnoloxía que permite obter a información xeográfica dun xeito innovador, cunha gran calidade e a un baixo custe.
 - A posta en marcha do Instituto de Estudos do Territorio (IET) e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal de desenvolvemento das actuacións do programa de urbanismo ven determinado, por un lado, polo establecido na lexislación de ordenación do territorio e urbanística en canto ás subvencións para a redacción do planeamento urbanístico ás entidades locais e, por outro, polos acordos de colaboración para a posta en valor do plan Hurbe, que se enmarcan no disposto na lexislación de Réxime Local, en canto lle corresponde á comunidade autónoma a prestación da cooperación e asistencia activa que as entidades locais puideran precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas, podendo levar a cabo, mediante subvencións eventuais ou continuas e a subscripción de convenios, as relacións de colaboración e cooperación económica. Cabe, así mesmo, mencionar a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, como instrumentos normativos para desenvolver as actuacións do contido do programa.

1. Territorio e Paisaxe. As actuacións enmárcanse dentro de:
 - Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia e o seu regulamento
 - Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
 - Directrices de Ordenación do Territorio
 - Plan de Ordenación do Litoral
 - A Estratexia da Paisaxe Galega.
2. Información Xeográfica. As actuacións enmárcanse dentro de:
 - Directiva 2007/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2007, pola que se establece unha infraestrutura de información espacial na Comunidade Europea (INSPIRE)
 - Real Decreto 1545/2007, de 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional
 - Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España
 - Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Co desenvolvemento do programa preténdese a consecución da finalidade prevista, que se describe do seguinte xeito:

- Manter e mellorar as iniciativas de fomento da redacción de figuras de planeamento municipal e supramunicipal, mediante axudas económicas e colaboracións coas corporacións e/ou outros entes locais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Fomentar a elaboración de planeamento sectorial para o desenvolvemento e planificación de actuacións, sobre partes do territorio que, polas súas especificidades, o requiran.
- Incentivar a dispoñibilidade de planeamento urbanístico municipal mediante o financiamento da execución de actuacións de construción e mellora do contorno construído, mediante colaboracións cos concellos da nosa comunidade.
- Mellorar a calidade do ambiente urbano mediante a implantación de edificios e outras infraestruturas de equipamentos en lugares estratéxicos definidos, en colaboración coas entidades locais e comarcais.
- Colaborar con órganos e entidades para dispor de información territorial actualizada a disposición de todos os cidadáns.
- Dotar á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo dos medios e recursos técnicos axeitados para o desenvolvemento das súas funcións.

Para a consecución destes obxectivos prevese a convocatoria pública de ordes de axudas dirixidas aos concellos para a redacción do seu planeamento urbanístico, a selección de actuacións para incluír no Plan Hurbe e a formalización dos correspondentes acordos para a súa posta en valor. Con todo isto dáse solución a problemas concretos, ao poñer a disposición da cidadanía as infraestruturas do Plan Hurbe e instrumentos de planeamento ás corporacións locais para un desenvolvemento harmónico das actuacións sobre o territorio.

1. Territorio e Paisaxe

A incorporación dos criterios de sostibilidade emanados dos instrumentos de ordenación do territorio no planeamento urbanístico e mesmo nas accións territoriais públicas na procura da preservación dos valores non renovables do territorio no proceso de desenvolvemento necesario da sociedade.

Levar as cuestións da paisaxe á primeira liña de interese en materia de ordenación territorial en claves de sustentabilidade e gobernanza cidadá, a través do desenvolvemento dos instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe contemplados na lei. En especial, os catálogos e directrices da paisaxe e mediante as estratexias de integración paisaxística das actuacións sectoriais.

2. Información xeográfica

Co desenvolvemento das actuacións de información xeográfica disporase e poñerase ao servizo da administración e da poboación en xeral a información básica para a planificación territorial e, deste xeito, poder formular actuacións integradas no marco dun desenvolvemento

mento sustentable e empregando as novas ferramentas de xestión da información xeográfica TIC_SIX.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Instituto de Estudos do Territorio

III.1.8. PROGRAMA 531A - PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A necesidade que trata de atender o programa 531A consiste basicamente en completar un mapa de solo industrial de Galicia con criterios de equilibrio territorial, accesibilidade e suficiencia de capacidade e equipamentos, realizando as funcións que neste ámbito lle corresponden ao Instituto Galego da Vivenda e Solo dentro das súas competencias, como son:

- Programar as necesidades de solo empresarial.
- Xestionar a adquisición do solo empresarial (por expropiación ou mutuo acordo).
- Propoñer a contratación e supervisar os plans e proxectos técnicos precisos para a promoción de solo, así como a xestión das obras de urbanización.
- Xestionar o alleamento de solo empresarial.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe o programa 531A é o de persoas físicas ou xurídicas (e, dentro destas, públicas ou privadas) que adquiren as futuras parcelas urbanizadas de solo empresarial.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación da que se parte no programa 531A é a necesidade de programar a execución de solo empresarial no que se implanten novas empresas, atendendo a criterios de demanda e de ordenación territorial.

Neste sentido o IGVS está a tramitar o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais. Este plan ten como obxecto fundamental a programación das actuacións de solo empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, dando prioridade ás que se localizan en ámbitos territoriais nos que se prevé maior demanda de solo, así como facer compatible o desenvolvemento de solo empresarial de Galicia coa defensa do medio ambiente, a paisaxe e o patrimonio cultural.

Paralelamente a este plan foi creado o Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial, ins-

trumento que lle permitirá ao IGVS e ás Xestures executar actuacións onde verdadeiramente sexan necesarias, e coas características que os demandantes precisen para instalar as súas empresas e así optimizar ao máximo os recursos dispoñibles.

Nos últimos anos o IGVS veu realizando (directamente ou a través de encomendas de xestión coas sociedades Xestur) a tramitación de planeamento para desenvolver parques a curto prazo (parques empresariais de Tamagos, Pazos-Verín, Barbanza, Cidade do Moble da Estrada...). Tamén foi adquirindo solo nos parques de Pazos-Verín, Tamagos, Taboadela, Pademe de Allariz, Porto Seco de Monforte de Lemos, Taboada e Poio, ademais de comezar coa urbanización dunha primeira fase do Porto Seco.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario no que se desenvolve o programa 531A é o seguinte:

- Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS.
- Decreto 288/1988, do 29 de setembro, de desenvolvemento da referida lei.
- Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS.
- Decreto 108/2012, do 29 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial de Promoción Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa 531A ten por finalidade facilitar a implantación das actividades empresariais que contribúan ao impulso da actividade económica e ao fomento do emprego.

Para iso prevese o desenvolvemento de solo empresarial para a súa posterior transmisión en condicións favorables de prazos e prezos de venda.

Así mesmo, estase a acometer o proceso de fusión das catro sociedades existentes nunha única entidade con competencias en toda a comunidade autónoma, co obxecto de garantir unha maior eficiencia na prestación dos servizos nos que se concreta o seu obxecto social, de xeito que se consiga unha maior coordinación na programación, desenvolvemento e xestión da política de solo empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, así como diminuír os gastos de estrutura e funcionamento das sociedades e garantir a súa solvencia.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego da Vivenda e Solo.

III.1.9. PROGRAMA 541A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa dálle soporte ás actuacións horizontais da consellería en materia de medio ambiente.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten carácter universal.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A comunidade autónoma debe seguir afondando na mellora ambiental de Galicia, dando este programa soporte ás actuacións horizontais da consellería nesta materia, polo que serve de base ao resto de programas neste ámbito competencial.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa se desenvolve dentro do marco legal da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Este programa ten por obxectivos:

- A xestión dos gastos correntes, así como dos investimentos materiais de carácter horizontal, precisos para o desenvolvemento das competencias atribuídas á consellería en materia de medio ambiente.
- A realización de estudos e traballos técnicos en temas xerais e demais activades de apoio.
- A coordinación dos servizos e centros administrativos.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

III.1.10. PROGRAMA 541B - CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PORGRAMA

A importancia do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, así como a interrelación entre o medio e as persoas, cobra na actualidade unha grande relevancia. Ningunha actividade humana pode prescindir da compoñente ambiental, porque constitúe o medio sobre a que se sustenta.

A X Conferencia das Partes do Convenio sobre a diversidade biolóxica (CoPI0), celebrada en Nagoya (Japón) en 2010, concluíu coa aprobación do Plan estratéxico mundial para a biodiversidade (2011-2020), o Protocolo de Nagoya sobre o acceso ós recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos beneficios que se deriven da súa utilización (Protocolo ABS) e unha estratexia de mobilización de recursos ó servizo da biodiversidade mundial. Neste momento a UE impulsa a adopción da Estratexia Europea sobre la biodiversidad ata 2020. Este contexto ten e vai ter un reflexo nos marcos comunitarios de acción e nos regulamentos que desenvolven os fondos comunitarios.

A conservación do Patrimonio Natural e a Biodiversidade en Galicia ten como escenario común fundamental a súa grande heteroxeneidade, expresada por unha banda na variabilidade das características bioxeográficas e socioecolóxicas, pero tamén na conxunción de características e factores derivados; por unha banda nos aspectos ecolóxicos e xeográficos e por outra nas iteracións humanas que afectan á práctica totalidade do territorio, e que teñen na configuración territorial de Galicia o seu aval máis significativo.

Galicia amosa, sen dúbida, un perfil crecentemente urbano e unha translación da poboación dende o interior á costa, sen embargo non debemos de esquecer que o 90% do territorio é rural, e nel aséntase tamén unha importante porcentaxe da poboación total. Esta afirmación ten o seu aval máis significativo nas 26.892 entidades singulares de poboación con menos de 100 habitantes e os 198 municipios con menos de 5.000 habitantes, dun total dos 315 concellos galegos.

O territorio galego amósase ademais como un escenario complexo, no que a demanda de bens e servizos ten unha correlación directa coa dispersión da poboación e coas necesidades estruturais. As características da propiedade, o alto peso do sector primario, a alta produtividade dos ecosistemas, as fortes demandas de solo para os usos agrarios, forestais ou urbanísticos, a gran dispersión da poboación ou a ocupación intensa dunhas áreas, que incrementan a demografía en termos relativos, fronte ao abandono propiciado polo éxodo rural noutras, configuran este territorio de fortes contrastes dun xeito significativo.

As políticas de conservación da natureza abórdanse neste último período da lexislatura desde a Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e isto propicia un enfoque integrado das políticas do territorio. Moito do que queremos conservar hoxe non se conservou

só, senón que é o resultado da racionalidade no uso e no aproveitamento dos recursos levados a cabo por persoas que desenvolven a súa actividade no territorio.

Sen dúbida, neste sentido, a rede de Espazos Naturais Protexidos, a Rede Natura 2000 e a súa xestión e conservación constitúe, en esencia, o eixo básico sobre o que pivota a acción da Administración pública, consciente da necesidade de dotala de réximes xurídicos axeitados, acompañados de medidas activas de conservación, restauración e posta en valor.

Similar compromiso ven derivado do impulso para a conciliación do desenvolvemento e a conservación das Reservas da Biosfera de Oscos-Eo e Terras de Burón, que comparte territorios en Asturias e Lugo e o Xurés-Gêres en Ourense e o norte de Portugal.

Significar, así mesmo, a atención no orzamento ao impulso dos Plans de Zona derivados da aplicación do Real decreto de desenvolvemento rural sostible, que impulsa aspectos multidisciplinares nos ámbitos da ordenación de recursos cinexéticos e o benestar animal.

Merecen especial atención tamén para o ano 2013 as necesidades derivadas da aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000, así como a ampliación da Rede Natura 2000.

A demanda de recreo sobre o medio natural constitúe tamén unha aspiración dos cidadáns. Trátase pois de proporcionar espazos de lecer nos que as actividades de contacto coa natureza estean garantidas, baixo o concepto da suficiente calidade e baixo a mínima afección ao medio.

A conservación da vida silvestre como expresión da preservación dos elementos da biodiversidade constitúe outro obxectivo básico. Nos últimos anos a produción normativa e a implementación de instrumentos e ferramentas ao servizo da conservación das especies ten sido abundante, e isto suxire a necesidade de planificar e establecer as medidas axeitadas para garantir a conservación das especies, tendo en conta a prioridade das máis ameazadas.

A protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro forma parte das competencias da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e é obxecto de especial atención, sobranceiramente fronte á necesidade de desenvolver políticas e accións de benestar animal.

O outro eixo transversal está relacionado coa utilización da divulgación, a información, a educación e sensibilización ambiental, como elemento de fomento da participación pública no contexto do dereito constitucional de gozar dun medio axeitado. A difusión permite mellorar o coñecemento da poboación e, en consecuencia, mellorar o esquema de valores e actitudes coa conservación do ambiente.

Teñen unha representación significativa nos orzamentos do 2013 os compromisos relativos aos programas europeos MARGAL-ULLA e BIODIV_GNP, relativos á conservación de especies.

Por outra banda, o programa 541-B contempla tamén as necesidades relativas á aplicación

de políticas preventivas, funcións de policía e vixilancia, control e prevención de impactos no medio natural, para o que é preciso dispor dunha adecuada dotación de medios humanos e materiais.

Por último, este programa tamén promove o ordenado aproveitamento das especies da fauna cinexética, e da piscícola nas augas continentais, asegurando unha xestión sostible das mesmas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe comprende, ademais da poboación en xeral:

- A poboación residente no medio rural, con especial incidencia nos residentes na área de influencia dos espazos naturais protexidos.
- As corporacións locais.
- Os visitantes dos espazos naturais.
- As sociedades protectoras de animais domésticos.
- As sociedades e entidades colaboradoras e representativas da actividade cinexética e piscícola.
- Os colectivos de gandeiros, agricultores e silvicultores.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O detalle da situación de partida ven determinada pola necesidade de facer fronte ás seguintes problemáticas:

- O deterioro da biodiversidade e do patrimonio natural.
- A representatividade das áreas protexidas en termos relativos nos contextos español e comunitario.
- A ausencia, en moitos casos, de instrumentos de planificación que fixen as normas de uso, xestión e desenvolvemento transversal destes espazos protexidos como os PORN, PRUG e PDS.
- O estado incipiente de instrumentos de conservación dalgunhas especies de fauna e flora catalogadas. Ausencia de plans de conservación de especies.
- Detéctase insuficiencia de infraestruturas, equipamentos e servizos de uso público que garantan o uso apropiado e sostible do medio natural e, en especial, nos espazos naturais protexidos. As infraestruturas e equipamentos que son a ferramenta básica na ordenación do uso público, son aínda insuficientes e non alcanzan nalgúns casos a calidade necesaria. Cómpre seguir realizando actuacións de dotación encamiñadas a este fin, que inclúan novos equipamentos e melloren a súa calidade.
- A oferta limitada dos servizos a visitantes nos espazos naturais protexidos constitúe unha debilidade.
- As áreas protexidas en xeral, e os parques naturais en particular constitúen escenarios obxectivos de gran valor intrínseco para o desenvolvemento económico e social. Detéctase a necesidade de apoio ás liñas de axudas necesarias para a promoción socioeco-

nómica dos espazos naturais, o desenvolvemento sostible, a mellora da calidade de vida, o apoio as oportunidades empresariais e o fomento e mellora das canteiras de emprego constitúen un obxectivo de primeira magnitude.

- Necesítase avanzar na transmisión de coñecemento e difusión dos valores do patrimonio natural e a biodiversidade, como ferramenta principal ao servizo da conservación.
- A necesidade de mellorar a accesibilidade dos canles fluviais, eliminando obstáculos ao desprazamento da fauna acuática.
- Carencia de plans de ordenación de ríos que activen as medidas a adoptar para conseguir un aproveitamento sostible das poboacións piscícolas e dos ecosistemas acuáticos.
- As poboacións de salmóns nalgúns cursos fluviais.
- Necesidade de apoio para a ordenación da actividade cinexética e piscícola e para paliar os ataques das especies cinexéticas ao gando e aos cultivos agrícolas xa que estes xeran gran tensión social, polo que cómpre continuar con liñas de axudas de carácter compensatorio para os afectados.
- Necesidade de mellorar a participación dos colectivos implicados na toma de decisións ambientais.
- A insuficiencia de medios para afrontar a necesidade crecente de informar plans, programas e proxectos que poidan afectar a integridade dos espazos naturais, hábitats e especies ameazadas.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Todas as actuacións previstas acomóndanse aos principios do VI Programa de acción comunitaria en materia de medio ambiente, programa que resulta de especial interese como ferramenta de primeira importancia para acometer iniciativas de desenvolvemento sostible.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

1. Obxectivo.

O principal obxectivo do programa é, en esencia, a conservación e protección da biodiversidade e o patrimonio natural de Galicia, así como das paisaxes naturais, tendo en conta as esixencias económicas, sociais e culturais do conxunto da sociedade galega.

2. Necesidade.

Acadar este obxectivo implica, por unha banda, manter unha ampla rede de espazos naturais protexidos, así como o establecemento de ferramentas de planeamento activas específicas de conservación de ENP e protección de especies nos seus hábitats. Por outra banda, é preciso involucrar á sociedade na protección dos mesmos. Neste senso cómpre, polo tanto, desenvolver accións que permitan harmonizar a conservación coa posta en valor do medio natural e dos seus compoñentes, fomentando as accións que deriven nunha participación nos beneficios económicos e sociais a partir da xestión sostible do mesmo.

3. Beneficios a acadar.

- Posta en valor e desenvolvemento sostible social e económico dos territorios con marcado carácter ambiental.

- Mantemento nun estado de conservación favorable de hábitats e especies, mellorando o estado de conservación da biodiversidade.
- Lograr unha representación axeitada dos hábitats e das especies propios de Galicia que garanta a súa conservación activa dentro das políticas de espazos naturais protexidos, consolidando unha rede de espazos protexidos nun estado adecuado de conservación.
- Ultimar a aprobación e aplicación dos instrumentos de planeamento dos espazos naturais protexidos.
- Mellorar a situación de apoio ao desenvolvemento aos habitantes, empresas ONG, entidades e institucións locais da área de influencia dos Parques Naturais, do Parque Nacional e dos espazos naturais protexidos, axudando a manter o tecido poboacional das áreas incluídas nos espazos.
- Dotar aos espazos naturais das infraestruturas, equipamentos e servizos ambientais con suficiente oferta e calidade para o desfrute dos usuarios, ordenando o uso sociorecreativo do medio natural, compatibilizándoo coa conservación do mesmo e garantindo un uso racional do medio natural acorde coas demandas dos usuarios e coa fragilidade dos ecosistemas.
- Mellorar a información e difusión da importancia do patrimonio natural e da biodiversidade e garantir o goce, resaltando a importancia dos valores naturais e concienciando á cidadanía sobre a importancia de conservar a natureza.
- Mellorar o nivel socioeconómico das poboacións que están integradas nos espazos protexidos, fomentando actividades produtivas respectuosas co medio ambiente e acadar a distribución equitativa dos beneficios ambientais.
- Fomentar a participación das persoas e dos colectivos implicados na conservación do medio ambiente e na toma de decisións ambientais.
- Mellorar o benestar dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
- Procurar o equilibrio das poboacións cinxéticas, compatibilizándoas cos intereses de agricultores e gandeiros.

Eixes de actuacións:

I.- Conservación, protección e impulso socioeconómico de espazos naturais protexidos

É preciso dar un pulo aos obxectivos de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade nun contexto de desenvolvemento sostible, adaptados aos estándares da conservación definidos polos marcos estratéxicos nacionais e internacionais.

Os principais obxectivos establecidos para o ano 2013 están orientados a seguir a traballar na liña que garanta a protección, conservación e posta en valor dos espazos naturais de maior valor ecolóxico, asegurar o mantemento e a coherencia da Rede Natura 2000, e promover o uso sostible das áreas protexidas. As principais accións previstas son:

1.1.- Formular a adaptación da Lei 9/2001, de conservación da natureza e a Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Existe a necesidade de actualizar o escenario normativo da conservación e o desenvolvemento sostible dos espazos naturais e da biodiversidade ás novidades xurídicas estatais e da UE.

1.2.- Rede Natura.

A Rede Natura 2000, resultante do cumprimento da Directiva 92/43/CEE, está composta por 59 lugares de Importancia Comunitaria (LIC), cunha superficie total de 374.404 Ha e 16 ZEPAS, que supoñen 94.084 Ha, que representan un 12,8% do territorio. Os límites destes espazos coinciden cos publicados na Resolución do 30 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (DOG do 19 de maio de 2004).

1.2.1.- Completar os sistemas de áreas protexidas. Ampliación RN2000.

- Actualmente está rematada a fase de participación pública sobre proposta autonómica de Rede Natura 2000.
- A referida ampliación ten a súa orixe en tres aspectos:
 - A necesidade de corrixir as insuficiencias impostas pola UE.
 - A necesidade de mellorar a conectividade dos hábitats.
 - Dotar a Rede dunha maior coherencia, no sentido de protexer o patrimonio natural mais valioso.

1.3.- Completar os sistemas de áreas protexidas.

Na actualidade, a Rede de Parques Naturais de Galicia compóñena 6 Parques, cunha superficie de 40.661 Ha, con excepcionais valores naturais e extraordinaria beleza.

Os Parques Naturais están encamiñados a multiplicar as oportunidades de desenvolvemento económico dos territorios e do seu contorno. É preciso dar relevancia á participación pública a través dos órganos establecidos, como son as Xuntas Consultivas.

É preciso tamén dar un pulo á colaboración cos concellos en actuacións de conservación, rexeneración e mellora dos espazos con especial valor dos recursos naturais locais.

Apoio socioeconómico ás áreas de influencia socioeconómica dos parques naturais e da Rede Natura 2000.

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia cobra especial importancia na medida de financiar accións de apoio ao desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia tanto dos parques naturais como da Rede Natura 2000. Neste sentido, a medida 216 do PDR ocúpase dos investimentos non produtivos. Trátase pois de impulsar axudas aos axentes do territorio de cara á: mellora da paisaxe, prevención da erosión, aumento da biodiversidade, conservación de elementos patrimoniais, culturais e naturais característicos da paisaxe agraria galega.

1.4.-A xestión do Parque Nacional.

No ano 2008 realizouse a transferencia do Parque Nacional das Illas Atlánticas á Xunta de Galicia e a súa recente incorporación á comunidade autónoma. É por iso que se formulan novas estratexias de futuro:

- Rematar a planificación do Parque Nacional.
- Proporcionar servizos aos visitantes que garantan a calidade axeitada.
- Mellorar na xestión integral do parque, coa aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión.
- Aumentar a oferta educativa nun intento dun maior coñecemento e recoñecemento dos seus valores naturais.
- Seguir no proxecto de eliminación de especies alóctonas.
- Mellorar as infraestruturas do parque en procura dunha mellor atención aos visitantes.
- Incrementar a posta en valor e difusión dos valores naturais do parque, incorporando as novas tecnoloxías.
- Ultimar o proceso de tramitación das concesións na Illa de Ons, en cumprimento da lexislación vixente.

1.5.- A planificación dos espazos naturais.

1.5.1.- Aprobar o Plan Director de Ordenación dos Recursos Naturais e do Medio Físico da Rede Natura 2000.

De acordo coa Directiva 92/43/CEE de Hábitats, é precisa a aprobación de medidas administrativas regulamentarias ou contractuais na planificación dos espazos considerados Lugares de Interese Comunitario e ZEPAS, 6 anos despois da designación. Tense optado pola aprobación dun instrumento director único para todos eles, con independencia dunha planificación futura máis específica para cada lugar. Con data 17/07/2012 publicouse a resolución pola que se fai publico o procedemento de exposición pública desta ferramenta.

1.5.2.- PORN, PRUG e PDS

É necesario continuar co planeamento dos recursos naturais como base da conservación e do desenvolvemento sostible. Neste sentido, vaise realizar un esforzo na revisión e adaptación dos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais e continuar coa elaboración e aprobación dos Plans Reitores de Uso e Xestión dos principais espazos.

1.6.- Rede Galega de Reservas da Biosfera.

A concepción actual das Reservas da Biosfera vai máis alá dos espazos protexidos, sendo unha ferramenta que vincula a conservación da biodiversidade co desenvolvemento socioeconómico para o benestar da humanidade. No escenario actual, as Reservas da Biosfera son xurisdición das comunidades autónomas nas que se ubican, que adoptarán as medidas necesarias para mellorar o seu funcionamento. Os obxectivos e directrices aparecen recollidos nos art. 65, 66 e 67 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

A Consellería do Medio Rural asinou un convenio de colaboración co MARM, coa finalidade

de impulsar investimentos no ámbito das reservas de Oscos-Eo e terras de Burón e a reserva da biosfera internacional Xurés- Gêres. O orzamento contempla os investimentos para estas áreas, encamiñados á conservación e restauración da biodiversidade que corresponde á anualidade.

1.7.- Plans de zona. Desenvolvemento rural sostible.

A Xunta de Galicia ten subscrito un convenio de colaboración co MAGRAMA para a implementación do Plan de Desenvolvemento Rural Sostible. Neste sentido os programas de zona contemplan accións en materia de apoio á ordenación cinexética, así como tamén para o impulso de centros de acollida de animais.

2.- Conservación da biodiversidade

As accións para a conservación da biodiversidade encádranse no contexto normativo derivado da Lei 42/2007, de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, que ten por obxecto “a conservación do medio natural e os seus recursos, así como a xestión sostible dos espazos naturais e a flora e fauna silvestres, ademais da xea, da Comunidade Autónoma de Galicia”, que se inspira nos principios da estratexia galega para a conservación e o uso sostible da biodiversidade: información, formación, participación e coordinación.

Efectuaranse distintas accións encamiñadas á adecuada protección e conservación das especies de flora e fauna silvestres, especialmente daquelas incluídas no catálogo galego de especies ameazadas. Así mesmo, continuarase coas accións necesarias para garantir a correcta aplicación das Directivas comunitarias 2/43/CEE de “hábitats” e 79/409/CEE de “aves”, ámbalas dúas orientadas ao mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats e das especies incluídas nos seus anexos.

2.1.- Plans de conservación de Especies Ameazadas

O programa de conservación de especies ameazadas ten por finalidade acadar a supervivencia sostida a longo prazo no medio silvestre das especies de plantas e de animais que, pola evolución das súas poboacións, se atopan actualmente baixo ameaza de extinción na nosa Comunidade Autónoma. Durante o ano 2013 prevese a aprobación de 4 plans de conservación–recuperación de especies ameazadas e continuar nesa liña no ano 2013.

2.2.- Plan de xestión de especies exóticas invasoras.

A introdución de especies animais ou vexetais exóticas con comportamento invasor, está considerada como a segunda causa de extinción de especies e o segundo problema ambiental, por orde de magnitude. Esta problemática atinxe enormes danos económicos en sectores relevantes como a agricultura, a pesca, ou o sector forestal.

Durante o seguinte exercicio prevese a elaboración dun plan estratéxico, que inclúe un diagnóstico e un programa de medidas encamiñadas á erradicación ou ao control destas poboacións,

así como a metodoloxía de avaliación de riscos destas especies.

Contempla ademais avanzar no desenvolvemento de plans de divulgación, detección temprá e actuación rápida fronte as especies que supoñen na actualidade un elevado risco.

2.3.- Protección de árbores senlleiras.

Con independencia das medidas establecidas para a protección de especies ou unidades taxonómicas como tales, a conservación da nosa biodiversidade vexetal pasa tamén pola protección de aqueles valores naturais, culturais, científicos, didácticos, estéticos ou paisaxísticos. Estes exemplares senlleiros representan un valioso legado e un valor natural, na medida que se trata de exemplares que subsistiron aos rigores dos tempos ou que contan cunhas particularidades especiais. Esta liña de conservación sobrepasa, no seu ámbito de acción, o campo estritamente biolóxico, ao incorporar o valor antropolóxico dende o punto de vista da estética e a sensibilidade do pobo ao seu entorno.

Preténdese seguir avanzando na identificación de árbores senlleiras e na súa catalogación, conforme ao Decreto 67/2007, do 22 de marzo, no que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, no que se prevé a inclusión destas árbores e formacións singulares, coa finalidade de protexelos de posibles riscos e ameazas, garantindo a súa conservación.

2.4.- Rede galega de centros de recuperación de fauna silvestre.

2.4.1.- Desenvolvemento da rede galega e desenvolvemento da estrutura de xestión de centros de recuperación da fauna salvaxe.

É preciso integrar o funcionamento á rede dos actuais Centros de Recuperación de Fauna Silvestre, co obxecto de aproveitar todas as súas funcionalidades e experiencias.

2.4.2.- Animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

O obxectivo deste programa trata de mellorar o benestar dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro en Galicia mediante:

Desenvolver un marco normativo axeitado para a protección animal.

Favorecer a participación doutras entidades protectoras de animais mediante un marco de apoio para institucións e ONGs.

Apoiar aos concellos na protección de animais domésticos.

Sensibilización da poboación galega.

3. Divulgación e difusión da natureza

Constitúe un eixe fundamental cuxo obxectivo pretende por unha parte transmitir á sociedade a transcendencia da conservación da natureza para o seu benestar social e para o desenvolvemento, e por outra contribuír activamente ao panorama internacional en materia de áreas protexidas.

É esencial que a sociedade coñeza e recoñeza os beneficios que as áreas protexidas proporcionan ao benestar das persoas.

É preciso comunicar estes beneficios, o que permitirá un maior apoio aos esforzos de conservación.

Este eixe de actuación debateuse e aprobouse no recente Congreso de Espazos Protexidos (EUROPARC) 2011, onde se trazou un marco de actuación para os vindeiros catro anos, marco que foi ratificado na Asemblea do que a Xunta de Galicia é membro.

Trazaremos vías de comunicación adecuadas para chegar ao público e mellorar a percepción social das áreas protexidas.

Faremos un esforzo en mellorar a rede de centros de visitantes dos parques, a atención educativa, o fomento das visitas guiadas, a investigación e a divulgación dos valores naturais que os espazos protexidos atesouran.

4. Os recursos cinexéticos e piscícolas

A promoción, defensa e protección dos valores biolóxicos que ten o medio acuático continental constitúe un dos máis importantes valores que ten encomendada a Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Nesa procura está a desenvolver un amplo e variado programa de actuacións a prol das especies que habitan este medio natural, que van dende a mellora do hábitat no que se desenvolven, o reforzamento das súas poboacións, o seguimento sanitario (tanto das poboacións silvestres como as que son obxecto de cultivo), ata a axeitada xestión do seu aproveitamento.

Por outra banda, no eido da caza, utilízase como instrumento indispensable para a xestión das poboacións silvestres, posibilitando un equilibrio que faga factible o desenvolvemento de todas as especies que conviven no mesmo medio. A fonda transformación do monte galego imponlle á administración galega un esforzo intenso para procurar o mantemento de especies que sofren unha diminución moi grave das condicións do seu hábitat tradicional, namentres que outras máis favorecidas polo cambio medran de xeito exponencial, poñendo en perigo os equilibrios naturais.

A actuación administrativa neste eido oríentase no designio de contemplar estas dúas actividades como ferramentas de primeiro orde para o desenvolvemento económico de amplas zonas do noso territorio, porque poden aportar unha axuda importante, para evitar a despoboación, o abandono e a depauperación de boa parte do rural galego.

4.1. Recursos Cinexéticos.

Impulsáronse os programas de recuperación das especies cinexéticas, poñendo especial

énfase no coello de monte e a perdiz, as dúas especies referentes da caza menor, e continúaase a reintroducción do rebezo, a cabra montés e do cervo, no que respecta á caza maior.

Desenvolvéronse programas de identificación xenética das dúas especies máis representativas da caza menor en Galicia, o coello de monte e a perdiz vermella. Ademais diso, colabórase coa Federación Española de Caza nun programa de detección da hibridación da perdiz vermella coa chukar, en todo o territorio nacional.

Mantéñense os programas de seguimento e control doutras especies de moito interese, como son o pasallás, cuxa caza so se autoriza na chaira limiá e máis a agacha, na que se está a colaborar con outras comunidades autónomas nun importante programa de xestión da especie a nivel europeo.

Propiciaranse actividades de colaboración cos tecores e coas súas entidades representativas, para a recuperación do hábitat e a mellora das poboacións cinexéticas.

Perante os reiterados e cada vez máis graves danos que causan algunhas especies cinexéticas nas producións agrarias, seguirase co programa de actividades de control das especies, a promover cambios legislativos da lexislación estatal competente para adecualas á situación actual, xunto con medidas de orde preventivo e paliativo. Especial énfase ponse na loita contra os danos do xabarín, previos aos estudos de situación e do análise dos instrumentos máis axeitados para facer fronte ao grave problema que provocan. Farase un amplo seguimento de control do cumprimento dos plans de ordenación e de aproveitamento dos tecores galegos.

Poñerase especial empeño en potenciar a caza como un instrumento de desenvolvemento rural, pola súa particular virtualidade para xerar recursos, precisamente nos lugares nos que resulta máis necesaria, para fixar poboacións e xerar riqueza e emprego.

4.2 Recursos Piscícolas.

Seguirase traballando no coñecemento e na investigación das diversas especies piscícolas e do seu hábitat, para mellorar as condicións do medio e procurar o incremento das súas poboacións naturais.

Darase un forte pulo á elaboración de plans de ordenación e xestión dos recursos piscícolas, como instrumentos básicos para a mellora dos nosos recursos piscícolas.

Prestarase especial atención ao programa de recuperación do salmón atlántico, especie raíña dos nosos ríos. O esforzo inversor nos centros ictioxénicos redundará nunha mellor capacidade para producir exemplares para a repoboación, que se considera peza básica no programa de recuperación desta especie.

Ponse especial interese na recuperación desta especie nos ríos da provincia da Coruña, traéndose exemplares de ríos próximos, para fundar poboacións nuns casos e para reforzalas noutros.

Vaise acometer a eliminación dalgúns obstáculos naturais que limitan a área de expansión deste salmónido e propoñer ao organismo de conca correspondente a eliminación daqueles outros construídos no seu día, que teñen esgotada a súa vixencia e que resulten prexudiciais para o ecosistema fluvial.

A pesca deportiva irá ordenándose dun xeito cada vez máis respectuoso cos valores de preservación do medio fluvial e da sostibilidade das poboacións que o habitan.

No esforzo de concienciación ecolóxica dos pescadores vaise solicitar a colaboración das asociacións de pescadores, para facer con elas un esforzo de divulgación de formación dos valores naturais dos nosos ríos.

Seguindo as directrices europeas, esta consellería ten posto en marcha un plan de xestión para a anguía, previa aprobación dun decreto que regula a pesca profesional da anguía. Prohibiuse a pesca deportiva desta especie, que atravesa un momento delicado nos seus stocks poboacionais, limitándose en determinadas circunstancias a súa captura para as organizacións profesionais.

Contratouse unha asistencia técnica para o seguimento das poboacións da anguía. Unha vez aprobados os plans de xestión de España para a conservación desta especie, deben facerse estudos de postavaliación nos que se indiquen a clase, eficacia e natureza dos controis realizados, e dar conta da biomasa de anguías prateadas que chega ao mar para desovar.

Vaise continuar co seguimento levado a cabo nestes últimos anos de especies singularmente importantes e sobre as cales convén facer un esforzo de conservación polo seu valor biolóxico, como é o caso das alosas, sábalos e saboga, e do seu interese amáis económico, como ocorre coas lampreas.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

III.1.11. PROGRAMA 541D - CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O punto fundamental no que se centra este programa é a xestión de residuos, polo que un obxectivo prioritario será lograr unha redución na produción dos mesmos, mellorando os sistemas de prevención, así como incrementando a súa reutilización e reciclaxe, cun avance na mellora dos sistemas de xestión.

Así mesmo, seguirase avanzando na dotación á comunidade autónoma dos equipamentos,

sistemas e infraestruturas necesarias que garantan unha axeitada xestión de residuos no noso territorio.

Outro aspecto básico será o control ambiental, ámbito no cal se buscará o obxectivo xeral de prever, reducir e controlar calquera tipo de contaminación, mellorando a avaliación ambiental, apoiando ás empresas nas tomas de decisións en relación coa minimización dos seus impactos, en particular a redución de residuos e emisións de gases efecto invernadoiro, mellorando, así mesmo, as redes de estacións de medida, en particular a rede de captación e transmisión de datos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Seguindo o disposto no punto anterior, debemos distinguir dous ámbitos: un o referente á xestión de residuos e outro ao control ambiental.

1. Xestión de residuos:

Neste eido debemos diferenciar, segundo as accións, o colectivo ao que se dirixen.

En materia de prevención e redución da produción, as actuacións irán dirixidas tanto a produtores como consumidores, co obxecto de propiciar un cambio progresivo nos procesos produtivos e nos hábitos de consumo, así como nos modelos de xestión, promovendo un uso máis eficaz dos recursos.

As actuacións vinculadas á recollida selectiva en orixe de todas as fraccións terán como eixe fundamental as entidades locais, ás que tamén irán dirixidas as ampliacións das infraestruturas ambientais de tratamento de residuos.

2. Control ambiental:

As actuacións de mellora da avaliación ambiental incidirán de xeito claro nas entidades locais galegas, así como no sector empresarial, ao potenciar a rápida resolución dos procedementos, dentro do rigor absoluto ao disposto na normativa ambiental.

O fomento de novas tecnoloxías dirixidas á prevención e redución da contaminación ambiental e as actuacións dirixidas á mellora e mantemento das redes de estacións de medida teñen como público obxectivo o sector empresarial galego, coa finalidade última de garantir a calidade de vida da poboación galega.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Comunidade Autónoma de Galicia debe seguir afondando na colaboración cos concellos e empresas galegas na procura dunha xestión integral dos residuos, tanto urbanos como industriais que nela se xeran, merecendo especial mención a necesaria e progresiva consecución do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020.

Así mesmo, resulta necesario establecer os mecanismos necesarios para o control ambiental das actividades industriais galegas, tendo como obxectivo a redución do seu impacto ambiental.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Este programa desenvólvese dentro do marco legal establecido por:

- Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia
- Lei 16/2002, de prevención e control integrado da contaminación
- Lei 10/2008, de residuos de Galicia
- Decreto 174/2005, polo que regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro xeral de produtores e xestores de Galicia
- Decreto 442/1990, de avaliación de impacto ambiental de Galicia
- Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental
- Real Decreto 9/2005, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados
- Decreto 60/2009, sobre solos potencialmente contaminados e procedementos para a declaración de solos contaminados
- Decreto 185/1999, polo que se establece o procedemento para a aplicación, na comunidade autónoma galega, dun sistema voluntario de xestión e auditoría medioambiental

Dentro do planeamento debe destacarse o encadre de boa parte das actuacións deste programa no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

1. Xestión de residuos:

Neste eido continuarase coa progresiva implantación do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020, con actuacións que se estenden a diferentes ámbitos:

- Prevención e redución da produción, partindo dunha política de prevención e comunicación a todos os niveis (produtores, consumidores, entidades locais, etc), propiciando un cambio progresivo nos procesos produtivos e nos hábitos de consumo, así como nos modelos de xestión, promovendo un uso máis eficaz dos recursos.
- Fomento da recollida selectiva en orixe de todas as fraccións, promovendo o mercado da reciclaxe a través do aumento da dispoñibilidade de información.
- Ampliación das infraestruturas ambientais de tratamento de residuos da nosa comunidade.
- Así, dentro do Plan Impulsa Ourense continuarase co desenvolvemento de novos puntos limpos na provincia, o que permitirá ampliar a prestación deste servizo
- Fomento da formación e concienciación, co fin de implicar á cidadanía e ás distintas organizacións nas actuacións de xestión de residuos, maximizar a implicación e os coñecementos da poboación e dos xestores.
- Potenciar os medios que garantan a calidade e transparencia da información nesta materia, a través da creación dun sistema compartido e homoxéneo de información estatística, que estea a disposición da poboación e que sexa facilmente comprensible.

2. Control ambiental:

- Mellora da avaliación ambiental, garantindo que as declaracións de impacto e efectos

ambientais, así como as autorizacións ambientais integradas, sexan resoltas no menor tempo posible e dentro do rigor absoluto ao disposto na normativa ambiental.

- Dentro do Plan Impulsa Ourense traballarase na redución do impacto das canteiras e vertedoiros de pizarra, a través das accións necesarias para a posta en marcha dos plans de restauración das explotacións de pizarra, potenciando a súa exhaustividade na corrección dos impactos ambientais derivados do seu funcionamento.
- Fomento da introdución nas empresas de novas tecnoloxías, dirixidas á prevención e redución da contaminación ambiental, en particular á redución dos residuos e emisións de gases efectos invernadoiro, así como á implantación de sistemas de xestión e control ambiental.
- Mellora e mantemento das redes de estacións de medida dos distintos factores que integran o control da calidade ambiental, en particular da rede de captación e transmisión dos datos.
- Impulso das actuacións desenvolvidas polo laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, mellorando a súa dotación de medios e equipos instrumentais de medida e potenciando as súas acreditacións, coa finalidade de asegurar a máxima calidade nas análíticas realizadas.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

III.1.12. PROGRAMA 541E - COÑECEMENTO DO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTIBILIDADE:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O obxectivo do programa consiste en promover a cultura da sustentabilidade. Vertébrase principalmente nos eidos da investigación e observación ambiental e na preparación da Estratexia de desenvolvemento sostible e os programas de educación para a sostibilidade en centros educativos.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PORGRAMA

I. Investigación e observación ambiental

Este programa ten como obxectivo o coñecemento do medio e a consecución duns niveis óptimos de investigación e observación ambiental, a través da implantación dunha completa rede de observación ambiental que permita realizar o seguimento continuo do estado dos ecosistemas de Galicia e a posta en marcha de programas de investigación que conduzan á mellora da capacidade predictiva dos riscos naturais.

Ademais, este programa permitirá seguir potenciando as actuacións fronte ao cambio climá-

tico, coa análise do impacto das emisións galegas e a proposta da súa mitigación.

2. Estratexia de sustentabilidade de Galicia

A sustentabilidade é un concepto interrelacionado e global e debe ser xestionada desde un compromiso político adecuado a cada ámbito territorial.

Faise ineludible para Galicia a necesidade de revisar a estratexia de desenvolvemento sostible existente (2004), de maneira incardinada coas estratexias e compromisos internacionais, fundamentalmente coa Estratexia Europa 2020 e as estratexias de desenvolvemento sostible europea e española, que foron posteriores á actual estratexia galega, e articulando de forma transversal a acción pública de Galicia.

3. Programa de educación sostible en centros educativos

A primeira quinta parte das nosas vidas discorre no entorno educativo obrigatorio, de aí a importancia de educar á poboación infanto-xuvenil nunha cultura de sostibilidade.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O obxecto do mesmo determina o carácter universal deste programa.

Especialmente aos xestores públicos no relativo á Estratexia de desenvolvemento sostible de Galicia e á Estratexia da Paisaxe Galega.

Profesorado e alumnado de Galicia, no relativo aos programas de educación sostible e coñecemento do noso territorio e paisaxe nos centros educativos.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A comunidade autónoma debe seguir afondando na progresiva incorporación de Galicia ao paquete europeo de enerxía e cambio climático.

Así mesmo, a peculiar situación xeográfica de Galicia, que fai que sexa receptora de importantes perturbacións meteorolóxicas, determina a necesidade de dispor dunha predición específica e local, co fin de apoiar o exercicio das competencias da Xunta de Galicia en materia de medio ambiente, pesca, agricultura, protección civil, turismo, sanidade, obras públicas, etc., facilitando a adopción de medidas preventivas para protexer á poboación e aos diferentes sectores fronte as situacións meteorolóxicas potencialmente adversas.

Igualmente, deberá seguir consolidándose a Rede de Observación Ambiental de Galicia, na que se potenciarán as medidas de calidade das augas, tanto continentais como mariñas costeiras e de transición, para dar resposta á Directiva Marco da Auga.

I. Estratexia de desenvolvemento sostible de Galicia

- Fortalezas: continuación do traballo iniciado cos indicadores de sustentabilidade da Axenda 21 local e cos resultados do proxecto europeo DESOURB de "Bases metodolóxicas para unha planificación sostible do territorio" e de "Xestión dinámica do territorio a través de indicadores" e o seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio e do Plan de Ordenación do Litoral.

- Continúase coa colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia partindo da base do proxecto DESOURB.
 - Oportunidades: fomentar unha cultura de corresponsabilidade, austeridade e espírito de superación, que permita afrontar as dificultades vindeiras, á vez que defender os valores éticos da nosa sociedade.
2. Programa de educación sostible en centros educativos
- Fortalezas: Colaboración coa Consellería competente en materia de educación no desenvolvemento do programa "PROXECTA".
 - Oportunidades: desenvolver un programa proactivo que forme cidadáns responsables e empoderados para afrontar novos retos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Estas actuacións desenvólvense dentro do marco da Directiva Marco de Auga e do Programa Marco de Cambio Climático, en desenvolvemento.

1. Estratexia de sostibilidade de Galicia

- Estratexia europea de desenvolvemento sostible (2006)
- Estratexia española de desenvolvemento sostible (2007)
- Estratexia galega de desenvolvemento sostible (2004), actualizada en 2011

2. Programa de educación sostible en centros educativos

- Estratexia galega de educación ambiental (2004)
- Colaboración entre as consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e a de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para desenvolver estratexias comúns de educación para a sostibilidade na poboación educativa
- Estratexia Galega da Paisaxe (2011)

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

1. Accións fronte ao cambio climático.

Proseguirase coas actuacións de redución de emisións, adaptación ao cambio climático, investigación, observación, divulgación e formación, acometidas en exercicios anteriores.

Así mesmo, seguiranse levando a cabo todas as actuacións necesarias para incorporar a Galicia o novo paquete europeo de enerxía e cambio climático, en particular no referente ao comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

Fomentarase a divulgación e formación sobre os efectos deste fenómeno global e as formas de colaboración entre os cidadáns galegos: obradoiros, páxina web, exposicións, calculadora de CO₂, documentais, etc.

2. Investigación ambiental.

Continuarase coa elaboración dunha predición meteorolóxica de calidade e a consolidación da Rede de Observación cara ao cumprimento, entre outras, da Directiva Marco de Augas.

Fomentarase de xeito decidido a investigación ambiental:

- Desenvolviendo proxectos de investigación, tanto exclusivos da nosa comunidade autónoma como integrados noutros de carácter nacional ou de ámbito europeo, procurando traducir os resultados dos mesmos en aplicacións operativas.
 - Complementando a rede de observación do territorio de Galicia con sistemas de investigación e información capaces de desenvolver o coñecemento sobre o comportamento dos sistemas naturais, necesario para previr, mitigar e restaurar os efectos que o cambio ambiental ou os eventos adversos accidentais produzan sobre os ecosistemas.
 - Impulsando a investigación en meteoroloxía e oceanografía, así coma en prevención de riscos naturais, o que permitirá desenvolver os modelos predictivos e plans de continxencia axeitados para previr riscos meteorolóxicos, de incendios, derivados de vertidos acuáticos e mariños e de emisións á atmosfera, mellorando a predición meteorolóxica e oceanográfica da nosa Comunidade.
 - Impulsando a investigación nas empresas de Galicia, facilitando o desenvolvemento e seguimento de proxectos de investigación desenvolvidos nelas.
 - Desenvolviendo sistemas de investigación e información capaces de ampliar o coñecemento sobre o comportamento dos sistemas naturais, necesario para previr, mitigar e restaurar os efectos que o cambio ambiental ou os eventos adversos accidentais produzan sobre os ecosistemas.
1. Estratexias de desenvolvemento sostible de Galicia
Sentar as bases dunha acción coordinada e consensuada de goberno, que sexa quen de conducir a unha sociedade máis cohesionada e respectuosa coa necesaria conservación activa dos recursos naturais. Establecer un Sistema de Indicadores de Sostibilidade de Galicia, que permita monitorizar o proceso.
 2. Programa de educación sostible en centros educativos
Darase apoio ao labor pedagóxico do profesorado, de cara a realizar, por parte do alumnado, accións de mellora do entorno e as paisaxes que sexan medibles.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Instituto de Estudos do Territorio

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prog.	Obxectivos Extratécnicos	Indicador	Valor Final
	Obxectivos Operativos		
451A FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA			
Promover a calidade da vivenda e da rehabilitación			
	Fomento da rehabilitación de vivendas e edificios de vivendas	Axudas concedidas (Nº)	51
		Expedientes tramitados (Nº)	90
		Vivendas e locais rehabilitados e/ou en proceso de rehabilitación (Nº)	300
		Vivendas e locais reparados e/ou en proceso de reparación (Nº)	579
	Fomento da rehabilitación en Areas de Rehabilitación (ARIS)	Convenios e/ou acordos asinados (Nº)	38
Soporte xeral - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única			
	Soporte xeral - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	Sen indicador	
451B ACCESO Á VIVENDA			
Establecemento de políticas que faciliten o acceso a vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos desfavorecidos			
	Fomento da adquisición de vivenda	Vivendas/aloxamentos con concesión da subvención da CA (Nº)	142
	Fomento do acceso á vivenda en réxime de alugueiro.	Axudas concedidas (Nº)	1.590
		Vivendas alugadas (Nº)	1.500
	Promoción de solo residencial para vivenda protexida	Superficie de planeamento en tramitación (m2)	315.966
		Superficie de solo adquirido (m2)	4.620
		Superficie de solo en proceso de urbanización (m2)	11.233
		Superficie de solo urbanizado (m2)	8.567
	Promoción pública de vivendas	Vivendas construídas e/ou en proceso de construción (Nº)	415
Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais			
	Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	Sen indicador	
451C DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE VIVENDA E SOLO			
Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais			
	Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	Sen indicador	
511A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS			
Soporte xeral - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial			
	Soporte xeral - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	Sen indicador	
512A ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE			
Construción de intercambiadores e estacións intermodais de transporte de mercadorías e viaxeiros, deseñando áreas de descanso e aparcadoiros disuasorios			
	Construción e renovación de estacións.	Estacións renovadas (Nº)	5
	Proxectos de centros intermodais de transporte de mercancías.	Centros de viaxeiros e/ou de mercancías construídos ou dotados de infraestrutura necesaria para potenciar o transporte	1
Impulso do transporte metropolitano nas 7 áreas metropolitanas cunha política tarifaria común			
	Desenvolver e modernizar o transporte público metropolitano e interurbano, para facelo máis eficiente e competitivo, favorecendo o seu emprego para satisfacer as demandas de mobilidade persoal.	Actuacións para desenvolver e modernizar o transporte público (Nº)	3
	Mellora da Mobilidade e do transporte: Plan de Transporte Metropolitano de Galicia nas 7 principais aglomeracións urbanas galegas.	Concellos adheridos ao transporte metropolitano (Nº)	56
		Viaxeiros (total persoas) (Nº)	10.505.000

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Promoción da mobilidade sostible.	Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº)	3
Soporte xeral - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	Sen indicador	
512B CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS		
Actuacións na rede de estradas convencional		
Actuacións na rede de estradas convencional: Accións de construción de estradas de articulación territorial e de conexión interior e de acceso as áreas metropolitanas; Accións para a execución de novas estradas e variantes de poboación; Accións para o acondicionamento e mellora da rede de estradas; e Accións para a transformación das travesías en viarios acordes o ámbito urbano.	Acondicionamento e mellora da rede de estradas convencionais(Km)	10
	Actuacións en estradas de ámbitos urbanos (Km)	2
	Novos eixos e variantes da rede convencional completando a rede de itinerarios de longo e medio percorrido (Km)	5
	Proxectos de conexión e centralización de tecidos urbanos (Nº)	10
Construcción de Vías de Altas Prestacións (VAPs)		
Construcción de VAPs: Execución VAP's contempladas no Plan MOVE 2009 - 2015; Accións para fortalecer a rede viaria de altas prestacións; Actuacións complementarias ao PEIT 2005-2020; e Articulación do territorio coa rede de vías de altas prestacións.	Km equivalentes da rede viaria de VAPs desdobradas (Km)	1
	Proxectos (Nº)	5
	Proxectos de conexión e centralización de tecidos urbanos (Nº)	2
	VAPs novos construídos (Km)	20
Desenvolver un programa galego para a seguridade vial e para o mantemento e conservación das estradas adicando o 3% de valor patrimonial da rede viaria		
Accións para a conservación e reforzo de firmes.	Actuacións en conservación realizadas (Nº)	20
	Estradas reconstruídas ou reformadas (Km)	60
Desenvolver un programa galego para a Seguridade Vial, actuando, entre outras medidas, na eliminación de Tramos con Concentración de Accidentes.	Estradas reconstruídas ou reformadas (Km)	10
	Proxectos de conexión e centralización de tecidos urbanos (Nº)	4
	Redución de vítimas (%)	15
Mantemento, xestión e conservación da rede de estradas autonómicas	Estradas reconstruídas ou reformadas (Km)	50
	Proxectos (Nº)	10
	Proxectos de conexión e centralización de tecidos urbanos (Nº)	5
Soporte xeral - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	Sen indicador	
521A URBANISMO		
Creación do Sistema de Información Xeográfico e Corporativo da Xunta de Galicia		
Accións encamiñadas a elaboración dunha cartografía SIX escala mínima 1:5.000 de toda Galicia	Aplicacións desenvolvidas (Nº)	2
Creación e desenvolvemento da paisaxe e das áreas urbanas xeradoras de mellores servizos, máis eficientes e integradoras territorialmente		
Accións de ordenación, coordinación e información territorial e a protección da paisaxe	Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº)	2
Accións para a investigación en materia de urbanismo e ordenación do territorio.	Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº)	1
	Estudios, proxectos, informes e/ou dictames en materia de urbanismo, paisaxe e ordenación do territorio (Nº)	15
Accións para racionalizar o crecemento residencial urbano e dos núcleos rurais	POUM aprobados (Nº)	7
	POUM en elaboración (Nº)	57
Posta en valor do Plan HURBE en colaboración coas entidades locais da comunidade autónoma		
Accións para financiamento e/ou cofinanciamento de infraestruturas municipais básicas	Proxectos de rexeneración urbana (Nº)	7

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

<p>Soporte xeral - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única</p> <p>Soporte xeral - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única</p>		Sen indicador
<p>531A PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS</p>		
<p>Completar un mapa de solo industrial de Galicia con criterios de equilibrio territorial, accesibilidade e suficiencia de capacidade e equipamentos</p> <p>Desenvolvemento do Plan de Solo Empresarial 2009-2015</p>		<p>Superficie de planeamento aprobado (m2) 378.825</p> <p>Superficie de planeamento en tramitación (m2) 3.262.102</p> <p>Superficie de solo adquirido (m2) 1.159.213</p> <p>Superficie de solo en proceso de urbanización (m2) 70.581</p> <p>Superficie de solo urbanizado (m2) 129.261</p>
<p>Soporte xeral - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas</p> <p>Soporte xeral - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas</p>		Sen indicador
<p>541A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE</p>		
<p>Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida</p> <p>Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida</p>		Sen indicador
<p>541B CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL</p>		
<p>Ordenación do territorio e política medioambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe</p>		
<p>Accións para a optimización socioeconómica e para o desenvolvemento sostible da poboación da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos a través da mellora dos hábitats e da paisaxe rural. Protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais situados na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos (Reserva Natural, Parque Natural, Parque Nacional, Monumento Natural, Humedal Protexido, Paisaxe Protexida e ZEPVN).</p>		<p>Axudas en materia de conservación da natureza (Nº) 550</p> <p>Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº) 8</p> <p>Actuacións desenvolvidas en zonas Rede Natura 2000 (Nº) 2</p> <p>Actuacións destinadas á recuperación e rexeneración do entorno desenvolvidas (Nº) 3</p> <p>Axudas en materia de conservación da natureza (Nº) 123</p> <p>Lonxitude de senderos novos e/ou mellorados (Km) 20</p> <p>Proxectos de carácter medioambiental (Nº) 1</p>
<p>Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida</p> <p>Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida</p>		Sen indicador
<p>541D CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS</p>		
<p>Optimización da Xestión de Residuos</p>		
<p>Accións para aumentar as porcentaxes de valorización material total de FORM, papel e cartón, vidro, envases e outros residuos.</p>		<p>Áreas rehabilitadas (Nº) 1</p> <p>Plantas de transferencia e/ou tratamento creadas (Nº) 9</p> <p>Proxectos realizados (Nº) 9</p>
<p>Desenvolvemento de proxectos sectoriais de reciclaxe de materiais ou de recuperación medioambiental</p>		<p>Proxectos de residuos (Nº) 1</p>
<p>Ordenación do territorio e política medioambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe</p>		
<p>Accións para reducir o impacto ambiental das actividades industriais</p> <p>Aumentar os controis sobre a calidade do aire.</p>		<p>Proxectos realizados (Nº) 5</p> <p>Proxectos de mellora da calidade do aire (Nº) 1</p>
<p>Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida</p> <p>Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida</p>		Sen indicador
<p>541E COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE</p>		

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Ordenación do territorio e política medioambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe		
Accións de educación para a sostibilidade	Campañas de educación ambiental desenvolvidas (Nº)	1
Accións para a observación e predicción ambiental, atendendo especialmente aos sistemas ecolóxicos galegos	Proxectos realizados (Nº)	1
Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida		
Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	Sen indicador	
542A PLANIFICACIÓN E XESTIÓN HIDROLÓXICA		
Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida		
Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	Sen indicador	

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	01	02	03	04	05
511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas	4.825				
512A-Ordenación e inspección do transporte				20.267	
521A-Urbanismo	2.776	16.654			
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente	1.628		849		
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural	4.679				19.926
541D-Control ambiental e xestión de residuos			11.437		
541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade			3.250		
542A-Planificación e xestión hidrolóxica	47.307				
Total	61.216	16.654	15.537	20.267	19.926

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos				
	06	80	81	A1	Total
451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda			13.961		13.961
451B-Acceso á vivenda			23.583		23.583
451C-Dirección e servizos xerais de vivenda e solo			12.334		12.334
511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas	888				5.713
512A-Ordenación e inspección do transporte					20.267
512B-Construción, conservación e explotación de estradas				243.999	243.999
521A-Urbanismo		774			20.204
531A-Promoción de solo para actividades económicas			17.035		17.035
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente					2.478
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural					24.604
541D-Control ambiental e xestión de residuos					11.437
541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade		1.913			5.163
542A-Planificación e xestión hidrolóxica					47.307
Total	888	2.687	66.913	243.999	448.085

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	Total
451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda				815	1.775	11.371		13.961
451B-Acceso á vivenda			75	5.071	17.404	884	150	23.583
451C-Dirección e servizos xerais de vivenda e solo	8.691	3.014		70	520		40	12.334
511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas	4.179	518		12	1.004			5.713
512A-Ordenación e inspección do transporte	3.365	608		6.419	9.838	37		20.267
512B-Construción, conservación e explotación de estradas	12.483	940	210	6.309	203.833	20.225		243.999
521A-Urbanismo	3.412	164		2.773	11.146	2.710		20.204
531A-Promoción de solo para actividades económicas			175		10.160		6.700	17.035
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente	1.628	839			10			2.478
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural	15.620	2.824		172	2.757	3.232		24.604
541D-Control ambiental e xestión de residuos	3.970				7.467			11.437
541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade	1.750	90		43	3.280			5.163
542A-Planificación e xestión hidrolóxica						47.307		47.307
Total	55.099	8.996	460	21.682	269.193	85.765	6.890	448.085

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.615	7.128	26,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	326	3.164	869,9
Cap. IV - Transferencias correntes	3.913	2.785	-28,8
Cap. VI - Investimentos reais	983	828	-15,8
Cap. VII - Transferencias de capital	59.276	47.311	-20,2
Total	70.114	61.216	-12,7

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

02 S.X. DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.703	3.412	-7,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	173	164	-5,2
Cap. VI - Investimentos reais	7.929	10.372	30,8
Cap. VII - Transferencias de capital	8.550	2.706	-68,3
Total	20.355	16.654	-18,2

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

03 S.X DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.083	3.970	-2,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	889	839	-5,6
Cap. VI - Investimentos reais	13.999	10.727	-23,4
Cap. VII - Transferencias de capital	7.065	0	-100,0
Total	26.035	15.537	-40,3

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

04 D.X. DE MOBILIDADE	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.441	3.365	-2,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	639	608	-4,9
Cap. IV - Transferencias correntes	7.551	6.419	-15,0
Cap. VI - Investimentos reais	3.917	9.838	151,2
Cap. VII - Transferencias de capital	634	37	-94,2
Total	16.182	20.267	25,2

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

05 D.X. DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	16.362	13.765	-15,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.000	0	-100,0
Cap. IV - Transferencias correntes	252	172	-32,0
Cap. VI - Investimentos reais	8.901	2.757	-69,0
Cap. VII - Transferencias de capital	3.074	3.232	5,1
Total	31.588	19.926	-36,9

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

06 XURADO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	630	534	-15,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	187	178	-4,8
Cap. VI - Investimentos reais	209	176	-15,9
Total	1.026	888	-13,5

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

80 INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.834	1.750	-4,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	95	90	-5,0
Cap. IV - Transferencias correntes	0	43	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	932	804	-13,7
Total	2.861	2.687	-6,1

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

81 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	10.300	8.691	-15,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.790	3.014	8,0
Cap. III - Gastos financeiros	0	250	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	11.381	5.956	-47,7
Cap. VI - Investimentos reais	38.492	29.858	-22,4
Cap. VII - Transferencias de capital	28.897	12.255	-57,6
Cap. VIII - Activos financeiros	1.225	6.890	462,4
Total	93.084	66.913	-28,1

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	13.246	12.483	-5,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	996	940	-5,7
Cap. III - Gastos financeiros	210	210	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	7.422	6.309	-15,0
Cap. VI - Investimentos reais	250.961	203.833	-18,8
Cap. VII - Transferencias de capital	10.460	20.225	93,4
Total	283.295	243.999	-13,9

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2012	2013	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	70.114	61.216	-12,7
02 S.X. DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	20.355	16.654	-18,2
03 S.X DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL	26.035	15.537	-40,3
04 D.X. DE MOBILIDADE	16.182	20.267	25,2
05 D.X. DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	31.588	19.926	-36,9
06 XURADO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA	1.026	888	-13,5
80 INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	2.861	2.687	-6,1
81 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	93.084	66.913	-28,1
A1 AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	283.295	243.999	-13,9
Total	544.541	448.085	-17,7

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013	2012	2013
Cap. I - Gastos de persoal	33.834	32.175	25.380	22.924	0	0	59.214	55.099
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	5.213	4.953	3.881	4.044	0	0	9.094	8.996
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	210	460	0	0	210	460
Cap. IV - Transferencias correntes	45.712	34.814	18.803	12.307	33.996	25.439	30.519	21.682
OPERACIÓNS CORRENTES	84.759	71.942	48.274	39.735	33.996	25.439	99.038	86.237
Cap. VI - Investimentos reais	35.937	34.698	290.385	234.495	0	0	326.322	269.193
Cap. VII - Transferencias de capital	379.506	298.150	39.357	32.480	300.907	244.865	117.956	85.765
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	1.225	6.890	0	0	1.225	6.890
OPERACIÓNS DE CAPITAL	415.443	332.848	330.967	273.865	300.907	244.865	445.503	361.848
Total	500.203	404.790	379.241	313.599	334.903	270.304	544.541	448.085

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	2013
Altos Cargos	7
Persoal Funcionario	716
Subgrupo A1	223
Subgrupo A2	65
Subgrupo C1	290
Subgrupo C2	113
Agrupacións profesionais	25
Persoal Laboral	309
Grupo I	38
Grupo II	5
Grupo III	44
Grupo IV	44
Grupo V	178
TOTAL	1032

Medios Personais

Instituto de Estudos do Territorio	2013
Altos Cargos	1
Personas Funcionarias	19
Subgrupo A1	9
Subgrupo A2	1
Subgrupo C1	3
Subgrupo C2	6
Personas Laborais	33
Grupo I	17
Grupo II	5
Grupo III	11
TOTAL	53

Medios Personais

Instituto Galego da Vivenda e Solo	2013
Altos Cargos	2
Personas Funcionarias	250
Subgrupo A1	53
Subgrupo A2	70
Subgrupo C1	57
Subgrupo C2	56
Agrupacións profesionais	14
Personas Laborais	15
Grupo II	3
Grupo IV	12
TOTAL	267

Medios Personais

Axencia Galega de Infraestruturas	2013
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	150
Subgrupo A1	51
Subgrupo A2	33
Subgrupo C1	35
Subgrupo C2	27
Agrupacións profesionais	4
Persoal Laboral	255
Grupo I	5
Grupo III	111
Grupo IV	138
Grupo V	1
TOTAL	406

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autónomo

Consorcios autónomos	Ingresos	Gastos
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	4.095	4.095
Consorcio Casco Vello de Vigo	543	543
Entidades públicas empresarias	Explotación	Capital
Augas de Galicia	52.826	120.352
Sociedades mercantís públicas autónomas	Explotación	Capital
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	10.147	94.348
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	93.216	9.647
Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.	6.938	20.649
Xestión Urbanística de Lugo, S.A.	2.926	3.410
Xestión Urbanística de Ourense, S.A.	1.909	17.010
Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.	3.673	10.883
	176.273	280.937

(Miles de Euros)



**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E
INDUSTRIA**

SECCIÓN 08

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

A Xunta de Galicia, aproba o Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Consellería de Economía e Industria, modificado polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro; e para o desempeño das súas funcións establece os seguintes órganos superiores:

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Comercio

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

Órganos periféricos

ORGANISMOS AUTÓNOMOS:

Instituto Galego de Consumo - IGC

AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS:

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE

Instituto Enerxético de Galicia - INEGA

Axencia Galega de Innovación - GAIN

SOCIEDADES MERCANTÍLS:

Galicia Calidade

Sociedade Xestora de Entidades de Capital-Risco - XES GALICIA

Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia - SODIGA

Parque Tecnolóxico de Galicia

FUNDACIÓNS:

Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Fundación Instituto Feiral da Coruña - EXPOCORUÑA

Fundación Feiras e Exposicións de Lugo

Fundación Exposicións e Congresos A Estrada

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Secretaría Xeral Técnica é a encargada do funcionamento operativo dos servizos administrativos de toda a Consellería, asumindo todos os gastos correntes, as remuneracións do persoal, a modernización dos equipos de información, o apoio xurídico, os arquivos e en xeral a coordinación con calquera departamento da Consellería en todas as cuestións transversais. Tamén é a encargada do financiamento das axencias públicas autonómicas adscritas a ela mediante a execución das transferencias internas.

A Dirección Xeral de Comercio correspóndelle a planificación, coordinación e control das competencias da Consellería en materia de comercio interior e exterior, artesanía e consumo; a planificación e desenvolvemento das estruturas comerciais, feiras, mercados e lonxas, agás as pesqueiras en primeira venda; a tutela e coordinación das actividades das cámaras oficiais de Comercio e Navegación e mais a intervención en materia de prezos sobre os que deba pronunciarse a Comisión de prezos de Galicia.

Á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas correspóndelle a dirección, coordinación, planificación, execución, seguimento e control das competencias e funcións da Consellería en materia de industria, seguridade industrial, solo industrial, metroloxía, metais preciosos, enerxía e minas. Ademais correspóndelle a execución de accións destinadas ás empresas galegas para ser mais competitivos a nivel autonómico, nacional e internacional do tecido empresarial galego.

1.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO - IGC

De acordo co establecido no artigo 30.l.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a comunidade autónoma asumiu a competencia “exclusiva” en materia de defensa do consumidor e usuario; non dispoñendo a Administración do Estado de competencias nesta materia, limitándose tan só á coordinación das actuacións das Comunidades Autónomas; ó dispoñer, todas elas desde o ano 1992, da competencia exclusiva en materia de defensa do consumidor, que Galicia tén desde a aprobación do seu Estatuto de Autonomía no ano 1981.

Para o exercicio desta competencia créase no ano 1994 o Instituto Galego de Consumo como organismo autónomo de carácter administrativo dependente da Consellería de Economía e Industria.

Así, ó Instituto Galego de Consumo correspóndelle a realización, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da política de defensa do consumidor e usuario. Entre as súas funcións están as seguintes:

Orientar, formar e informar aos consumidores e usuarios sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e respectados por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles ós que poida afectar directa ou indirectamente en relación cós bens e servizos.

Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de consumidores e usuarios e asesoralas técnicamente.

Promover e levar a cabo estudos que permitan unha adecuada prognose da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, tódolos procedementos técnicos que precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se lle oferten ó consumidor e usuario.

Elaborar e difundir información para facilitarlles ós consumidores e usuarios a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis axeitados ás súas necesidades.

Impulsar a formación do cidadán como consumidor e usuario, propoñéndolles aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que dita formación sexa permanente.

Asesorar á Xunta de Galicia no desenvolvemento da normativa de todos aqueles aspectos que afecten ou poidan afectar ós consumidores e usuarios, promovendo a elaboración de normas para a súa defensa, achegándolle a información necesaria a este fin.

Cooperar coas administracións públicas, atendendo de xeito especial ás oficinas municipais de información aos consumidores con aquelas outras entidades de semellante ámbito de competencias, por supoñer o servizo máis próximo ó cidadán e coordinar as súas actuacións coas dos concellos.

Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do Instituto.

Inspeccionar e controlar o mercado de produtos e servizos postos a disposición dos consumidores galegos e garantir que estes produtos sexan seguros.

Realizar actuacións de mediación e exercer as funcións de Arbitraje de Consumo a través da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.

Realizar actuacións de corrección do mercado.

1.2.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA - IGAPE

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, como instrumento básico da actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación do emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico, harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. Entre as súas funcións están as de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na comunidade autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

Para o desenvolvemento das funcións que o Igape ten encomendadas conta cos seguintes órganos superiores de dirección:

- O/Á presidente/a que será, por razón do seu cargo, o/a conselleiro/a de Economía e Industria, correspóndelle a representación do Igape en toda clase de actos ou negocios xurídicos.
- O/Á director/a xeral, que será nomeado/a polo Consello de Dirección, a proposta do/a conselleiro/a, correspóndelle exercer as competencias que se establecen no artigo 12 da Lei 5/1992 e as que lle fosen expresamente delegadas polo/a presidente/a ou polo Consello de Dirección.

Así mesmo, o IGAPE estrutúrase nas seguintes áreas ou órganos directivos:

- Secretaría Xeral. Ten por misión asegurar o funcionamento operativo dos servizos do Instituto, incluíndo as actividades de deseño operacional, promoción do bo uso, desenvolvemento ou implantación de sistemas, seguimento e control dos procedementos operativos do Instituto. Ademais, a Secretaría Xeral engloba os servizos centrais ou comúns do Instituto, como os xurídicos, económico-financeiros, recursos humanos, calidade, informática, e información especializada.
- Área de Financiamento. A súa misión é a identificación, regulamento e xestión do ciclo de vida dos apoios (subvencións, préstamos, avais e outras actuacións de semellantes características) á actividade empresarial.
- Área de Competitividade. A súa misión é lograr a adopción e o desenvolvemento, por parte do tecido empresarial, de prácticas, metodoloxías ou sistemas que melloren o nivel competitivo das empresas galegas. Ademais, e con respecto ao emprendemento en Galicia, promover a creación de empresas, alentar o espírito emprendedor e promover a creación de emprego.
- Área de Internacionalización "Galicia@World". Esta Área agrupa as iniciativas internacionais do IGAPE, persigue dúas misións: promover un incremento da cota de mercado internacional do empresariado galego e promover a entrada de investimento foráneo en Galicia de carácter produtivo.
- Área de Estudos Económicos e Análise Estratéxicos. A súa misión é a realización daqueles estudos e investigacións sobre a realidade económica e os mercados exteriores, necesarios para a orientación da toma de decisións en materia de planificación e programación económica e que inclúe unha análise dos sectores produtivos.

INSTITUTO ENERXETICO DE GALICIA - INEGA

Os obxectivos do INEGA son o fomento e o pulo de iniciativas para a mellora da investigación enerxética en Galicia, o estudo e o apoio de actuacións para o seu coñecemento, o desenvolvemento e aplicación de novas tecnoloxías, incluídas as renovables, a mellora do aforo e a eficiencia, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos eidos económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación de servizos noutros campos sinérxicos ó enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

As súas funcións xerais son:

- Elaborar e propor á consellería competente en materia de enerxía plans e programas.
- Promover e, de ser o caso, executar os proxectos indicados, aprobados pola consellería competente en materia de enerxía.
- Controlar, vixiar e inspeccionar as instalacións de produción, conducción, distribución,

subministración e consumo de enerxía, tendo como obxectivo prioritario a seguridade das instalacións.

- Propoñer disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión da política enerxética.
- - Desenvolver programas de asesoramento enerxético e auditorías para fomentar o aforro e mellora da eficacia enerxética, así como elaborar proxectos de racionalización do uso da enerxía e aproveitamento dos recursos enerxéticos.
- Fomentar e participar en proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens e servizos relacionados coa enerxía.
- Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxenos –de orixe interna-, con especial promoción dos que utilicen enerxías renovábeis e de coxeración.
- Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados.
- Organizar programas de formación e reciclaxe profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional.
- Orientar aos usuarios nos hábitos de consumo enerxético mediante campañas específicas.
- Fomentar a participación das empresas e institucións galegas nos programas enerxéticos estatais e internacionais, principalmente os emprendidos pola Unión Europea, así como emitir informes e asesorar sobre as directrices e os programas comunitarios dirixidos ao ámbito enerxético.
- O Instituto Enerxético de Galicia poderá ter a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, así como por calquera outra lei en materia enerxética.
- Exercer calquera outra función técnica, material ou xurídica que, en relación coas materias da súa competencia, se lle encomende ou lle competa ao Instituto no marco desta lei.

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN - GAIN

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro (DOG núm. 19 do 27 de xaneiro de 2012), creou a Axencia Galega de Innovación en virtude da autorización prevista no punto primeiro da disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Este decreto tamén suprimiu a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

A Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, implantando estratexias e programas de innovación eficientes a

través dos seguintes obxectivos, sen prexuízo das competencias doutros organismos e entidades e, en todo caso, en estreita colaboración con eles:

- a) Liderar as políticas de innovación das administracións públicas galegas.
- b) Definir e desenvolver as políticas públicas que permitan ás empresas e ao resto de axentes o desenvolvemento de iniciativas de innovación construídas a partir de coñecementos que incrementen a súa competitividade e fomenten o seu crecemento.
- c) Definir e desenvolver as políticas públicas orientadas á valorización do coñecemento desenvolvido polas empresas, universidades e centros de investigación de Galicia.
- d) Definir e desenvolver as políticas públicas dirixidas a incrementar a eficiencia en resultados do Sistema Galego de Innovación, avaliados mediante a implantación dun sistema de indicadores de impacto contrastable.
- e) Estimular a estruturación e consolidación do Sistema Galego de I+D+i.
- f) Fomentar a investigación e o desenvolvemento científico e tecnolóxico, a través de iniciativas e programas específicos na Comunidade Autónoma galega.
- g) Promover as relacións de colaboración entre os distintos axentes do Sistema Galego de Innovación impulsando a creación e o fortalecemento de redes de coñecemento entre axentes públicos e privados desde unha perspectiva de intercambio e de investigación aberta.
- h) Promover a progresiva internacionalización dos axentes e das iniciativas de innovación impulsando a presenza de empresas nos programas europeos de innovación e o acceso a fondos de financiamento internacionais.
- i) Definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.
- j) Coordinar os recursos autonómicos no ámbito da I+D+i e concertalos cos que se achen desde contribucións de plans estatais e fondos da Unión Europea.
- k) Favorecer a transferencia de coñecemento e tecnoloxía entre os diferentes axentes e, particularmente, entre os organismos públicos de investigación e as empresas.
- l) Apoiar a promoción e divulgación do coñecemento científico e tecnolóxico en Galicia, promovendo o interese da sociedade pola investigación, o desenvolvemento e a innovación.

1.2.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

GALICIA CALIDADE

Galicia Calidade SA, é o órgano creado para a administración e outorgamento das licenzas

de uso da marca de garantía “Galicia Calidade”. A concesión das licenzas de uso da marca están cimentadas na esixencia ás empresas usuarias, de niveis de calidade superiores, e estes deberán basearse no estudo exhaustivo dos sectores afectados e na aplicación da marca de garantía de forma racional, perseguindo o prestixio, recoñecemento e confianza nesta.

Galicia Calidade SA, realiza o estudo, seguimento, auditoría e avaliación das empresas galegas que pretenden utilizar a marca, e daquelas que son posuidoras da licenza, de maneira periódica.

Ademais é obxecto desta sociedade a xestión e administración en xeral da marca “Comercio Rural Galego” é, en particular, outorgar licenzas de marca, exercendo as medidas de control eficaces sobre a natureza, calidade, características e requisitos dos establecementos pertencentes á Rede do Comercio Rural Galego.

Galicia Calidade poderá xestionar ademais, calquera outra marca que lle sexa encomendada pola Xunta de Galicia e que estea relacionado co sector da calidade ou co control na xestión e o servizo ao consumidor.

Galicia Calidade poñerá en marcha o selo Galicia Calidade Comercio a fin de outorgar certificados de calidade ao pequeno e mediano comercio da nosa Comunidade e servirles de orientación e axuda na mellora da súa competitividade, ademais de facer difusión sobre o mesmo selo.

Por último a creación do selo Galicia Calidade Social, co obxecto de certificar as ONG asistencias de Galicia para axudarles na mellora de implantación dos sistemas de calidade e realizar difusión do selo.

SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE CAPITAL RISCO - XES GALICIA

A sociedade xestora de entidades de capital-risco ten como finalidade a xestión dos fondos destinados ao financiamento do desenvolvemento empresarial galego mediante a toma de participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas, así como mediante o outorgamento de préstamos, xeralmente de carácter participativo, a empresas participadas e non participadas.

SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL DE GALICIA - SODIGA

SODIGA GALICIA (sociedade de capital-risco), ten como finalidade proporcionar recursos, a medio e longo prazo, sen vocación de permanencia ilimitada, a empresas con alto potencial de crecemento, xestionadas por empresarios de recoñecida solvencia profesional e que teñan relación co desenvolvemento e consolidación da economía e a industria de Galicia.

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA

Foi creado a iniciativa da Xunta de Galicia coa finalidade de crear un contorno de referencia en Galicia dirixido a acoller, apoiar e potenciar iniciativas empresariais innovadoras e que apostasen pola tecnoloxía, a investigación e o desenvolvemento como eixes da súa actividade.

A sociedade xestora, Parque Tecnolóxico de Galicia SA, foi constituída no ano 1991 e actualmente os socios que participan no seu capital social son os seguintes:

Xunta de Galicia: 45%

Novacaixagalicia: 41,56 %

INORDE: 3,89%

Universidade de Vigo: 2%

Universidade de Santiago de Compostela: 2%

Varios (participación inferior ao 2%): 5,55%

E unha simple sociedade mercantil en cuxo capital social participan distintas administracións públicas pero sen que ningunha delas ostente máis do 50 % do capital social subscrito, que é o requisito legal que lle daría, nese caso, a condición de sociedade mercantil pública dependente da Administración autonómica.

O seu obxecto social está recollido no artigo 2º dos estatutos sociais recentemente modificados en xuño de 2012:

1. A promoción, xestión, conservación e mantemento do Parque Tecnolóxico de Galicia e doutros parques científicos e/ou tecnolóxicos ou enclaves tecnolóxicos, así como a prestación de servizos nestes.
2. A adquisición, alleamento ou gravame, por calquera título, de todo tipo de bens mobles e inmobles e de accións de sociedades cuxos fins sexan comúns ao Parque Tecnolóxico de Galicia.
3. A compravenda de enerxía eléctrica, así como fomentar o desenvolvemento de políticas ambientais, o uso de enerxías renovables e o aforro enerxético.
4. Prestar á Xunta de Galicia e aos organismos ou entidades dependentes, a colaboración e asistencia técnica necesaria para levar a cabo as medidas contidas no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento ou calquera outros plans.
5. Fomentar a innovación e a transferencia de tecnoloxía entre os usuarios do Parque, así como con outras estruturas externas.
6. Fomentar a creación de empresas, o crecemento e a internacionalización, así como difundir

- o papel do Parque como axente de enlace entre investigación e empresa.
7. A prestación de servizos e a realización de actividades que contribúan á promoción económica, á innovación, ao desenvolvemento tecnolóxico e á creación de emprego en Galicia.
 8. Promover, organizar e dirixir o desenvolvemento de todo tipo de actividades dirixidas á divulgación da ciencia, a mellorar a competitividade empresarial e ao desenvolvemento económico e social en xeral.

1.2.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACION CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA

A Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia constitúese no ano 2002, promovida pola Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, co gallo de dotar de personalidade xurídica máis axeitada á actividade do CESGA.

A Fundación está participada pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía e Industria, e pola "Agencia Consejo Superior de Investigaciones Científicas".

Segundo o artigo 6 dos seus Estatutos terá como obxecto fomentar, difundir e prestar servizos de cálculo intensivo e comunicacións ás comunidades investigadoras galegas e do Consejo Superior de Investigaciones Científicas, así como a aquela empresa ou institución que o solicite e desta forma, contribuír mediante o perfeccionamento tecnolóxico e a innovación, á mellora da competitividade da empresas.

FUNDACION CENTRO GALEGO DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

A Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño ten competencias en materia de artesanía e a súa finalidade, segundo se recolle no artigo 6 dos seus estatutos, é a consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Dotar ao sector artesanal de Galicia dos profesionais e técnicos que necesite, mediante unha formación especializada e de perfeccionamento, incidindo especialmente no deseño, a innovación, a aplicación de novas tecnoloxías e a xestión.
- b) Potenciar o desenvolvemento económico do colectivo artesanal. Asesorando ao sector na mellora das súas estruturas e procesos produtivos e comercializadores.
- c) Aproveitar a dimensión e potencial formativo e educativo orientado tanto aos profesionais como ao público en xeral, dando a coñecer os oficios, os seus produtos e

informando da súa oferta.

- d) Crear un fondo documental que preste soporte a un eficaz, e na actualidade imprescindible, servizo de información e asistencia técnica.
- e) Recuperar, documentar e asegurar a permanencia das actividades artesanais que pola súa tradición ou calidade singular se consideren parte integrante do patrimonio artesanal de Galicia.
- f) Promover a artesanía de Galicia en todas as súas vertentes, poñendo especial énfase na vinculación da actividade artesanal cos hábitos comerciais ao uso, mellorando e promovendo a presenza dos produtos artesanais de Galicia nos mercados.
- g) Programar e xestionar as actuacións que dende a administración autonómica se acometan en materia de formación, arquivo, información, investigación e promoción sobre artesanía de Galicia.
- h) Mellorar a calidade técnica e artística dos produtos artesáns de Galicia.
- i) Dar acollida ás manifestacións máis significativas que mostren o variado mundo da creación artesanal de Galicia.

Para levar a cabo estes obxectivos, a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño desenvolve, entre outras, as actividades que a continuación se detallan:

1. Promoción, comercialización e internacionalización. Xestión económica e de medios para promover a asistencia a feiras internacionais de artesanía por parte de obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía da Xunta de Galicia e teñan concedido o uso da marca Artesanía de Galicia.
2. Organización, coordinación e supervisión de cursos formativos destinados ao sector artesanal de Galicia para a súa maior especialización e coñecemento, incidindo na innovación e no deseño.
3. Accións de promoción da marca Artesanía de Galicia para unha maior difusión e coñecemento do traballo artesán e do deseño en Galicia. Iniciativas de busca de novos nichos de mercado para as PEMES artesáns: apertura de novas tendas da marca, introdución en novos sectores: decoración, arquitectura, sector téxtil, etc.
4. Colaboración a nivel organizativo e económico con concellos galegos e asociacións profesionais de artesáns para a organización de feiras e outros eventos de artesanía a nivel autonómico.
5. Creación dun fondo documental que sirva de recuperación e mantemento das actividades tradicionais a través da edición de libros, catálogos e manuais.
6. Organización de exposicións por subsectores de actividade.
7. Promoción do sector artesanal por medio da publicación da revista especializada "Obradoiro de Artesanía".

FUNDACION PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E O DESENVOLVE-

MENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA

A Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia é unha organización constituída sen fins de lucro, que ten a consideración de medio propio, instrumental e de servizo técnico da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e dos seus organismos autónomos, sen prexuízo das encomendas que poidan efectuar a outras administracións respecto das cales a Fundación cumpre os requisitos necesarios para ser considerada como medio propio daquelas no conceme á realización das actividades propias do seu obxecto social que estas lle encarguen, estando a realizalas.

O obxecto principal é a realización de fins xerais de interese galego, no ámbito sectorial e territorial no que a súa denominación e fins se contraen, e ó fomento da calidade industrial e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Son competencias da Fundación as de:

Fomento das actividades de certificación, inspeccións, auditoría, ensaio e calibración, promovendo a aplicación da normativa española e comunitaria relacionada co sistema integrado da calidade industrial.

Fomento do desenvolvemento tecnolóxico, investigación e enxeñaría e á creación de novos produtos e procesos así como os ensaios técnicos, tanto de materias primas como de materiais.

Fomento dos traballos de seguimento, control, avaliación e prospectiva da promoción industrial, da calidade, da sociedade da información e da investigación, desenvolvemento e innovación empresarial.

Fomento de actuacións para a relación, participación e colaboración con organismos e entidades públicas e privadas de calquera índole relacionadas co apoio á internacionalización das empresas galegas.

A elaboración, xestión e seguimento de propostas de acción para o desenvolvemento en materia de promoción industrial, sociedade da información, e fomento da investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, vinculadas a fondos europeos.

A elaboración de estudos, investigación de mercados, proxectos de seguimento e control de desenvolvemento sectorial, relativos tanto á estruturación, cooperación e coordinación dos conglomerados clúster, distritos ou metadistritos industriais existentes, e doutros posibles en sectores emerxentes, así como á cooperación entre empresas de Galicia.

A planificación e desenvolvemento de actividades de observación en Galicia en materia de promoción industrial, sociedade da información, excelencia e calidade empresarial e internacionalización e comercio exterior. Así coma a elaboración de estudos e estatísticas de análise, seguimento e difusión en relación as accións dos plans galegos da sociedade da información.

A prestación de asesoramento e apoio técnico a organismos e entes, públicos ou privados, para o desenvolvemento dos proxectos que se executen no ámbito da sociedade e da promoción industrial en Galicia.

A xestión do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira.

A xestionar o Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.

A xestión do Centro de Innovación e Servizos do Deseño e a Tecnoloxía.

Fomentar no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a creación e axeitado funcionamento dunha rede de laboratorios acreditados que cubran as necesidades de ensaio de carácter industrial.

Involucrar aos medios de comunicación no proceso de difusión e promoción da calidade, o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a formación.

A Fundación promoverá a celebración de cursos, seminarios, ciclos de conferencias e demais actos semellantes para a formación do persoal técnico, para a información das súas actividades e propósitos e para a difusión dos seus obxectivos. Poderá, igualmente, editar e distribuír publicacións monográficas e periódicas, folletos informativos e outras publicacións.

A realización das actuacións que, en materia do seu obxecto, encomendándolle á Concellería de Economía e Industria e os seus organismos autónomos e as administracións respecto das cales a fundación cumpra os requisitos necesarios para ser considerada como medio propio daquelas.

En xeral, o desenvolvemento de calquera outra actividade que faga progresar a tecnoloxía, a calidade e a competitividade do sector industrial.

A actividade da fundación, non está determinada polo ánimo de lucro, e esta desenvolverá as súas funcións, principalmente en Galicia.

FUNDACION INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA - EXPOCORUÑA

A Fundación réxese por:

- a) O Padroado
- b) O Consello de Dirección
- c) O Director ou Xerente

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ó disposto no ordenamento xurídico e

nos estatutos.

Correspóndelle ó Consello de Dirección, baixo a superior dirección e, no seu caso, coa posterior aprobación do Padroado:

- a) Preparar os asuntos do Padroado.
- b) Aprobar plans e programas específicos.
- c) Acordar o exercicio das accións e excepcións que considere oportunas, así como os recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación.
- d) Formalizar e aprobar toda clase de actos, convenios e contratos, sexan de índole civil, mercantil, laboral, administrativa ou de calquera outra clase, que requira a mellor realización dos fins da Fundación.
- e) Ordenar e controlar a execución dos plans e programas aprobados polo Padroado, efectuando os trámites precisos, tales como anuncios, convocatorias de axudas, etc., e así mesmo todos os actos e contratos que requiran a posta en marcha de ditos plans e programas.
- f) Dirixir, de acordo coas directrices do Padroado, a organización e actividades da Fundación que conduzan á consecución e mantemento dun alto nivel na práctica asistencial e demais fins da Fundación.
- g) Administrar o patrimonio de acordo coas leis e atribucións conferidas polo Padroado.
- h) Desenvolver a política de persoal deseñada polo Padroado.
- i) Calquera outra función que lle delegue o Padroado.

O Padroado poderá acordar a contratación dun Director ou Xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación.

FUNDACION FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo foi constituída o 29 de decembro de 1992 con enderezo social en Lugo e un fondo dotacional de 1.455.678,96 euros. Os socios - fundadores teñen as seguintes porcentaxes de participación :

- Consellería de Economía e Industria: 65 %
- Deputación Provincial de Lugo: 19,5 %
- Concello de Lugo: 12,5 %
- Cámara de Comercio de Lugo: 1,5 %
- Confederación de Empresarios de Lugo: 1,5 %

Os órganos decisorios básicos da Fundación son o Presidente e o Padroado, os órganos básicos de xestión administrativa, o Secretario e o Xerente e os de xestión económico-financeira,

o Tesoureiro-contador, que recae na figura do Secretario.

O Padroado está integrado actualmente por 16 membros, catro en representación da Xunta de Galicia, tres polo Concello de Lugo, tres pola Deputación Provincial de Lugo, tres pola Cámara de Comercio de Lugo e tres pola Confederación de Empresarios de Lugo.

A Fundación conta con catro departamentos ben definidos para a organización do traballo: Intervención, administración e comercialización, comunicación e deseño e mantemento.

Desde o momento da súa constitución, o Padroado marcouse como obxectivos esenciais a promoción de actividades agropecuarias, agroalimentarias, comerciais, agroindustriais, sociais, educativas e culturais, así como calquera outra que teña por obxecto a promoción e o desenvolvemento dos sectores de Galicia, o nivel profesional do sector agrario, industrial e pesqueiro e a elevación do nivel de vida no medio urbano e rural.

En Particular, son obxectivos desta Fundación os seguintes:

- A promoción e fomento de feiras e exposicións de calquera ámbito, local, provincial, autonómico, nacional e ata internacional, e particularmente a promoción e fomento da feira de Lugo.
- A promoción de salóns monográficos, certames técnicos, industriais, comerciais, agrícolas ou gandeiros.
- Exposicións comerciais e técnicas a desenvolver en Lugo e a súa provincia de calquera ámbito territorial, ata internacional.
- Promover museos comerciais ou técnicos nos mesmos ámbitos, palacios de congresos e exposicións.
- Cantas manifestacións comerciais ou técnicas, de calquera tipo, se promovan, tanto nos entes integrados na Fundación como por entidades particulares que redunden no beneficio do comercio, industria e navegación da provincia no seu conxunto.
- A realización de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.
- Cantas actividades culturais ou de outro orden que puideran servir para apoio e desenvolvemento das actividades feirais, exposicións e demais, contempladas nos estatutos fundacionais.
- Calquera actividade que afecte o incida en calquera forma e ámbito cos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectativas, da Fundación ou das entidades que a integran.

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo é propietaria do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo e dedícase fundamentalmente a organización de feiras e ó aluguer destas instalacións para a celebración de eventos. Este recinto constitúe un dos principais centros de negocio da cidade, non só porque se realizan exposicións senón pola súa capacidade de albergar calquera iniciativa empresarial.

As feiras asóciase as distintas formas de actividade de promoción e teñen na actualidade unha crecente importancia como actividade de marketing. Representan unha fonte de crecemento económico para os ámbitos territoriais onde se localizan, que leva a creación e desenvolvemento de infraestruturas por parte das organizacións das políticas de desenvolvemento rexional. As empresas expositoras teñen como obxectivos unha combinación de promoción, vendas, distribución, comunicación e investigación do seus produtos.

FUNDACION EXPOSICIÓNS E CONGRESOS A ESTRADA

O órgano de goberno da Fundación é o Padroado que é un órgano de goberno, representación e administración da Fundación que executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos estatutos.

Os órganos básicos decisorios son: Comité Executivo, Xerente, Secretario-Letrado e Tesoureiro-Contador.

O Padroado estará integrado polo presidente titular e por catorce membros. A presidencia do Padroado osténtaa o Conselleiro que ostente as competencias en materia de Comercio da Xunta de Galicia e os catorce membros son:

1. Pola Xunta de Galicia, dous membros nomeados pola Consellería competente en materia de comercio.
2. Polo Concello da Estrada: o seu alcalde e dous membros máis do seu pleno.
3. Pola Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vilagarcía de Arousa: o seu Presidente e dous membros máis do seu Pleno.
4. Pola A.C.E: o seu Presidente e dous membros máis do seu órgano de goberno.

Correspóndelle ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o Patrimonio da Fundación, mantendo o rendemento e utilidade dos mesmos.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2013

II.1. DA CONSELLERÍA

DIRECCION XERAL DE COMERCIO

O obxectivo prioritario da Dirección Xeral de Comercio, considerando a actual conxuntura económica, e que o sector comercial supere a situación de crise e se reforce de cara ao futuro, a partir das seguintes liñas de acción, no marco da nova Lei de comercio interior de Galicia (Lei 13/2010 do 17 de decembro).

En Comercio Interior:

Aplicación dun plan de dinamización do comercio de venda polo miúdo de Galicia “Plan Ágora Re-comercia 2010-2013” que comprende os seguintes programas:

- Desenvolvemento do Observatorio do Comercio de Galicia e da Rede de Dinamización do Comercio-Redic.
- Mellora da competitividade e dinamización do comercio, especialmente o comercio retalista e de proximidade.
- Adecuación da estrutura comercial ás características territoriais, sociais, culturais e económicas de Galicia.

En Comercio exterior:

- Desenvolvemento de plans e proxectos para incrementar a internacionalización da empresa galega, en colaboración coas cámaras de comercio galegas e outras institucións e organismos.
- Acadar a formación adecuada en materia de comercio exterior.

En Artesanía:

- Fomento da marca “Artesanía de Galicia”.
- Axudas aos talleres artesanais e asociacións profesionais de artesáns para facer un sector máis competitivo e dinámico.

DIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS

A) No ámbito da industria, as principais liñas de acción, polo que respecta ao exercicio 2013, serán as seguintes:

- Apoio e mellora das infraestruturas nos polígonos industriais de titularidade municipal, especialmente os situados en poboacións de tamaño medio e en zonas pouco industrializadas.
- Continuar co apoio a empresas instaladoras e mantedoras, simplificando a tramitación administrativa para o inicio da actividade e das instalacións executadas, e incorporando a tramitación electrónica.
- Incrementar o cumprimento das obrigas dos titulares de instalacións para realizar inspeccións periódicas, mediante campañas informativas e de divulgación, incluíndo a verificación periódica na metroloxía legal.
- Realizar actuacións para o desenvolvemento e modificación da normativa vixente no eido da seguridade industrial e da metroloxía.
- Incluír unha partida nominativa a NAVANTIA ou á “Sociedad Vehículo para la Construcción y Mantenimiento del Dique Flotante”, co fin de iniciar a cofinanciación para a construción do dique flotante.
- Iniciar dúas actuacións novidasas, en colaboración coa Universidade da Coruña, co fin de iniciar un proxecto consistente no desenvolvemento e proba dun arrecife artificial, así como outro dirixido ao desenvolvemento dun sistema anti-fouling ecolóxico.
- Por último, outra das liñas de acción destacadas será a realización de achegas ao fondo de garantías navais a través de PYMAR.

B) Polo que respecta ao ámbito da enerxía, as principais liñas de acción para 2013 serán:

- Continuar co apoio aos concellos para soterrar/retranquear instalacións eléctricas para reducir o impacto sobre a poboación, o patrimonio ou o ambiente. Inclúense pola súa relevancia como partidas específicas os plans especiais de reordenación de liñas en Verín, Cangas e Moaña.
- Mellorar a calidade da subministración eléctrica mediante convenios coas empresas distribuidoras.
- Fomentar a distribución de gas natural para o desenvolvemento das infraestruturas de distribución, que permitan a subministración canalizada a consumidores industriais e domésticos naquelas zonas que contén con potencial de desenvolvemento económico.
- Potenciar a I+D+I no campo enerxético, así como un mellor coñecemento daquelas fontes de enerxía renovables menos empregadas en Galicia, pero máis avanzadas noutras partes do mundo, por medio de plans demostrativos que desenvolvan proxectos pilotos, que permitan coñecer o funcionamento destas nas nosa comunidade. Dentro

destas iniciativas atópanse: convenio con ENERGY LAB para o estudo da viabilidade de instalar unha planta municipal centralizada de recollida de residuos agrogandeiros, así como o desenvolvemento do proxecto SMART GRID, para a creación dunha rede de distribución de enerxía eléctrica intelixente.

C) Por último, no eido da minaría, son as principais liñas de acción:

- Continuar co apoio ás comarcas mineiras afectadas polo peche das explotacións de lignito, no marco do Plan Nacional de Reserva Estratéxica do Carbón, para superar o seu déficit estrutural. Con respecto a esta actuación, para o exercicio 2013 inclúese unha partida con fondos propios da Comunidade Autónoma co fin de continuar coas obrigas de adicionalidade do dito plan.
- Continuar co apoio ás empresas mineiras e ás súas institucións de representación, co obxecto de contribuír á súa competitividade no mercado global actual, mediante un plan de axudas a fundacións, centros tecnolóxicos, clústers e outras entidades sen ánimo de lucro do sector mineiro.
- Por último, prolongarase ao exercicio 2013 o proxecto iniciado no presente exercicio para levar a cabo o plan especial para a mellora de infraestruturas no concello das So-mozas.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO - IGC

- Novo marco normativo de consumo a través da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.
- Plan de potenciación da mediación entre consumidores e empresarios e profesionais
- Plan de choque do arbitraje de Consumo
- Plan de formación e asesoramento no sector de produtos financeiros
- Potenciación do Laboratorio de Consumo de Galicia
- Reforzamento da actividade da Escola Galega de Consumo
- Activación da rede de oficinas públicas e privadas de atención ao consumidor en Galicia
- Reforzamento das actuacións de corrección e vixilancia do mercado.

II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA - IGAPE

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), incardínase no conxunto de medidas do Goberno da Comunidade Autónoma dirixidas a promover á economía galega, favorecer o crecemento, a internacionalización e competitividade do conxunto do territorio e das empresas galegas.

Estas medidas están dirixidas:

- Ao impulso e consolidación da actividade económica das empresas.
- A dar resposta ás esixencias do escenario económico actual, caracterizado pola importante presenza de restricións financeiras e dificultades para continuar o crecemento da nosa economía e do noso tecido empresarial.
- Á consolidación e fortalecemento do programa de apoio á internacionalización das PEMES galegas.
- Ao fomento da competitividade e da produtividade e ao impulso da participación e cooperación entre os axentes económicos galegos.
- A fomentar o espírito emprendedor.
- A atracción de novos investimentos empresariais internacionais que contribúan a creación de emprego e o fortalecemento do tecido produtivo e de servizos en Galicia.

Para acadar estes obxectivos o IGAPE reforza unha das súas Áreas de actuación, mediante a Área de Estudos Económicos e Análise Estratéxica, que ten como misión a realización daqueles estudos e investigacións sobre a realidade económica galega e os mercados exteriores necesarios para a orientación da toma de decisións políticas en materia de planificación e programación económica e que inclúa unha análise dos sectores produtivos.

Os orzamentos de 2013 estrutúranse en torno a sete eixes de actuación, que integran medidas configuradas de xeito conxunto, nas bases reguladoras dos apoios xestionados polo Instituto, xunto con instrumentos de dinamización económica requiridos polas actuacións fronte a crise, que materializan o compromiso coa reactivación da economía da nosa Comunidade:

Eixe I: Investimento empresarial

O eixe de investimento empresarial, que está orientado á prestación de apoios para facilitar a implantación dos proxectos empresariais de maior impacto no tecido produtivo e na xeración de emprego de calidade en Galicia, mantén a súa relevancia no 2013. Ante un escenario de restricións crediticias e dificultades para o crecemento, este eixe dos orzamentos pretende con-

tribuír mediante un forte impulso das ferramentas públicas de financiamento empresarial a paliar as dificultades existentes e a facilitar aos proxectos viables a súa consolidación e crecemento. Así, ademais de continuar as liñas de incentivos económicos en forma de axudas a fondo perdido a proxectos de investimento empresarial, seguindo coa aplicación dos Fondos Estruturais da UE do novo período marco de programación comunitaria 2007-2013, no 2013 o Instituto ten previsto manter ou incrementar outras ferramentas de apoio para o financiamento empresarial, en particular a concesión de préstamos directos a empresas mediante a cooperación co Banco Europeo de Inversións (BEI) e outras entidades financeiras.

A concesión de avais, mais o impulso a liñas de financiamento de circulante e de reestruturación de pasivos complementan a batería de medidas neste ámbito.

Ademais dos importantes recursos financeiros dedicados polo Instituto a este eixe, as medidas de impulso dos investimentos empresariais complementáanse coa coordinación e acompañamento ás empresas nos apoios ofrecidos polo Ministerio de Economía, a través da liña de incentivos económicos rexionais, e outras liñas como as de reindustrialización do Ministerio de Industria que acompañarán as actuacións do Plan de Desenvolvemento Integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Os concellos incluídos nos ámbitos de plans territoriais como o Plan de Reequilibrio Territorial ou o Plan da Costa da Morte, Impulsa Lugo ou Impulsa Ourense, tamén están contemplados nas bases reguladoras das axudas con incentivos adicionais e requisitos de acceso aos apoios máis flexibles para os proxectos de investimento empresarial destinados aos ditos territorios.

Eixe 2: Internacionalización

Este eixe vense consolidando dende hai uns anos como un dos prioritarios nas actividades do Instituto, intentando impulsar este factor como unha das respostas á conxuntura económica actual.

Este eixe contempla créditos para as subvencións derivadas das novas bases de axudas mencionadas anteriormente, e outros destinados á promoción exterior de bens, servizos e investimentos, a iniciativas de mellora do capital humano no ámbito da internacionalización e ás actividades de potenciación das redes de empresarios galegos no exterior. O resto do orzamento dedicarase ás accións para atracción e retención de investimentos estranxeiros, incorporando accións específicas para a fidelización de novos investimentos.

A internacionalización é unha vía irrenunciable para mellorar a competitividade das empresas galegas e recuperar o crecemento económico. Por iso se mantén para este ano o esforzo orzamentario neste ámbito, se ben reorientado para incidir especialmente na prestación directa de servizos, tanto en orixe, a través do IGAPE, como en destino, a través das plataformas empresariais da rede Pexga. Ademais desta rede de plataformas cabe destacar servizos como os

diagnósticos gratuítos sobre o potencial de internacionalización das empresas, que servirán para orientalas logo cara aos apoios máis axeitados ou os mercados máis idóneos, e programas de formación orientados á mellora do capital humano no ámbito da internacionalización complementados con programas para facilitar a incorporación ao sistema produtivo galego de especialistas deste tipo.

Ao mesmo tempo, e procurando multiplicar a eficiencia dos recursos públicos, prestaremos especial atención ás iniciativas de colaboración coas principais organizacións empresariais que traballan no ámbito da internacionalización.

Por último, a cooperación empresarial será fundamental para poder seguir avanzando, con paso firme, cara á consolidación das empresas galegas nos mercados exteriores máis activos polo que incidiremos especialmente en programas orientados a fomentar e facilitar a cooperación empresarial de cara á internacionalización conxunta ou á intercambio de boas prácticas en internacionalización.

Eixe 3: Mellora da competitividade

Ademais da contribución que os eixes anteriores pretenden facer para mellorar a competitividade do tecido empresarial, os orzamentos contemplan accións específicas neste eido, principalmente subvencións ao abeiro dos diferentes programas existentes para incentivar melloras na xestión empresarial mediante a consultaría de procesos e implantación de ferramentas de xestión e cadros de mando, entre outros.

Estas accións complementáanse con outros incentivos económicos ao abeiro de programas coxestionados coa Administración Central (Programa Innoempresa), que segue a acoller nas sucesivas convocatorias realizadas un elevado número de solicitudes por parte das PEMES e de institucións asociativas das mesmas nos ámbitos de innovación organizativa, innovación tecnolóxica, e a realización de diagnósticos e plans de mellora, entre outros.

Por último contémplanse tamén neste eixe iniciativas de colaboración con entidades galegas sen fin de lucro para o artellamento de iniciativas singulares de apoio á innovación nas empresas galegas.

Iniciativas singulares, como a creación dunha plataforma para a vixilancia tecnolóxica e a intelixencia competitiva que integre aos clúster e provea ás PEMES dun servizo de información de valor engadido, o servizo de "segmentación diferenciada" de PEMES, que permitirá establecer itinerarios de innovación e enfocar, de xeito máis eficiente, os apoios do IGAPE ao tecido empresarial.

O fomento da prestación de servizos, a través do programa "Re-Acciona" co obxectivo de contribuír a mellora competitiva da empresa, mediante servizos avanzados de profesionalización

empresarial e de desenvolvemento estratéxico

Eixe 4: Emprendedores

O espírito emprendedor é un indicador de dinamismo e progreso dunha economía. Apoiar o nacemento e crecemento do tecido empresarial é pois un obxectivo no que o Instituto pretende afondar cun conxunto de accións que por un lado sigan sensibilizando á sociedade da importancia dos emprendedores e por outra lles faciliten superar as principais barreiras, entre as que se atopa o acceso ao crédito, para a implantación dos seus proxectos.

A potenciación dos instrumentos de sensibilización e difusión, incluíndo outras accións de apoio para a extensión da cultura emprendedora, incluíndo o ámbito educativo, forman parte deste eixe que se completa con servizos gratuítos de formación e acompañamento a potenciais emprendedores, e con apoios de tipo financeiro para facilitar e mellorar o acceso ao financiamento dos proxectos emprendedores (convenios con axentes financeiros, subvencións e achegas a fondos de capital risco e convenios de microcréditos, entre outros).

Son de destacar tamén as accións previstas no ámbito do fomento das redes de investidores máis o portal do emprendemento en Galicia e a rede estendida do emprendedor, espazos colaboradores e de cooperación que pretenden complementar as medidas indicadas anteriormente, así como o desenvolvemento da xanela única do emprendedor.

Eixe 5: Cooperación

Impulsar a participación e a cooperación entre os axentes económicos galegos é outra das medidas sinaladas para contribuír ao desenvolvemento e á modernización empresarial, e que o Instituto vén tendo presente especialmente nos últimos anos. Deste xeito contribuír a que todos os axentes e organismos de Galicia colaboren de maneira coordinada para mellorar o tecido empresarial e situar a Galicia como unha rexión atractiva para investir e traballar é o principal obxectivo deste eixe nos plans de actuación do Instituto, que ten como principais destinatarios aos clúster e organismos intermedios.

Tamén se inclúen neste eixe as múltiples iniciativas de colaboración que se levan realizando, mediante actuacións coordinadas cos axentes financeiros no ámbito de favorecer o acceso ao financiamento das PEMES en xeral ou de sectores particulares do tecido produtivo en colaboración cos demais departamentos competentes da Xunta de Galicia.

Promover a excelencia nos clústers é outra das liñas de actuación do Instituto. As PEMES deben optar por unha estratexia baseada na cooperación empresarial como factor clave para acadar unha situación competitiva no mercado. Os clústers téñense revelado como un poderoso

instrumento para o impulso da cooperación empresarial en materia de I+D+i, internacionalización ou recursos humanos.

Cooperación mediante a participación en proxectos europeos como o novo ATC4Excellence, no que participa o IGAPE, con entidades de Irlanda, Portugal, Asturias e Cantabria, e que ten como obxectivo promover as mellores prácticas, a excelencia, nos clústers das rexións europeas implicadas e que permite a súa vez a participación e colaboración no deseño de políticas de clústers europeas, mediante as relacións coas redes de clústers europeas ou o posicionamento a nivel europeo, tanto das axencias de desenvolvemento rexional (ADRs) como dos propios clústers, e o fortalecemento da súa relación coas institucións involucradas na xestión de políticas de clústers.

O proxecto ECICII, ten como obxectivo principal dinamizar a proxección exterior das empresas mediante a cooperación entre entidades asociativas e organismos públicos de Galicia e do Norte de Portugal, e busca promover e reforzar as relacións económicas e as redes de cooperación existentes en áreas de traballo como a vixilancia e os estudos de mercados, a capacitación profesional para a internacionalización, a cooperación empresarial e institucional e a creación de redes conxuntas para dar pulo á internacionalización empresarial.

Eixe 6: Plans territoriais: Ferrol, Costa da Morte, Ourense e Lugo

O IGAPE continua a súa aposta polo desenvolvemento e apoio as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, Costa da Morte, Ourense e Lugo. Fomentando iniciativas que contribúan a potenciar sectores estratéxicos, impulsar actuacións emprendedoras de alto valor engadido e o desenvolvemento do tecido socioeconómico dos territorios.

Eixe 7: Outras accións

Baixo este eixe inclúense accións que teñen como denominador común mellorar a atención integral do Instituto aos empresarios e emprendedores, tomando a iniciativa no desenvolvemento de proxectos como a administración electrónica ou o desenvolvemento de portelos multi-canal de atención integral a proxectos empresariais, ou fomentando a participación en proxectos e iniciativas convocadas pola Unión Europea. A formulación de actividades formativas para os recursos humanos do Instituto pretende fortalecer as capacidades de prestación deste tipo de servizos e a concienciación en xeral de avanzar nas ferramentas de coñecemento.

Eixe 8: Actividades soporte

Baixo este eixe inclúense as diferentes actividades de información e difusión dos servizos e apoios do IGAPE e os gastos xerais de funcionamento do Instituto.

INSTITUTO ENERXETICO DE GALICIA - INEGA

As principais liñas de acción para o ano 2013 son as seguintes:

1. Recadación do canon eólico e xestión e actualización do Rexistro de parques eólicos.
2. Posta en marcha do Rexistro de certificación enerxética de edificios.
3. Incrementar a potencia subvencionada en aforro e eficiencia enerxética. Isto inclúe as instalacións térmicas de alta eficiencia: bombas de calor xeotérmicas, bombas de calor aire-aire, aire-auga.
4. Mellora da eficiencia enerxética no alumeadado público, semáforos e calquera actuación realizada en edificios e infraestruturas destinada a acadar un maior aforro enerxético.
5. Incrementar a potencia subvencionada en enerxías renovables, tanto en enerxía solar térmica e fotovoltaica, como en caldeiras de biomasa e biogas.
6. Xestión dos recursos dos convenios IDAE, asinados anualmente con este organismo estatal e mediante os que este achega fondos cos que se realizan unha serie de actuacións, entre as que destacan:
 - Concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para fomentar o aforro e a eficiencia enerxética e as enerxías renovables.
 - Xestionar os “plans renove” financiados polo IDAE: plan renove de electrodomésticos, plan renove de fiestras, plan renove de fachadas, plan renove de climatización, plan renove de iluminación interior e plan renove de vehículos.
 - Sinatura de convenios coas distintas administracións e co sector privado para a realización de actuacións de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables.
7. Xestionar dos proxectos europeos concedidos.
8. Realizar as inspeccións sinaladas no Regulamento de Instalacións Térmicas de Edificios (RITE) e inspección do mantemento das liñas eléctricas.
9. Campañas de formación e difusión do aforro enerxético.

AXENCIA GALEGA DE INNOVACION - GAIN

- Contratos programa para a consolidación de centros de coñecemento (Centros Tecnolóxicos e Organismos Públicos de Investigación) e infraestruturas científico-tecnolóxicas.
- Impulso da excelencia na planificación estratéxica da innovación empresarial das PEMES galegas.
- Dinamización do Fondo Tecnolóxico en empresas e axentes intermedios de apoio as

PEMES como Centros Tecnolóxicos, Centros Públicos de Investigación ou Plataformas Tecnolóxicas.

- Apoio á valorización de tecnoloxías a través do estímulo á creación de empresas innovadoras de base tecnolóxica (EBTs) e dinámicas sistemáticas de valorización do coñecemento.
- Incrementar a captación de fondos de Programas Europeos por parte dos axentes do sistema galego de I+D+i e das PEMES no Programa Marco da CE.
- Incorporación de talento innovador ás empresas e captación de talento internacional para a súa integración nos centros de investigación do Sistema Galego de I+D+i.
- Consolidación dos grupos de investigación e impulso da súa competitividade e da capacidade de valorización do coñecemento.
- Cofinanciamento do programa FEDER-INTERCONNECTA destinado a fomentar a realización de grandes proxectos integrados de desenvolvemento experimental, de carácter estático e de grande dimensión que teñan como obxectivo o desenvolvemento de tecnoloxías novidosas en áreas de interese para Galicia.

II.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

GALICIA CALIDADE

- Galicia Calidade SAU, realiza accións de promoción publicitaria da marca de garantía Galicia Calidade. Accións publicitarias consistentes en campañas en medios convencionais e non convencionais, presenza en feiras e eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional, así como diversas actuacións de comunicación en outros ámbitos como vehículos de promoción que se acheguen ao público, obxectivo establecido pola sociedade anónima. Ademais, a sociedade pública continuará coa promoción nos puntos de venta, como nas grandes cadeas de distribución, así como outras accións para dar a coñecer os produtos amparados pola marca de garantía.
- Preténdese que Galicia Calidade se poida empregar sectorialmente como unha ferramenta para a mellora da calidade e de diferenciación nos mercados, que permita, a través da confianza no consumidor, mellorar a capacidade de comercialización de nosas empresas. Galicia Calidade apostará por promover a marca de garantía nas accións que considere máis proveitosas para o selo así como para os produtos amparados polo mesmo.

SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE CAPITAL RISCO - XES GALICIA

A Sociedade xestiona os fondos de capital risco, así como os activos de SODIGA GALICIA

SCR, SA, destinados ao financiamento e desenvolvemento empresarial, materializado en forma de tomas de participación de capital e/ou a concesión de préstamos, xeralmente participativos.

En función da tipoloxía das empresas obxecto de investimento, dos seus proxectos investidores así como da súa situación financeira, establécense distintas liñas de actuación, que se canalizan a través dos respectivos fondos xestionados:

- EMPRENDE, FCR: Financiamento de empresas de nova creación, ou aquelas que acometan actividades novidasas e/ou apliquen novas tecnoloxías.
- ADIANTE 2000, FCR: Financiamento de empresas existentes, necesitadas de apoio financeiro e de xestión.
- XES-INNOVA, FCR: Financiamento de proxectos emprendedores e proxectos de desenvolvemento tecnolóxico vencellados aos sectores da biotecnoloxía, telecomunicacións, enerxías renovables e medio ambiente.
- XES IMPULSA FERROL 10, FCR: Financiamento da posta en marcha de iniciativas empresariais na comarca de Ferrolterra.
- XES-POSIBILITA 10, FCR: Financiamento de proxectos empresariais levados a cabo por persoas con discapacidade.
- FONDO TECNOLÓGICO I2C, FCR: Financiamento de investimentos en proxectos de I+D+i con perspectivas de rendibilidade, que teñan por obxecto a produción, investigación e desenvolvemento de todo tipo de actividades novidasas con posibilidade de desenvolvemento e mais concretamente, a proxectos empresariais de semente-arranque e expansión-consolidación de mercado carácter innovador, con especial atención a proxectos que resulten da potencial valorización do coñecemento xerado polos diferentes axentes do sistema galego de I+D+i.

Así mesmo, XESGALICIA, SGEGR, SA tamén ten encomendada a xestión dos activos de SODIGA GALICIA, SCR, SA, cuxos obxectivos empresariais obxecto de financiamento son descritos no seguinte apartado.

SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL DE GALICIA - SODIGA

As liñas de actuación da Sociedade materializaranse en investimentos, mediante a toma de participación no capital e/ou a concesión de préstamos, xeralmente participativos, en empresas con alto potencial de crecemento, xestionados por empresarios de recoñecida solvencia profesional, que leven a cabo proxectos ou actuacións que contribúan á dinamización da economía na Comunidade Autónoma.

Debido á situación actual de crise económica, son poucos os proxectos axeitados á finalidade para a que está concibida a Sociedade, sendo máis probables as prórrogas da permanencia no capital das empresas nas que SODIGA xa está a participar, así como o refinanciamento dos

préstamos xa concedidos.

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA

Os obxectivos estratéxicos da sociedade son os seguintes:

1. Fomentar a transferencia do coñecemento e da tecnoloxía, facendo de axente de enlace, colaborando cos socios da Asociación de Parques Tecnolóxicos de España e outros foros, e fomentando a innovación aberta. Para este obxectivo no ano 2013 realizaranse distintas actividades e proxectos:
 - Organización de eventos, xornadas, encontros empresariais, etc.
 - Cátedra de Tecnópole para o financiamento de bolseiros en empresas.
 - Preincubadora da Universidade de Vigo para acoller proxectos empresariais no edificio CEI
 - Participación activa en APTE (Tecnópole forma parte do comité executivo dende maio de 2012), Foro Noroeste de Parques e Rede de Incubadoras.
 - Participación nos proxectos que xurdan da relación da APTE cos Ministerios de Economía e Competitividade e de Industria.
2. Favorecer o crecemento e a creación de empresas, mediante o fomento de colaboracións e mediante unha oferta de servizos e infraestruturas axeitadas as necesidades actuais. Para conseguir este obxectivo fórmulanse as seguintes actuacións no 2013:
 - Organización de xornadas, eventos, encontros, etc.
 - Promoción da rede de transferencia de tecnoloxía.
 - Promoción e venda do solo dispoñible na ampliación do Parque.
 - Promoción do centro de cirurxía experimental (proxecto Tecmeva)
 - Promoción do laboratorio de biotecnoloxía.
 - Promoción da incubadora de empresas e dos locais en aluguer.
 - Promoción da sala de coworking.
 - Manter e mellorar os servizos e infraestruturas que se ofrecen as empresas.
3. Propiciar a creación de emprego, desenvolvemento económico e crecemento empresarial na rexión, mediante a realización de proxectos concretos de mellora da competitividade empresarial e mediante actividades de divulgación científica e de fomento do espírito emprendedor. Entre as actuacións previstas para o ano 2013 destacan:
 - Proxecto Innprendedores Tecnópole: unha iniciativa que trata de fomentar o desenvolvemento sustentable e a creación de emprego verde mediante accións de fomento da intraemprendizaxe para os traballadores de pemes e micropemes, proxecto para o cal se solicitou financiamento estatal e que so se levaría a cabo con resolución favorable.
 - Plataforma transfronteiriza online de incubación para a aceleración de empresas tec-

- nolóxicas e a súa internacionalización, proxecto para o cal se solicitou financiamento europeo e que so se levaría a cabo con resolución favorable.
- Eventos de divulgación científica: Feira Galiciencia e Espectáculos de Ciencia por toda Galicia.
 - Programa de Aulas Tecnópole dirixido a rapaces de entre 13 e 17 anos.
 - Recepción de visitas á Tecnópole.
4. Desenvolver políticas medioambientais. Principalmente trátase de manter as certificacións de calidade UNE-EN-ISO 14001:2004 e cumprimento do regulamento EMAS.
 5. Fomentar o uso das enerxías renovables e o aforro enerxéticos, mediante as seguintes actividades:
 - Promoción do Centro de Experimentación de Enerxías Renovables.
 - Promoción da electrolinera no Parque mediante acordos e colaboracións con axentes relacionados coa electromovibilidade.
 - Organización de actividades de sensibilización: xornadas informativas e concurso fotográfico Tecnoambiental.

II.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACION CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA.

En xeral son fins da Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia todos aqueles que promovan o uso do cálculo intensivo e comunicacións avanzadas como instrumento para o desenvolvemento socio económico sostible, dedicando especial atención ás relacións de cooperación entre os centros de investigación públicos ou privados e o sector produtivo.

En canto á evolución prevista cabe destacar:

1. Continuidade da prestación de servizos ás comunidades académica e investigadoras galegas e do CSIC:
 - Cálculo intensivo.
 - Comunicacións de altas prestacións.
 - Almacenamento de datos.
 - Ferramentas de colaboración e ensino electrónico.
 - GIS
 - Transferencia á industria.
 - Desenvolvemento de proxectos competitivos e contratos.
2. Consolidación do CESGA como Centro de Excelencia Científica e de servizos en ciencia

computacional. Para elo realizáranse as seguintes accións:

- Posta en marcha de:
 - - Comisión Asesora da Fundación.
 - - Comité Científico.
 - Manter o nivel de satisfacción dos usuarios.
 - Terceira edición Master Interuniversitario HPC
 - Colaboración cos Campus de Excelencia Galegos.
3. Incrementar a autosostenibilidade optimizando custos operativos:
 - Mellorar o índice de eficiencia enerxética (PUE) nun 3%.
 4. Acadar unha presenza significativa na industria, aumentando o número de proxectos conxuntos.
 5. Constituír en Galicia un foro de coñecemento en ciencia computacional con proxección internacional en colaboración coas Universidades galegas, CSIC e outros Centros de Excelencia:
 - Participar en 3 actividades de prospectiva da CE
 - Asinar 2 novos convenios de colaboración con institucións relevantes estranxeiras.

FUNDACION CENTRO GALEGO DA ARTESANIA E DO DESEÑO

A Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño ten previstas para o ano 2013 as actuacións que a continuación se detallan:

1. Promoción, comercialización e internacionalización. Asistencia a feiras internacionais de artesanía con obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía da Xunta de Galicia e teñan concedido o uso da marca Artesanía de Galicia propiedade da Xunta de Galicia.
2. Accións de promoción da marca Artesanía de Galicia para unha maior difusión e coñecemento do traballo artesán e do deseño en Galicia. Iniciativas de busca de novos nichos de mercado para as PEMES artesanías: apertura de novas tendas da marca, introdución en novos sectores: decoración, arquitectura, sector téxtil etc. Proxectos de colaboración con outras disciplinas.
3. Organización, coordinación e supervisión de cursos formativos destinados ao sector artesanal galego para a súa maior especialización e coñecemento, incidindo na innovación e no deseño.
4. Colaboración a nivel organizativo e económico con concellos galegos e asociacións profesionais de artesanías para a organización de feiras e outros eventos de artesanía a nivel autonómico.
5. Organización de exposicións por subsectores de actividade.
6. Publicación da revista especializada en artesanía e deseño "Obradoiro de Artesanía".

7. Desenvolvemento do programa didáctico Enredando, artesanía na escola dirixido a achegarlle os oficios artesáns aos máis pequenos, iniciado no ano 2011.
8. Xestión e mantemento da páxina web e do facebook, de Artesanía de Galicia, que serve de canle de comunicación ao público das distintas actuacións que se veñen desenvolvendo por parte da Fundación.
9. Resolución dos Premios Artesanía de Galicia cos que se pretende dar acollida ás manifestacións máis significativas que mostren o variado mundo da creación artesanal de Galicia e promover a presenza dos produtos artesanais galegos nos mercados.

FUNDACION PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA

A Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia xestiona tres centros tecnolóxicos: o Centro de Innovación e Servizos do Deseño e a Tecnoloxía (CIS Galicia), o Centro de Innovación e Servizos da Madeira (CIS Madeira) e o Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia (LOMG). As principais liñas de acción a desenvolver pola Fundación no 2013 a través dos cetros tecnolóxicos que xestiona, así coma dos seus Servizos Centrais serán :

1.- O Centro de Innovación e Servizos do Deseño e a Tecnoloxía traballará co obxectivo de axudar e fomentar a competitividade das empresas a través da innovación, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico.

A súa labor de dinamización e potenciación da innovación como factor principal de modernización e futuro para Galicia realizarase:

- Poñendo en valor o coñecemento.
- Axudando a potenciar o coñecemento das empresas galegas.
- Axudando ás empresas a abrir unha canle directa coa modernización e mellora da súa competitividade a través da innovación.

E isto, a través de:

- Prestación de servizos avanzados: asesoramento especializado baseado en programas internacionais e nacionais, e ferramentas de vixilancia tecnolóxica.
- Desenvolvemento da tecnoloxía industrial: potenciación da creación de software industrial e realidade virtual e aumentada baixo demanda.

2.- O Centro de Innovación e Servizos da Madeira traballará para mellorar a posición competitiva do sector de transformación da madeira, propiciando un aproveitamento óptimo do recurso forestal, e unha maior aplicación e calidade dos seus produtos derivados.

E isto a través da prestación de servizos de:

- Desenvolvemento de proxectos de investigación aplicada e innovación tecnolóxica.
- Transferencia de tecnoloxía.
- Fomento do coñecemento sobre a utilización da madeira nas súas diversas aplicacións.
- Formación en áreas relacionadas coa tecnoloxía da madeira.
- Realización de ensaios físico-mecánicos e químicos.

Asistencia técnica a empresas orientadas basicamente ó control da calidade de materiais e produtos, á reenxeñería de procesos, e ó asesoramento sobre a construción en madeira.

3.- O Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia é un centro con dedicación ao servizo da sociedade, que apoiará con carácter horizontal ao tecido industrial en actividades relacionadas coa medida, a través dunha ampla carteira de servizos tecnolóxicos.

O seu obxectivo é o de promover e fortalecer a competitividade das empresas, atendendo en todo momento as súas demandas metrolóxicas e de innovación en sistemas e procedementos de medida, e anticipándose os seus requirimentos e ós do mercado.

A Fundación traballará tamén prestando servizos de asesoramento para o fomento e apoio á participación das empresas e demais axentes galegos nos programas de I+D+i internacionais, así como prestará a súa colaboración aos distintos axentes innovadores en proxectos, co fin de fomentar a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico do tecido industrial galego.

Como medio propio instrumental a Fundación xestionará aquelas encomendas que dende a Consellería de Economía e Industria, organismos autónomos e as administracións lle encarguen a súa execución en materia de innovación, desenvolvemento tecnolóxico e industrial e fomento da sociedade da información e do coñecemento.

FUNDACION INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA - EXPOCORUÑA

Na súa liña de traballo EXPOCoruña para o 2013 seguirá apostando polos valores que configuraron o seu selo de identidade: o deseño, a tecnoloxía, a cultura e a innovación empresarial.

Polo momento económico polo que atravesamos, no 2013 algúns dos eventos de produción propia como O DaisyMarket, B-web, Enxeñería Cultural..., que eran deficitarios, decidimos non celebralos, si manteremos o programa de eventos en colaboración como en anos anteriores coas seguintes actividades:

- SalonAuto.
- MotorOcasión.
- ExpOtaku.
- Arroutada.

- Mulleres Arte+Parte.

É o noso obxectivo para o 2013 a comercialización de todos os nosos espazos dando un valor diferenciador que define tanto a forma de traballo, como en boa medida os eventos que se leven a cabo ao longo deste ano. Contamos con seis valores diferenciadores:

1. Innovación: os eventos que albergue EXPOCoruña terana como pia e base da súa creación. Novas ideas, conceptos, produtos e servizos.
2. Deseño: unha das apostas máis firmes de EXPOCoruña. Os proxectos contarán con espazos atractivos e funcionais creados en exclusiva para ese momento. Tamén os expositores contarán co noso asesoramento en canto a deseño, unha ferramenta orientada a converter en protagonista cada stand e/ou área de actividade.
3. Tecnoloxía: EXPOCoruña incorpora ao seu proxecto os últimos avances tecnolóxicos, dende as técnicas audiovisuais máis pioneiras como instalacións de leds e modernas pantallas dixitais, ata a xestión áxil e rápida das relacións cos clientes.
4. Formación: Fomentamos a realización de cursos de formación profesional e das prácticas correspondentes, contando con colaboradores temporais que dan apoio a nosa actividade diaria.
5. Música: EXPOCoruña terá a música como unha protagonista máis, creándose deste xeito un espazo apto para grupos de gran calidade e repercusión.
6. Cultura: exposicións, artes escénicas e dixitais terán o seu espazo en EX-POCoruña, sumándose á xa rica oferta da cidade como un axente dinamizador do panorama cultural.

O noso labor como recinto feiral non se limitará ao feito de albergar só feiras, a disposición e características de EXPOCoruña posibilitáanos ofrecer unha alternativa no sector expositivo galego, nacional e internacional, xa que podemos albergar tanto reunións de empresa ou presentacións de produtos, como a organización de eventos de distintas dimensións, festivais de música ou competicións deportivas.

FUNDACION FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO

A principal liña de acción da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo para o vindeiro ano 2013 é potenciar o desenvolvemento dos diversos sectores estratéxicos produtivos galegos a través de realización de feiras comerciais profesional ou empresarial para lograr una dinamización económica cun maior crecemento, un aumento do emprego e unha maior competitividade.

Para o ano 2013 están previstas 15 feiras coas seguintes características:

- I edición de Expoboda Lugo.
- XV edición de Lugostock, feira das oportunidades, de carácter público xeral, con periodicidade anual e dirixidas comerciantes pertencentes a calquera sector empresarial.
- IV edición do Salonauto.

- IV edición de Motorocasión.
- II edición de Lucusbeer, Salón da Cervexa e spirits.
- II edición de HogarLugo, Salón da vivenda e decoración.
- VI edición de Equigal, Salón do Cabalo de Galicia.
- II Salón do Tuning e clásicos.
- II Salón da Moda.
- XV edición de Expolugo A Rural, que alberga un mercado gandeiro e de maquinaria agrícola.
- II edición AgroGandFood, salón da alimentación do noroeste.
- III edición de Lugofeira, feira multisectorial.
- III edición do Salón da Moto e III Concentración Motera Suevia.
- III edición de Caroutlet.
- XVI edición de Xuvenilugo, Salón do Ocio, de carácter lúdico, deportivo e cultural.

Este programa de actividades publicarase na páxina web e levarase a cabo unha campaña de promoción feiral para o reforzo das mesmas.

FUNDACION EXPOSICIÓNS E CONGRESOS A ESTRADA

Para o ano 2013 a Fundación Exposicións e Congresos A Estrada prevé a realización das seguintes feiras e celebración de eventos co obxectivo de ocupar o maior número de días do calendario anual, así como comercialización de todos os nosos espazos.

- 27º Feira do moble de Galicia.
- 3º Feira de oportunidades de comercio.
- 40º marzo, 41º xuño e 42º decembro, da feiras de antigüidades.
- Aluguer das instalacións para a organización de distintos eventos.
- Impartir cursos AFD: axente comercial, ebanista.
- Realización de actividades culturais e deportivas nas instalacións.
- Convenio coa consellería de Educación para a impartir o ciclo de formación regulada da madeira.
- Organización de talleres e xomadas técnicas para o sector empresarial e público en xeral.
- Dinamización socio-comunitaria con diversos colectivos: amas de casa, mulleres rurais, terceira idade, persoas con discapacidade, etc.
- Implantación nas instalacións da fundación dun viveiro de empresas.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 ten como obxectivo fundamental o desenvolvemento dun sistema de investigación e innovación eficiente como para situar á economía galega en posición de competir nunha economía global. Para iso é necesario atender a unha serie de retos:

- A captación, formación e retención do talento
- Unha investigación de referencia e competitiva. Consolidación de grupos de investigación e desenvolvemento dun sistema integral de apoio a investigación que sirva como punto de apoio para o sistema de innovación de Galicia.
- Innovación e valorización. Incrementar a capacidade de valoración do coñecemento desenvolto en universidades e centros de investigación e converter a innovación no principal mecanismo de competitividade das empresas galegas.
- Crecemento empresarial. Crecemento corporativo a través da innovación que contribúa a xeración de emprego e a internacionalización das empresas.
- Cambio no modelo para ter un sistema competitivo máis aló de 2013. Desenvolver un sistema de I+D+i eficiente que de prioridade os resultados de impacto como a creación de empresas, activación do emprego, investigación de calidade e valorización desta.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Axentes públicos ou privados que compoñen o Sistema Galego de Innovación:

- Sistema Universitario de Galicia.
- Organismos Públicos de Investigación.
- Centros hospitalarios.
- Centros tecnolóxicos.
- Parque Tecnolóxico de Galicia.
- Plataformas tecnolóxicas, Clústers e asociacións empresariais.
- Empresas, especialmente as Pemes.
- Fontes de financiamento privado. Fontes privadas, de diferente natureza con capacidade de dotar de crédito ás empresas ou organizacións para financiar as súas actividades de investigación.

- Viveiros e outros axentes.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación estase a desenvolver nunha conxuntura de grave crise económica. Os recursos públicos están diminuíndo e o Sistema Galego de I+D+i tén unha forte dependencia destes polo que as actuais restricións orzamentarias poden por en perigo a sustentación económica a medio prazo dalgúns axentes do sistema. A isto súmase que a crise financeira supón un incremento das dificultades das empresas para obter financiamento. Ademais, é necesario tén en conta que este ano é o último co réxime de axudas europeas actual.

Non obstante, esta crise tamén puxo de manifesto a necesidade de promover o progreso económico e social a través dunha economía baseada na investigación e a innovación.

Por tanto, neste marco, as administracións públicas deben xestionar os recursos dispoñibles coa máxima eficiencia posible, atendendo ós resultados acadados, e as empresas e demais axentes do sistema de I+D+i deben fomentar a internacionalización e especialmente a cooperación para facer fronte a súa reducida dimensión e capacidade de financiamento.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Constitución Española establece no artigo 149.1.15ª a competencia exclusiva do Estado en materia de “fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica” e no artigo 148.1.17ª establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir atribucións para “o fomento da cultura e da investigación”.

O Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico créase ao abeiro da lei 12/1993, do 6 de agosto, de Fomento de Investigación e de Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. O Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2010 aprobou o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015.

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación establece no artigo 2 como finalidade desta, “fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes”

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa é fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da estratexias e programas de innovación eficientes.

Estratexias do programa:

- Xestión do talento. Captación, formación e retención de recursos humanos no sistema

galego de I+D+i.

- Consolidación de Grupos de Referencia. Reforzar a capacidade do sistema público de investigación de Galicia, a través dos grupos de investigación científica (unidades básicas do proceso investigador) buscando a excelencia destes, atendendo ós resultados acadados a nivel internacional e na transferencia ao tecido produtivo e a sociedade.
- Valorización do coñecemento. Actividades encamiñadas a xerar actividade produtiva do coñecemento, entre as que destacan a transferencia tecnolóxica, o desenvolvemento de spin-off vinculadas a grupos de investigación ou a comercialización de coñecemento protexido por patentes.
- A innovación como motor de crecemento. A innovación é fundamental para a mellora a competitividade das empresas e o crecemento empresarial. O crecemento empresarial deriva dunha innovación sistemática, estratéxica e eventualmente disruptiva. Para iso é necesario a estimulación da cultura empresarial innovadora, apoiar as organizacións que están na súa fase inicial e apostan pola innovación, as Pemes que teñen un alto potencial de crecemento a través da innovación e os diversos modelos de colaboración de innovación (innovación aberta)
- Internacionalización dos procesos de coñecemento e innovación. Desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación con perspectiva global. Os obxectivos son a internacionalización da empresa galega, fomentar a cooperación a nivel internacional, facilitar o acceso aos fondos europeos, desenvolver proxectos competitivos de maneira colaborativa e optimizar os investimentos e os procesos de investigación.
- Modelo de innovación nas administracións. Actuacións dirixidas a xerar modelos de innovación nas administracións como mecanismo para garantir a súa permanente competencia no servizo público.
- Programas Sectoriais. Os programas sectoriais inciden nas áreas chave que marca o VII Programa Marco da Unión Europea e pretenden estimular o crecemento en cada un destes sectores a través da integración de dinámicas de I+D+i. Así mesmo, perséguese un obxectivo fundamental de potenciar a investigación colaborativa en Europa e con outros países socios mediante proxectos transnacionais ente a industria e o coñecemento, e o acceso dos axentes do sistema de I+D+i galegos ós proxectos europeos.
- Proxectos Singulares. Iniciativas de alto impacto en sectores especialmente estratéxicos e onde Galicia posúe contrastada potencialidade.
- Difusión e divulgación. O Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 trata de establecer un novo modelo e para iso debe comunicar ben os seus obxectivos e á súa vez estimular a proximidade social cós contidos que presenta de ciencia e investigación, valorización, innovación e crecemento.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega de Innovación

III.1.2. PROGRAMA 613B - ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo estratéxico deste programa é a defensa dos dereitos e intereses económicos dos consumidores galegos e defensa da competencia

Este programa ten os seguintes obxectivos operativos:

Obxectivo xeral: Reforzo da protección e defensa dos consumidores, mellorando os servizos do IGC.

Obxectivos concretos:

1. Financiamento operativo do persoal, instalacións e demais recursos necesarios para garantir os dereitos e intereses dos consumidores e usuarios, de forma especial no relativo a súa información, asesoramento e resolución de conflitos, a través da mediación e a arbitraje de consumo
2. Asesoramento, financiamento e cooperación coas organizacións de consumidores
3. Asesoramento e cooperación coas corporacións locais, en materia de defensa do consumidor
4. Execución do plan anual de formación e educación en materia de defensa do consumidor a través da Escola Galega de Consumo
5. Realización de campañas informativas e de sensibilización, dirixidas aos consumidores, de maneira prioritaria no campo dos produtos financeiros.
6. Promoción da mediación e o sistema arbitral de consumo, incluíndo o custo de mantemento e as indemnizacións aos árbitros
7. Estudos e traballos técnicos en materia de defensa do consumidor
8. Impulso a normativa en materia de consumo, a través do desenvolvemento da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, e a través de normativa sectorial e a propia na materia de defensa do consumidor
9. Actuacións en materia de seguridade dos produtos industriais postos no mercado a disposición dos consumidores e usuarios e mantemento da rede de alerta deste tipo de produtos.
10. Realización dos programas de vixilancia do mercado (de carácter obrigatorio, segundo o establecido no Regulamento (CE) 765/2008), que afectan aos establecementos, bens e servizos existentes no mercado, co obxectivo primordial de defender os lexítimos intereses dos consumidores.
11. Actuacións en materia de seguridade dos produtos, de execución obrigatoria por parte da comunidade autónoma en base ao disposto no Real decreto 1801/2003, cos obxectivos de:

- Comprobar, mediante controis inspectores e mesmo analíticos, que os produtos postos á disposición do consumidor galego cumpren os requisitos legais que lle son de aplicación e non supoñan un risco para a seguridade das persoas consumidoras ou usuarias.
 - Comunicar á rede de alerta de produtos non alimenticios a existencia de produtos que poidan supoñer un risco para a seguridade das persoas consumidoras ou usuarias, así como a xestión do sistema de intercambio rápido de información sobre perigos derivados de produtos de consumo e a adopción de medidas administrativas de reacción para garantir a seguridade dos consumidores.
 - Controlar que nos puntos de venda non se ofrecen produtos que fosen incluídos na rede de alerta de produtos non alimenticios.
 - Realización de campañas de control nos ámbitos dos produtos alimenticios, industriais e dos servizos.
 - Realización de actuacións inspectoras naquelas reclamacións presentadas polos consumidores, sempre que sexan necesarias ou convenientes para esclarecer os feitos denunciados.
 - Executar inspeccións de oficio e outras en colaboración con outros órganos da Administración.
12. Realizar actuacións de mediación e exercer as funcións de Arbitraje de Consumo a través da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.
13. Realizar actuacións de corrección do mercado.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa vai dirixido a toda a poboación da Comunidade Autónoma de Galicia

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Nestes momentos, de especial problemática para os consumidores, agravada pola crise que continuamos padecendo, estase a producir un aumento moi significativo das peticións de asesoramento e de resolución de conflitos cos empresarios; feito que orixinou un aumento exponencial das peticións de mediacións e arbitraje de consumo. Esta situación vese agravada polo problema da comercialización das denominadas "participacións preferentes", que afectan na nosa Comunidade Autónoma a un número moi importante de pequenos aforradores. Neste senso o IGC é o encargado de levar a cabo os asesoramentos aos afectados, tramitar as súas reclamacións e, no seu caso, promover e poñer en marcha a arbitraje para lograr solucionar en moitos casos estes conflitos.

Tamén ao ser o IGC o garante de que o mercado galego, no tocante os produtos industriais e os servizos, sexa seguro e funcione optimamente, fixo que se incrementase o número de campañas de inspección e o número de inspectores. Así mesmo produciuse un aumento considerable nas demandas de formación e educación do consumidor.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas na materia de defensa do

consumidor e usuario. (art. 30.1.4º do Estatuto de Autonomía de Galicia). Dende a creación do Instituto Galego de Consumo pola Lei 8/1994, é este organismo o que exerce as competencias en materia de consumo. O presente programa, polo tanto é o marco no que se levará a cabo, a política de consumo que busca garantir os dereitos e intereses económicos dos consumidores.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é, potenciar a mediación e axilizar o arbitraje de consumo, incrementar o número de campañas de control de mercado, acercar mais a Escola de Consumo aos colectivos mais desprotexidos, asociacións de consumidores e concellos e profesionalizar as asociacións de consumidores e aos responsables de consumo dos concellos, ou sexa garantir o cumprimento da normativa de protección ao consumidor especialmente no relativo ao cumprimento dos dereitos básicos.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego de Consumo

III.1.3. PROGRAMA 731A - DIRECCION E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 731A, dirección e servizos xerais da industria, ten como cometido principal o funcionamento operativo dos servizos centrais administrativos e periféricos de tal maneira que a Consellería de Economía e Industria poda levar a cabo todas as competencias que lle foron asignadas, facendo especial mención aos seguintes cometidos:

- Facilitar o control da xestión
- Remunerar ao persoal
- Asumir os gastos correntes e de servizos
- Apoio técnico e xurídico a toda a Consellería de Economía e Industria.
- Coordinación e control de toda a xestión económica e orzamentaria.
- Xestión de todos os arquivos da Consellería.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

É un programa interno, dirixido a todos os traballadores da Consellería, de tal maneira que o persoal poda realizar as tarefas que teñen encomendadas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Nestes intres, a continuación da situación de crise que padecemos obriga a seguir cunha reestruturación do gasto, de tal maneira que os créditos conxélanse ou baixan en moitas partidas

e procúrase que non repercuta no mantemento e funcionamento dos servizos. A situación herdada de anos anteriores non é mala e iso permítenos facer menos gastos dos que serían normais noutros exercicios.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Secretaría Xeral Técnica ten as competencias e funcións establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, en relación con todas as unidades e servizos da consellería. Así mesmo o Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria tamén o establece regulando o funcionamento da consellería.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O beneficio que se pretende conseguir é que a Consellería de Economía e Industria funcione e podan as diferentes direccións xerais, organismos autónomos, axencias, sociedades e fundacións que forman parte dela, realizar os cometidos para as que foron creadas.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.4. PROGRAMA 732A - REGULACION E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo deste programa é planificar, coordinar, xestionar e realizar actuacións técnicas e administrativas en materia de seguridade, administración industrial e metroloxía, incorporando novos instrumentos de xestión como a tramitación electrónica dos procedementos administrativos e a mellora nos sistemas de inspección e control e a competitividade das empresas situadas en parques empresariais.

O programa responde á necesidade de manter e mellorar a seguridade dos establecementos e instalacións industriais no referente a seguridade industrial e a garantir a exactitude das medidas nas transaccións comerciais nas que interveña a metroloxía legal: peso, medida e número e elementos. Por outra banda, introdúcese para o exercicio 2013 unha nova actuación consistente nun plan renove para a substitución de de caldeiras de gasóleo por outras de gas natural.

Incídese tamén na mellora da competitividade das empresas mellorando as infraestruturas básicas dos polígonos e parques empresariais onde as empresas desenvolven a súa actividade.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os beneficiarios do programa son os titulares das instalacións industriais (empresarios, co-

comunidades de propietarios, e cidadáns en xeral) e os compradores de produtos regulados pola metroloxía legal (alimentos, combustibles, contadores de gas, electricidade, etc). No caso das axudas para a mellora dos parques empresariais os beneficiarios serían os concellos nos que se encontran situados os ditos parques. Polo que respecta ao plan renove de substitución de caldeiras de gasóleo, os beneficiarios serán familias e comunidades de propietarios da Comunidade Autónoma.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No relativo á mellora da seguridade industrial será necesario, unha vez que comece a desenvolver os seus traballos a empresa concesionaria no ámbito da metroloxía legal, facer dende a administración unha labor de divulgación das obrigas que teñen os axentes económicos que realizan transaccións económicas suxeitas á normativa metrolóxica. No relativo ás infraestruturas básicas dos parques empresariais é necesario a renovación destas infraestruturas, para evitar a súa obsolescencia, ou de habilitar outras novas non previstas na súa orixe, co obxecto de motivar o esforzo común de constante mellora competitiva de oferta de solo empresarial, como elemento dinamizador da economía e do emprego local.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal nas actuacións en materia de seguridade industrial o constitúe fundamentalmente a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria que establece as normas básicas reguladoras da ordenación das actividades e instalacións industriais así como o control administrativo para a vixilancia e control do cumprimento das normas e regulamentos de seguridade industrial e a Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia. No caso da metroloxía legal a lexislación básica estatal a constitúe a Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, e o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida, completando a normativa de referencia o Decreto 78/2011, do 14 de abril, polo que se establece a ordenación das funcións do control metrolóxico do Estado que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, e se aproba o regulamento de vixilancia e inspección de instrumentos sometidos a control metrolóxico.

Respecto das axudas aos concellos para a mellora e instalacións de parques empresariais o marco normativo sería a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita Lei.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A mellora da seguridade industrial ten como finalidade cumprir coas competencias propias da consellería en materia de industria como garante dunhas instalacións o máis seguras posibles, polo que respecta a metroloxía legal o principal obxectivo é garantir aos cidadáns que realmente están a pagar as cantidades de produto que mercan (alimentos, combustibles, gas, electricidade, etc)

No relativo ás infraestruturas básicas dos parques empresariais a finalidade é mellorar a competitividade das empresas aumentando a oferta de solo empresarial e mellorando o existen-

te, como elemento dinamizador da economía e do emprego local.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

III.1.5. PROGRAMA 733A - EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

- Apoiar aos concellos para soterrar/retranquear instalacións eléctricas para reducir o impacto sobre a poboación, o patrimonio ou o ambiente. Inclúense pola súa relevancia como partidas específicas o plan especial de infraestruturas enerxéticas no Morrazo, o traslado da subestación de Verín e o soterramento dunha liña eléctrica en Monteporeiro.
- Mellorar a calidade do subministro eléctrico.
- Acceso ao gas natural mediante o desenvolvemento das infraestruturas de distribución que permitan a subministración canalizada a consumidores industriais e domésticos naquelas zonas que contén con potencial de desenvolvemento económico.
- Acceso ao gas canalizado mediante instalacións de propano nas localidades afastadas ás posibilidades de gasificación con gas natural.
- Fomentar o aforro e diminuír a intensidade enerxética, concienciando á cidadanía para a limitación da demanda enerxética, por medio de axudas aos particulares e ás empresas galegas.
- Impulsar o uso racional e eficiente dos recursos e das enerxías mediante a racionalización na súa utilización nos seguintes eidos: Nos edificios e nas construcións novas, nos procesos produtivos a través de melloras no uso e no aforro da enerxía, nas infraestruturas de transporte e nos vehículos automóbiles.
- Potenciar o emprego e/ou a substitución de equipos que cumpran coas máximas esixencias no ámbito do aforro enerxético, tamén a través de axudas aos particulares e ás empresas.
- Potenciar o desenvolvemento de fontes de enerxía renovables, diversificando o mix enerxético actual que permita diminuír a dependencia enerxética co exterior, pero á vez, garantindo a subministración enerxética a toda a poboación.
- Potenciar un mellor coñecemento daquelas fontes de enerxía renovables menos empregadas en Galicia, pero máis avanzadas noutras partes do mundo, por medio de Plans Demostrativos que desenvolvan proxectos Piloto que permitan coñecer o funciona-

mento destas na nosa comunidade. Dentro destas iniciativas atópanse: Convenio para a realización dun plan demostrativo para a instalación dunha planta piloto de Biogás nunha explotación gandeira de vacún.

- Potenciar a I+D+i no campo enerxético mediante actuacións encamiñadas ao coñecemento de posibilidades de explotación de novas fontes de enerxía renovables pouco ou nada coñecidas no mundo. Neste senso, cómpre destacar o Convenio que se vai desenvolver no eido das Enerxías Renovables Mariñas, como é o Plan Demostrativo sobre a enerxía Xeotermia Mariña.

Este programa realizará actuacións tanto no ámbito das enerxías renovables como no aforro e eficiencia enerxética, sendo susceptibles de realizar tales actuacións: familias, entidades sen fins de lucro, empresas e Administracións Públicas.

O beneficio que se pretenden acadar con estas actuacións é o fomento das enerxías renovables que son fundamentais para conseguir diminuír a dependencia enerxética do exterior e a mellora da seguridade das subministracións. Unha maior achega das enerxías renovables permite reducir as importacións de enerxía e consecuentemente a dependencia dos combustibles fósiles. A importancia das enerxías renovables vese reforzada, en relación con aspectos ambientais (diminución da emisión de substancias contaminantes a atmosfera), xeración de emprego, desenvolvemento rexional, incremento da actividade económica, etc.

Así tamén, no ámbito do aforro e eficiencia enerxética, preténdese con todas estas actuacións diminuír as emisións de CO₂ á atmosfera e contribuír coas boas prácticas á unha concienciación cidadá para evitar o desperdicio e diminuír o consumo enerxético. As actuacións serían as seguintes:

1. Estudos e traballos técnicos en materia de xeración, distribución, transporte, eficiencia e aforro da enerxía, así como no eido das enerxías renovables.
2. Actuacións no ámbito das enerxías renovables e no aforro enerxético:
 - Organización de xornadas técnicas sectoriais en materia de enerxías renovables.
 - Desenvolvemento do I+D+I no ámbito das enerxías renovables e do aforro e da eficiencia enerxética a través de actividades realizadas directamente e en colaboración con institucións e empresas.
 - Desenvolvemento do aproveitamento da enerxía xeotérmica nos ámbitos público e privado.
 - Desenvolvemento de plantas de biogás en granxas gandeiras para a eliminación do purín.
 - Plan renove de plantas de coxeración.
 - Informes para a certificación enerxética de edificios.
 - Plan Sectorial Solar: instalación de proxectos de enerxía solar térmica de baixa temperatura, instalación de proxectos de enerxía solar fotovoltaica illada, instalacións mixtas (solar fotovoltaica e enerxía eólica e/ou enerxía minihidráulica illadas), enerxía solar

fotovoltaica conectada á rede integrada arquitectonicamente.

- Plan Sectorial Biomasa: caldeiras biomasa térmica doméstica e industrial, instalacións para o almacenamento, manexo, tratamentos previos e sistemas de dixestión anaerobia ou por gasificación, de aproveitamento enerxético (calor/frío).

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións de soterramentos e traslado de infraestruturas enerxéticas van dirixidas a concellos.

Os plans de electrificación van dirixidos ás empresas distribuidoras de enerxía eléctrica.

Os plans de gasificación van dirixidos ás empresas distribuidoras de gas natural e GLP.

En xeral, as actuacións no eido das Enerxías Renovables e da Eficiencia e Aforro Enerxético van dirixidas á totalidade da poboación de Galicia, coas seguintes liñas e actuacións xenéricas:

- Por medio de axudas aos particulares e/ou ás empresas que permitan o acceso ás Enerxías Renovables.
- Por medio de axudas aos particulares e/ou ás empresas que permitan a substitución de determinados equipos ou instalacións cuxo resultado sexa unha maior Eficiencia e un maior Aforro Enerxéticos.
- Por medio de axudas aos sectores relacionados coas Enerxías Renovables e coa Eficiencia e Aforro Enerxético.
- Tamén por medio de Plans Demostrativos que levan aparelado o desenvolvemento de proxectos Piloto para achegar á poboación galega as Enerxías Renovables para coñecer o seu funcionamento e as vantaxes que proporciona a súa implantación. En xeral, as actuacións no eido das Enerxías Renovables e da Eficiencia e Aforro Enerxético van dirixidas á totalidade da poboación de Galicia, coas seguintes liñas e actuacións xenéricas:
- Por medio de axudas aos sectores relacionados coas Enerxías Renovables e coa Eficiencia e Aforro Enerxético.
- Tamén por medio de Plans Demostrativos que levan aparelado o desenvolvemento de proxectos Piloto para achegar á poboación galega as Enerxías Renovables para coñecer o seu funcionamento e as vantaxes que proporciona a súa implantación.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No relativo ás infraestruturas eléctricas, hai que dicir que na rede de distribución de enerxía eléctrica, especialmente no rural, seguen existindo problemas na calidade de subministración, tanto no número e tempo das interrupcións, como no nivel de tensión.

Por outra parte, existen moitas infraestruturas eléctricas que discorren por núcleos urbanos ou de especial interese cultural ou paisaxístico, polo que resulta necesario apoiar aos concellos para acometer obras de soterramentos, retranqueos ou traslados destas infraestruturas. Especial relevancia teñen a situación da subestación de Verín, ou subministro eléctrico no Morrazo, que se consignan como partidas nominativas.

Polo que se refire ás infraestruturas de gas, actualmente a rede de distribución só chega aproximadamente ao 60% da poboación de Galicia, polo que é necesario seguir impulsando a extensión das redes de distribución de gas (xa sexa con gas natural ou con propano) para acadar o obxectivo do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 de que o 75% da poboación teña acceso ao gas no 2014.

Respecto das Enerxías Renovables, a súa situación ven marcada por:

- O importante crecemento continuo de consumo enerxético.
- A grande dependencia dos produtos derivados do petróleo implican á necesidade de desenvolver actuacións encamiñadas a: Diminuír a dependencia enerxética co exterior, garantindo a subministración enerxética de Galicia, potenciar o desenvolvemento de fontes de enerxía renovables, diversificando o mix enerxético actual, fomentar o aforro e diminuír a intensidade enerxética, concienciando á cidadanía para a limitación da demanda enerxética e potenciar a I+D+i no campo enerxético.

Respecto da Eficiencia e do Aforro Enerxético é necesario impulsar o uso racional e eficiente dos recursos e das enerxías mediante a racionalización na súa utilización, facendo fincapé nos edificios e nas construcións novas, nos procesos produtivos a través de melloras no uso e no aforro da enerxía, nas infraestruturas de transporte e nos vehículos automóbiles.

Tamén será axeitado potenciar o emprego e/ou na substitución de equipos que cumpran coas máximas esixencias no ámbito do aforro enerxético.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Os réximes de axudas polos que se desenvolven os plans de electrificación e gasificación foron notificados previamente á Comisión Europea, de acordo co disposto no artigo 88 do Tratado CE, adoptando a devandita comisión a decisión de consideralos compatibles co Tratado CE:

- “Axuda Estatal N 455/2009 – España /Plan de mellora da calidade da subministración de enerxía eléctrica de Galicia”, con data 30 de outubro de 2009.
- “Axuda de Estado nº N 463/2009 – España / Plan de mellora da rede de distribución de gas en Galicia”, con data 24 de novembro de 2009.
- As axudas a soterramentos dirixidas a concellos articularanse mediante unha orde de subvencións ou convenios específicos, de acordo coa Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.
- As actuacións en materia de Enerxías Renovables, de Eficiencia e de Aforro Enerxético, en xeral encádranse dentro das competencias e atribucións establecidas no Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria.

Tanto nas axudas promovidas neste eido, como o establecemento de Convenios de colaboración para o desenvolvemento de plans ou programas relacionados coas Enerxías Renovables, coa Eficiencia e co Aforro Enerxético, estarán suxeitas en todo momento á lexislación es-

pecífica e xeral que lle sexa de aplicación, tanto nacional, autonómica como europea, en especial atenderase á Estrategia de Ahorro y Eficiencia Energética en España (E4) 2004-2012, aprobada polo Goberno do Estado o 28 de novembro de 2003, así como ao Marco da estratexia europea 20-20-20, establecido no Consello da Unión Europea de decembro de 2008.

Todas estas actuacións están incluídas no Plan Enerxético de Galicia 2010-2015

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No relativo á infraestruturas eléctricas, preténdese por unha parte mellorar a calidade do subministro, mediante obras de mellora na rede de distribución, e por outra eliminar o impacto social de certas infraestruturas mediante o seu soterramento ou traslado a polígonos industriais.

Polo que se refire ás infraestruturas de gas, preténdese fomentar a extensión das redes de distribución de gas (xa sexa con gas natural ou con propano) para acadar o obxectivo do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 de que o 75% da poboación teña acceso ao gas no 2014.

No tocante ás Enerxías Renovables, os beneficios que se pretenden acadar a través de actuacións para o seu fomento, que impliquen un maior emprego e coñecemento delas, son fundamentais para conseguir:

- Diminuír a dependencia enerxética do exterior e a mellora da seguridade das subministracións á poboación de Galicia.
- Reducir as importacións de enerxía e consecuentemente a dependencia dos combustibles fósiles.
- Reforzar aspectos ambientais como a diminución da emisión de substancias contaminantes a atmosfera.
- Impulsar un sector tan estratéxico como é o das Enerxías Renovables que permitan a Galicia acadar e manter unha situación de líder mundial no desenvolvemento destas fontes enerxéticas, o que sen dúbida proporcionará un incremento da actividade económica, que terá tamén unha positiva repercusión na xeración de emprego e no desenvolvemento rexional da nosa comunidade autónoma.

Así tamén, no ámbito do Aforro e Eficiencia Enerxética, preténdese con todas estas actuacións diminuír as emisións de CO₂ á atmosfera e contribuír coas boas prácticas a unha concienciación cidadá para evitar o desperdicio, potenciando un uso e consumo racional da enerxía.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

Instituto Enerxético de Galicia - INEGA

III.1.6. PROGRAMA 734A - FOMENTO DA MINARIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Os obxectivos básicos deste programa son o fomento da minaría en xeral, concretados nos seguintes aspectos:

1. A mellora da actividade económica das comarcas mineiras afectadas polo peche das explotacións de lignito, fundamentalmente Cerceda e As Pontes, así como as comarcas limítrofes, e o seu desenvolvemento sostido precisa de actuacións concretas no área das infraestruturas que sirvan de soporte para a implantación de iniciativas empresariais xeradoras de emprego e desenvolvemento socioeconómico alternativo e, para mellorar a calidade do medio urbano e natural das ditas zonas e os seus servizos. Para superar o déficit estrutural nestas zonas deben aplicarse os principios de complementariedade e adicionalidade nos termos contidos no Plan Nacional de Reserva Estratéxica do Carbón 2006-2012 e un novo modelo de desenvolvemento integral e sostible das comarcas mineiras.
2. Por último, nesta situación de crise que afectou de forma notable ao sector, resulta preciso continuar co apoio ás empresas mineiras e ás súas institucións de representación, co obxecto de contribuír a mellorar a imaxe social do sector e a súa competitividade no mercado global actual. O vindeiro exercicio farase especial fincapé no sector, polo que se acometerá unha nova anualidade dun plan de axudas a entidades sen ánimo de lucro do sector mineiro.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións relativas á mellora da actividade económica nas comarcas mineiras, incluídas no plan do carbón 2006-2012, dirixiranse especialmente ós concellos de Cerceda e As Somozas.

Por outra banda, as axudas a entidades sen ánimo de lucro do sector mineiro, redundarán nunha mellora da competitividade das súas empresas a través dos órganos de representación.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

As comarcas mineiras afectadas polo peche das explotacións de lignito, precisan de actuacións concretas no área das infraestruturas que sirvan de soporte para a implantación de iniciativas empresariais xeradoras de emprego e desenvolvemento socioeconómico alternativo e, para mellorar a calidade do medio urbano e natural das ditas zonas e os seus servizos. Para superar o déficit estrutural nestas zonas deben aplicarse os principios de complementariedade e adicionalidade nos termos contidos no Plan Nacional de Reserva Estratéxica do Carbón 2006-2012 e novo modelo de desenvolvemento integral e sostible das comarcas mineiras. Para o vindeiro exercicio 2013 o incremento de fondos propios é notable, a pesar da situación de precariedade orzamentaria.

Por último, nesta situación de crise que afectou de forma notable ao sector, resulta preciso continuar co apoio ás empresas mineiras e ás súas institucións de representación, co obxecto de

contribuír a mellorar a imaxe social do sector e a súa competitividade no mercado global actual. Para estes efectos levarase a cabo un plan de axudas a fundacións, centros tecnolóxicos, clústers e outras entidades sen ánimo de lucro do sector mineiro de Galicia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco normativo para as comarcas afectadas polo peche das explotacións mineiras é o Plan de reserva estratéxica do Carbón 2006-2012, no que se asinou un protocolo de colaboración co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través do que se están a desenvolver as actuacións de infraestruturas.

Así mesmo, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita Lei, tamén son de aplicación, dado que tanto os convenios asinados para estas actuacións, como a liña de axudas a fundacións, centros tecnolóxicos, clústers e outras entidades sen ánimo de lucro do sector mineiro de Galicia, comprenden axudas regulamentadas por estas normas.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é, como xa queda dito anteriormente, a realización de actuacións sobre infraestruturas nas comarcas mineiras afectadas polo peche de explotación de lignito, co fin de superar o déficit estrutural destas zonas.

Por outra banda, cómpre promover accións que contribúan a reactivar todo o sector mineiro, a través das súas organizacións de representación, tanto fundacións, como centros tecnolóxicos, clústers e outras entidades sen ánimo de lucro.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

III.1.7. PROGRAMA 741A - APOIO A MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUCTIVIDADE EMPRESARIAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo deste programa é a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia.

No ámbito das actividades do Instituto Galego de Promoción Económica, este programa contén o conxunto de proxectos de máis peso cuantitativo, canalizando as liñas de axuda ao investimento empresarial, internacionalización, mellora da competitividade, etc.

No ámbito da Axencia Galega de Innovación, o programa 741A complementa o 561A no que se refire ao desenvolvemento de Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015. Tendo en conta isto, o obxectivo fundamental de desenvolver un sistema de innovación eficiente para situar á economía galega en posición de competir nunha economía global é común a ambos programas. Dentro do retos que contempla o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015, o programa 741A centrase nos seguintes:

- Converter a innovación no principal mecanismo de competitividade das empresas galegas.
- Crecemento empresarial. Crecemento corporativo a través da innovación que contribúa a xeración de emprego e a internacionalización das empresas.
- Cambio no modelo para ter un sistema competitivo máis aló de 2013. Desenvolver un sistema de I+D+i eficiente que de prioridade os resultados de impacto como a creación de empresas, activación do emprego, investigación de calidade e valorización desta.

No ámbito da Dirección xeral de Comercio, acadar unha formación adecuada en comercio exterior, mellorando as capacidades dos recursos humanos

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os destinatarios das actuacións específicas contidas no programa 741A son moi diversos: empresas privadas, institucións sen fin de lucro (asociacións e confederacións empresariais, clústers, cámaras de comercio, etc.), entidades financeiras, sociedades de garantía recíproca e outras.

Tamén axentes públicos ou privados que compoñen o Sistema Galego de Innovación:

- Parque Tecnolóxico de Galicia.
- Plataformas tecnolóxicas, Clústers e asociacións empresariais.
- Empresas, especialmente as PEMES

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida ven determinada pola conxuntura económica e financeira actual, que limita severamente o acceso ao financiamento das empresas.

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación estase a desenvolver nunha conxuntura de grave crise económica. Os recursos públicos están diminuíndo e o Sistema Galego de I+D+i tén unha forte dependencia destes, polo que as actuais restricións orzamentarias poden pór en perigo a sustentabilidade económica a medio prazo dalgúns axentes do sistema. A isto súmase que a crise financeira supón un incremento das dificultades das empresas para obter financiamento. Ademais, é necesario tér en conta que este ano é o último có réxime de axudas europeas actual.

Non obstante, esta crise tamén puxo de manifesto a necesidade de promover o progreso económico e social a través dunha economía baseada na investigación e a innovación.

Por tanto, neste marco, as administracións públicas deben xestionar os recursos dispoñibles coa máxima eficiencia posible, atendendo aos resultados acadados, e as empresas e demais axentes do sistema de I+D+i deben fomentar a internacionalización e especialmente a cooperación para facer fronte a súa reducida dimensión e capacidade de financiamento.

En resumo, nun contexto como o actual, a innovación como elemento clave para a competitividade e o crecemento económico adquire, se cabe, unha relevancia aínda maior da que xa tiña en épocas de bonanza económica.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa 741A desenvólvese dentro do marco delimitado polo Decreto 432/2009, do 11 de decembro, polo que se regulan as axudas rexionais ao investimento e ao emprego na Comunidade Autónoma de Galicia en aplicación do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE.

A Constitución Española establece no artigo 149.1.15ª a competencia exclusiva do Estado en materia de “fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica” e no artigo 148.1.17ª establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir atribucións para “o fomento da cultura e da investigación”.

O Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico crease ao abeiro da lei 12/1993, do 6 de agosto, de Fomento de Investigación e de Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. O Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2010 aprobou o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015.

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación establece no artigo 2 como finalidade desta, “fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes”

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa desenvolve medidas de fomento específicas para acadar a mellora do tecido empresarial da nosa Comunidade Autónoma, contando cunha importante contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

A finalidade do programa, compartida cá do 561A, é fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través de estratexias e programas de innovación eficientes. Dentro das estratexias nas que se concretan no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación 2011-2015 o programa 561A céntrase nas seguintes:

- Valorización do coñecemento. Actividades encamiñadas a xerar actividade produtiva do

coñecemento, entre as que destacan a transferencia tecnolóxica, o desenvolvemento de spin-off vinculadas a grupos de investigación ou a comercialización de coñecemento protexido por patentes.

- A innovación como motor de crecemento. A innovación é fundamental para a mellora a competitividade das empresas e o crecemento empresarial. O crecemento empresarial deriva dunha innovación sistemática, estratéxica e eventualmente disruptiva. Para iso é necesario a estimulación da cultura empresarial innovadora, apoiar as organizacións que están na súa fase inicial e apostan pola innovación, as PEMES que teñen un alto potencial de crecemento a través da innovación e os modelos colaborativos de innovación (innovación aberta)
- Internacionalización dos procesos de coñecemento e innovación. Desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación con perspectiva global. Os obxectivos son a internacionalización da empresa galega, fomentar a cooperación a nivel internacional, facilitar o acceso aos fondos europeos, desenvolver proxectos competitivos de maneira colaborativa e optimizar os investimentos e os procesos de investigación.
- Modelo de innovación nas administracións. Actuacións dirixidas a xerar modelos de innovación nas administracións como mecanismo para garantir a súa permanente competencia no servizo público.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Comercio

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE

Axencia Galega de Innovación - GAIN

III.1.8. PROGRAMA 751A - ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Artesanía: Modernizar o sector artesanal nas súas estruturas produtivas e mellorar a comercialización dos produtos artesanais:

- Creación de emprego de calidade no sector artesanal galego.
- Mellora nas técnicas de xestión e deseño aplicadas á produción artesanal.
- Fomento e promoción da identidade corporativa asociada á marca "artesanía de Galicia".

Comercio Interior: Modernizar o sector comercial galego e facelo máis competitivo, espe-

cialmente o comercio retalista.

- Incentivar o sector comercial retalista.
- Incorporación de ferramentas de innovación para a mellora da xestión comercial e o apoio a formación.
- Adecuación e mellora da estrutura e equipamentos comerciais.
- Impulso da actividade feiral e promoción dos produtos galegos.

Comercio Exterior: Incrementar a internacionalización do tecido empresarial galego.

- Desenvolvemento de plans e proxectos que permitan incrementar a internacionalización do tecido empresarial galego, fundamentalmente a través da participación en feiras, misións comerciais e encontros empresariais.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Artesanía: Sector artesanal galego composto por 2.660 persoas que ten a carta artesán e 420 obradoiros artesanais.

Comercio interior: Sector comercial galego que supón a maior densidade do comercio retalista de España con 15 establecementos por cada 1.000 habitantes.

Comercio exterior: Tecido empresarial galego con incidencia particular nas PEMES cunha participación estimada de 1.300 empresas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Artesanía: Actualmente o sector caracterízase pola disgregación e atomización, cunha baixa utilización das técnicas de xestión e deseño.

Comercio interior: o sector do comercio retalista galego, atópase en fase de modernización para acadar a súa maior competitividade así como adecuación do mesmo ás características territoriais e socioeconómicas de Galicia.

Comercio exterior: A internacionalización da Economía Galega é unha necesidade das empresas para incrementar a súa competitividade no mercado global.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Artesanía:

- Lei 1/1992 do 11 de marzo, de Artesanía de Galicia.
- Decreto 218/2001 do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en artesanía de Galicia.

Comercio Interior:

- Lei 13/2010 do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia.

- Plan Ágora 2010-2013

Comercio Exterior:

- Plan de fomento das exportacións galegas- FOEXGA
- Plans de iniciación á promoción exterior.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Artesanía: Modernización das estruturas produtivas, reforma dos obradoiros e introdución das novas tecnoloxías e fomento e divulgación dos produtos artesanais e potenciación da marca Artesanía de Galicia, para a mellor comercialización da Artesanía Galega.

- Contribuír a construción dun sector artesanal máis competitivo e dinámico.
- Acadar unha formación e inserción laboral adecuada.
- Mellora da comercialización dos produtos artesanais.

Comercio Interior: Encamiñar de xeito unitario o incremento da competitividade do comercio, a súa dinamización e adecuación da súa estrutura para acadar a súa renovación e modernización.

- Contribuír a construción dun sector comercial máis competitivo e dinámico.
- Revitalización e fortalecemento das prazas de abastos, centros comerciais abertos e eixes comerciais.
- Racionalización e optimización dos recursos dos recintos feirais.
- Mellora da comercialización dos produtos galegos.
- Comercio Exterior: Desenvolver actuacións dirixidas á potenciación e dinamización do tecido empresarial galego, capaces de incrementar a súa internacionalización.
- Contribuír á construción dun tecido empresarial galego máis internacionalizado.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Comercio

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prog.	Obxectivos Extratécnicos	Indicador	Valor Final
	Obxectivos Operativos		
561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECEMENTO			
Creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de transferencia científica e plataformas tecnolóxicas			
	Impulso da financiación de Centros tecnolóxicos e Centros de investigación en base a contratos programa	Centros de I+D+i beneficiados (Nº)	5
		Centros de I+D+i creados (Nº)	1
		Emprego creado bruto (mulleres) (Nº)	1
		Emprego creado bruto (Nº)	1
	Incrementar os recursos humanos dedicados a actividades de I+D+i nas áreas de maior interese, así como fomentar a captación de talentos	Centros de I+D+i beneficiados (Nº)	7
		Emprego creado bruto (mulleres) (Nº)	2
		Emprego creado bruto (Nº)	3
	Promover o desenvolvemento de masa crítica e a complementariedade en ámbitos de investigación innovadores e capacidade científico-tecnolóxica pouco articulada en Galicia, promovendo unha xestión eficiente do coñecemento e a capacidade de transferencia	Centros de I+D+i beneficiados (Nº)	1
Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial			
	Crear a Rede XIGA de axentes de innovación e incorporación de axentes a empresas como técnicos de apoio para innovación	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	20
		Empresas beneficiadas (total) (Nº)	20
	Financiamento de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación realizados por empresas galegas	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	30
		Empresas beneficiadas (total) (Nº)	12
Soporte xeral - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento			
	Soporte xeral - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	Sen indicador	
613B ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR			
Defensa dos dereitos e intereses económicos dos consumidores galegos e defensa da competencia			
	Reforzo da protección e defensa dos consumidores, mellorando os servizos do IGC	Actuacións de formación (Nº)	550
		Actuacións de redes de alerta (Nº)	82
		Arbitraxes (Nº)	200
		Campañas de inspección (Nº)	53
		Consultas (Nº)	2.000
		Mediacións (Nº)	12.750
		Peritacións do Laboratorio de Galicia (Nº)	8.700
		Reclamacións (Nº)	19.000
		Procedementos sancionadores iniciados (Nº)	500
Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia			
	Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	Sen indicador	
731A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA			
Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial			
	Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	Sen indicador	
732A REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL			
Mellorar a seguridade industrial			
	Mellorar en materia de seguridade industrial a través de particulares e empresas	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	151

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Realizar estudos e traballos técnicos en materia de industria	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	168
	Proxectos (Nº)	75
Mellorar os polígonos industriais		
Mellorar as infraestruturas nos polígonos industriais a través dos concellos	Axudas (Nº)	13
Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial		
Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	Sen indicador	
733A EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES		
Diversificar as fontes de enerxía aumentando a produción e o consumo de enerxías renovables a partires dos grandes recursos naturais dispoñibles en Galicia tendo en conta o seu potencial e o estado das tecnoloxías alternativas en cada momento		
Programas de axudas e fomento das enerxías renovables co obxectivo de promover e incentivar economicamente este tipo de enerxías, especialmente en enerxía solar térmica, caldeiras de biomasa e centrais de biogás.	Potencia instalada (Kw)	20
	Proxectos (Nº)	1
Soporte xeral - Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático		
Soporte xeral - Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	Sen indicador	
Uso racional e eficiente dos recursos e das enerxías mediante a racionalización dos edificios e construcións, as melloras dos procesos productivos, infraestruturas de transportes e o emprego de equipos de aforro enerxético		
Desenvolvemento de novas infraestruturas de transporte e distribución de gas, sendo necesaria a construción e posta en servizo de novos gasodutos.	Entidades beneficiadas (Nº)	15
	Redes de transporte e/ou distribución de gas creadas e/ou renovadas (Km)	17
	Emissiones de CO2 evitadas (Tn/año)	18.794
Desenvolvemento de proxectos sectoriais de eficiencia enerxética, coxeneración e control da enerxía e de adaptación ao cambio climático.	Potencia aforrada (TEP)	2.810
	Potencia instalacións renovadas (Kw)	904
Mellora da calidade da subministración eléctrica.	Actuacións destinadas á mellora da eficiencia enerxética (Nº)	40
	Redes de transporte e/ou distribución creadas (Km)	32
Programas de aforro e eficiencia enerxética nos sectores residencial, terciario, industrial e transporte.	Electrodomésticos substituídos (Nº)	5.000
	Emissiones de CO2 evitadas (Tn/año)	7.496
	Potencia aforrada (TEP)	10.000
	Potencia instalacións renovadas (Kw)	18.480
734A FOMENTO DA MINARÍA		
Desenvolver a implementación do Plan do carbón 2006-2012		
Datar de infraestruturas a concellos	Concellos beneficiados (Nº)	2
	Edificios rehabilitados (Nº)	1
	Proxectos (Nº)	1
Dinamización e impulso do sector mineiro de Galicia		
Axudas dirixidas ao fomento do sector mineiro a familias e entidades sen ánimo de lucro	Accións apoio (Nº)	21
	Axudas concedidas (Nº)	170
Realizar accións relacionadas coa implementación co Plan estratéxico de seguridade e saúde	Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº)	2
Soporte xeral - Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático		
Soporte xeral - Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	Sen indicador	
741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL		
Apoios a innovación tecnolóxica creando espazos de innovación a través da creación dunha marca de excelencia empresarial galega		

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Axudas para a modernización das PEMES e dos sectores produtivos.	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	150
	Investimento privado inducido (Euros)	15.000.000
	Proxectos (Nº)	150
Axudas para a realización de iniciativas innovadoras por parte das empresas galegas, mediante captación, diagnóstico, planificación e apoio á implantación en proxectos de innovación.	Proxectos innovadores / emprendedores (Nº)	400
Consolidar un centro de homologación do automobil e impulso do vehículo enerxeticamente eficientes		
Impulso das tecnoloxías e procesos de novos prototipos	Proxectos sobre vehículos eficientes iniciados (Nº)	7
Desenvolvemento do clúster do sector de Construcción Naval, impulsando a diversificación e a especialización do sector		
Actuacións de colaboración coa Xerencia do sector da Construcción Naval.	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	8
Orientar o sector naval cara a exportación.	Proxectos de fomento exportación no sector naval (Nº)	1
Fomentar a cooperación empresarial e proxectos transfronteirizos con especial atención a EURO-RREXIÓN		
Creación da Rede de Plataformas Empresariais no Exterior (REDE PEXGA)	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	900
	Plataformas empresariais creadas no exterior (Nº)	14
	Proxectos (Nº)	70
Fomento da implementación de sistemas de calidade e de procesos de xestión e innovación que acrediten o cumprimento de estándares de calidade e da marca Made in Galicia		
Apoio aos activos materiais e intanxibles: software e aplicacións de xestión interna, hardware necesario para o manexo das aplicacións de xestión a implantar, así como as redes informáticas internas necesarias.	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	125
	Investimento privado inducido (Euros)	7.000.000
Impulsar a internacionalización do tecido produtivo galego e incrementar a captación de investimentos foraneos a través dunha política de diversificación xeográfica e sectorial, formación de recursos humanos, cooperación empresarial e de visualización da		
Apoio a cooperación empresarial nos procesos de internacionalización.	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	600
	Investimento privado inducido (Euros)	25.000.000
	Proxectos (Nº)	240
Interacción cos Organismos Financeiros Multilaterais.	Convenios de colaboración con OMD (Nº)	1
	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	500
Medidas para a formación e capacitación empresarial especializada en procesos de internacionalización.	Actuacións de formación (Nº)	7
	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	125
	Persoas especializadas en comercio exterior (total) (Nº)	170
Procura do compromiso activo dos sectores empresariais nos procesos de internacionalización.	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	70
	Proxectos (Nº)	70
	Xestores de exportación contratados (total) (Nº)	70
Impulso ou creación dos novos clústers nos sectores tradicionais da economía galega e aqueles outros que por as súas ventaxas competitivas teñen expectativas de crecemento		
Achegas a asociacións e clúster de interese empresarial.	Entidades beneficiadas (Nº)	15
Ampliación e impulso do Parque Tecnolóxico de Galicia	Empresas instaladas no Parque Tecnolóxico de Galicia (total) (Nº)	85
Creación e ampliación de infraestruturas tecnolóxicas orientadas á innovación empresarial	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	185
	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	200
Desenvolver plataformas que permitan a constitución de redes empresariais de transferencia de coñecementos, cooperación de carácter galego e/ou internacional	Plataformas constituídas (Nº)	7
Mellorar as condicións de acceso das empresas galegas ao financiamento especialmente para proxectos novedosos e emprendedores a través das figuras do capital semente e capital risco		
Axudas de apoio á industrialización e comercialización e en materia de innovación, industria e comercio.	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	186
	Investimento privado inducido (Euros)	300.000.000
	Proxectos (Nº)	186

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Convenios de microcréditos coas entidades financeiras.	Investimento privado inducido (Euros)	15.000.000
	Microcréditos concedidos (total) (Nº)	100
Convenios, avais, subvencións e préstamos directos de acceso ao financiamento de proxectos emprendedores.	Emprego creado bruto (Nº)	118
	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	100
	Investimento privado inducido (Euros)	6.300.000
	Proxectos innovadores / emprendedores (Nº)	50
Soporte xeral - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas		
Soporte xeral - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	Sen indicador	
Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial		
Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	Sen indicador	
Uso racional e eficiente dos recursos e das enerxías mediante a racionalización dos edificios e construcións, as melloras dos procesos productivos, infraestruturas de transportes e o emprego de equipos de aforro enerxético		
Programas de aforro e eficiencia enerxética nos sectores residencial, terciario, industrial e transporte.	Electrodomésticos substituídos (Nº)	32
751A ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA		
Fomentar a Innovación e a Dinamización do sector comercio		
Modernización e desenvolvemento do comercio galego, incrementando o atractivo comercial e adaptándoo as necesidades do consumidor.	Campañas de difusión y promoción (Nº)	55
	Novos establecementos comerciais (total) (Nº)	15
	Proxectos (Nº)	50
Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial		
Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	Sen indicador	

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	01	02	03	80
613B-Ordenación, información e defensa do consumidor				5.954
731A-Dirección e servizos xerais de industria	6.737			
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	5.640		3.416	
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables			7.265	
734A-Fomento da minaría			4.357	
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial			272	
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia		18.544		
Total	12.377	18.544	15.310	5.954

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos			
	A1	A2	A3	Total
561A-Plan galego de investigación, innovación e crecemento			36.520	36.520
613B-Ordenación, información e defensa do consumidor				5.954
731A-Dirección e servizos xerais de industria				6.737
732A-Regulación e soporte da actividade industrial				9.056
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables		17.147		24.411
734A-Fomento da minaría				4.357
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	133.733		14.970	148.976
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia				18.544
Total	133.733	17.147	51.491	254.556

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos								
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	Total
561A-Plan galego de investigación, innovación e crecemento	1.131	71		5.414	1.770	17.135	10.000	1.000	36.520
613B-Ordenación, información e defensa do consumidor	4.297	609		228	698	123			5.954
731A-Dirección e servizos xerais de industria	3.450	1.168		28	2.092				6.737
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	6.775				576	1.705			9.056
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables	2.150	668		337	163	21.094			24.411
734A-Fomento da minaría				43	85	4.230			4.357
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	6.065	2.660	1.500	4.011	5.578	55.940	55.000	18.221	148.976
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia	1.004			1.137	260	16.056	87		18.544
Total	24.871	5.176	1.500	11.197	11.222	116.282	65.087	19.221	254.556

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	9.558	9.090	-4,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.230	1.168	-5,0
Cap. IV - Transferencias correntes	32	28	-13,9
Cap. VI - Investimentos reais	2.573	2.092	-18,7
Total	13.393	12.377	-7,6

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

02 D.X DE COMERCIO	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.022	1.004	-1,8
Cap. IV - Transferencias correntes	1.348	1.137	-15,6
Cap. VI - Investimentos reais	300	260	-13,3
Cap. VII - Transferencias de capital	17.555	16.056	-8,5
Cap. VIII - Activos financeiros	952	87	-90,9
Total	21.177	18.544	-12,4

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

03 D.X. DE INDUSTRIA , ENERXÍA E MINAS	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.249	1.135	-9,1
Cap. IV - Transferencias correntes	49	43	-13,9
Cap. VI - Investimentos reais	813	661	-18,7
Cap. VII - Transferencias de capital	25.110	13.471	-46,4
Total	27.222	15.310	-43,8

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

80 INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.692	4.297	-8,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	641	609	-5,0
Cap. IV - Transferencias correntes	268	228	-15,0
Cap. VI - Investimentos reais	644	698	8,3
Cap. VII - Transferencias de capital	169	123	-26,9
Total	6.414	5.954	-7,2

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

A1 INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	7.005	6.065	-13,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.800	2.660	-5,0
Cap. III - Gastos financeiros	1.500	1.500	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	3.767	3.452	-8,4
Cap. VI - Investimentos reais	6.000	5.578	-7,0
Cap. VII - Transferencias de capital	55.324	41.256	-25,4
Cap. VIII - Activos financeiros	50.000	55.000	10,0
Cap. IX - Pasivos financeiros	9.636	18.221	89,1
Total	136.033	133.733	-1,7

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

A2 INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.461	2.150	-12,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.217	668	-45,2
Cap. IV - Transferencias correntes	1.885	337	-82,1
Cap. VI - Investimentos reais	483	163	-66,3
Cap. VII - Transferencias de capital	12.043	13.829	14,8
Total	18.089	17.147	-5,2

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

A3 AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.179	1.131	-4,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	60	71	18,8
Cap. IV - Transferencias correntes	6.496	5.972	-8,1
Cap. VI - Investimentos reais	2.133	1.770	-17,0
Cap. VII - Transferencias de capital	40.954	31.546	-23,0
Cap. VIII - Activos financeiros	20.000	10.000	-50,0
Cap. IX - Pasivos financeiros	0	1.000	0,0
Total	70.821	51.491	-27,3

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2012	2013	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	13.393	12.377	-7,6
02 D.X DE COMERCIO	21.177	18.544	-12,4
03 D.X. DE INDUSTRIA , ENERXÍA E MINAS	27.222	15.310	-43,8
80 INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	6.414	5.954	-7,2
A1 INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	136.033	133.733	-1,7
A2 INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	18.089	17.147	-5,2
A3 AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	70.821	51.491	-27,3
Total	293.148	254.556	-13,2

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013	2012	2013
Cap. I - Gastos de persoal	11.829	11.228	15.337	13.643	0	0	27.166	24.871
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.230	1.168	4.718	4.007	0	0	5.948	5.176
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	1.500	1.500	0	0	1.500	1.500
Cap. IV - Transferencias correntes	28.909	23.936	12.416	9.989	27.480	22.729	13.846	11.197
OPERACIÓNS CORRENTES	41.968	36.333	33.970	29.140	27.480	22.729	48.459	42.744
Cap. VI - Investimentos reais	3.686	3.013	9.260	8.209	0	0	12.946	11.222
Cap. VII - Transferencias de capital	168.063	129.747	108.490	86.755	125.397	100.219	151.155	116.282
Cap. VIII - Activos financeiros	952	87	70.000	65.000	0	0	70.952	65.087
Cap. IX - Pasivos financeiros	0	0	9.636	19.221	0	0	9.636	19.221
OPERACIÓNS DE CAPITAL	172.700	132.846	197.386	179.185	125.397	100.219	244.689	211.812
Total	214.669	169.179	231.357	208.325	152.877	122.948	293.148	254.556

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Medios Personais

Consellería de Economía e Industria	2013
Altos Cargos	4
Persoal Funcionario	246
Subgrupo A1	75
Subgrupo A2	49
Subgrupo C1	51
Subgrupo C2	60
Agrupacións profesionais	11
Persoal Laboral	56
Grupo I	22
Grupo II	8
Grupo III	19
Grupo IV	5
Grupo V	2
TOTAL	306

Medios Personais

Instituto Galego de Consumo	2013
Persoal Funcionario	117
Subgrupo A1	23
Subgrupo A2	18
Subgrupo C1	54
Subgrupo C2	20
Agrupacións profesionais	2
Persoal Laboral	14
Grupo I	5
Grupo III	4
Grupo IV	4
Grupo V	1
TOTAL	131

Medios Persoais

Instituto Galego de Promoción Económica	2013
Altos Cargos	1
Persoal laboral	111
Grupo I	80
Grupo V	29
Grupo VII	2
TOTAL	112

Medios Persoais

Instituto Enerxético de Galicia	2013
Persoal Laboral	44
Grupo I	21
Grupo II	3
Grupo III	19
Grupo IV	1
TOTAL	44

Medios Persoais

Axencia Galega de Innovación	2013
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	29
Subgrupo A1	10
Subgrupo A2	4
Subgrupo C1	5
Subgrupo C2	10
Persoal Laboral	5
Grupo I	5
TOTAL	35

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	901	0
Fundación Centro Supercomputación de Galicia	1.924	1.248
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	224	133
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	522	243
Fundación Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico	8.290	471
Instituto Feiral de A Coruña	561	234
Sociedades mercantís públicas autonómicas	Explotación	Capital
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	1.077	15.682
Xesgalicia, sociedade xestora de entidades capital risco, s.a.	2.296	1.535
Galicia calidade,S.A.	989	18
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	1.736	1.241
	18.520	20.805

(Miles de Euros)



**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E O.U**

SECCIÓN 09

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección:

Secretaría Xeral Técnica

Secretaría Xeral de Cultura

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Secretaría Xeral de Universidades

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Quedan adscritos a esta Consellería:

A axencia pública Axencia Galega das Industrias Culturais

O ente público: Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional.

Consorcio : Bibliotecas Universitarias

Consorcio : Axencia Calidade do Sistema Universitario

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Fundación Illa de San Simón

Fundación Camilo José Cela

Nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra existe unha xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria cuxo ámbito de competencia se estende ao territorio da respectiva provincia. Á fronte dos departamentos territoriais están os xefes territoriais.

Son órganos colexiados adscritos á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria os seguintes:

- O Consello Escolar de Galicia, creado pola Lei 3/1986, do 18 de decembro.
- O Consello Galego de Universidades, creado pola Lei 2/2003, do 22 de maio.
- O Consello Galego de Educación e Promoción de Adultos, creado pola Lei 9/1992, do 24 de xullo.
- O Consello Galego de Formación Profesional, creado por Decreto 110/1999, do 8 de abril, modificado por Decreto 214/2003, do 20 de marzo.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e en materia de promoción e difusión da cultura, patrimonio cultural, os aspectos vinculados á protección do patrimonio cultural de Galicia e da cidade e dos Camiños de Santiago.

Estas competencias véñenlle asignadas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía para Galicia. En concreto nos artigos 27 e 32 se recollen os principios de defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego que se concretan nos seguintes:

- A protección dos Camiños de Santiago
- O fomento e promoción da cultura, a contribución ao desenvolvemento do libro, a colaboración na promoción da danza, da música, da imaxe e o son e das artes plásticas, líricas e coreográficas.
- A protección do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico e documental, así como dos arquivo's, bibliotecas e museos de interese de Galicia.
- Tamén lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades; a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia; a coordinación do sistema universitario; o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións docentes de interese galego; as competencias e funcións que lle atribúe o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia, e o Decreto 214/2003, do 20 de marzo, polo que se modifica o Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e regula o Consello Galego de Formación Profesional. Todo iso de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, na Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sis-

tema universitario de Galicia, na Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, na Lei 2/2003, do 22 de maio, do Consello Galego de Universidades, e nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos en materia de cultura e educación. Son os seguintes:

- Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 1634/1980, do 31 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia, entre outras, de cultura.
- Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, de consolidación de traspasos efectuados na fase preautonómica á Xunta de Galicia.
- Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
- Real decreto 2092/1983, do 28 de xullo, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos os servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación.
- Real decreto 3356/1983, do 28 de decembro, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura e adaptación dos transferidos na fase preautonómica.
- Real decreto 2794/1986, do 30 de decembro, sobre ampliación de servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación non universitaria (institutos de orientación educativa e profesional).
- Real decreto 1724/1987, do 18 de decembro, sobre ampliación de servizos e medios en materia de educación non universitaria (centros de formación profesional regrada)
- Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e institucións e de medios persoais, materiais e orzamentarios en materia de universidades.
- Real decreto 1457/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanza de graduado social.
- Real decreto 1460/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de funcións e servizos do Estado en materia de ensanzas superiores de mariña civil.
- Real decreto 1531/1989, do 15 de decembro, sobre ampliación de medios persoais e orzamentarios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (bibliotecas, arquivos e museos).
- Real decreto 2167/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e dos me-

díos adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (Muralla de Lugo e Castro de Viladonga).

- Real decreto 2168/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (museos).
- Real decreto 2169/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e os medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (puntos de información cultural).
- Real decreto 87/1996, do 26 de xaneiro, sobre ampliación de servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de ensino.
- Real decreto 1825/1998, do 28 de agosto, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual.
- Real decreto 1751/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 1752/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 1838/1999, do 3 de decembro, de ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 367/2004, do 5 de marzo, sobre ampliación das funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación (escolas viaxeiras).
- Real decreto 553/2006, do 5 de maio, sobre funcións e servizos en materia educativa, de emprego e formación profesional ocupacional encomendados ao Instituto Social da Mariña.
- Real Decreto 1139/2007, do 31 de agosto, de ampliación dos medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación (CEIP Almirante Juan de Lángara y Huarte).
- Real Decreto 1319/2008, do 24 de xullo, sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación: Homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2013

II.1. DA CONSELLERÍA

Entre os obxectivos da Consellería están os de conseguir que as distintas unidades, tanto os servizos centrais como os das Xefaturas territoriais contén cos medios necesarios para o seu eficaz funcionamento.

Nun contexto de restrición orzamentaria que ten por obxectivo manter o equilibrio financeiro da facenda autonómica, continua a ser prioritario manter, cos recursos existentes, os niveis de investimento na reposición, conservación e equipamento dos centros de ensino público.

Entre os obxectivos marcados pola consellería para o ano 2013, nas ensinanzas de infantil e primaria e nas de secundaria, atópase, por unha parte, levar adiante a construción de centros naquelas localidades onde a oferta educativa é insuficiente debido ao crecemento demográfico, e por outra, a de ampliar, reformar e mellorar aqueles centros susceptibles destas actuacións e que logo das correspondentes obras aseguren un número de prazas suficientes para os/as nenos/as en idade escolar.

Os centros disporán do mobiliario adecuado ás distintas etapas educativas. Para iso, procederase á dotación do equipamento necesario aos centros de ensino público que entren en funcionamento para o curso 2013/2014, así como, para os centros educativos existentes que precisen reposición de equipamento. Serán relevantes as dotacións para os novos ciclos en base a súa implantación nos diferentes centros de secundaria.

En materia de recursos educativos complementarios, a Secretaría Xeral ten como principais obxectivos a xestión eficaz e eficiente do transporte escolar e do comedor escolar, como medios fundamentais, non só para o acceso en igualdade de condicións de todos os nenos galegos ao ensino público, senón tamén para axudar á adquisición por estes nenos de habilidades sociais e hábitos sans.

A Secretaría Xeral colabora cos Concellos e as ANPAS no cofinanciamento dos comedores escolares xestionados por estes, na procura da desexable conciliación da vida laboral e familiar dos galegos.

Por último, a Secretaría Xeral intervéen en materia de prevención de riscos laborais, mediante a análise e o seguimento das avaliacións dos riscos dos centros de ensino e o desenvolvemento de programas de control da saúde do persoal non docente que presta servizos en centros de ensinanza pública.

I. Plan de potenciación das linguas estranxeiras

- Obxectivo

O obxectivo xeral do plan consiste en que o alumnado ao remate da súa educación e formación escolar teña unhas competencias de comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira, basicamente inglés, que lle permitan ser un “usuario independente” dela, conforme aos requisitos do nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas, así como dotar progresivamente ao profesorado das competencias didácticas e lingüísticas necesarias para alcanzar a referida formación no alumnado.

- Contido

- Ampliar progresivamente o número de centros plurilingües que impartan ata un terzo das materias nun idioma estranxeiro.
- Potenciar a formación de calidade nas seccións bilingües, buscando a excelencia educativa e promovendo estratexias de mellora metodolóxica e curricular.
- Favorecer a participación activa dos centros privados concertados nos plans de mellora das competencias lingüísticas.
- Continuar coa formación do profesorado especialista e non especialista que impartan ensinanzas nos centros plurilingües e seccións bilingües. Programa PIALE.
- Potenciar as accións formativas de preparación do profesorado non especialista a través de estadias formativas no estranxeiro, en idioma inglés, francés, alemán e portugués.
- Facilitar a participación noutras modalidades formativas como: licencias por estudo, reintegros individuais e cursos de formación do profesorado.
- Continuar apoiando a realización de estadias formativas do alumnado no estranxeiro, fóra do horario escolar (xullo e agosto) e de integración no curso escolar.
- Posibilitar a participación do alumnado nos cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional.
- Mellorar a comprensión e expresión oral nun idioma estranxeiro a través do contacto con auxiliares de conversación.

- Finalidade

- Ampliar a rede de centros na Comunidade Autónoma que favorezan a adquisición de competencias de comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira, basicamente inglés.
- Dotar o profesorado que imparte ensinanzas nas linguas estranxeiras das competencias didácticas e lingüísticas necesarias.
- Lograr que o alumnado sexa competente e autónomo no uso, como mínimo, dunha lingua estranxeira.

- Descrición do Indicador

- Número de centros plurilingües e número de centros con seccións bilingües.
- Número de alumnos que estudan algunha materia en idioma estranxeiro.

- Número de alumnos que realiza estadias formativas no estranxeiro.
- Número de profesores que mellora as súas competencias lingüísticas.

2. Proxecto abalar para a integración das TIC na Práctica educativa en Galicia

- Obxectivo

O proxecto ABALAR persegue un salto cualitativo e cuantitativo no modelo educativo galego, co fin de mellorar a súa eficiencia nun proceso de modernización, integrando as tecnoloxías da información e da comunicación en todos os ámbitos educativos.

Na actualidade a xestión do programa realizase en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

- Pretende o tránsito:

- Da aula de informática á informática na aula,
- Dos actuais libros de texto aos libros dixitais,
- Da aprendizaxe pasiva á aprendizaxe colaborativa, a investigación e a aprendizaxe activa e interactiva,
- Do profesor que ensina informática ao profesor que usa a informática para ensinar.

Téndese así a que todo o alumnado ao completar a súa formación obrigatoria deberá posuír unha suficiente competencia dixital.

- Contido

Dotación do equipamento das aulas dixitais: proxectores, encerados dixitais, ordenadores ultraportátiles para o alumnado e o profesorado, carros de carga, conexión á rede de educación e a internet en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Deseño dun itinerario de competencia dixital para a docencia, cun sistema de autoavalación para proporcionar ao profesorado un coñecemento o máis aproximado posible da formación que necesita para unha mellor integración das TIC cinco cursos programados segundo os niveis de competencia.

Promoción das actividades de formación en centros destinadas a favorecer o traballo en equipo do profesorado. Os centros deben programar a súa formación tendo en conta a competencia dixital e os intereses do profesorado participante.

Programación de cursos en dúas liñas de traballo: proporcionar recursos para utilizar nas distintas materias e manexo instrumental das ferramentas proporcionadas cos ordenadores.

Creación de canles de comunicación coas familias, que poden facer o seguimento da actividade académica dos seus fillos/as utilizando o espazo Abalar.

Programación de charlas informativas para as familias destinadas a familiarizalas coa cultura dixital e as ferramentas que ten a súa disposición no espazo Abalar.

Ampliación do repositorio de contidos, tanto no número de recursos dispoñibles como nos cursos e etapas aos que está dirixido. Este repositorio contén materiais creados pola Consellería, recursos procedentes doutras comunidades e traballos cedidos polo profesorado. Procúrase que a maioría destes recursos sexan abertos, distribuídos con licencias Creative Commons.

Estudo da implementación de libros dixitais, continuando os centros piloto utilizando os libros en 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º de ESO.

- Finalidade

Un dos obxectivos do proxecto Abalar é equipar todas as aulas de 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º de secundaria.

Está previsto que durante o curso 2012-2013 se incorporen á rede Abalar máis de 180 centros.

Descrición de indicadores:

- Nº de centros que se incorporan ao proxecto.
- Nº de alumnos implicados.
- Nº de profesores participantes en actividades de formación.
- Nº de recursos no repositorio de contidos.
- Actividades didácticas nas que se utiliza o equipamento.

3. Plan para a mellora do éxito escolar

- Obxectivo

A comunicación da Comisión Europea de 3 de marzo de 2010 sobre “Europa 2020 - Unha estratexia para un crecemento intelixente, sostible e integrador” propón para a UE cinco obxectivos cuantificables para 2020 que marcarán a pauta do proceso e traduciranse en obxectivos nacionais: o emprego, a investigación e a innovación, o cambio climático e a enerxía, a educación e a loita contra a pobreza. Estes obxectivos representan a dirección que se debe tomar e indican que podemos medir o noso éxito e debemos incrementar e medir o éxito escolar.

No referente á educación márcase como obxectivo que no ano 2020 o abandono escolar prematuro debería ser inferior ao 10% e polo menos o 40% da xeración máis nova debería ter estudos superiores completos.

- Contido

A cuarta parte do alumnado le con dificultade e un de cada sete alumnos abandona a

ensinanza e a formación prematuramente. Arredor do 50% alcanzan un nivel de cualificacións satisfactorias, pero a miúdo non adaptadas ás necesidades do mercado laboral. Menos de unha de cada tres persoas de entre 25 e 34 anos ten un título universitario.

A formación é un factor esencial para asentar un modelo de crecemento económico baseado no coñecemento que asegure un desenvolvemento sostible e unha maior cohesión social. Por esta razón as nosas sociedades aspiran a formar aos cidadáns máis e mellor, e a estender a súa formación a lo longo de toda a vida. De aí que incrementar o número de titulados en formación post-obrigatoria constituía un obxectivo prioritario nas políticas educativas. Polo contrario, o abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación dos seus membros como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.

O abandono escolar temperá ten causas moi diversas e, por iso, a súa prevención e redución esixe que as administracións educativas actúen en moi diversos frontes. Con este obxectivo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria prevé unha serie de medidas e recomendacións dirixidas a previr e reducir o abandono escolar temperá na Comunidade Autónoma.

As propostas artéllanse arredor das seguintes accións:

- Contratos-programa dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A convocatoria pretende dar cabida, baixo un marco único, a todos aqueles programas que se viñan desenvolvendo nos centros educativos -PROA, éxito escolar, entre outros, co obxectivo de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver ao máximo posible as súas capacidades, buscar a excelencia e, en definitiva, contribuír á mellora da calidade do sistema educativo de Galicia.
 - Intensificar a oferta de programas de reforzo e de atención á diversidade en toda a educación obrigatoria e programas de diversificación curricular nos últimos cursos da educación secundaria obrigatoria, para conseguir que os estudantes con maiores dificultades de aprendizaxe poidan conseguir o título de Graduado en ESO.
 - Plan MORA de apoio económico aos centros educativos, para que dentro da súa autonomía, leven a cabo actuacións que incidan na mellora da calidade educativa.
 - Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI) para que o alumnado con maiores dificultades poida cursar unha oferta formativa que lle permita tanto conseguir o título de graduado como unha cualificación profesional que lle permita obter un certificado de profesionalidade de nivel I ou proseguir a súa formación a través dos ciclos formativos de grao medio.
- Finalidade

Estas accións pretenden mellorar a atención educativa ao alumnado para que desenvolva as súas capacidades individuais de modo que logre o maior grado de rendemento escolar. Deste

modo contribuírase á prevención do abandono escolar temperá, a mellora da calidade do ensino e ao aumento do éxito escolar.

- Descrición do Indicador
 - Nº de centros que subscriban contratos programa.
 - Nº de alumnos e alumnas apoiados.
 - Incremento de programas de reforzo e atención á diversidade.
 - Nº de programas de cualificación profesional inicial.
 - Nº de centros participantes nos plans de autoavaliación e mellora da calidade en centros educativos.

4. Plan de formación e cualificación profesional e de aprendizaxe ao longo da vida

- Obxectivo

Elevar os niveis de coñecemento e competencia do conxunto da poboación a cotas similares ás das poboacións dos países europeos máis avanzados, facilitándolle que adquiran a capacidade de actuar nun contorno con tecnoloxía complexa e en constante evolución, caracterizado en particular pola crecente importancia das tecnoloxías da información e comunicación e no que os sólidos coñecementos de base e as capacidades de comunicación, relación, organización e sobre todo, a capacidade de aprender ao longo da vida, formen parte da bagaxe ordinaria de cada individuo.

- Contido

A formación profesional segue sendo un instrumento insubstituíble para mellorar a empregabilidade das persoas traballadoras e a competitividade dos sectores produtivos e, en definitiva, para afrontar os novos retos sociolaborais que suscita a evolución socioeconómica da sociedade. O desenvolvemento da formación profesional non constitúe unha intervención puntual que sae ao paso dunha necesidade conxuntural, senón que constitúe o instrumento fundamental da aprendizaxe permanente que require o desenvolvemento das sociedades cualificadas e avanzadas.

Na perspectiva do tránsito que deben efectuar as nosas modernas sociedades desde o que se coñece como “sociedade da información” á nova “sociedade do coñecemento”, a adquisición de novos coñecementos e competencias para actualizar a preparación xeral e profesional mediante todo tipo de aprendizaxes (formais, non formais e, particularmente, procedentes da experiencia profesional) constitúe un dos piares básicos do que se entende por aprendizaxe permanente. De acordo con iso, aprendizaxe permanente e formación profesional constitúen dous conceptos e obxectivos indisolubles: a aprendizaxe permanente precisa da formación profesional como instrumento indispensable para traducirse en obxectivos reais e eficaces de cualificación e progreso profesional, mentres que a formación profesional precisa da actualización e enriquecemento constante das competencias básicas para poder progresar efectivamente.

Unha sociedade cualificada significa unha sociedade en aprendizaxe permanente, onde as persoas se esforcen e teñan a posibilidade de aprender libre e activamente ao longo da vida: na escola, nos centros de formación, no lugar de traballo e durante o seu tempo libre. Para iso, cómpre cambiar as maneiras de concibir, dar e adquirir formación, e de organizar o traballo remunerado para que as persoas poidan aprender durante toda a vida e planificar a súa propia combinación de aprendizaxe, traballo e vida familiar. Dito doutra forma, cómpre dotar a todas as persoas da oportunidade e da capacidade de conducir a súa propia aprendizaxe.

- Finalidade

Conseguir que todo alumnado acade unha titulación oficial ou unha acreditación de cualificación profesional que lle permita inserirse laboralmente ou proseguir estudos.

Proporcionar unha oferta formativa nos distintos niveis de cualificación adaptada ás necesidades do sectores produtivos, e ás necesidades da poboación mediante as distintas modalidades formativas.

Consolidar un proceso de recoñecemento, avaliación e acreditación da competencia da poboación activa como iniciativa fundamental que debe presidir a implantación da aprendizaxe permanente en Galicia.

Potenciar a rede de centros que imparten formación profesional, en especial os centros integrados, dotándoos dos equipamentos necesarios para desenvolver a súa labor formativa e de orientación.

Potenciar a rede de centros que imparten educación para persoas adultas, para permitir a obtención do título de graduado en secundaria obrigatoria ou de bacharelato ás persoas que non o obtiveron polo réxime ordinario.

- Descrición do indicador

- Porcentaxe do alumnado que cursan FP e PCPI.
- Nº de persoas que seguen procesos de acreditación de competencias.
- Nº de centros homologados para realizar acreditación de competencias.
- Nº de avaliadores e orientadores preparados para a acreditación por familia profesional.
- Nº de persoas que obteñen un título académico na rede de centros de persoas adultas e nas probas libres correspondentes.

5. Plan para promover a avaliación e a excelencia no sistema educativo de Galicia

- Obxectivo

Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e plurilingüe.

- Contidos

Analizar a situación e o estado do sistema educativo en Galicia mediante a realización de avaliacións galegas, nacionais e internacionais ou a participación nelas.

Realización da avaliación de diagnóstico prevista na Lei orgánica 3/2006, de 3 de maio, de educación e regular a forma en que os resultados e os plans de mellora que se deriven sexan postos en coñecemento da comunidade educativa.

Avaliar centros educativos: organización e procesos de ensinanza- aprendizaxe.

Avaliación da función directiva e dos órganos de coordinación docente. Avaliación dos resultados académicos do alumnado.

Participación na elaboración dos marcos teóricos para o desenvolvemento dunha avaliación final de etapa do alumnado de 6º de educación primaria nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia que complemente outras avaliacións do sistema educativo.

Desenvolvemento dun proceso da avaliación do alumnado de 6º de educación primaria nos centros da comunidade autónoma que complementará a outras avaliacións do sistema para contribuir a orientar as decisións da Administración educativa e de todos os sectores implicados na educación.

Impulsar procesos de avaliación nos centros e servizos educativos para a mellora da xestión e dos resultados académicos.

Potenciar o recoñecemento público do esforzo, a superación e o éxito escolar do alumnado a través dos premios extraordinarios.

- Finalidade

Coñecer a situación do sistema educativo galego de xeito que posibilite analizar os progresos e a adopción de medidas correctoras se é o caso. Dispoñer de información que permita a análise comparativa con outras comunidades autónomas e outros países.

Incentivar e recoñecer o esforzo, dedicación do alumnado en distintas etapas educativas, reforzar aspectos que incidan na mellora do sistema educativo e xuntar excelencia con equidade, igualdade de oportunidades e posibilidades de desenvolvemento persoal.

- Descrición do Indicador

- Nº de avaliacións realizadas.
- Nº de centros implicados en procesos de avaliación.
- Nº de alumnos que participan nos procesos.
- Nº de profesores implicados nos procesos.
- Nº de unidades dos servizos educativos implicados.

- N° de premios concedidos.

No capítulo II as actuacións da dirección xeral céntranse fundamentalmente na distribución dos gastos de funcionamento aos centros públicos de titularidade da consellería de todos os niveis educativos correspondentes ás ensinanzas non universitarias (infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, programas de cualificación profesional inicial, educación especial, escolas oficiais de idiomas, centros de ensinanzas artísticas e centros de educación de adultos).

Os gastos de funcionamento, xunto con achegas da consellería para outras necesidades, as procedentes de institucións públicas ou privadas, así como os propios recursos obtidos polo centro, permiten a aplicación da autonomía na xestión económica dos centros establecida no Decreto 201/2003, do 20 de marzo.

No capítulo IV o principal cometido que leva a cabo a dirección xeral é toda a xestión dos concertos educativos cos centros docentes privados nos niveis de educación infantil, primaria, ESO, educación especial, FP e PCPIs.

Neste sentido os cometidos prácticos que se levan a cabo son a elaboración e resolución da convocatoria de concertos educativos (que se realiza catro anos) xunto coas modificacións puntuais antes do comezo de cada curso escolar.

Tamén se leva a cabo o pagamento das distintas partidas do módulo de concertos educativos: "outros gastos" que van destinados fundamentalmente aos gastos de funcionamento do centro e ao pagamento das retribucións do persoal de administración e servizos, "persoal complementario" dos centros de educación especial e a "nómina de pago delegado" do persoal docente de todos os centros concertados.

O importe do módulo económico para o sostemento dos centros concertados fíxase, normalmente, na Lei de orzamentos de cada ano.

No capítulo VI as actuacións da dirección xeral céntranse en actuacións relacionadas coa mellora das bibliotecas escolares e o fomento da lectura.

Neste ámbito cabe destacar o plan de mellora de bibliotecas escolares que comezou no curso escolar 2005-2006, cunha convocatoria anual pola que os centros públicos de titularidade da consellería de niveis non universitarios presentan proxectos de transformación e mellora das súas bibliotecas. Este programa ten seguimento anual e é o referente para a actualización da rede de bibliotecas dos centros. Complétase con accións formativas destinadas ao profesorado que xestiona e dinamiza estas bibliotecas.

Paralelamente, e dentro do programa LIA de bibliotecas escolares 2010-2015 (lectura, información e aprendizaxe) realízanse diversas actuacións destinadas ás bibliotecas de todos os centros públicos.

Desde o ano 2006 lévanse a cabo, así mesmo, actuacións para o fomento da lectura nos centros de ensino, a través do programa “Hora de ler”, coa edición de materiais destinados a apoiar a actuación do profesorado neste campo e estimular os hábitos de lectura nos distintos sectores da comunidade educativa; entre as accións contempladas neste programa destaca a convocatoria de apoio a clubs de lectura en centros públicos de ensino secundario.

No capítulo VI a dirección xeral xestiona as axudas para a adquisición de libros de texto (gratuidade solidaria). Estas axudas van dirixidas ao alumnado de ensino obrigatorio (educación primaria/ESO) e educación especial e posibilitan, xunto con outras actuacións, a igualdade no exercicio do dereito a educación, prevista no artigo 83 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, xa que van dirixidas as familias con rendas máis baixas.

Para acceder a estas axudas para educación primaria e educación secundaria obrigatoria a renda per cápita familiar non pode ser superior aos 9.000 euros. Non obstante, o alumnado de educación especial e o que posúa unha minusvalidez igual ou superior ao 65% ten dereito a unha axuda máxima sen ter en conta o nivel de renda.

As competencias asumidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de Cultura concréntanse nos seguintes puntos:

I. Arquivos, museos e bibliotecas.

- a) A dirección e coordinación do Sistema de Arquivos de Galicia e, de forma especial, o sistema de arquivos da Xunta de Galicia, coa regulación do ciclo vital dos documentos (calquera que sexa o medio ou soporte en que sexan producidos ou recibidos) e os procesos técnicos a el asociados para acadar un mellor control da produción documental das administracións públicas, garantir o acceso dos cidadáns aos arquivos e á información neles contida e protexer o patrimonio documental de Galicia.
- b) Organización do sistema de museos de Galicia, que se dotará dunha estrutura conceptual e administrativa, para desenvolver de pleno as funcións que lle son propias: adquisición, conservación, investigación, comunicación, difusión e exhibición do patrimonio que custodian.
- c) A dirección e coordinación do sistema galego de bibliotecas e o deseño e planificación da política bibliotecaria da Comunidade Autónoma. Desenvolvemento das novas directrices en aplicación da Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia e do desenvolvemento normativo da mesma a través do mapa de bibliotecas e dos decretos de desenvolvemento da Lei. Coordinar a política bibliotecaria resultante da aplicación dos novos criterios aos servizos e centros bibliotecarios da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. Velar pola conservación do patrimonio bibliográfico mediante a implantación dunha política que facilite a conservación e o control bibliográfico dos documentos e a súa difusión e consulta a través da aplicación das novas tecnoloxías de dixitalización e integración en proxectos supranacionais. Coordinar e supervisar o cumprimento da lexislación de depósito legal.

- d) Publicación de material impreso e audiovisual relacionado co patrimonio histórico mo- ble e documental, dentro do programa de publicacións da consellería. Utilización dos novos formatos de difusión a través da rede para a difusión electrónica dos contidos.
2. Teatro, cines e auditorios.
- a) Incentivar as artes de representación nos eidos do teatro, a música e a danza.
- b) Posta en valor dos espazos axeitados para o desenvolvemento destas actividades nos concellos. Contemplarase a necesidade dos referidos espazos no momento de planificar a construción de novos centros ou edificios culturais, así como a mellora das infraestruc- turas xa existentes mediante a concesión de subvencións e axudas a entes locais, aso- ciacións e demais entidades sen ánimo de lucro para a reforma, ampliación ou dotación das súas instalacións.
- c) Apoio ao sector audiovisual, para o que se promoverá o acceso dos novos profesionais á industria audiovisual e fomentarse a produción audiovisual en Galicia e a súa difusión exterior.
3. Casas de cultura e outros edificios socioculturais.
- a) Levar a cabo a mellora e dotación, en núcleos de escasa poboación, destas infraestruc- turas, co fin de contribuír a satisfacer as necesidades socioculturais da súa poboación.
- b) Promover a utilización destas infraestruturas, para o cal se impulsará a realización de acti- vidades culturais, ben a través de cooperación cos concellos, ben mediante a realización de actividades programadas directamente pola consellería.
4. Conservación do patrimonio cultural.
- a) -Conservación, restauración e, na medida do posible, aumento do patrimonio cultural.
- b) -Inventario e catalogación do patrimonio cultural, fundamentalmente para elaborar plans de protección, conservación e difusión.
- c) -Control e seguimento das actividades arqueolóxicas.
- d) -Aprobación dos plans e proxectos das obras que afecten ao patrimonio cultural.
- e) -Promoción, difusión e divulgación do patrimonio cultural.
- f) -Estímulo á valoración do patrimonio natural de relevancia singular, como conxunto asociado ao patrimonio cultural e o seu territorio.
- g) -Promoción da conservación, protección e difusión do patrimonio cultural entre todas as instancias e institucións públicas e privadas, e polo tanto entre toda a sociedade ga- lega.
- h) -Publicación de material impreso e audiovisual relacionado co patrimonio cultural, den- tro do programa de publicacións da consellería.
5. Promoción e difusión do libro e da cultura
- a) Deseño, dirección e coordinación das grandes liñas reitoras da actividade cultural e das medidas estruturais para o desenvolvemento da cultura galega, en todas as facetas: historia, creación, referentes colectivos, coñecemento, innovación, industria, relacións e presenza no mundo contemporáneo.

- b) Promoción da calidade dos produtos culturais galegos cunha proposta ambiciosa que recolla actuacións en todos os ámbitos e que implique globalmente a sociedade, amais dos sectores directamente relacionados coa cultura.
- c) Fomento da creación artística e literaria e das actividades culturais vencelladas á corrente cultural creada polos camiños xacobeos, como rutas de entendemento entre as comunidades e os pobos.
- d) Seguimento das pautas establecidas na Lei 17/2006, de 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, e dos obxectivos do plan do libro e da lectura aprobado polo Parlamento de Galicia. -Apoio á produción do libro en galego con especial atención á edición electrónica.
- e) Creación de medidas para manter a cultura galega como marca de calidade da comunidade autónoma, para o que se potenciará a circulación exterior dos produtos culturais e a súa identificación de orixe, para os converter así en carta de presentación de Galicia. Apoio á creación, á produción e á distribución dos produtos culturais de Galicia ou que contribúan ao desenvolvemento intelectual do país.
- f) Establecemento de políticas activas para o fomento da lectura entre a poboación galega a través tanto dos medios tradicionais como das novas tecnoloxías. Promoción da presenza do libro galego dentro e fóra de Galicia, a través de feiras e acontecementos internacionais, co obxectivo de abrirlo aos mercados exteriores e de visibilizar a nosa cultura noutros ámbitos culturais.
- g) Desenvolvemento e mellora dos servizos da Rede de Bibliotecas de Galicia, co desenvolvemento das novas tecnoloxías de acceso ás publicacións electrónicas, redes sociais e modernización de servizos en xeral.
- h) Promoción da arte galega nos foros, certames e feiras internacionais de interese para Galicia.
- i) Coordinación e cooperación entre institucións culturais de Galicia, co fin de impulsar un desenvolvemento coordinado da nosa cultura.
- j) Promoción do teatro, a música e a danza galega coa produción de espectáculos con marca de orixe e de calidade de Galicia, como vangarda da proxección exterior da cultura galega e a creación de canles de comunicación e información arredor da cultura.

Correspóndelle á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural a dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de patrimonio histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, artístico, arquitectónico e etnolóxico en todas as súas manifestacións, así como en materia de museos, e especialmente as seguintes funcións:

- A protección, a conservación, o incremento, a difusión e o fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión ás xeracións futuras.
- A protección, conservación e recuperación dos camiños de Santiago, así como a elaboración da normativa xurídica que lles afecte. A conservación, rehabilitación e recuperación dos Camiños de Santiago, concretándose en varias accións:

- i. Acondicionamento de espazos públicos, núcleos en áreas e puntos concretos de interese patrimonial e paisaxístico.
 - ii. Delimitación e deslinde dos Camiños de Santiago e das súas zonas de protección e respecto.
 - iii. Promoción e difusión dos Camiños de Santiago e das súas áreas patrimoniais relacionadas.
 - iv. Dinamización sociocultural e socioeconómica das áreas circunscritas aos Camiños de Santiago, a través da promoción do patrimonio cultural asociado ao fenómeno xacobeo.
 - v. Promoción de actividades de apoio e atención ao contorno natural e á paisaxe, rural e urbana e á dos camiños e recuperación e rehabilitación selectiva dos tramos máis singulares destes.
 - vi. Definición e deseño das rutas culturais e históricas mais senlleiras de Galicia.
 - vii. Colaboración coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago.
 - viii. Publicación de material impreso e audiovisual relacionado cos Camiños de Santiago, dentro do programa de publicacións da consellería.
 - ix. Rehabilitación, mantemento e conservación da rede de albergues.
- A elaboración e xestión dos asuntos relacionados co réxime xurídico de protección do patrimonio cultural.
 - A tramitación e xestión dos procedementos para a declaración de Ben de Interese Cultural, e a inclusión no catálogo e no inventario dos bens integrantes do patrimonio cultural.
 - A promoción e xestión das actuacións arqueolóxicas relacionadas coas competencias da dirección xeral.
 - O informe e a resolución, se é o caso, dos expedientes que afecten, conforme a normativa vixente, ao patrimonio cultural.
 - A realización de informes e estudos que lle sexan requiridos polas autoridades competentes e, en particular, o informe e asesoramento ás autoridades administrativas, cando sexa solicitado, en materia de protección e conservación do patrimonio cultural e na adopción de medidas cautelares, correctivas e sancionadoras que se xulguen convenientes.
 - A promoción, dirección e xestión das obras de conservación e restauración no patrimonio cultural promovidas pola consellería.
 - As actuacións necesarias para o exercicio da potestade expropiatoria e do dereito de adquisición preferente en asuntos relacionados co patrimonio cultural.
 - A preparación e xestión de convenios e protocolos relacionados coas competencias da dirección xeral.
 - A dirección de todas as actuacións dirixidas a velar pola conservación, coidado, promoción e difusión do patrimonio moble de Galicia, especialmente a través dos museos.

- A elaboración e edición de publicacións de carácter científico, cultural, educativo e divulgativo relacionadas co patrimonio cultural.
- A organización de exposicións, coloquios, seminarios e cursos relacionados co patrimonio cultural e dirixidos á formación, a xestión e a difusión dos temas vinculados a este.

Correspóndelle á Secretaría Xeral de Cultura a dirección e coordinación das atribucións da consellería en materia de promoción do libro e a cultura, así como nas materias de bibliotecas e arquivos, e entre elas as seguintes:

- Apoio á produción editorial, en calquera soporte, realizada en Galicia, especialmente a realizada en lingua galega, e a elaboración de plans respecto da política do libro, consono as necesidades culturais de Galicia.
- Desenvolvemento da normativa sobre depósito legal, tanto a través da participación no desenvolvemento da normativa nacional, como a través da asunción e desenvolvemento das competencias da comunidade autónoma.
- Apoio á política de difusión do libro galego e do libro en xeral a través de feiras e eventos relacionados co libro.
- Estímulo da creación literaria.
- Posta en marcha da Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, e aplicación desta no sistema de bibliotecas de Galicia.
- Orientación dos servizos bibliotecarios da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, tanto do servizo público da lectura como dos servizos de información e referencia, para difundir a cultura por medio do libro e dos soportes virtuais relacionados coas novas tecnoloxías da información.
- Xestión do rexistro de bibliotecas de Galicia, así como a tramitación e as accións destinadas a resolver a creación e integración das bibliotecas ou servizos bibliotecarios na Rede de Bibliotecas de Galicia.
- Dirección da Biblioteca de Galicia e do Arquivo de Galicia.
- Fomento das bibliotecas como puntos de encontro, espazos de cultura e de promoción do libro e a lectura, para o que se colaborará na realización e organizaránse exposicións, coloquios e actividades de animación á lectura.
- Fomento da formación inicial e permanente do persoal bibliotecario dos centros da Rede de Bibliotecas de Galicia mediante a convocatoria de bolsas e cursos de formación.
- Implantación das novas tecnoloxías da información e a comunicación co obxectivo de situar as bibliotecas públicas galegas como mediadoras cualificadas entre o usuario e as súas necesidades informativas, educativas, de formación e de ocio.
- Conservación, incremento, difusión e posta en valor do patrimonio documental de Galicia.
- Elaboración de normas en relación co patrimonio documental e cos arquivos.
- Dirección técnica do Arquivo de Galicia e a coordinación da xestión documental da administración xeral da Comunidade Autónoma.

- Coordinación e dirección técnica do Sistema Galego de Arquivos e dos subsistemas que o integran.
- Actualización e control do Censo-Guía de Arquivos como instrumento central para a xestión do sistema.
- Mellora das infraestruturas dos arquivos.
- Programación e execución de cantas actuacións contribúan a mellorar o funcionamento do sistema de arquivos, e concretamente os procesos técnicos de ingreso, avaliación, selección, identificación, descrición, conservación, acceso e difusión dos fondos documentais que custodian estes centros.
- Organización e colaboración en exposicións, congresos, coloquios e cursos de formación, así como a convocatoria de bolsas e axudas, e a preparación de convenios sobre as materias que sexan competencia da Secretaría Xeral.

Asemade correspóndelle á Secretaría Xeral de Cultura a dirección e coordinación das atribucións da consellería en materia de promoción e difusión cultural, e entre elas, as seguintes:

- O fomento das relacións e intercambios culturais en Galicia e o apoio á creación e á innovación cultural da comunidade, así como o desenvolvemento de programas e actuacións de difusión da cultura galega no exterior.
- O estímulo da creación literaria e o establecemento de canles de información e fomento da investigación no eido cultural, tanto no plano creativo coma no produtivo.

O obxectivo xeral do 'Fomento da lingua galega' é o de potenciar a utilización efectiva e mais a presenza social da lingua galega tanto en todos os ámbitos e sectores que conforman a sociedade galega actual como nos contextos e lugares fóra de Galicia en que coidamos preciso contribuír ao seu coñecemento, estudo e difusión.

Para desenvolver este obxectivo xeral, teranse en conta os seguintes aspectos específicos:

- Cómpre aprender a valorar o feito lingüístico galego, garantindo que a lingua galega se poida utilizar en todo tipo de situacións e contextos.
- É necesario prestixiar o uso do idioma galego, conseguindo para este idioma máis funcións sociais, máis espazos de uso e unha presenza meirande en sectores estratéxicos da sociedade galega actual.
- É preciso potenciar a presenza do idioma galego na sociedade, dotando a lingua dos recursos lingüísticos e técnicos apropiados para poder ser utilizada en todo tipo de ámbitos sociais e institucionais.

Para levar a cabo o obxectivo xeral apuntado anteriormente, é preciso desenvolver liñas de acción que estean vinculadas con tres obxectivos operativos:

- Aumentar o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos sectores considerados prioritarios e estratéxicos.
- Ampliar o coñecemento do galego a través dos sistemas de formación lingüística de

adultos.

- Incrementar a proxección da lingua e da cultura galegas fóra de comunidade de Galicia.

A través do Plan de Financiamento do Sistema Universitario 2011-2012, se acadará a mellora do financiamento universitario baseado en criterios competitivos, obxectivos estratéxicos e avaliación de resultados asociados á investigación, á docencia e á xestión e articulación do Sistema Universitario de Galicia. No exercicio de 2013 desenvolveranse os seguintes aspectos:

- Apoio á implantación do recoñecemento da función docente na conformación da plantilla teórica das universidades.
- Apoio ao desenvolvemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación.
- Consolidación do sistema docente e dos obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS

O capital creativo de Galicia, que se desenvolveu dun xeito constante ao longo da historia, conta neste momento, como consecuencia da realidade administrativa e das dinámicas actuais da comunicación, cun activo cultural de grande importancia, que reflicte a evolución dunha sociedade actual e modernizada, que abre camiños de entendemento e de futuro cunha enorme forza e confianza.

O goberno de Galicia asume o compromiso de apoiar as correntes nadas na sociedades, e de vertebralas en prol dun desenvolvemento coordinado e vizoso, para acadar, sobre a base do interese e da responsabilidade da cidadanía, un sector económico emprendedor, capaz de se lanzar á procura de novos públicos e de novos mercados, para o que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria procura incentivar novos proxectos e promover accións innovadoras dentro do tecido cultural interno.

Unha das prioridades de Agadic consiste en consolidar as estruturas que os propios axentes sociais e entidades xeren, co desenvolvemento de accións que afirmen o traballo dos creadores, e o establecemento de canles de cooperación e colaboración con outras administracións, con fundacións públicas e privadas e con asociacións e federacións culturais que teñan interese pola cultura galega.

Asemade correspóndelle a Agadic as seguintes competencias:

- -A colaboración no desenvolvemento das artes escénicas e musicais e das actividades

audiovisuais, así como a posta en práctica de medidas de apoio para os artistas e creadores e a súa participación en programas culturais galegos ou de especial interese para a expansión da nosa cultura.

- A organización e colaboración en cursos, congresos, exposicións e coloquios, así como a convocatoria de axudas, e a preparación de convenios sobre as materias que sexan competencia da axencia.

II.3. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

A Cidade da Cultura de Galicia acolle nos seus espazos servizos e actividades destinados á preservación do patrimonio e a memoria, ao estudo, á investigación, á experimentación, á produción e á difusión nos ámbitos das letras e o pensamento, a música, o teatro, a danza, o cine, as artes visuais, a creación audiovisual e a comunicación, á vez que alberga proxectos como a Biblioteca de Galicia, o Arquivo de Galicia e o Museo de Galicia.

A Cidade da Cultura constitúese como un espazo de vangarda arquitectónica que debe ser tamén un centro cultural e artístico punteiro pola innovación dos seus contidos. Nese senso, concíbese a CdC como unha plataforma de proxectos para o desenvolvemento da cultura e da sociedade galega e ao servizo dela. Creará oportunidades e dinamizará o conxunto do sistema cultural galego; será un activo capaz de impulsar e proxectar a cultura nun senso amplo, innovador e internacional, e tamén un polo de dinamización económica, crecemento e emprego. É un proxecto para que a cultura galega asuma o lugar que lle corresponde na sociedade do coñecemento: un axente para que a nosa cultura tome un novo protagonismo no ámbito internacional e finalmente un activo para mellorar o noso desenvolvemento económico e territorial. Asemade, e de conformidade coas previsións do Plan Gaiás, iniciaranse as actuacións contidas nas liñas estratéxicas e operativas previstas no propio Plan.

FUNDACIÓN ILLA SAN SIMÓN

A Fundación Illa de San Simón, que se atopa en proceso de extinción e liquidación en virtude do acordado na reunión do Consello da Xunta celebrada o día 5 de decembro de 2012, é a encargada de conservar e promover os valores patrimoniais e dinamizar a actividade cultural deste arquipélago que ten como obxectivo fundamental conservar e xestionar as instalacións e as edificacións das illas de San Simón e Santo Antón.

O cometido desta fundación vai máis aló do importante labor de conservar e promover os

valores naturais, patrimoniais e paisaxísticos do conxunto de San Simón, por canto foi constituída co obxectivo de converter as illas nun referente cultural, promovendo e desenvolvendo todo tipo de actividades culturais, educativas e de investigación mediante a organización de congresos, cursos e seminarios, constituíndo un proxecto, unha plataforma de expresión e un conxunto de equipamentos dotados dun amplo contido artístico, onde tanto os espazos exteriores como as edificacións conforman un gran centro de exposicións para as artes plásticas, que completan a beleza inspiradora deste escenario cultural único.

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CAMILO JOSÉ CELA

O acordo do Consello da Xunta de Galicia do 26 de abril de 2012 autorizou a adquisición do carácter de fundación do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia á Fundación Camilo José Cela. A fundación ten por obxecto o estudo da obra de Camilo José Cela e a conservación do seu patrimonio cultural, humano e aínda anecdótico. Tamén procura estender o coñecemento xeral da devandita obra e patrimonio, así como todas aquelas actividades dirixidas ao fomento da lectura. A fundación pretende reforzar este obxectivo trasladando os manuscritos e o legado bibliográfico e documental á Biblioteca de Galicia, sendo este un feito de especial relevancia dado que é o único Premio Novel galego e o único Premio Novel do que se gardan unidos e conservados excepcionalmente todos os manuscritos da súa obra literaria. Ademais a sede da fundación alberga fondos documentais da máxima relevancia, unha valiosa colección pictórica e unha biblioteca con máis de corenta e cinco mil volumes.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 151A - FOMENTO DA LINGUA GALEGA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 151A - Fomento da lingua galega concreta o plan de actuación sectorial e transversal de fomento do coñecemento e do uso da lingua galega que a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolverá durante o ano 2013. Este plan baséase nas seguintes grandes liñas de actuación, que á súa vez se encadran nos obxectivos operativos mencionados no apartado anterior:

- Promoción social da lingua.
- Desenvolvemento da investigación.
- Coordinación dos poderes públicos para a dinamización lingüística.
- Fomento da competencia en galego da sociedade.
- Proxección exterior.

Co fin de aumentar o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, a Secretaría Xeral de Política Lingüística levará a cabo en 2013 diversas iniciativas de promoción do galego, que buscan impulsar a incorporación desta lingua a ámbitos prioritarios como son o socioeconómico, o das tecnoloxías da información e da comunicación, o xudicial ou as franxas de idade máis novas.

O apoio á investigación sobre o galego para impulsar proxectos e programas que faciliten a creación de ferramentas e medios técnicos ao alcance da cidadanía en lingua galega será outra das liñas de actuación durante o 2013. Así mesmo, a coordinación dos poderes públicos para a dinamización da lingua galega, co fin de incrementar a efectividade das accións dinamizadoras dirixidas á sociedade, é outra das liñas de actuación que buscan potenciar a presenza social do galego.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa 151A -Fomento da lingua galega- persegue ampliar o coñecemento do galego por parte da cidadanía. Con este fin, a Secretaría Xeral de Política Lingüística incrementará as medidas que fomenten a competencia na lingua propia de Galicia a través do sistema de aprendizaxe para a poboación adulta, do reforzo da oferta formativa e mais da creación de novas ferramentas e recursos.

Co fin de potenciar a proxección exterior da lingua galega, a Secretaría Xeral de Política Lingüística traballará en 2013 no establecemento de novas estratexias que favorezan a aprendizaxe e a difusión da lingua galega fóra das nosas fronteiras administrativas, así como o seu recoñecemento internacional.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A gran parte dos programas, plans e accións necesarios para desenvolver as políticas activas de promoción e de sensibilización a prol da lingua galega durante o ano 2013, atendendo aos obxectivos operativos do programa, poden materializarse nas seguintes actividades:

- a) Aumentar o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos sectores considerados prioritarios e estratéxicos:
 - Continuar a realización dos programas de dinamización lingüística para as franxas de idade máis novas: programa “Nós tamén creamos” e “O galego campá”, e festas e encontros dos axóuxeres.
 - Distribución do maletín da Xeración Axóuxeres, en colaboración co Servizo Galego de Saúde, para as familias que esperan un bebé.
 - Desenvolvemento de actividades de formación e convocatoria de axudas para os equipos de dinamización da lingua galega dos centros de ensino.
 - Coñecemento da situación actual do galego nos distintos ámbitos da sociedade, a través da actividade do Observatorio da Lingua Galega.
 - Convocatoria de axudas para a edición de recursos didácticos curriculares.
 - Actuacións e afianzamento da Rede de dinamización lingüística, entre a Xunta de Galicia e as entidades locais.
 - Sinatura de convenios con entidades dos diversos sectores sociais.
 - Creación e difusión de recursos en galego, tales como tradutores, paquetes ofimáticos, correctores, dicionarios ou vocabularios en liña.
 - Convocatoria de axudas para fomentar o uso do galego nos medios de comunicación impresos e nos seus portais web.
 - Desenvolvemento de diversos proxectos de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- b) Ampliar o coñecemento do galego por parte da cidadanía:
 - Colaboración co Instituto da Lingua Galega, coa Real Academia Galega e coas universidades galegas.
 - Convocatoria de cursos e probas Celga.
 - Realización de xornadas de formación para o profesorado colaborador da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
 - Reforzo da oferta formativa en lingua galega para os profesionais ao servizo das administracións.
 - Oferta de asesoramento lingüístico a través do servizo da secretaría xeral.
- c) Incrementar a proxección da lingua e da cultura galegas fóra de comunidade de Galicia:
 - Convenios con universidades de diversos países para desenvolver actividades de difusión da lingua e da cultura galegas.

- Coordinación das actividades formativas no exterior a través dunha rede de centros de estudos galegos.
- Realización de xornadas formativas para os profesores lectores.
- Colaboración coa Junta de Castilla y León para incorporar o galego aos plans de estudo dos centros de ensino primario e secundario.
- Colaboración con centros de Cataluña (proxecto Galauda), Londres, Caracas, etc.
- Fomento da colaboración entre gobernos en materia de política lingüística.
- Participación na Rede europea para a promoción da diversidade lingüística (NPLD), e na "Asociación de institucións evaluadoras de linguas de Europa" (ALTE).

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O referente normativo básico da actuación da Secretaría Xeral de Política Lingüística establece no artigo 3.2 da Constitución española sobre a oficialidade das linguas do Estado nas respectivas comunidades autónomas, e no artigo 5 do Estatuto de autonomía para Galicia onde se define que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Eses mesmos mandatos son reiterados no Estatuto de Autonomía para Galicia (art. 27º.20) e desenvolvidos na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e tamén no Decreto 221/1990, do 22 de marzo, polo que se crea a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, onde se establece a necesidade de coordinar as accións promovidas polos distintos estamentos da Administración autonómica para planificar as liñas xerais de actuación externa e interna en materia de normalización lingüística, así como o obxectivo de promover o uso social da lingua galega a través de distintas accións por parte da Administración.

Dentro deste marco legal, no Goberno de Galicia, as competencias en materia de promoción e ensino da lingua galega, correspóndenlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Por último, o día 21 de setembro de 2004 o Parlamento de Galicia aprobaba, por unanimidade, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega que se elaborou pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da extinta Dirección Xeral de Política Lingüística, actual Secretaría Xeral de Política Lingüística. O Plan constitúe, en liñas xerais, un documento que, a modo de marco referencial e partindo dun concepto global, permite, de forma planificada, a concreción e actualización dos grandes obxectivos de política lingüística expresados na Lei de normalización lingüística de 1983. Neste Plan englobábase unha serie de medidas dirixidas aos distintos sectores socioeconómicos para conseguir o afianzamento do uso normal da lingua galega en convivencia co castelán, e así aproveitar a riqueza da posesión de dúas linguas oficiais.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa 151A Fomento da lingua galega pretende poder cumprir os obxectivos que prevé a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega, que considera imprescindibles para o proceso normalizador e para deseñar as medidas de actuación que sexan necesarias para conseguir unha actitude máis favorable cara á lingua galega, así como

para incrementar o seu uso dentro dos distintos sectores sociais de Galicia.

De acordo con isto, a Secretaría Xeral de Política Lingüística quere conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e maiores espazos de uso na sociedade civil do século XXI. Agora ben, unha planificación lingüística é algo moi distinto a outros proxectos planificadores, porque os seus executores van ser toda a cidadanía nas súas empresas, nos seus lugares de traballo, nas súas relacións sociais, nas súas familias. En definitiva, depende absolutamente do entusiasmo e vontade da cidadanía á que vai dirixido lograr os obxectivos nel establecidos. Por iso, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, consciente da importancia de que favorecer o prestixio e o uso da lingua galega é unha tarefa de todos, e non só das institucións, traballa para estender unha visión afable, moderna e útil do galego, para o converter en lingua habitual de comunicación tanto formal como informal e eliminar os prexuízos que aínda existen sobre esta lingua. A tal fin, elabora un Programa Operativo anual no que se sentan as bases das actuacións que se deberán materializar para corrixir as lagoas no coñecemento e o uso social da lingua galega observadas en ámbitos como o da Administración, o da familia, da infancia e da mocidade, e en sectores estratéxicos da economía e das finanzas.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Secretaría Xeral de Política Lingüística

III.1.2. PROGRAMA 421A - DIRECCION E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACION:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Neste programa contéplanse as dotacións orzamentarias para atender ás necesidades de funcionamento dos servizos centrais e das xefaturas territoriais, como son as de reparación de edificios, maquinaria, equipamento informático, material de oficina, subministración de enerxía eléctrica, combustible, comunicacións, transporte, xurídicos e contencioso, as do Consello escolar, as do Museo Pedagóxico de Galicia, así como as indemnizacións por razón de servizo do persoal.

Este mesmo programa tamén contempla a transferencia corrente á Fundación Pro Real Academia Española.

No capítulo VI conta coas aplicacións para atender ás adquisicións de pequeno material mobiliario para os servizos centrais e xefaturas territoriais, así como os equipos para procesos

de información, reparación e ampliación e mellora nas dependencias administrativas e os investimentos de carácter inmaterial para o Museo Pedagóxico de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Comunidade en Xeral

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Atención aos gastos para o normal funcionamento dos Servizos Centrais e das Xefaturas Territoriais, Consello Escolar de Galicia, Museo Pedagóxico de Galicia, así como a cota na Fundación da Real Academia Española.

Adquisición de diverso mobiliario, informático e outros investimentos para os servizos centrais e xefaturas territoriais.

Inmovilizado para o Museo Pedagóxico de Galicia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.
- Lei de Orzamentos Xerais.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Atención á comunidade educativa en particular e da sociedade en xeral.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.3. PROGRAMA 422A - EDUCACION INFANTIL, PRIMARIA E ESO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa destínase a atender a escolarización do alumnado nos niveis de educación infantil, primaria e educación secundaria obrigatoria, o que se leva a cabo, fundamentalmente, por medio das seguintes actuacións:

- a) Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil e primaria.
- b) Atender ao pagamento dos concertos educativos cos centros docentes privados nos

niveis de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria (incluído o pagamento delegado da nómina de persoal docente destes centros).

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 422A “Educación Infantil, Primaria e ESO” Concreta o plan de actuación que a Secretaría Xeral Técnica desenvolverá durante o ano 2013 en materia de infraestruturas educativas.

Na diagnose relativa á rede de centros públicos de infantil e primaria apréciase:

Unha demanda de postos escolares fundamentalmente na parte occidental da Comunidade Autónoma.

Unha situación de deterioro provocada polo uso e inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas actuais e ás normas vixentes.

Un mobiliario e equipamento didáctico deteriorado e nalgúns casos obsoleto.

Escolarización do alumnado de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa 422A – Persegue o incremento da oferta de prazas públicas nos niveis de Infantil, Primaria e Eso, a fin de asegurar a oferta educativa nestes niveis.

Poboación en idade escolar entre os 3 e 16 anos de idade. A educación primaria e a educación secundaria obrigatoria constitúen a educación básica, que é obrigatoria e gratuíta para todas as persoas. A educación infantil ten carácter voluntario; pero, a Administración educativa ten que

potenciala xa que a finalidade desa etapa educativa é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e por iso o segundo ciclo da educación infantil é gratuító.

Recordar que a educación infantil comprende ata os 6 anos de idade e estruturase en dous ciclos. A educación primaria constitúe o primeiro tramo da educación obrigatoria, estruturada en seis cursos divididos en tres ciclos, que abarca dende os 6 aos 12 anos. Complétase a ensinanza básica cos catro cursos académicos da ESO (con alumnado entre os 12 e os 16 anos de idade).

Nese marco os centros privados que ofrezan ensinanzas declaradas gratuítas e satisfagan necesidades de escolarización poden acollerse ao réxime de concertos e ós fondos públicos destinados ao sostemento dos centros privados concertados que se establecen nos orçamentos e se distribúen pola aplicación dun módulo económico por unidade escolar. O dito módulo ten un importe que posibilita que o ensino se imparta en condicións de gratuidade e garante, entre outros, os salarios do persoal docente, incluídas as cotizacións á Seguridade Social.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A rede de centros públicos dedicados as ensinanzas de infantil e primaria da nosa comunidade autónoma, conta cunha antigüidade a maioría deles cunha media aproximada de 40 anos, o que fai necesario que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ademais de incrementar postos escolares alí onde a demanda educativa o esixe, deba proceder á reposición e as reformas integrais de centros así coma á correspondente dotación e/ou renovación de mobiliario e material didáctico.

Este programa de gasto materializa unha traxectoria de moitos anos da Administración educativa, xa que co gasto que nel se contempla faise fronte a un dos obxectivos irrenunciabes da consellería e que constitúe un dos alicerces do sistema educativo. Efectivamente os gastos de funcionamento posibilitan a autonomía dos centros, elemento fundamental das medidas encamiñadas a promover a mellora da calidade no ensino non universitario.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro de contratos do sector público.
- Código Técnico da Edificación (RD 314/2006).
- Lei de Ordenación da Edificación (Lei 38/1998).
- Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas (Lei 8997/2002, Decreto 35/2002).
- Regulamento de instalacións térmicas en edificios (RD 1751/1998).
- Regulamento electrotécnico de baixa tensión (Decreto 842/2002).

O programa 422A ten a súa razón:

- Na Constitución Española, cando no artigo 27 establece que o ensino básico é obrigatorio e gratuito e que os poderes públicos axudarán aos centros docentes que reúnan os requisitos, previstos con carácter básico, no Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o regulamento de concertos educativos. Na Comunidade Autónoma de Galicia a regulamentación dos vixentes concertos recóllese fundamentalmente na Orde do 9 de xaneiro de 2009.
- Na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, en desenvolvemento do mandato constitucional do dereito á educación, tamén alude á organización dos centros docentes e á ordenación das ensinanzas (educación infantil, primaria e educación secundaria obrigatoria).
- No Decreto 201/2003, do 20 de marzo, que desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros públicos docentes non universitarios, sinalando que o estado de

ingresos do orzamento anual do centro estará integrado, entre outros recursos, polas dotacións procedentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para gastos de funcionamento.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tenta garantir unha ensinanza obrigatoria coa mellor calidade de infraestruturas e dotación de material didáctico e de equipamento, levando a cabo, dentro do contexto económico, a creación e ampliación de centros onde os recursos educativos públicos resulten insuficientes debido ao crecemento demográfico, así como reformando algúns dos centros da nosa rede educativa, a fin de dar unha resposta axeitada á demanda de postos escolares na zona en que se produce.

Por todo iso, seguiranse realizando obras de conservación e mellora dos centros existentes, de renovación das instalacións dos mesmos e revisión das infraestruturas existentes.

Con cargo a este programa orzamentario materialízase, tamén, a adquisición de mobiliario e material didáctico para dotar os novos centros educativos e as ampliacións realizadas, así como o destinado ás reposicións do material deteriorado.

O presente programa resulta estratéxico para a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xa que co mesmo (e os outros que atenden á educación especial, de adultos, de ensinanza artística,..) aténdese a finalidade de consignar os gastos de funcionamento dos centros públicos e privados concertados (e, neste último caso, tamén o pagamento delegado das nóminas).

Os gastos de funcionamento, como elemento esencial dos ingresos dun centro docente, garante a autonomía dos mesmos, e posibilita dispoñer dos materiais didácticos e recursos necesarios. Todo iso constitúe a infraestrutura material que permite impartir un ensino de calidade.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.4. PROGRAMA 422C - ENSINANZAS UNIVERSITARIAS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 422C-Ensinanzas Universitarias correspóndese co novo Plan de Financiamento do SUG para os anos 2011-2015. Dito Plan foi asignado o 21 de decembro de 2010 pola conse-

lleira de Facenda, o conselleiro de , Educación e Ordenación Universitaria, o conselleiro de Economía e Industria e os reitores das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

A estrutura que desenvolve o Plan de Financiamento 2011-2015 é a seguinte:

- Financiamento estrutural:
 - -Subvención Fixa.
 - -Subvención por capacidade investigadora.
 - -Subvención para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica.
- Financiamento por resultados
 - -Subvención por resultados docentes.
 - -Subvención por resultados de investigación.
 - -Subvención por resultados de transferencia tecnolóxica.
- Financiamento por mellora da calidade

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O novo Plan de Financiamento servirá, á vez, para facilitar novos recursos ás universidades, pero tamén para ordenar integralmente o Sistema Universitario Galego. Os novos recursos teñen que atender ás necesidades das universidades galegas pero tamén debe comprometer ás institucións universitarias na satisfacción eficiente das necesidades sociais e económicas que Galicia terá no futuro.

Por iso, o programa 422-C Ensinanzas Universitarias está dirixido a todo o colectivo universitario: alumnos universitarios, persoal docente e persoal investigador do Sistema Universitario de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Unha vez superada a fase de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior é preciso fomentar o avance do SUG ata cotas de calidade cada vez mais elevadas. O novo concepto de financiamento está dotado dunha estrutura dinámica e flexible que permitirá adaptar as achegas aos cambios do escenario macroeconómico no que se encadra.

O novo Plan define un marco de financiamento moderno, dinámico, flexible, sostible, suficiente, equitativo e eficiente que permite o cambio e modernización das universidades galegas no medio prazo mediante a planificación de estratexias que faciliten a súa converxencia coas universidades tanto do sistema español de universidades como a nivel internacional.

Os fins descritos materializaranse nas seguintes actividades:

- Financiamento estrutural das universidades galegas para atender as súas necesidades (gasto de persoal docente, PAS, funcionamento e mellora das ratios de calidade).

- Financiamento dos Consellos Sociais.
- Subvencionar aos centros asociados da UNED
- Financiar determinadas accións de apoio económico aos estudantes do Sistema Universitario de Galicia (bolsas, axudas e premios para alumnos).
- Acadar a consolidación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)
- Continuar con convenios de colaboración coas universidades galegas.
- Subvención á Fundación Rof Codina.
- Programa de promoción e intensificación da función investigadora do SUG
- Atender aos gastos da Cidade do Mar e centros de I+D
- Sufragar os gastos de reparación, ampliación e mellora das instalacións universitarias.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O referente de normativa básica na actuación da Secretaría Xeral de Universidades é o seguinte:

- Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015.
- Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modificou a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
- Lei 12/1993 de 6 de agosto de Fomento de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Este programa segue os parámetros establecidos no Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015 que son os seguintes:

- Financiamento estrutural
- Estes fondos aglutinarán a meirande porcentaxe do total dedicado ao financiamento das universidades públicas galegas, permitirán acadar o principio de suficiencia estática, é dicir, o mantemento dos recursos imprescindibles para o desenvolvemento das actividades básicas das universidades: docencia, investigación e transferencia.
 - Subvención Fixa: contemplará a cobertura dos gastos considerados imprescindibles para o mantemento das actividades básicas das universidades. Inclúense nesta ferramenta as achegas destinadas ao mantemento tanto dos Consellos Sociais como da Axencia para a Calidade do SUG.
 - Subvención por capacidade investigadora: dedicarse ao apoio ás institucións e grupos universitarios que desenvolvan as liñas de investigación estratéxicas propias da Comunidade Autónoma; a investigación como bibliotecas, unidade de transferencias de resultados.
 - Subvención para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica. Os cambios normativos adoitan producir aumentos de custos en moitas activi-

dades universitarias. Estes aumentos poden proceder de normativa de rango estatal ou autonómico, polo que é imprescindible incorporar todas as compensacións que implica a aplicación de dita normativa.

- Financiamento por resultados
- Este compoñente do novo Plan de Financiamento inclúe unha serie de ferramentas cuxa correspondente dotación de fondos terá carácter variable, facendo depender a súa distribución entre as universidades do SUG, dos resultados obtidos por cada unha delas en determinados ámbitos de actuación, sendo imprescindible a achega dos datos e información precisa e veraz por parte das mesmas.
 - a) Subvención por resultados docentes: valoraranse as medidas de fomento de actualización e innovación docente promovidas polas universidades, así como as mencións de excelencia obtidas.
 - b) Subvención por resultados de investigación: recóllense a través de variable de tipo económico, de posición e de recoñecemento académico (sexenios, actividade investigadora, contrato e convenios por terceiros).
 - c) Subvención por resultados de transferencia tecnolóxica: a medición realizarase a través das patentes rexistradas, así como coa porcentaxe de retorno económico da participación das universidades galegas no programa marco de investigación da Unión Europea
- Financiamento por mellora de calidade

Recollerá actuacións dirixidas á mellora de aspectos formativos, investigadores e de creación de infraestruturas e poderase materializar mediante a sinatura de convenios, acordos cos distintos departamentos da Xunta de Galicia.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Universidades

III.1.5. PROGRAMA 422D - EDUCACION ESPECIAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa destínase a atender ao alumnado con necesidades educativas especiais, de xeito que poidan desenvolver ao máximo as súas capacidades, para o que se dota aos centros de recursos económicos precisos para o seu funcionamento, fundamentalmente, por medio das seguintes actuacións:

- Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de titularidade da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de educación especial.
- Atender ao pagamento dos concertos educativos cos centros docentes privados de

educación especial (incluído o pagamento delegado da nómina de persoal docente destes centros)

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En materia de infraestruturas na diagnose relativa á rede de centros públicos de educación especial apreciase:

Unha situación de deterioro provocada polo uso.

Escolarización do alumnado de educación especial mediante unha atención integral de apoio educativo identificando as necesidades e baseándose nos principios de normalización e inclusión, fomentando a participación dos pais ou titores nas decisións que afecten aos procesos educativos deste alumnado.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa 422D – Persegue a mellora das instalacións nas que se imparten as ensinanzas de educación especial, aos alumnos e alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, a fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Poboación entre os 3 e 21 anos de idade que precisa unha educación especial.

A Administración educativa ten que dispoñer dos medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional. Nese marco debe asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por dificultades de aprendizaxe, por altas capacidades, que poidan acadar o máximo desenvolvemento posible.

O sinalado na alínea anterior é unha previsión recollida na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e que na Comunidade Autónoma materialízase na existencia de centros públicos e centros privados concertados que atenden a este alumnado .

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Comunidade Autónoma conta con centros de educación especial que necesitan a realización de actuacións periódicas de reforma, reparación e conservación, tendo en conta a antigüidade das edificacións existentes, debendo ser adecuados estrutural e funcionalmente.

É de aplicación o xa indicado no “Programa 422 A- Educación infantil, Primaria e ESO”, xa que co actual Programa (422 D- Educación Especial) a diferenza radica na finalidade da enseñanza que é a da formación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, correspondéndolle á Administración educativa dispor dos medios necesarios para que o mesmo alcance o máximo desenvolvemento persoal, social e emocional, así como os correspondentes obxectivos curriculares.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro de contratos do sector público.
- Código Técnico da Edificación (RD 314/2006).
- Lei de Ordenación da Edificación (Lei 38/1998).
- Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas (Lei 8997/2002, Decreto 35/2002).
- Regulamento de instalacións térmicas en edificios (RD 1751/1998).
- Regulamento electrotécnico de baixa tensión (Decreto 842/2002).

A atención á diversidade tamén lle dedica un capítulo a Lei orgánica 2/2006, do 13 de maio, cando fala da equidade na educación e do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

En Galicia esta materia está regulada de xeito moi detallado no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para alcanzar os fins sinalados a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria realizará as actuacións necesarias, dentro dos recursos dispoñibles, de reparacións e melloras dos centros existentes, para atender adecuadamente a este alumnado, dotándoos dunhas instalacións mais axeitadas.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria préstalle atención ao alumnado con necesidades educativas especiais mediante unha rede pública e concertada de centros docentes que atenden as súas necesidades, así como aos programas educativos que engadan un valor a estas ensinanzas.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.6. PROGRAMA 422E - ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa ten por finalidade dotar de recursos para gastos de funcionamento aos centros públicos de ensinanzas artísticas de titularidade da consellería, para conseguir que estes centros poidan desenvolver adecuadamente as súas actividades proporcionando unha formación artística de calidade.

Os centros que se dotan con gastos de funcionamento nesta partida son:

- Os conservatorios de música e danza.
- As escolas de arte e superiores de deseño.
- A Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.
- A Escola Superior de Arte Dramática.

As actividades que leva a cabo a dirección xeral para a materialización dos obxectivos deste programa conflúen principalmente na distribución dos gastos de funcionamento aos centros públicos de ensinanzas artísticas de titularidade da consellería.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En materia de infraestruturas tense estudado a situación das ensinanzas artísticas na Comunidade Autónoma apreciándose que as mesmas presentan coma demandas máis relevantes:

- Demanda de reparacións, ampliacións e melloras nos centros de ensinanzas artísticas.
- Demanda de novas dotacións e equipamentos e reposición do material deteriorado.

No ámbito das ensinanzas artísticas englobanse as ensinanzas de música, danza, arte dramática e artes plásticas e deseño, e as de conservación e restauración de bens culturais, todas elas enmarcadas no ámbito das ensinanzas de réxime especial, e que se caracterizan por seren de carácter non obrigatorio e requirir uns coñecementos previos para o acceso ás mesmas.

As ensinanzas musicais en Galicia constitúen unha das liñas prioritarias de actuación, contando no curso 2011-2012 con máis de 15.000 alumnos e alumnas que realizan os seus estudos de música, tanto en conservatorios como en escolas de música.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dentro do ámbito das ensinanzas de réxime especial, ten como un dos seus obxectivos o de garantir unha oferta adecuada ás necesidades da cidadanía nos distintos ámbitos que abranguen estas ensinanzas, e en especial no ámbito das ensinanzas artísticas (conservación e restauración de bens culturais, música e danza, arte dramática, artes plásticas e deseño). Estas ensinanzas constitúen un indubidable indicador de calidade na oferta educativa dos países máis avanzados, todas elas teñen como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais nas distintas especialidades. A educación artística constitúe un instrumento de comunicación, que favorece a inclusión, a participación e a cohesión social, ao contribuír a unha linguaxe universal e intercultural. As artes son tamén un elemento fundamental para o crecemento económico, porque este ámbito contribúe á reconversión de sectores produtivos tradicionais,

especialmente en aspectos relacionados coa produción cultural, tecnolóxica e científica.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Aquelas persoas, membros da comunidade educativa, que desexan realizar estudos como as ensinanzas de música e danza, as ensinanzas de arte e deseño, as de arte dramático e as de conservación e restauración de bens culturais.

Na Comunidade Autónoma de Galicia son 16 os centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparten este tipo de ensinanzas que acollen ao alumnado interesado en cursar estes estudos.

A oferta destas ensinanzas complétase con centros privados e públicos de titularidade doutras administracións que ofrecen ensinanzas regradas e non regradas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A comunidade Autónoma conta con centros dedicados as ensinanzas elementais e profesionais de música e danza e ensinanzas artísticas superiores, ubicados nunhas infraestruturas que necesitan actuacións de reparacións, ampliación e melloras, así como a dotación do material necesario para o correcto funcionamento destes centros.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ademais da creación e sostemento dos centros de titularidade pública, quere recoñecer a importante labor que están a desenvolver os concellos galegos no achegamento dos estudos musicais aos seus cidadáns. Coñecedora dos problemas que os concellos teñen para atender á promoción destes estudos desde o punto de vista económico, as axudas están destinadas aos conservatorios para realizar as adaptacións estruturais e completar os orzamentos necesarios para poder cumprir os requisitos mínimos que a normativa lles esixe para poder impartir as ensinanzas.

As ensinanzas de música divídense en regradas e non regradas. As primeiras pódense cursar exclusivamente en centros autorizados de música e en conservatorios, mentres que as segundas pódense cursar nas escolas de música. Os estudos regrados de música divídense en tres etapas: grao elemental, grao profesional e estudos superiores. Os dous primeiros graos poden cursarse, ademais de nos sete conservatorios profesionais dependentes da Consellería, noutros 27 conservatorios públicos dependentes dos concellos, así como en distintos centros privados autorizados. Mentres que os estudos superiores se poden cursar nos dous conservatorios superiores de música, na Coruña e Vigo respectivamente.

As axudas convócanse anualmente e poden solicitalas os titulares das escolas de música municipais e das dependentes de asociacións sen ánimo de lucro, así como dos conservatorios municipais de grao elemental ou profesional que teñan concedida a autorización expresa da Administración educativa para impartir as ensinanzas.

Por outra banda, ante o proceso de converxencia no Espazo Europeo de Educación Superior, cada vez é maior o número de alumnos e alumnas que cursan ensinanzas artísticas su-

periores que participan no programa de mobilidade Erasmus. Tendo en conta que as axudas propias do programa son moi baixas, cómpre establecer, na mesma liña que para o alumnado universitario, unhas axudas complementarias que lles faciliten o acceso e a realización deste tipo de estadias noutras institucións superiores de países de Unión Europea.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro de contratos do sector público
- Código Técnico da Edificación (RD 314/2006).
- Lei de Ordenación da Edificación (Lei 38/1998).
- Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas (Lei 8997/2002, Decreto 35/2002).
- Regulamento de instalacións térmicas en edificios (RD 1751/1998).
- Regulamento electrotécnico de baixa tensión (Decreto 842/2002).
- Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral.
- Orde do 30 de setembro de 2010, pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en música na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.
- Resolución do 24 de abril de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de Música para o curso 2012-2013.
- Orde do 30 de setembro de 2010 pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en arte dramática na Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula o acceso ao dito grao.
- Resolución do 24 de abril de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de Arte dramática para o curso 2012-2013.
- Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 8 de agosto de 2011, pola que se desenvolve o Decreto 61/2011, do 24 de

marzo, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 30 de setembro de 2010, pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en deseño na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.
- Resolución do 24 de abril de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de Deseño para o curso 2012-2013.
- Orde do 30 de setembro de 2010, pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ás ditas ensinanzas.
- Resolución do 24 de abril de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais para o curso 2012-2013.
- Resolución do 13 de abril de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación para os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharelato.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dentro da súa Comunidade Autónoma, tenta garantir que a oferta realizada ao seu alumnado se concrete no máis amplo abano de ensinanzas artísticas para que completen a súa formación, cunhas instalacións adecuadas.

As escolas de artes e conservatorios de música deben ser dotados de mobiliario e equipamento didáctico acorde coas ensinanzas que neles se imparten.

O labor desenvolvido no ámbito da música pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa dotación e o sostemento dos conservatorios de música dependentes da mesma, vese complementado polas iniciativas de moitos concellos da Comunidade Autónoma, que dende hai anos realizan un importante labor a través da creación e sostemento de escolas de música e de conservatorios que tamén imparten ensinanzas regradas de música.

Actividades previstas:

- Adecuación progresiva das ensinanzas superiores ao novo espazo europeo de educación superior coa implantación dos novos plan de estudos de grao.
- Consolidar as axudas destinadas a subvencionar o funcionamento dos conservatorios de música non dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estes conservatorios de música poden ser de grao elemental e/ou grao medio e, necesariamente, deben contar coa autorización expresa da Consellería.

- Establecer convenios con entidades públicas e privadas que fomenten a excelencia musical e a práctica orquestral do alumnado dos conservatorios profesionais e superiores.
- Establecer axudas complementarias para o alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores que participan no programa de mobilidade Erasmus. Tendo en conta que as axudas propias do programa son moi baixas, cómpre establecer, na mesma liña que para o alumnado universitario, unhas axudas complementarias que lles faciliten o acceso e a realización deste tipo de estadias noutras institucións superiores de países de Unión Europea.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.7. PROGRAMA 422G - ENSINANZAS ESPECIAIS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Con este programa son atendidas as obrigas derivadas do funcionamento das escolas oficiais de idiomas, mediante a transferencia das contías precisas para que estes centros poidan realizar as actividades propias destas ensinanzas de réxime especial.

As actividades que leva a cabo a dirección xeral para a materialización dos obxectivos deste programa poden sintetizarse na distribución dos gastos de funcionamento ás escolas oficiais de idiomas, centros de titularidade da consellería.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En materia de infraestruturas tense estudado a situación dos centros educativos que imparte ensinanzas especiais na Comunidade Autónoma apreciándose:

- Un aumento considerable da demanda por parte do alumnado deste tipo de ensinanzas, implicando a creación de novas prazas, así como a necesidade de reparacións e adaptación dos centros existentes.

O dominio das competencias comunicativas en linguas modernas constitúe un dos principais obxectivos nas políticas educativas europeas. O crecemento da demanda de ensinanzas especializadas de idiomas por parte de amplos sectores profesionais, así como do ámbito académico, especialmente en lingua inglesa, xustifica a adopción de medidas que potencien a aprendizaxe de linguas estranxeiras.

As ensinanzas de idiomas son de réxime especial e abordan os estudos de idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, co obxecto de capacitar e acreditar ás persoas no dominio das distintas destrezas comunicativas, tanto orais coma escritas. As ensinanzas estrutúranse nos niveis básico, intermedio e avanzado (de acordo co Marco Común Europeo de Referencia das Linguas) e, con carácter xeral, cada un dos niveis abrangue dous cursos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As ensinanzas especializadas de idiomas van dirixidas a aquelas persoas que desexan, ao longo da súa vida, adquirir ou perfeccionar as súas competencias nunha ou varias linguas estranxeiras, con fins xerais ou específicos, así como obter para un mercado laboral unha certificación transparente do seu nivel de competencia no uso das devanditas linguas.

Na Comunidade Autónoma de Galicia hai 11 escolas oficiais de idiomas, con seccións en varias localidades, nas que se poden cursar os correspondentes estudos (alemán, árabe, chinés, francés, inglés, italiano, portugués, ruso, xaponés, español e galego), ademais da oferta da modalidade a distancia de inglés a través do programa That's English!

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na Comunidade Autónoma de Galicia fóronse creando progresivamente escolas oficiais de idiomas atendendo a criterios de distribución xeográfica. Así, desde a creación en 1969 do primeiro destes centros, a EOI da Coruña, existe na actualidade unha rede de 11 escolas, das que dependen 20 seccións (21 a partir do curso 2011-2012 coa creación da sección de Redondela, dependente da EOI de Vigo), ademais da oferta da modalidade a distancia de inglés a través do programa That's English! en 23 centros (escolas oficiais de idiomas e institutos de ensino secundario), que posibilita o estudo dos niveis básico e intermedio de inglés.

As ensinanzas que imparten as escolas oficiais de idiomas, que xorden cun carácter marcadamente práctico (ben para completar a formación xa adquirida ou ben para satisfacer as necesidades profesionais do alumnado), están estruturadas en tres niveis (básico, intermedio e avanzado), cunha duración de dous cursos cada por nivel (tres no caso do nivel básico e nivel intermedio en chinés e xaponés, e tres no caso do nivel intermedio de árabe). Os niveis básico, intermedio e avanzado corresponden cos niveis A2, B1 e B2, respectivamente, do Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL). Aquel alumnado que supere as probas de certificación de cada un dos niveis, ben polo réxime oficial ou polo réxime libre, recibe o certificado correspondente.

O Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras recolle que as escolas oficiais de idiomas deben desempeñar socialmente un papel integrador como centros de formación en linguas, sensibles a todas as demandas da cidadanía, e presenta os seguintes obxectivos para estes centros:

- Manter unha oferta variada, flexible e atractiva para a aprendizaxe das linguas e asegurar a coordinación das escolas oficiais de idiomas cos outros organismos de formación

permanente.

- Difundir e promover as ocasións de recoñecemento e certificación de competencias lingüísticas dentro do MECR co fin de que a sociedade galega estea preparada para o mundo laboral a nivel internacional.
- Promover o uso do Portfolio Europeo das Linguas para fomentar unha mobilidade persoal e profesional fluída a nivel internacional.
- Promover unha educación que recoñeza e valore a riqueza da diversidade lingüística e cultural entre as persoas adultas.
- Manter e realizar as correspondentes melloras nos edificios educativos destinados a este fin.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro de contratos do sector público.
- Código Técnico da Edificación (RD 314/2006).
- Lei de Ordenación da Edificación (Lei 38/1998).
- Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas (Lei 8997/2002, Decreto 35/2002).
- Regulamento de instalacións térmicas en edificios (RD 1751/1998).
- Regulamento electrotécnico de baixa tensión (Decreto 842/2002).
- Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 5 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial.
- Resolución do 10 de maio de 2012 pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través das escolas oficiais de idiomas fomentarán o estudo de outras linguas que por razóns culturais, sociais ou económicas resulten dun interese especial, así como a impartir cursos para a actualización de coñecementos de idiomas, destinados a todos os colectivos profesionais.

Polo que, crearanse novas prazas destinadas a este fin e realizaranse as actuacións de reparacións, ampliacións e melloras nos centros de ensinanzas especiais existentes.

As actividades que se levarán a cabo para a materialización dos obxectivos deste programa,

no referente ás ensinanzas especializadas de idiomas, son as seguintes:

- a) Cursos para o desenvolvemento da competencia comunicativa e lingüística (DECEL), en inglés e francés, dirixidos ao profesorado que imparte docencia en seccións bilingües e centros plurilingües, referenciados aos niveis A2, B1 e B2 do MECR.
- b) Cursos de formación do profesorado en idiomas, en colaboración cos centros de formación e recursos, nas diversas linguas impartidas nas EEOOI.
- c) Cursos organizados a través de convenios ou acordos con outras entidades oficiais para a oferta de cursos gratuítos de alemán, francés e inglés para os sectores profesionais de hostalaría e turismo e comercio, así como cursos para os traballadores do Instituto Técnico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar).
- d) Cursos preparatorios para os certificados de lingua galega CELGA.
- e) Cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior para persoal funcionario.
- f) Cursos de formación en inglés e francés para o profesorado participante no programa de apoio ao ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE).
- g) Cursos de especialización e perfeccionamento de inglés audiovisual.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asume como un dos seus obxectivos a mellora cualitativa na aprendizaxe de idiomas estranxeiros por parte dos escolares e do resto da sociedade galega. Para iso, é preciso que os centros así como as seccións que ofertan estas ensinanzas se encontren en condicións idóneas e dispoñan dos recursos ordinarios para o seu funcionamento.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.8. PROGRAMA 422H - OUTRAS ENSINANZAS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa ten por finalidade dotar de recursos para gastos de funcionamento aos centros públicos de ensinanzas de adultos, para conseguir que estes centros poidan desenvolver adecuadamente as súas actividades.

A materialización dos obxectivos deste programa lévase a cabo mediante a distribución dos gastos de funcionamento aos centros públicos de ensinanzas para persoas adultas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A educación de persoas adultas ten a finalidade de ofrecer a todos os cidadáns a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional. A especial importancia da formación ao longo da vida radica no seu obxectivo de incluír no sistema educativo maiores continxentes de persoas e, xa que logo, na súa procura da equidade social, pois ofrece unha nova oportunidade a colectivos nunha situación desfavorable para integrarse social e laboralmente.

Débase facilitar, por tanto, que as persoas adultas teñan acceso universal e continuo á aprendizaxe, co obxecto de que poidan obter e renovar as cualificacións requiridas para participar de forma activa na sociedade do coñecemento. As novas aptitudes básicas son as cualificacións en materia de TIC, idiomas, cultura tecnolóxica e habilidade para a socialización.

Tamén hai que desenvolver métodos e contextos eficaces de enseñanza e aprendizaxe para a formación ao longo da vida, lograr que todos os cidadáns galegos poidan acceder facilmente a unha información e un asesoramento de calidade acerca das oportunidades de aprendizaxe permanente.

É un obxectivo prioritario ofrecer oportunidades de aprendizaxe tan próximas aos interesados como sexa posible, nos seus propios contornos e, cando proceda, co apoio das tecnoloxías da información e comunicación.

A educación de persoas adultas ten a finalidade de ofrecer a todos os cidadáns a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A situación económica do país, cun número tan alto de persoas en desemprego, e a demanda xeral de formación permanente polas esixencias dunha economía cada vez máis baseada no coñecemento e de características cambiantes están provocando unha afluencia cada vez maior de persoas que demandan servizos educativos na rede de centros de persoas adultas. Así, está aumentando bastante:

- a) O número de persoas inmigrantes que demandan ensinanzas de galego e castelán como medio de integración laboral e social.
- b) O número de persoas que demandan eses mesmos servizos nos centros de educación de persoas adultas con sede nos centros de reclusión de Galicia (cinco en total).
- c) O número de mozos e mozas que, despois de abandonar o sistema educativo sen o título básico do sistema, demanda formación para obtelo.
- d) O número de persoas adultas estritamente falando que, por prescricións do medio

laboral ou dos propios servizos públicos de emprego, demanda ese mesmo título, especialmente pola modalidade telemática.

- e) O número de persoas que se presentan ás probas libres para a obtención do título da ESO (4.500 só na convocatoria de abril de 2012).
- f) O número de persoas que demandan ensinanzas de bacharelato, especialmente na modalidade a distancia telemática ou desexan acadar o título mediante proba libre.

A matrícula nas ensinanzas de adultos en Galicia para todo o alumnado, modalidades e centros está próxima aos 23.400 alumnos/as, cun incremento considerable de escolarizacións de alumnado sen nacionalidade española.

Poboación adulta que quere obter unha formación básica . Na Comunidade Autónoma de Galicia son 12 os centros públicos específicos de educación de adultos (EPA) de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparten este tipo de ensinanzas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Estratexia 2020 da Unión Europea resume o marco xeral de actuación para a cooperación europea no ámbito da educación e da formación na presente década e establece como un dos seus obxectivos estratéxicos facer realidade a aprendizaxe permanente dentro dos países da Unión. As políticas de educación e formación deben permitir que todos os cidadáns, independentemente das súas circunstancias persoais, sociais e económicas, adquiran, actualicen e desenvolvan durante toda a súa vida as competencias clave e as aptitudes profesionais específicas necesarias para a súa utilización, así como apoiar a aprendizaxe permanente, a cidadanía activa e o diálogo entre culturas.

Neste contexto, a formación continuada e o avellentamento activo son fundamentais para a unha verdadeira sociedade do coñecemento, máis competitiva e máis dinámica. Por iso. estase a traballar para aumentar as posibilidades das persoas adultas para acadar unha cualificación un nivel superior a que posúen (one step up).

A Enquisa de Poboación Activa (EPA) do primeiro trimestre de 2012 revela que máis do 40% das persoas maiores de 16 anos (aproximadamente 20 millóns de persoas en España) non teñen o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. E iso significa que, no caso de que estean nunha situación de desemprego, quedan sen recursos e con menores posibilidades de acceder a eles, pois tampouco poden participar nos cursos do Servizo Público de Emprego. Ante esta situación, aumenta a demanda de orientación e aprendizaxe de persoas adultas, sobre todo por parte dos desempregados que pretenden mellorar o seu nivel de cualificación para atopar un novo posto de traballo tanto no mesmo sector produtivo como noutro distinto, mediante a adquisición de novas competencias profesionais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos. DOG 6 agosto 1992
- Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros
- Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regulan as ensinanzas de bacharelato para persoas adultas pola modalidade presencial na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 31 de xullo de 2009
- Orde do 26 de abril de 2007 pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 8 de maio de 2007
- Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 23 de xullo de 2008
- Orde do 11 de xuño de 2010 pola que se autorizan as ensinanzas de educación para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, en centros específicos de educación e promoción de adultos e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. DOG 21 de xuño de 2010
- Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se regulan as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezoito anos. DOG 4 de marzo de 2009
- Orde do 10 de febreiro de 2012 pola que se modifica a do 19 de febreiro de 2009 pola que se regulan as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezoito anos.
- Orde do 10 de febreiro de 2012 pola que se regula a proba para a obtención do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os aspectos básicos destas ensinanzas están recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (artigos 66 a 70).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Actividades:

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto a realización das seguintes actividades, coa finalidade de facer fronte aos problemas concretos deste programa:

- Apoiar aos concellos e asociacións sen fins de lucro para que realicen actividades que permitan ás persoas adultas adquirir as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensinanza, regrada ou non regrada, como a través da experiencia, laboral ou en actividades sociais. Tenderase a establecer conexións entre ambas vías e adoptaranse medidas para a validación das aprendizaxes adquiridas en contextos non formais.
- Formación continuada do profesorado que imparte ensinanzas dirixidas a persoas adultas, para favorecer a apertura ás novas experiencias metodolóxicas presentes na realidade sociocultural na que nos inserimos.

- Mellorar as infraestruturas materiais da rede de centros de persoas adultas, especialmente na dotación de medios informáticos.
- Organización das probas libres de Graduado en ESO: creación dun grupo de traballo para a elaboración das probas e aumentar o número de tribunais para realizalas.
- Organización da infraestrutura de persoal e material para a realización das probas para a obtención do título de bacharel.
- Desenvolvemento de materiais didácticos específicos para a educación secundaria para persoas adultas pola modalidade a distancia telemática, de xeito que o alumnado poida descargarse os materiais en formato dixital, seguir a súa propia axenda de traballo, comunicarse cos seus titores.
- Desenvolver a aula virtual e os procedementos de interacción entre profesorado e alumnado que leva consigo naqueles centros que teñen autorizadas as ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas e bacharelato, ambas as dúas pola modalidade de medio presencial.
- Elaboración e publicación da normativa que complete e desenvolva o regulamento orgánico de centros específicos de educación de persoas adultas.
- Desenvolvemento de proxectos específicos de difusión que fagan máis visible a oferta de educación ao longo da vida en toda a comunidade autónoma: edición de publicacións específicas, inserción de noticias e anuncios en medios de comunicación, elaboración de carteis informativos, etc.
- Fomentar proxectos innovadores de ensinanza e aprendizaxe no sector da formación ao longo da vida e difundir as boas prácticas que se leven a cabo.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.9. PROGRAMA 422I - FORMACION E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A través do Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, artículase a formación permanente como o conxunto de actividades que perseguen a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas, así como

todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, tutoría, atención educativa á diversidade e organización encamiñados a mellorar a calidade do ensino e o funcionamento dos centros. Así mesmo, deberán incluír formación específica sobre a utilización das tecnoloxías da información e comunicación no ensino e a formación en linguas estranxeiras do profesorado, independentemente da súa especialidade.

A Administración educativa planificará as actividades de formación permanente do profesorado, garantirá unha oferta diversificada e gratuíta destas actividades e establecerá as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.

A finalidade da formación permanente é a de promover o desenvolvemento profesional do profesorado para a mellora da práctica educativa.

A planificación da formación permanente do profesorado realizarase a través do plan estratéxico e dos plans anuais.

No plan estratéxico defínense os obxectivos que hai que conseguir ao remate dun período de catro anos e a súa concreción en obxectivos anuais. Para a súa elaboración teranse en conta as prioridades e directrices elaboradas pola dirección xeral da que depende a formación permanente do profesorado, as necesidades de formación detectadas polos órganos competentes na formación permanente e as propostas realizadas polo profesorado.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Profesorado de niveis de ensino non universitarios, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparte as ensinanzas contempladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No curso 2010-2011 publícase un novo decreto que modifica as estruturas de formación, o que vai permitir a súa adaptación aos novos retos e obxectivos da consellería, como son a mellora da competencia lingüística do profesorado, a formación on-line, a implantación de procesos de mellora da calidade da formación.

Neste novo decreto créase o Centro Autonómico de Formación e innovación (CAFI) que realizará, entre outras funcións, o deseño e desenvolvemento da formación a distancia e da formación do profesorado de formación profesional. Con novo decreto mantéñense os centros de formación e recursos e prevé a creación dunha rede de centros educativos de apoio á formación permanente do profesorado. Ademais, potenciarase a figura da persoa coordinadora de formación nos centros.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do pro-

profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE).

- Resolución do 22 de maio de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2012-2013.
- Orde do 1 de marzo de 2007 pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e innovación e das titulacións.
- Orde do 14 de marzo de 2012 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario para o ano 2012.
- Orde do 27 de xuño de 2012 pola que se convocan licencias por formación para o curso 2012/13 destinadas aos funcionarios docentes non universitarios e se aproban as súas bases de concesión.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Nos plans anuais de formación do profesorado desenvolveranse os obxectivos anuais a través de medidas e accións concretas. Os plans anuais poderán incluír plans específicos de formación para distintos colectivos do profesorado, entre outros, o profesorado de formación profesional e o de ensinanzas de réxime especial, contando coa participación dos servizos competentes nestas ensinanzas.

Os Plans de formación anuais conterán unha oferta formativa diversificada en diferentes modalidades:

- Formación presencial.
- Formación a distancia.
- Formación mediopresencial.
- Cursos, Xornadas, Encontros, Congresos.
- Formación entre iguais nos propios centros (proxectos de formación, grupos de traballo e seminarios permanentes).

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

III.1.10. PROGRAMA 422M - ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACION PROFESIONAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa ten, fundamentalmente, as seguintes finalidades:

- Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de ensino secundario de titularidade da consellería (incluídos os centros públicos integrados –CPIs-).
- Unha mellora na calidade do ensino mediante a aplicación de fondos europeos aos gastos de funcionamento dos centros nos que se imparten ciclos formativos e programas cualificación profesional inicial (PCPIs), centros nos que se aplican medidas de orientación, reforzo e apoio.
- Preparar ao alumnado para as actividades do ámbito profesional e facilitar a súa adaptación ás demandas laborais de profesionais en diversos campos que xorden na sociedade.
- Atender ao pagamento dos concertos educativos de formación profesional e os programas de cualificación profesional inicial.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En materia de infraestruturas na diagnose relativa á rede de centros públicos de secundaria e formación profesional apreciase o seguinte:

- Demanda de postos escolares en determinados centros educativos da Comunidade Autónoma.
- Situación de deterioro provocada polo uso e antigüidade dos centros existentes, así como nalgún caso a inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas actuais.
- Mobiliario e equipamento didáctico deteriorado e nalgúns casos obsoleto, así como o necesario para os novos centros educativos e ás adaptacións curriculares.

A Lei Orgánica 5/2002 das Cualificacións e da Formación Profesional establece o marco básico da integración dos subsistemas de Formación Profesional. Ten como fines capacitar para o exercicio da actividade profesional, satisfacendo as necesidades individuais e de emprego; promover unha oferta formativa de calidade; proporcionar información e orientación profesional e de cualificacións para o emprego; incorporar ás ofertas formativas aquelas accións de formación que capaciten para desenvolver actividades empresariais e o espírito emprendedor; e avaliar e acreditar a cualificación profesional calquera que fose a forma da súa adquisición. Estes fines establecen a liña de actuación a seguir e ao que sen dúbida se deben de adecuar as accións que se desenvolvan en materia de formación profesional.

O Sistema de cualificacións e de formación profesional de Galicia desenvolveuse de xeito integral constituíndo un mecanismo estrutural para a formación inicial e continua e para a aprendizaxe permanente da sociedade galega, partindo do marco legal das cualificacións e da formación profesional, que require que as Comunidades Autónomas desenvolvan as iniciativas que lles corresponden en orden á configuración dos seus respectivos sistemas de cualificacións e FP.

No ano 2009 publicouse o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo (BOE do 25 de agosto), de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral, desenvolve o establecido no artigo 8.4 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da

formación profesional, establecendo o procedemento e os requisitos para a avaliación e para acreditar as competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, así como os seus efectos. Unha medida para favorecer a educación e a formación profesional e contribuír á consecución dos obxectivos do cumio de Lisboa do ano 2000, coa finalidade de facilitar o emprego dos cidadáns, a mobilidade, fomentar a aprendizaxe ao longo da vida e favorecer a cohesión social, especialmente daqueles colectivos que carecen dunha cualificación recoñecida.

Asemade, o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Un marco normativo que regula a formación profesional do noso sistema educativo, que permita a definición dos currículos dos ciclos formativos de grao medio e de grao superior, de xeito que adapten as novas titulacións ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo correspondente canto a especialización e polivalencia, de xeito que se posibilite a inserción laboral cualificada e unha proxección profesional futura.

Neste contexto, a Consellería aposta decididamente por un novo plan de formación e cualificación profesional e aprendizaxe ao longo da vida, que dea resposta ás necesidades de cualificación do noso sistema produtivo, poñendo en marcha todas as accións formativas que se requiriran dentro dos diferentes niveis de cualificación establecidos no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

O establecemento dunha oferta de ensinanzas de formación profesional na modalidade a distancia, favorece á formación e cualificación profesional e aprendizaxe ao longo da vida. Esta modalidade, caracterízase pola súa flexibilidade, de xeito que permite ás persoas adultas a posibilidade de combinar estudo e formación coa actividade laboral, coas cargas familiares ou con outras actividades, respondendo así ás necesidades e aos intereses persoais. Os principais obxectivos desta modalidade de formación son por tanto os seguintes:

- a) Favorecer a formación ao longo de toda a vida, acomodándose ás expectativas e ás situacións persoais e profesionais, incluíndo o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- b) Ofrecerlles ás persoas adultas a oportunidade de accederen ás ensinanzas de formación profesional, nomeadamente a quen teña dificultade para asistir na modalidade presencial.

Para reforzar esta flexibilidade, en Galicia se prevé a posibilidade de ofrecer as ensinanzas de formación profesional en unidades formativas de menor duración para certificar no ámbito da propia comunidade autónoma. Ademais, esta formación poderá concentrarse en determinados períodos do ano, polo que se adapta mellor aos intereses das persoas adultas.

A implantación dun sistema de recoñecemento, avaliación e certificación de competencias contribuír, non só a unha maior transparencia do mercado de traballo, senón ao incremento da información que as empresas teñen do potencial dos seus recursos humanos, o que nos

permitira ofertar unha formación máis axeitada ás necesidades do mundo produtivo. Así mesmo, mellora da orientación profesional mediante un novo portal de orientación, contribuirá, sen dúbida, dun modo eficaz á hora de dar a información e orientación ás persoas na elección das mellores oportunidades de aprendizaxe, formación e emprego. Poranse en marcha preferentemente nestes centros as iniciativas emprendedoras e de innovación e desenvolvemento en materia de formación profesional e cualificacións.

A potenciación da rede de centros integrados será o eixo no que se desenvolverán as principais accións de integración dos subsistemas de formación profesional, así como de orientación profesional, polo que xunto co resto dos centros que imparten formación profesional no sistema educativo, deben de contar coas instalacións e recursos suficientes para levar a cabo o seu cometido, que deberá desenvolverse nun proceso de calidade e mellora continua, tanto nas accións formativas como nos procesos administrativos que se desenvolvan.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A educación secundaria obrigatoria tenta lograr que os alumnos e alumnas adquiran os elementos básicos de cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e traballo; preparalos para súa incorporación a estudos posteriores e para súa inserción laboral, así como formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns.

Por outro lado, as ensinanzas de formación profesional van destinadas a accións formativas que capacitan, aos alumnos e alumnas, para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica; incluíndo as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores, así como as orientadas as formacións continuas nas empresa, permitindo a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais.

A Comunidade educativa do nivel de ensinanzas de secundaria e formación profesional.

Na Comunidade Autónoma de Galicia son 334 os centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparten educación secundaria obrigatoria, bacharelato, ciclos formativos e/ou programas de cualificación profesional inicial.

A rede pública vese complementada coa oferta privada destas ensinanzas en réxime de concertos educativos.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na Comunidade Autónoma de Galicia a media dos centros de ensino secundario e de formación profesional é de 30 anos de antigüidade, polo que resulta preciso a realización de reformas nalgúns destes centros. Ademais deberase crear ou ampliar aqueles centros que oferten un número de postos escolares insuficientes para a demanda existente, debéndose así mesmo de dotar de mobiliario e de material didáctico actualizado que permita unha formación integral do alumnado.

Nestes últimos anos a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a facer unha aposta decidida pola formación profesional como unha das ferramentas fundamentais para sentar as bases do crecemento e o progreso na Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha das medidas foi o establecemento dun marco normativo propio en desenvolvemento da normativa básica do Estado e en particular da lei orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Tamén se foron adaptando as novas titulacións de formación profesional coa finalidade de contar con currículos propios que respondan ás necesidades dos sectores produtivos galegos. Un total de 55 novos currículos aprobados polo Consello da Xunta de Galicia.

Ampliouse a rede de centros integrados de formación profesional ata o número de 17, como eixe central das accións formativas de formación profesional.

Así mesmo, durante estes últimos catro anos, incrementouse o alumnado que accede ás ensinanzas de formación profesional, que pasou de 34.746 alumnos no curso 2008-2009 a 42.755 alumnos no curso 2011-2012, o que supuxo un incremento do 21,3%. Nesta liña se seguirá no curso seguintes coa finalidade de incrementar a taxa de graduados en formación profesional e aproximarnos á media europea.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro de contratos do sector público.
- Código Técnico da Edificación (RD 314/2006).
- Lei de Ordenación da Edificación (Lei 38/1998).
- Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas (Lei 8997/2002, Decreto 35/2002).
- Regulamento de instalacións térmicas en edificios (RD 1751/1998).
- Regulamento electrotécnico de baixa tensión (Decreto 842/2002).
- Lei Orgánica 5/2002 das cualificacións e da Formación Profesional.
- Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo (BOE do 25 de agosto), de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.
- Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación

e Ordenación Universitaria.

- Decreto 118/2011, do 16 de xuño, polo que se transforman institutos de educación secundaria en centros integrados de formación profesional, se fusionan centros educativos e se cambian ensinanzas.
- Orde do 29 de xullo de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 29 de decembro de 2011 pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, de distintas familias profesionais.
- Resolución do 22 de marzo de 2012 pola que se habilitan asesores e/ou avaliadores no marco do proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia ou familias profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria realizará obras de ampliación, reforma, reparacións e melloras, co fin de ofertar e adaptar as ensinanzas de educación secundaria as diversas necesidades curriculares, educativas (demanda de prazas, desdobramentos de grupos, oferta de materias optativas, programas de reforzo, etc.), tendo como obxectivo a organización, deste alumnado, de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade.

Así mesmo, as permanentes e dinámicas transformacións económicas e tecnolóxicas operadas na sociedade, inciden na modificación das cualificacións profesionais co que xorde a necesidade de proporcionar a sociedade unha cualificación e recualificación necesaria para dar resposta ás modificacións. Tentando atender as necesidades de cualificación inmediata e emerxente do sistema produtivo.

Con tal fin, seguiranse realizando obras de conservación, e reparación dos espazos educativos, dotándose a estes centros do mobiliario e equipamento didáctico acorde coas ensinanzas que neles se imparten, preparando ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitarlle a súa adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal.

Así mesmo, realizaranse as seguintes actuacións:

- Potenciación da rede de Centros Integrados de Formación Profesional que serán o referente para o establecemento da oferta integrada de formación profesional inicial, da formación para o emprego e da orientación profesional.
- Mellorar a funcionalidade do portal sobre orientación profesional que relacione as oportunidades de formación e emprego coas oportunidades de aprendizaxe e inserción

laboral. Así mesmo, recolla e desenvolva os instrumentos de información e orientación profesional asociados ao procedemento de acreditación de competencias profesionais.

- Realización de accións sobre orientación profesional en relación coas diferentes familias profesionais.
- Promover a realización de convocatorias anuais, das diferentes familias profesionais, sobre avaliación, recoñecemento e certificación das competencias adquiridas ao longo da vida, de xeito que as persoas poidan ver acreditada a súa cualificación de cara a inserción laboral e á súa formación ao longo da vida.
- Elaboración de novos currículos de ciclos formativos de grao medio e superior e de programas de cualificación profesional inicial.
- Potenciar a formación profesional a distancia a través da plataforma e-learning co fin de adaptarse ás necesidades da poboación.
- Elaborar en colaboración coas Administracións educativas das CC.AA. e do Estado, materiais para a oferta a distancia das ensinanzas de formación profesional, así como para os cursos de acceso ás mesmas. Así como, elaborar materiais de apoio para as ensinanzas de formación profesional nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia.
- Desenvolver e executar proxectos de I+D+i de formación profesional co fin de mellorar a calidade destas ensinanzas e facilitar a colaboración entre o profesorado.
- Continuar cos programas que fomenten o espírito emprendedor e o acompañamento para a creación de empresas, así como o desenvolvemento de accións para o cooperativismo e autoemprego.
- Realizar estudos de tendencias para adaptar a oferta formativa de FP ás necesidades e demandas laborais. Así como, elaborar estudos de inserción laboral do alumnado de formación profesional, segundo os sectores produtivos.
- Deseño e elaboración de plans de formación para o profesorado das diferentes familias profesionais.
- Favorecer a formación do profesorado dos CIFP para que posteriormente desenvolva accións de formación destinadas a docentes e formadores doutros centros de formación profesional.
- Fomento da cultura de prevención de riscos profesional entre o profesorado de FP.
- Convocar probas libres para a obtención dos títulos de FP, tanto para títulos extinguidos como para os novos títulos LOE, así como ás asociadas a procesos de acreditación de competencias.
- Organizar os novos cursos de acceso aos ciclos formativos tanto de grao medio como de grao superior.
- Continuar coa convocatoria do procedemento para obtención de carnés profesionais en virtude do protocolo de colaboración coa Consellería de Economía e Industria.
- Revisar a caracterización dos equipamentos requiridos para os ciclos de formación profesional e programas de cualificación profesional inicial, coa finalidade de ter actualizado

o catálogo de equipamento.

- Promover e poñer en valor a FP ante a sociedade fomentando as relacións co sector produtivo.
- Promover convenios de colaboración entre centros de formación profesional, Administracións públicas e empresas para o impulso conxunto de ofertas formativas concretas, para realizar o módulo profesional de formación en centros de traballo e para desenvolver proxectos de investigación e innovación.
- Elaboración de materiais en relación coa organización e desenvolvemento das probas de acceso ás ensinanzas de formación profesional e das probas libres de obtención dos títulos de F.P.
- Potenciación das accións para a mellora continua estendendo os plans de calidade nos centros de formación profesional, consolidando a rede galega de aseguramento da calidade en formación profesional.
- Continuar o itinerario de formación de directivos e profesores para ir consolidando esa rede galega de calidade e mellora no sistema de formación profesional.
- Continuar co apoio ao profesorado para realizar estadias formativas en empresas que permitan adquirir experiencias que fomenten a cooperación entre eles e o contorno produtivo.
- Apoiar economicamente ao alumnado que realice a formación en centros de traballo e que teña que desprazarse a outra localidade distinta á da súa residencia, facilitando que esa formación pida realizala en países da Unión Europea.
- Realizar accións de información e divulgación da formación profesional a través da participación en eventos, feiras, mostras, etc., relacionadas coa formación profesional, así como mediante a organización e realización dun evento específico.
- Fomentar o espírito emprendedor, promover a colaboración coas empresas e desenvolver as cualificacións profesionais necesarias para o sectores estratéxicos recollidos no Plan Impulsa Lugo e no Plan Impulsa Ourense.
- Impulsar a posta en marcha de proxectos experimentais de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración con empresas. Como un modelo baseado no incremento sensible da formación nas empresas do sector, de modo que a formación adquirida nos centros de traballo implique para o alumnado unha inmersión real no contorno laboral.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.11. PROGRAMA 423A - SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSEÑANZA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa destínase, entre outros, a atender os seguintes ámbitos:

- Os gastos ocasionados polo funcionamento dos centros residenciais docentes.
- A gratuidade solidaria (axudas en función de renda) para todo o ensino obrigatorio (educación primaria e educación secundaria obrigatoria) e educación especial.
- As actuacións encamiñadas ao fomento da lectura e apoio ás bibliotecas escolares. Aumentar a rede de centros do Plan de mellora das bibliotecas escolares e consolidación das bibliotecas que se acolleran con anterioridade a dito programa.
- Ao desenvolvemento dos programas de cooperación territorial: escolas viaxeiras, rutas literarias, rutas científicas e aulas de natureza.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Na formación integral do alumnado é fundamental a prestación de recursos complementarios de carácter educativo integrados na programación xeral anual de cada centro, na procura dun ensino de calidade e mellora continua.

De acordo co anterior, desde a consellería tratamos de que un servizo educativo e de calidade responda ás novas demandas sociais dun xeito eficaz e eficiente completando a oferta de ensinanzas e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para todos os cidadáns.

Sinalar que o servizo de comedor, ademais de servir á Administración educativa como un factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e formativa en habilidades e comportamentos humanos, por iso intentamos que chegue ao maior número de alumnos posible.

Os créditos destinados á prestación dos servizos de comedores escolares nos orzamentos permiten manter os niveis do servizo.

Efectivamente, a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria asume o compromiso de racionalizar e modernizar a prestación de xeito decidido este servizo.

Como se ven dicindo, con cargo a este programa 423A desenvólvense as accións encamiñadas á compensación das desigualdades na educación, especificamente, o financiamento dos servizos de comedor, transporte escolar e acompañante, nos centros docentes públicos.

Así mesmo, neste programa inclúense axudas destinadas ao cofinanciamento dos comedores escolares xestionados polos Concellos e as ANPAS, nun esforzo conxunto na procura da conciliación da vida laboral e familiar necesaria hoxe en día.

Igualmente resultan destacables outras accións complementarios como as que ten que ver coa prevención de riscos laborais.

Nesta materia compre destacar, que a Consellería de Educación ten contraído o compromiso de adoptar unha posición activa en materia de prevención de riscos laborais, na idea de que o cumprimento das obrigas legais na materia incide de maneira directa na calidade do ensino e no grao de satisfacción do persoal que a fai posible.

Así as cousas, a Consellería ven desenvolvendo gradualmente unha programación dirixida a promover á avaliación dos riscos laborais nos centros docentes, dando prioridade aqueles que presentan unha maior e potencial perigo.

Igualmente, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asume baixo a súa responsabilidade a vixilancia e control da saúde do persoal non docente que presta servizos en centros docentes públicos dela dependentes, dando así cumprimento ao mandato 31.3º da lei de prevención de riscos laborais. Resumindo, co programa financiaranse, entre outras as seguintes accións:

A prestación do servizo de comedor escolar nos 409 centros docentes públicos dependentes da Comunidade Autónoma nos que existen comedores de xestión directa (onde os traballos de cociña desenvólvese polo persoal laboral da Xunta) e de xestión indirecta, contratados con empresas hostaleiras.

Asegurar a presenza do acompañante de transporte escolar na totalidade das rutas onde esta é obrigatoria, tal e como esixe o Real decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.

Financiamento da gratuidade do servizo educativo complementario de transporte escolar nos centros docentes públicos dependentes da Comunidade Autónoma, correspondentes a educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria, que contan con rutas de transporte escolar.

Axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais nos centros escolares públicos, así como polos concellos.

Colaborar con outros órganos da Xunta de Galicia no desenvolvemento de programas divulgativos co obxectivo principal de fomentar unha alimentación sana do alumnado nos comedores escolares e nos seus fogares: aumentar o consumo de peixe, previr a obesidade infantil, fomento de hábitos alimenticios saudables.

Promover a avaliación de riscos laborais dos centros docentes públicos dependentes da Consellería e a formación na materia do colectivo de persoal que presta os seus servizos neles.

A avaliación e control da saúde laboral do persoal non docente que presta os seus servizos nos referidos centros públicos.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estableceu, entre as liñas xerais da política en materia de educación, profundar no logro da igualdade de oportunidades educativas así como promover a mellora continua da calidade e da equidade do sistema, en concordancia cos obxectivos europeos.

A tal fin, dende a Administración educativa débese facilitar o acceso dos cidadáns máis xoves ás competencias e habilidades sociais que require a sociedade do século XXI. Neste sentido, é especialmente importante o dominio das novas linguaxes das tecnoloxías da información e a comunicación.

Tamén, e non menos importante, é a necesidade de que o alumnado teña un dominio amplo das linguas estranxeiras. Este dominio vai profundamente ligado ao progreso científico e tecnolóxico. As industrias e os especialistas constitúen redes de comunicación que ignoran as fronteiras lingüísticas e nacionais. Así, o aumento das relacións internacionais, a mobilidade laboral e a circulación das ideas e da información están provocando unha forte demanda social en favor da aprendizaxe das linguas estranxeiras, de tal xeito que o número de linguas que os cidadáns dun determinado país dominan constitúe un indicador importante do seu grao de desenvolvemento.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través do proxecto ABALAR, dispón dunha estratexia de incorporación das novas tecnoloxías ao proceso educativo en todos os seus ámbitos, articulada na súa estratexia xeral de incorporación de Galicia á Sociedade da Información e do Coñecemento. ABALAR inclúe e integra todas as iniciativas no ámbito educativo, xuntando os esforzos cara á modernización e mellora da educación como parte da estratexia transversal do Goberno galego de promoción das TIC a todos os sectores da actividade, recollida no marco da iniciativa de modernización “egoberno2013”.

Este programa, xunto co plan de potenciación de idiomas, o de éxito escolar, e outros, pretende atender os seguintes ámbitos:

Potenciar a adquisición de competencias lingüísticas en polo menos unha lingua estranxeira mediante:

1. Inmersión lingüística de alumnado en familias doutros países nos que a lingua vehicular sexa, preferentemente, o inglés. Realizarase en réxime de inversión no estranxeiro ou en territorio español e completarase a formación lingüística con actividades de cultura, deporte e costumes dos países concretos.
2. Creación de centros plurilingües, apoiando a impartición de materias en inglés, ou noutro idioma estranxeiro, para completar un proxecto educativo trilingüe.
3. Facilitar materiais curriculares dirixidos a traballar na aula dixital dentro do proxecto ABALAR así como apoio á elaboración de programacións didácticas relativas ao mesmo mediante unha dinámica de grupos de traballos.
4. Potenciar plans e proxectos de mellora do rendemento escolar.
5. Posta en marcha dos contratos-programa dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros

- docentes de educación primaria e secundaria.
6. Seguir promovendo as convocatorias de premios a proxectos e prácticas destacadas de innovación educativa de centros e profesores que poidan servir de referente a outros centros docentes.
 7. Revisar e adaptar a normativa de atención á diversidade dentro do ámbito da Orientación Educativa, elaborando propostas da normativa que regulen e potencien as medidas curriculares e organizativas para atender a diversidade do alumnado.
 8. Promover accións de apoio ao alumnado inmigrante con problemas de adaptación escolar.
 9. Realizar actuacións de avaliación e mellora do sistema educativo.
 10. Fomentar o desenvolvemento de actividades extraescolares en colaboración coas ANPA e concellos.
 11. Potenciar a realización de actividades transversais en colaboración con outras institucións e Administracións.
 12. Potenciar a excelencia e o esforzo no estudo nas distintas etapas educativas.

Dotar de recursos e servizos complementarios ao alumnado que os precise. Singularmente destacan dúas actuacións. Por un lado, facer fronte aos gastos de funcionamento dos 3 centros residenciais docentes (en A Coruña, Ourense e Vigo) nos que durante o curso académico ofertan aloxamento e manutención ao alumnado que precisen dese servizo en función da inexistencia nas súas localidades de residencia da oferta educativa que escollen, atendendo aos niveles de renda da unidade familiar da que proceden.

Por outro lado, este programa sustenta a orde de convocatoria da axudas do modelo de gratuidade solidaria, para a adquisición de libros de texto. O actual sistema posibilita o acceso en propiedade aos libros de texto por aquel alumnado que máis o necesita, xa que entre outros requisitos, se ponderan os niveis de renda da unidade familiar.

Mención especial merece o Plan de mellora de bibliotecas escolares, no que teñen cabida centros públicos que transformaron a súa biblioteca nun centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe. Actualmente están integrados no plan de mellora 449 centros.

Por último, tamén indicar que neste programa teñen cabida outras actuación con menor dotación orzamentaria; pero, de gran importancia como as actuación de cooperación territorial, singularmente, rutas literarias, escolas viaxeiras, rutas científicas e aulas da natureza.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A Comunidade educativa en todos os niveis educativos e ensinanzas contempladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Singularmente na ensinanza obrigatoria o alumnado que podería solicitar as axudas para a adquisición de libros de texto estímase ao redor do 63,5 %,

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O Plan estratéxico de Galicia 2010-2014 ten como obxectivo estratéxico 1.3. a promoción da avaliación e a excelencia no sistema educativo de Galicia. A comunidade galega desenvolve as súas avaliacións autonómicas ademais de participar noutras de ámbito nacional e internacional.

Neste sentido a Lei Orgánica de Educación 2/2006 do 3 de maio, establece nos artigos 21, 29 e 144 a realización de avaliacións de diagnóstico que permitan obter datos representativos do alumnado, dos centros, das comunidades autónomas e do conxunto do Estado.

A importancia da avaliación e da cultura da avaliación tamén está presente nas liñas do Plan Estratéxico de lexislatura da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e así define como área número 8: "Promover a avaliación e a excelencia no sistema educativo de Galicia". Dentro dos obxectivos está o de analizar a situación e o estado do sistema educativo en Galicia, mediante a realización de avaliacións galegas, españolas e internacionais, ou a participación nelas.

Avaliacións que se están a desenvolver no sistema educativo galego:

I. Avaliación de diagnóstico

Avaliación censal realizada en todos os centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia, públicos e privados, que imparten ensinanzas de 4º de educación primaria e/ou de 2º da ESO. Regulada mediante a Orde do 6 de outubro de 2010, DOG do 15 de outubro, e por Resolución do 30 de novembro de 2011, DOG do 13 de decembro.

A avaliación de diagnóstico segue modelos internacionais co fin de mellorar a calidade e a eficacia do sistema educativo. A través da avaliación de diagnóstico preténdese valorar en que medida a escola prepara para a vida e coñecer o grao de formación do alumnado para asumir o papel de cidadáns cunha actitude crítica e responsable, capaces de participar activamente na sociedade actual.

A finalidade da avaliación de diagnóstico é contribuír á mellora da calidade e da equidade da educación a través do coñecemento da situación do sistema educativo respecto das aprendizaxes dos estudantes nas competencias básicas. Debe estimular a necesidade de reflexionar sobre a práctica educativa para encontrar evidencias rigorosas que permitan comprender o que se fai nos centros educativos e o que se consegue, debe promover procesos de autoavaliación nas institucións escolares.

É unha avaliación sen efectos académicos, eminentemente formativa para os centros, que redanda no mellor coñecemento sobre eles e que se oriente á súa transformación e mellora. Cómpre tamén unha función de transparencia e de rendemento de contas á sociedade, especialmente a través da información que se lles debe dar ás familias sobre os seus resultados. Facilita á Administración educativa a orientación das políticas educativas e o establecemento de actuacións dirixidas á permanente revisión e mellora do sistema.

Para que poida mellorar a calidade e a equidade da educación deben difundirse os resultados entre a comunidade educativa. Desde unha perspectiva de servizo público deben considerarse tamén aos cidadáns destinatarios da información sobre os resultados.

2. PISA

Para poder dispoñer de información que permita a análise comparativa con outros países e comunidades autónomas, Galicia participa na avaliación internacional PISA da OCDE cunha ampliación de mostra a 56 centros e máis de 1500 alumnos e poder extraer datos representativos fronte aos países da OCDE e demais participantes.

O Programa para a Avaliación Internacional do Alumnado (PISA) é un estudo internacional de avaliación de estudantes de 15 anos realizado baixo a coordinación da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE). Combínase a avaliación das áreas dun campo específico coa avaliación do contorna familiar e social do alumnado, co enfoque que lle dan á súa aprendizaxe, coa percepción que teñen da mesma co seu grao de familiaridade co uso dos ordenadores. Os resultados obtidos polo alumnado na avaliación das áreas corerlacionanse cos factores contextuais.

Finalmente colabórase co Instituto de Avaliación na realización doutras avaliacións internacionais coma PIRLS-TIMSS que mide o nivel de competencia do alumnado de 4º de educación primaria en comprensión lectora, matemáticas e ciencias, EECL (Estudo Europeo de Competencia Lingüística) que ofrece información comparable sobre a competencia lingüística en linguas estranxeiras do alumnado ao finalizar educación secundaria obrigatoria.

Por outra banda a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, na procura da excelencia académica convoca anualmente premios extraordinarios de bacharelato, de educación secundaria obrigatoria e de formación profesional, para recoñecer e valorar méritos excepcionais baseados no esforzo e no traballo persoal. Convócanse anualmente 20 premios extraordinarios de bacharelato, 22 premios extraordinarios de formación profesional, 20 premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria e 20 premios de secundaria ao esforzo e superación persoal.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estableceu, entre as liñas xerais da política en materia de educación, profundar no logro da igualdade de oportunidades educativas, así como promover a mellora continua da calidade e da equidade do sistema.

Singular relevancia debe outorgarse ao programa denominado gratuidade solidaria (axudas para a adquisición de libros de texto) que implica unha acción política de goberno cara á instauración dun novo modelo que substituíu ao anterior sistema de préstamo.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Orde do 8 de setembro de 2011 pola que se autorizan novos centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2011-2012.
- Resolución do 9 de setembro de 2011, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a autorización da nova relación de seccións bilingües no curso 2011-2012 en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario reguladas pola Orde do 12 de maio de 2011.
- Resolución do 13 de marzo de 2012 pola que se fai pública a convocatoria para a incorporación de novas seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino

non universitario para o curso 2012-2013.

- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 22 de febreiro de 2012 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2012, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.
- Orde do 23 de xaneiro de 2012 pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE) para o ano 2012.
- Orde do 6 de outubro de 2010 (DOG do 15) pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 30 de novembro de 2011 (DOG do 13 de decembro) pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao curso 2011-2012.

Novamente indicar que a pluralidade de actuacións que se recollen neste programa determina que o seu marco non sexa facilmente singularizable. Con todo, o marco común se pode referenciar na necesidade de dar resposta a prestación complementaria do alumnado cara a satisfacer necesidades de residencia e aloxamento (nos CRD`s), de coñecer outras realidades didácticas (rutas científicas, escolas viaxeiras...) e de posibilitar que se dispoñan dos libros de texto e material curricular (gratuidade solidaria) e outras actuacións para a igualdade no exercicio do dereito a educación, previsto no artigo 83 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades que se levan a cabo para o desenvolvemento deste programa son fundamentalmente as seguintes:

- Xestión e coordinación no desenvolvemento dos programas de cooperación territorial co Ministerio de Educación e con outras Comunidades Autónomas.
- Desenvolvemento e realización das avaliacións de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Realizar outras avaliacións do sistema educativo e participar co Ministerio no desenvolvemento das avaliacións xerais de fin de etapa de 6º de educación primaria.
- Participación na avaliación PISA 2012 cunha ampliación de mostra que permita extraer datos para comparar o sistema educativo galego a nivel internacional.
- Participar noutras avaliacións a nivel internacional (TIMSS, PIRLS, EECL,...),
- Deseño e elaboración, mediante grupos de traballo, de materiais curriculares para apoio ao profesorado que imparte materias ou áreas en centros plurilingües e en seccións bilingües.

- Potenciar os premios extraordinarios de bacharelato, de formación profesional e da educación secundaria obrigatoria.
- Potenciar e xeneralizar os plans de autoavaliación e mellora da calidade da educación en centros educativos.
- Incentivación de programas de innovación educativa que propicien o desenvolvemento de proxectos, en centros educativos, relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación, coa atención á diversidade, coa mellora na competencia lingüística nas linguas propias, castelán e galego, e nas estranxeiras.
- Intercambio de experiencias de boas prácticas educativas e elaboración de materiais didácticos, mediante premios que as distinguan e as dean a coñecer.
- Continuidade do programa de promoción de hábitos saudables relacionados coa alimentación e a actividade física do alumnado infantil dentro do contexto da educación para a saúde en colaboración coa Consellería de Sanidade.
- En relación co proxecto ABALAR facilitar o desenvolvemento de novos modelos pedagóxicos e a incorporación dos últimos avances tecnolóxicos na educación. Aproveitando as mellores prácticas desenvolvidas nos centros máis avanzados, poñendo en valor todo o traballo e o coñecemento do profesorado galego.
- Fomento do espírito de colaboración e participación dos docentes para establecer unha comunidade de desenvolvemento de contidos propios así como doutros externos que estean a disposición do profesorado tanto das aulas dixitais como do resto, integrados nun espazo ABALAR.

A importancia destes programas ven determinada en que soporta actuacións con gran predicamento entre o alumnado, algunha das cales se leva desenvolvendo ininterrompidamente durante varios cursos académicos.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.12. PROGRAMA 423B - PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A adquisición da competencia en comunicación lingüística é un proceso longo e complexo, que esixe a posta en práctica de multitude de recursos e estratexias educativas para garantir uns niveis mínimos desta competencia a toda a poboación escolar.

Neste contexto e, dado que a lectura é a ferramenta imprescindible para todo tipo de aprendizaxes e para o desenvolvemento persoal, académico e social, as medidas destinadas á promover a mellora da lectura comprensiva e os hábitos de lectura de todo tipo de textos (en soporte impreso ou dixital), deben ser variadas e eficaces.

As intervencións para o fomento da lectura nos centros de ensino van destinadas a:

- Dotar de recursos aos centros para actuacións no fomento da lectura entre o seu alumnado.
- Realización de actividades e elaboración de materias de apoio con esta mesma finalidade.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A formación é un factor esencial para asentar un modelo de crecemento económico baseado no coñecemento que asegure un desenvolvemento sostible e unha maior cohesión social. Por esta razón as nosas sociedades aspiran a formar aos cidadáns máis e mellor, e a estender a súa formación ao longo da vida. De ahí que incrementar o número de titulados en formación post-obrigatoria constitúa un obxectivo prioritario nas políticas educativas. Polo contrario, o abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación dos seus membros como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.

O abandono escolar temperá ten causas moi diversas e por iso a súa prevención e redución esixe que as administracións educativas actúen en moi diversos frontes. Con este obxectivo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria prevé unha serie de medidas e recomendacións dirixidas a previr e reducir o abandono temperá na Comunidade Autónoma.

As propostas artículanse arredor de catro amplos ámbitos de actuación: as administracións educativas; os centros educativos e os profesores; as administracións locais, as familias e os mozos e mozas que abandonaron o sistema educativo sen ter obtido un título de educación secundaria obrigatoria o post-obrigatoria, e o contorno laboral.

Procurarase incrementar o tempo de permanencia dos cidadáns no sistema educativo para optimizar a súa formación. Isto non é obxectivo dun ano, senón que hai que telo en conta ano a ano con medidas que dean froito a máis longo prazo.

Dotación ao profesorado e aos propios centros dos recursos e ferramentas necesarias para que a biblioteca escolar contribúa a adquisición das competencias básicas do alumnado, singularmente, comunicación lingüística e “aprender a aprender”.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa está dirixido aos centros educativos entre cuxo alumnado haxa unha proporción significativa de alumnos en desvantaxe desde o punto de vista educativo, cuxas posibles causas poden ser a de pertenza a familias de baixo nivel cultural ou economicamente desfavorecidas,

situación nunha contorna con escaseza de recursos educativos, minorías étnicas, inmigrantes de lingua materna igual ou diferente da utilizada no centro.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A nosa sociedade aspira a formar aos cidadáns máis e mellor, e a estender a súa formación ao longo de toda a vida. De aí que incrementar o número de titulados en formación post-obrigatoria constitúa un obxectivo prioritario nas políticas educativas. Polo contrario, o abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación dos seus membros como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vai apoiar o desenvolvemento de actuacións que teñan por obxecto:

- Afrontar a situación de centros que reciben un alumnado en situación de desvantaxe educativa asociada á contorna sociocultural, para o que os recursos ordinarios se mostran insuficientes, polo que se necesitan mecanismos de compensación a través de programas de acompañamento escolar a centros de educación primaria e secundaria e de programas de apoio e reforzo a centros de educación secundaria.
- Diminuír o impacto dos factores que inciden no abandono do sistema educativo sen a titulación de educación secundaria coa realización de actuacións orientadas tanto á retención de estudantes no sistema educativo como con programas de segunda oportunidade, orientados á reincorporación de mozos e mozas, con actividade laboral ou sen ela, que abandonaron a súa formación sen cualificación nin titulación.

Desde a implantación do programa este contribúe a que as bibliotecas escolares de Galicia sexan un referente e unha ferramenta para abordar a problemática do abandono escolar, como factor de compensación social.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais sobre as que se basea o programa, son as seguintes:

- Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria.
- Orde do 1 de marzo de 2012 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar, nos concellos de Galicia para o ano 2012.
- Resolución do 10 de maio de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan, con carácter experimental, os contratos-programa e se establecen as bases para a convocatoria e selección de programas dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria dependentes desta consellería.
- No artigo 113 da Lei Orgánica de Educación (LOE) e na normativa curricular da Comu-

nidade Autónoma de Galicia, recóllese a necesidade de que os centros docentes contencunha biblioteca escolar, correspondendo á Administración educativa a obriga de facer fronte a súa dinamización e funcionamento, con especial referencia aos proxectos lectores de centros.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Actividades:

- Realizar actuacións destinadas a compensar as dificultades do alumnado para diminuír o abandono escolar prematuro e incrementar, por tanto, o éxito escolar.
- Fomentar a participación dos centros educativos na convocatoria de contratos-programa coa finalidade de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver ao máximo posible as súas capacidades, buscar a excelencia.
- Promover accións no campo da orientación educativa que establezan liñas de reforzo necesarias para revertir o fracaso escolar e/ou o escaso aprecio pola aprendizaxe incidindo no aumento da motivación e autoestima.
- Desenvolver medidas de apoio e reforzo educativo.
- Formación do profesorado para posibilitar a súa intervención no coñecemento e aplicación de liñas de atención á diversidade, na procura de garantir o éxito educativo de todo o alumnado.
- Promover medidas de apoio nas áreas instrumentais e de idiomas.
- Continuar co programa de axudas aos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento do desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar temperá dos mozos e mozas.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.13. PROGRAMA 431A - DIRECCION E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A través do presente programa de gasto, a Secretaría Xeral Técnica levará a cabo as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e centros administrativos dependentes da consellería. Do mesmo xeito, desenvolverá actuacións xerais de apoio técnico, administrativo e orzamentario, así como funcións de coordinación na prestación dos servizos de carácter transversal do departamento. Figuran neste programa os créditos precisos para o correcto funcionamento e desenvolvemento da actividade propia desta consellería, entre os que se

atopan os gastos en bens correntes e servizos, a adquisición e reposición de mobiliario e útiles, a reparación dos bens inmoables administrativos e demais actuacións tendentes ó mantemento ou mellora das dependencias de traballo.

Outras actividades comprendidas no presente programa e que serán igualmente desenvoltas pola Secretaría Xeral Técnica son, entre outras: a xestión do persoal, a tramitación e execución do gasto corrente e de investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos, tanto centrais como periféricos; a realización de tarefas de xestión económico-administrativa; o impulso, modernización e informatización dos seus servizos centrais e periféricos; a realización de estudos e traballos técnicos en temas comúns e xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas, así como a tramitación de toda a produción normativa no eido da cultura e o turismo. No presente programa inclúense, igualmente, as transferencias para o financiamento dos gastos correntes e de capital das fundacións Cidade da Cultura de Galicia e Illa San Simón.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Mediante o presente programa de gasto preténdese dar cobertura ás necesidades en materia persoal e demais gastos precisos para o correcto funcionamento dos servizos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, tales como arrendamentos de locais, reparacións, subministracións, comunicacións, transporte, seguros ou tributos; en resumo, todos os gastos necesarios para o correcto e eficiente desenvolvemento dos servizos, co fin de renovar e modernizar os espazos e medios materiais para o desenvolvemento das funcións por parte do persoal da consellería e mellorar os sistemas de información, incorporando os avances tecnolóxicos para unha xestión administrativa mais transparente e eficaz, que perseque o constante cumprimento dos principios de simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima e proximidade aos cidadáns que deben presidir en todo momento a organización desta consellería e das súas entidades instrumentais.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións enmarcadas no presente programa van dirixidas á poboación galega en xeral, ós órganos administrativos da consellería, así como ás fundacións Cidade da Cultura de Galicia e Illa San Simón.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O presente programa comprende a ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería, e introduce dende a súa orixe unha maior racionalidade e transparencia no desenvolvemento das competencias e de xestión das súas funcións. O obxectivo é acadar unha administración moderna e próxima, para o que se optimizan os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e se actúa de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, co fin último de acadar unha maior calidade, efectividade e racionalidade na prestación de servizos públicos aos cidadáns.

Por outra banda, e tendo en conta o actual escenario económico, cómpre executar as actuacións que integran este programa optimizando os recursos dispoñibles con criterios de eficacia e eficiencia, e baixo os principios de economía, optimización de recursos e racionalización do gasto público, a efectos de cumprir o obxectivo da austeridade que debe presidir a xestión da actividade administrativa, mantendo intacta a calidade na prestación dos servizos destinados ao persoal da administración e á sociedade en xeral, proporcionando e difundindo información constante, clara e obxectiva sobre as nosas actuacións, potenciando a accesibilidade para facilitar o coñecemento por parte da cidadanía das xestións que resulten de seu interese e fomentando e favorecendo a participación da cidadanía nos asuntos públicos e no deseño e mellora dos servizos públicos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
- Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 45/2012, de 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.
- V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.
- Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega.
- Decreto 230/2008, do 18 de setembro, polo que se establecen as normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa é o correcto funcionamento e unha axeitada coordinación dos servizos centrais e periféricos no eido da cultura e do turismo, tanto no que respecta a medios humanos como aos materiais e de organización, e actuar de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar unha maior racionalidade e axilidade administrativa e afondar na modernización dos procedementos e dos servizos prestados ós cidadáns por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e, en xeral, da administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes

do sector público autonómico.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.14. PROGRAMA 432A - BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAI:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa ten como obxectivo contribuír á mellora das bibliotecas, dos arquivos e dos museos de Galicia non só como centros de depósito cultural senón como infraestruturas e servizos básicos para asegurar o dereito constitucional de acceso á cultura e as responsabilidades atribuídas polo Estatuto de autonomía de Galicia á Xunta de Galicia en relación coa protección e acrecentamento do patrimonio documental.

Así, en relación coas bibliotecas o programa ten como obxectivos a mellora, impulso e promoción das bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, o fomento da lectura, a realización do catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia, a creación e mantemento da biblioteca virtual e o apoio ao libro galego, tanto no ámbito galego coma na súa difusión no exterior.

En relación cos arquivos, o desenvolvemento das competencias en materia de patrimonio documental, que afectan, entre outros, a todos os documentos das administracións públicas desde o mesmo momento da súa produción, implica prestar especial atención á xestión documental e aos desenvolvemento do sistema de arquivos, e procurar así que as actuacións que se acometan se concreten nun mellor funcionamento da administración, na garantía do acceso á información contida nos documentos e na conservación e acrecentamento do patrimonio documental.

Prestarase especial atención aos arquivos propios e xestionados de forma directa pola Xunta de Galicia, con especial atención ao investimento de reposición nos edificios, no desenvolvemento de programas que favorezan o seu funcionamento técnico en materia de identificación e avaliación documental, descrición, dixitalización, conservación preventiva ou restauración, e na elaboración e execución de proxectos de difusión que incrementen a presenza destes centros no seu medio social.

Continuaranse os esforzos dirixidos a favorecer unha mellor integración dos arquivos de interese galego que non sexan de titularidade da Xunta de Galicia no Sistema de Arquivos de Galicia. Procurarase así mellorar non soamente as infraestruturas destes centros, tanto os de carácter público –especialmente municipais e universitarios– coma os de carácter privado –eclesiásticos, de fundacións, de asociacións sen fins de lucro ou de particulares–, senón tamén incorporalos

de forma efectiva ao Sistema desde o punto de vista técnico e informativo, para o que se lles proporcionará apoio, asesoramento e recursos informáticos que favorezan o coñecemento e acceso dos cidadáns aos seus fondos.

No referente aos museos, o obxectivo é o de acadar un maior coñecemento e unha mellor conservación do patrimonio moble galego, para poder protexelo, interpretalo e difundilo á sociedade, como portador de valores que informan da esencia da cultura galega, ao longo do tempo. O seu campo de acción é o patrimonio cultural moble, depositado nos museos, e sempre vinculado e contextualizado no seu ámbito xeográfico e no seu contexto histórico.

Funcionalmente ten asumida a coordinación e dirección técnica do Sistema Galego de Museos e das distintas redes que o integran, así como a inspección dos museos galegos e do seu patrimonio cultural; desenvolve tamén a xestión dos museos de titularidade autonómica adscritos a esta consellería e os de titularidade estatal de xestión transferida á Comunidade Autónoma, agás o Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), polo seu carácter netamente pedagóxico e ligado ao eido educativo. Realiza a tramitación e informes dos procedementos para a creación de museos e coleccións visitables, a actualización e control do Rexistro e o Censo de museos de Galicia e o inventario do patrimonio moble custodiado nos museos galegos, así como o control dos movementos, restauracións e reproducións dos seus bens integrantes. Asume tamén labores de apoio e asesoramento técnico nas materias de patrimonio moble e de museos e a programación, coordinación e xestión das actuacións en materia de incremento, conservación, documentación, investigación e difusión do patrimonio custodiado e interpretado nos museos e noutros equipamentos culturais. Entre as súas funcións tamén se atopa a taxación de bens culturais de carácter museístico con fins administrativos e a xestión para o incremento do patrimonio moble depositado nos museos propios e xestionados por adscrición ou depósito e as súas diferentes formas de ingreso.

Levarase a cabo tamén, con cargo a este programa, o mantemento das liñas prioritarias de actuación que se citan a seguir:

Continuidade da política de axudas para traballos de documentación, conservación e difusión en museos propios pero tamén, e singularmente, de concellos, padroados, entidades e asociacións de carácter público ou privado. Debe notarse que esta é unha demanda política e social constante, sobre todo no que afecta ao valor e á función social do patrimonio documental e moble de Galicia.

Execución de investimentos nos edificios e infraestruturas dos museos propios, concertados ou xestionados pola Xunta, para cumprir coas funcións propias encomendadas: conservación, restauración, difusión, documentación e investigación.

Investimentos en proxectos de investigación e documentación das coleccións dos museos para a súa difusión na rede, a través das webs dos museos propios e dos portais do Sistema Galego de Museos, e da Administración do Estado para os museos de titularidade estatal e xestión

transferida.

Posta en marcha, difusión e mantemento dos centros de interpretación da Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa preténdese levar a cabo a consolidación, ampliación e mellora dos servizos existentes en materia de bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais así como a súa ampliación para atender con satisfacción as necesidades dos seus usuarios. Así mesmo, promóvese a realización de actividades que dean a coñecer o patrimonio cultural que albergan estes centros. Trátase, en definitiva, da responsabilidade pública de atender e proporcionar á sociedade galega hábitos e posibilidades de lectura e información, a través da creación, mantemento e enriquecemento continuo de centros de lectura. Inclúese así mesmo a promoción do libro galego, a través do apoio á empresa editorial galega, a realización de feiras e demais actuacións de promoción da lectura.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados á toda a poboación galega, de tódalas idades e de calquera estrato social ou laboral, así como a investigadores, asociacións socioculturais e outras entidades públicas ou privadas que desenvolvan actividades nas materias que son obxecto do presente programa.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En materia de bibliotecas, coa Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, establécese un novo marco legislativo adecuado para as novas necesidades das bibliotecas galegas, que debe garantirle á sociedade servizos bibliotecarios de calidade. Con posterioridade á publicación da lei, levarase a cabo o correspondente desenvolvemento regulamentario mediante decretos ou ordes que especificarán e desenvolverán os principais aspectos da lei. Así mesmo, a Lei recolle no seu articulado a obriga da realización do Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, que será o instrumento de traballo que permitirá coñecer a realidade das bibliotecas da rede, como paso previo para poder actuar de maneira planificada e operativa. O Mapa debe recoller as necesidades reais de lectura pública, e sobre estas establecerá o tipo de servizo que corresponde a cada poboación.

En canto ó libro galego e o libro en xeral, pártese dunha produción ampla de libro galego que precisa de expansión, rendibilidade, fomento e adaptación ás novas tecnoloxías.

No que respecta aos arquivos, precísase desenvolver de forma integral o Sistema e os diferentes subsistemas que o integran. A análise de debilidades e ameazas, fortalezas e oportunidades efectuada sobre esta estrutura legal e administrativa xa revelou algunhas importantes pexas, coma o colapso dalgúns arquivos por falla de espazo, a débil cooperación inter-administrativa, o escaso desenvolvemento informático ou a exclusiva percepción dos arquivos como centros de carácter patrimonial, obviando a súa evidente e fundamental orixe administrativa. A estratexia

deseñada busca encarar estes problemas e facerlle fronte de forma efectiva.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía para Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas.
- Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia.
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia (DOG do 27 de xuño)
- Decreto 307/1989, do 23 de novembro, polo que se regula o sistema de arquivos e o patrimonio documental de Galicia.

Cómpre salientar o desenvolvemento do PLAN IMPULSA OURENSE, mediante o cal se pretende poñer en marcha o Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa de San Cibrán de Las, situado nos concellos de San Amaro e Punxín.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No eido das bibliotecas e do libro, preténdese coordinar a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e impulsar o seu desenvolvemento. Conformada unha importante rede de bibliotecas públicas de Galicia, hai que incidir xa non tanto na creación de novos centros coma na mellora, modernización e planificación dos existentes, ofrecendo servizos de calidade aos cidadáns e aproveitando as novas tecnoloxías redes sociais e a súa difusión a cidadanía. Impulsaranse programas de actividades culturais e de animación á lectura, e potenciaranse as coleccións das bibliotecas, coa actualización, renovación e incremento dos fondos e da diversidade de recursos en todo tipo de soportes, co fin de optimizar os recursos existentes mediante a súa oferta non soamente no recinto físico da biblioteca, senón tamén nun contorno virtual.

Procurarase así mesmo lograr a rendibilidade e a xeneralización do uso do libro galego pola sociedade. Por outra banda, destaca o apoio e reforzo do libro galego no que atinxe á súa presenza nos grandes acontecementos culturais e feiras internacionais, cun propósito de expansión e de intercambio coas restantes culturas do mundo contemporáneo.

No que respecta aos arquivos, son instrumentos para conseguir ese obxectivo xeral as iniciativas legislativas que está a promover e Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as actuacións orzamentarias que programa. Búscase con elas mellorar os edificios e equipamentos que son sedes dos arquivos, pero tamén contribuír a un mellor servizo ao cidadán mediante accións coordinadas nos eidos da informatización, a dixitalización de acordo con normas internacionais e a difusión, que ademais incorporen de forma efectiva o patrimonio documental galego ás grandes redes de coñecemento e de acceso á cultura de ámbito europeo e mundial.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Secretaría Xeral de Cultura

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

III.1.15. PROGRAMA 432B - FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Os obxectivos deste programa consisten en establecer as grandes liñas de actuación para o desenvolvemento da cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo.

Este compromiso baséase nos seguintes puntos, sobre os que xirarán as actividades que se desenvolvan:

- Cultura galega e en galego: fortalecemento da cultura galega, na súa verdadeira identidade e en harmonía coas correntes de converxencia sensitiva e intelectual que se dan no mundo contemporáneo, dentro dunha concepción dinámica da cultura, coa renovación, actualización e ampliación de horizontes e a adaptación aos novos tempos e aos distintos ámbitos culturais nos que se insire Galicia, nos planos nacional, europeo e mundial, dentro do diálogo e intercambio enriquecedor con outras realidades culturais.
- Desenvolvemento das estruturas, dos equipamentos e dos recursos necesarios para facer posible o circuíto da cultura. Procúrase unha actuación sólida, que integre os estamentos con calidade profesional suficiente e que atendan as necesidades da poboación galega e dos sectores que basean a súa actividade, directa ou indirectamente, na captación dun público autóctono ou visitante, sobre o que pivota unha parte importante da economía galega.
- Recuperación de espazos públicos, como rúas, prazas ou recintos históricos, como ámbitos capaces de albergar e xerar cultura.
- Creación de medidas para manter a cultura galega como marca de calidade da Comunidade Autónoma. Potenciarase a circulación exterior dos produtos culturais e a súa identificación de orixe, para os converter así en carta de presentación de Galicia.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa preténdese o fortalecemento da cultura galega, na súa verdadeira identidade e en harmonía coas correntes que se dan no mundo contemporáneo, dentro dunha concepción dinámica da cultura, coa renovación, actualización e ampliación de horizontes e a adaptación aos novos tempos e aos distintos ámbitos culturais nos que se insire Galicia, nos

planos nacional, europeo e mundial, dentro do diálogo e intercambio enriquecedor con outras realidades culturais así como a ampliación e mellora das estruturas, equipamentos e dos recursos necesarios para facer posible o círculo e a realidade da cultura.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados á poboación galega en xeral, para que poidan gozalos todos os cidadáns. Ten como destinatarios concellos e asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro, que poderán recibir axudas para levar a cabo actividades culturais, ou ben realizar obras e equipamentos nos espazos e edificios dedicados as elas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A proxección da cultura galega en todos os eidos da nosa sociedade e na súa imaxe e presenza exterior promove o recoñecemento do legado artístico e literario que consolidou Galicia como gran manifestación cultural, á vez que impulsa a aparición de novas formas de expresión, individuais e colectivas. Para isto traballamos intensamente no deseño de estratexias que conduzan á consecución dos obxectivos, amais de procurar a colaboración e cooperación institucional con toda clase de entidades e institucións públicas e privadas, para apoiar o seu labor artístico, ou ben para acadar intercambios frutíferos para a actividade cultural galega, que manteña ou incremente os niveis de satisfacción e identidade da cidadanía co noso selo cultural, ao tempo que consolide o prestixio acadado en moi distintos eidos do panorama internacional.

Así mesmo, preténdese atender as necesidades culturais da nosa sociedade, con programas atractivos para os distintos públicos e sectores e para os visitantes que acoden, atraídos pola riqueza das nosas manifestacións culturais en todos os ámbitos e termos, como parte importante da nosa actividade económica. No punto de saída, este programa promove e desenvolve diferentes liñas de achegamento á arte contemporánea e á cultura en xeral para diferentes públicos e colectivos da sociedade, co fin de propiciar múltiples situacións de diálogo e reflexión. Preténdese levar a cabo, ben directamente ou ben en colaboración con outros departamentos da Xunta, a construción, mellora ou equipamento das infraestruturas socioculturais nas nosas vilas e cidades, especialmente en núcleos de escasa poboación, para que poidan representarse as diversas manifestacións da cultura galega nun marco digno e adecuado ás necesidades reais dos nosos tempos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia
- Decreto 176/2011 polo que se modifica o 196/2001 polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Incentivar as manifestacións e representacións artísticas no eidos do teatro, a música e a danza, mediante a creación dos espazos necesarios, ben coa mellora das infraestruturas sociocul-

turais xa existentes naqueles concellos que non dispoñan das infraestruturas axeitadas para levar a cabo a programación cultural do ente local, ben a través de convenios ou convocatorias de axudas, nos concellos onde as necesidades de reforma, mellora ou dotación son imprescindibles para poder ofrecer unha oferta cultural de calidade consonte as demandas sociais.

A través do Centro Galego de Arte Contemporánea trátase de dinamizar o panorama artístico actual e reflexionar sobre a diversidade das conformacións culturais na sociedade contemporánea. Desde os seus inicios, o CGAC amosou as liñas directrices da arte das últimas décadas mediante exposicións retrospectivas de artistas recoñecidos internacionalmente ao carón de exposicións dedicadas a difundir a arte galega, incluíndo tanto autores xa consagrados coma os máis emerxentes. Tamén son continuas as colaboracións con outras institucións, que nesta nova etapa se verán forzadas con proxectos de longo prazo. Ademais dun espazo expositivo, o CGAC é un centro dinámico e multidisciplinar no que se celebran ciclos de conferencias, obradoiros impartidos por artistas e incursións no campo da música, as artes escénicas e o cinema, que permiten a participación activa do público e favorecen o intercambio de ideas entre profesionais de distintos ámbitos.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Cultura

III.1.16. PROGRAMA 433A - PROTECCION E PROMOCION DO PATRIMONIO HISTORICO, ARTISTICO E CULTURAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa ocúpase do apoio e difusión do patrimonio cultural galego en todas as súas manifestacións tanto en Galicia coma no exterior.

Tamén a través deste programa a consellería persegue a protección, conservación, investigación, incremento e difusión do patrimonio artístico, arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico de interese para Galicia, para o que atende os seguintes obxectivos básicos:

- Conservación de bens de interese cultural (BIC) catalogados e doutros bens pertencentes ao patrimonio cultural significativos, por medio de actuacións directas e de colaboración con outras entidades do sector público para a protección e atención ao patrimonio cultural situado na súa demarcación.
- Conservación, restauración e posta en valor, co obxecto de potenciar o uso social e cultural do patrimonio eclesiástico.
- Estudo, investigación, rexistro e difusión do abundante e diverso patrimonio cultural da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o desenvolvemento e dotación das ferra-

mentas necesarias para a xestión do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia e a súa difusión pública por medio das ferramentas que ofrece a actual sociedade da información.

- Consolidación e espallamento da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico.
- Estudo, delimitación, conservación, fomento e difusión dos Camiños de Santiago en Galicia, con atención especial ao patrimonio cultural asociado a eles.
- Potenciación das liñas de actuación dirixidas a incrementar o coñecemento, a investigación e a conservación preventiva do patrimonio arqueolóxico, arquitectónico (civil, militar e relixioso), etnográfico, industrial e da enxeñería histórica, así como á súa conservación, restauración e rehabilitación, dotándoo de usos compatibles cos seus valores culturais.
- Consolidación e desenvolvemento da Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico, conforme os principios de reequilibrio territorial e de desenvolvemento sostible de ineludible aplicación en todas as actuacións deste programa.
- Promoción e realización das intervencións necesarias para garantir a súa conservación nos bens integrantes do patrimonio cultural galego máis significativo, como os bens declarados de interese cultural (BIC), os Camiños de Santiago, o patrimonio defensivo (murallas urbanas, castelos e fortalezas), o patrimonio catedralicio, o patrimonio monástico, os retablos, pinturas murais e bens artísticos; as pontes históricas ou os bens e conxuntos etnográficos e industriais.
- Establecemento de liñas de axudas para colaborar no mantemento do patrimonio arqueolóxico, e para a conservación, restauración e rehabilitación de bens inmoables de carácter etnográfico que constitúen unha parte importante do acervo patrimonial galego.
- Mantemento de liñas de axudas para colaborar no custo da execución de actuacións arqueolóxicas ordenadas maiormente en conxuntos históricos.
- Adquisición de bens e de terreos para a protección, conservación e difusión do patrimonio cultural de Galicia, coa posibilidade de desenvolver usos e actividades compatibles cos seus valores culturais.
- Realización de actuacións destinadas á conservación preventiva, mantemento, conservación, restauración e mellora dos bens inmoables de interese cultural, museos e equipamentos culturais propios ou xestionados, así como a facilitar o acceso universal a estes.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A protección, conservación, investigación, acrecentamento e difusión do patrimonio artístico, arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico de interese para Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados á poboación galega en xeral, así como ás entidades públicas e privadas implicadas na conservación e defensa do patrimonio cultural galego para que poidan valoralos e gozalos toda a cidadanía.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Este programa ocúpase do apoio e difusión do patrimonio histórico galego en todas as súas manifestacións, tanto en Galicia coma no exterior. Tamén a través deste programa a consellería persegue a conservación, acrecentamento e difusión do patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico de interese para Galicia, así como dos Camiños Históricos a Santiago e a mellora do Inventario xeral do patrimonio cultural galego, como instrumento básico de protección.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía para Galicia, que recolle as competencias da comunidade autónoma en materia de cultura.
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

Como instrumento de planificación para a valorización do patrimonio cultural da provincia de Ourense, participa do PLAN IMPULSA OURENSE, a través de actuacións de mellora do patrimonio eclesiástico da provincia.

Dentro do PLAN IMPULSA LUGO, acometeranse actuacións de mellora do patrimonio eclesiástico da provincia, a continuación das actuacións xa iniciadas na recuperación dos espazos públicos dos camiños de Santiago e a execución do proxecto de rehabilitación do cuartel de San Fernando como Centro de Interpretación e Museo da Romanización, así como intervencións de mantemento e conservación da muralla romana de Lugo.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade e estratexia do presente programa xira arredor da protección, conservación, restauración, e o incremento e a posta en valor do patrimonio cultural galego. Un dos instrumentos esenciais para a consecución destes obxectivos é o do inventario e catalogación do patrimonio, cara á elaboración de plans de protección, conservación e difusión, así como o control e seguimento da actividade arqueolóxica, tendo en conta a riqueza do patrimonio arqueolóxico da Comunidade Autónoma de Galicia.

En liña co anterior, outra liña estratéxica que seguir é achegar o inventario do patrimonio cultural á sociedade e facilitar o acceso universal a el por todos os medios que proporciona a técnica e as tecnoloxías da información.

En canto á promoción e difusión do patrimonio cultural, é unha ferramenta imprescindible que contribúe a concienciar á sociedade en xeral e a todos os sectores implicados, na necesidade de defender e conservar o patrimonio cultural. De igual xeito, os plans e proxectos de obras do patrimonio procuran estimular a súa revalorización e garantir a conservación deste recurso cultural, turístico e de desenvolvemento social limitado, fráxil e non renovable.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Cultura

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

III.1.17. PROGRAMA 561B - INVESTIGACION UNIVERSITARIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa recolle os orzamentos destinados ao desenvolvemento das convocatorias de investigación universitaria do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (I2C) 2011-2015. Ademais este programa orzamentario forma parte do novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para os anos 2011-2015.

Este programa trata de acadar o obxectivo establecido no antedito Plan Galego de Investigación, isto é, estimular o crecemento económico e social de Galicia mediante o impulso e a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico, facilitando as relacións entre os centros de coñecemento e as empresas. En particular propón reforzar a investigación no ámbito universitario galego, especialmente na súa aplicación aos procesos empresariais.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa vai destinado a todos os axentes implicados na actividade investigadora no Sistema Universitario de Galicia, isto é, o persoal investigador en formación, o persoal post-doutoral, o persoal docente investigador, os grupos de investigación e as agrupacións de ámbito superior ao grupo.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O Sistema Galego de I+D+i, particularmente no ámbito universitario, caracterízase por unha gran fragmentación das súas capacidades, ao tempo que conta con recursos humanos científicos ben capacitados, o que se traduce na dificultade para obter resultados científicos e tecnolóxicos transferibles á sociedade e á economía. Esta realidade fai necesario tomar medidas para consolidar estas capacidades, dunha banda, mediante instrumentos de apoio á carreira investigadora e doutra banda, mediante o desenvolvemento de estratexias de consolidación e posta en valor das capacidades.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O referente normativa básico da actuación da Secretaría Xeral de Universidades é o seguinte:

- Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015
- Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 (I2C)
- Lei 12/1993 de 6 de agosto de Fomento de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Este programa segue os eixos estratéxicos establecidos no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 e que son os seguintes: Xestión do Talento; Consolidación de Grupos de Referencia; Sistema Integral de apoio á Investigación; Valorización do Coñecemento; Proxectos Singulares. Estes eixos conforman os programas a desenvolver no financiamento da investigación nas tres universidades galegas:

1. Programa de Formación e Retención do Talento.

O Plan I2C sitúa as políticas de talento como pedra angular para que investigadores e persoas con alta capacidade de innovación teñan mellores oportunidades de demostrar a súa capacidade. Este é un dos retos desta nova etapa: o apoio ao desenvolvemento da carreira científica e tecnolóxica en todas as etapas: formación, incorporación e consolidación no sistema universitario, promover as estadias e a mobilidade de investigadores e tecnólogos.

2. Programa de Fomento da Investigación de Referencia e Competitiva.

Axudas para fomentar a estruturación, especialización e consolidación das unidades de investigación no sistema público de I+D a través do financiamento a grupos de referencia, a creación de redes de investigación e estruturas de colaboración permanente, e a promoción de grupos de investigación emerxentes.

3. Programa de Apoio á Investigación.

O Plan I2C establece que o financiamento da actividade investigadora no ámbito autonómico debe deixar atrás o modelo baseado no financiamento dos grupos por acumulación de pequenos proxectos de investigación, para pasar a un novo modelo en que os grupos reciben un financiamento estrutural baseado en principios de calidade e eficiencia, e fundamentado nun proceso de avaliación continua.

Este programa promove unha nova liña de axudas para o financiamento basal dos grupos de investigación universitaria de mediana e pequena dimensión co fin de potenciar a plena consolidación das súas capacidades de investigación.

4. Programa de Valorización do Coñecemento.

O I2C desenvolve un conxunto de iniciativas que aspiran a potenciar propostas de valorización de coñecemento vinculados a resultados de investigación e a dinámicas de coñecemento corporativo. Trátase de fomentar os programas de apoio aos grupos de investigación, investigadores e centros tecnolóxicos para que incrementen os seus resultados de valorización; fomentar a aparición de novos axentes de valorización. Atender ás demandas das universidades do SUG cara a valorizar as súas actividades de investigación, e particularmente da transferencia de tecnoloxía.

5. Fomento de Proxectos Singulares.

Este obxectivo supón a aposta e o compromiso de establecer iniciativas de alto impacto en sectores especialmente estratéxicos e onde Galicia posúe contrastada potencialidade. Ben marcado polo logro do financiamento para dous Campus de Excelencia Internacional no ámbito da Comunidade Autónoma, o Campus Vida promovido pola Universidade de Santiago de Compostela, e o Campus Mar, promovido pola Universidade de Vigo. Trátase de establecer ferramentas de apoio a estas dúas iniciativas.

6. Infraestruturas científicas e Centros de investigación.

Á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, correspóndelle a promoción da investigación do SUG. Unha das súas liñas é a planificación, desenvolvemento integrado e consolidación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e de centros para optimizar e rendabilizar as súas capacidades en investigación e transferencia de coñecemento.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Universidades

III.1.18. PROGRAMA 432B - FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAI:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O fin deste programa é o de impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, co apoio á participación, consolidación e cooperación das empresas e profesionais na produción, creación, conservación, difusión e comercialización do patrimonio cultural galego, nun mercado dinámico, sustentable e plural que fomente a participación cidadá e remova os obstáculos xeográficos, físicos, educativos, sociais ou económicos que poden dificultar o acceso á cultura, especialmente dos colectivos menos favorecidos, e o fomento da demanda de produtos culturais, co fin de promover a orientación ao mercado das empresas, mellorar a viabilidade dos seus proxectos, achegar recursos propios e aumentar o peso relativo do sector no sistema produtivo galego.

Dentro das súas actividades atópanse, entre outras: o impulso á creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais; o incremento da comercialización e competitividade dos produtos culturais galegos dentro e fóra do noso país; a creación de plans formativos para a mellora na cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos das empresas do sector cultural, e o fomento da creación, mellora e modernización tecnolóxica de infraestruturas e equipamentos dos axentes culturais.

O programa de teatro, música e danza desenvolve as distintas modalidades das artes escénicas. Nel poténcianse novos proxectos dentro das actividades dos circuítos culturais, en cooperación cos concellos de Galicia. Trátase de realizar unha oferta cultural ampla e repartida, xeográfica e demograficamente, para facilitar o acceso e a recepción na poboación galega da cultura propia do país en todas as súas manifestacións.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Garantir o acceso á cultura de toda a poboación galega, a través do fomento da oferta de bens culturais, e incidir na creación de hábitos de consumo cultural, aumentar a profesionalización dos distintos ámbitos sectoriais que comprenden as industrias culturais, aproveitando as capacidades do sector para a creación de emprego e promocionar e difundir a industria cultural

galega no exterior.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Empresas, profesionais, entidades sen ánimo de lucro dos distintos ámbitos incluídos nos distintos subsectores da cultura: artes escénicas, audiovisual, arte e música. En xeral, toda a poboación galega como destinataria final do acceso á cultura.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A demanda de produtos culturais na Comunidade Autónoma ven aumentando nos últimos anos, coa política de coordinación coas entidades locais, que contribúe a deslocalización dos eventos e á garantía de acceso de toda a poboación a unha programación cultural estable. Existe a necesidade de continuar coas políticas de financiamento das redes de salas, de teatros e auditorios e de salas de música ao vivo, que constitúen unha parte importante da oferta cultural da comunidade.

O sector empresarial galego dedicado ás industrias culturais está moi atomizado e ten dificultades para o acceso a mercados interiores e exteriores. Nos últimos anos, Agadic leva apoiando o sector mediante liñas de axudas á distribución exterior, produción de espectáculos de artes escénicas, produción de distintos formatos audiovisuais, apoio a festivais, co obxecto de contribuír ao fortalecemento do sector.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Agadic é unha axencia autonómica regulada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, marco normativo hoxe modificado e ampliado pola Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Asemade regularase tamén polos propios Estatutos da Axencia, aprobados polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo.

Agadic, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, executará os programas de apoio destinados a reforzar o papel dos creadores e creadoras individuais, empresas e industrias culturais privadas, acrecentando os esforzos e recursos destinados a mellorar e afondar estas medidas, dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

No eido do sector audiovisual, Agadic conta coa Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia, que establece, no exercicio das competencias que son propias da Comunidade Autónoma, no ámbito territorial de Galicia, os principios xerais e as liñas de acción institucional no sector audiovisual, así como os seus mecanismos de fomento. Como axencia autonómica, nos seus programas de fomento, está integramente suxeita á normativa de subvencións, instrumento que se emprega para o apoio a creadores, empresas e entidades sen ánimo de lucro para a consecución dos obxectivos.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Aumentar a oferta e a demanda de produtos culturais, mediante a consolidación dos circuitos culturais establecidos por Agadic, mantendo e consolidando a Rede Galega de Música ao Vivo, a Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Salas, Camiños da Cultura, e Galicia é Música, e incidir no apoio a feiras e festivais, que dinamicen o mercado e faciliten a distribución de produtos culturais. A estratexia do programa é consolidar o produto cultural galego de calidade mediante o apoio á produción e a coprodución, tanto no eido das artes escénicas coma no do sector audiovisual e a música.

B. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega de Industrias Culturais

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prog.	Obxectivos Extratécnicos	Indicador	Valor Final
	Obxectivos Operativos		
151A FOMENTO DA LINGUA GALEGA			
Incorporar a aprendizaxe de idiomas en todos os niveis educativos, garantindo a competencia lingüística e dinamizando os usos da lingua galega na sociedade			
Promover o aumento da competencia lingüística e dinamizar os usos da lingua galega na sociedade.		Actuacións de formación (Nº)	250
		Actuacións de formación e de dinamización social do galego (Nº)	7
		Axudas (Nº)	939
		Campañas de difusión y promoción (Nº)	6
		Centros de Estudos Galegos beneficiados (Nº)	30
		Convenios e/ou contratos (Nº)	6
		Convenios, acordos e protocolos (Nº)	30
		Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº)	2.492
		Participantes en actividades de formación (total) (Nº)	4.154
		Persoas beneficiadas de bolsas (mulleres) (Nº)	14
		Persoas beneficiadas de bolsas (total) (Nº)	17
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe			
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe		Sen indicador	
421A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN			
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe			
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe		Sen indicador	
422A EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO			
Garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral			
Medidas para favorecer un ambiente de aprendizaxe que conduza a mellora do éxito escolar e dos resultados académicos.		Centros/programas financiados (Nº)	74
Mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público			
Adecuación estrutural e funcional dos centros educativos		Centros (Nº)	140
Dotación de recursos aos centros públicos para o seu funcionamento		Centros beneficiados (Nº)	780
Dotación e reposición de mobiliario e equipamento didáctico		Centros beneficiados (Nº)	200
		Equipamentos (Nº)	7.880
Homologación salarial do ensino concertado co ensino público		Unidades (Nº)	2.698
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe			
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe		Sen indicador	
422C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS			
Promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, mérito e a capacidade			
Accións de apoios á igualdade e acceso á educación superior		Alumnado beneficiado de bolsas (mulleres) (Nº)	839
		Alumnado beneficiado de bolsas (total) (Nº)	1.571
Accións para a mellora da calidade da docencia universitaria, da empregabilidade do alumnado e da satisfacción dos egresados e empregadores		Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	35.674
		Alumnado beneficiado (total) (Nº)	64.619
		Persoal Docente e Investigador (PDI). Profesorado beneficiado (mulleres) (Nº)	2.001

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

	Persoal Docente e Investigador (PDI). Profesorado beneficiado (total) (Nº)	5.374
	Proxectos (Nº)	3
	Titulacións (Nº)	302
Reforzar a investigación no ámbito universitario galego, na verquente da investigación básica e na súa aplicación aos procesos empresariais		
Consolidar a plena implantación do sistema docente e dos obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior, reformulando o financiamento universitario en función de obxectivos e resultados, e potenciando a misión das Universidades Galegas	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	35.674
	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	64.619
Fomento da capacidade investigadora e transferencia de tecnoloxía	Contratos de investigadores (Nº)	15
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe		
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	Sen indicador	
422D EDUCACIÓN ESPECIAL		
Garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral		
Axudas a centros con alumnado con necesidades educativas especiais	Aulas (Nº)	155
Mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público		
Adecuación estrutural e funcional dos centros educativos	Centros (Nº)	4
Dotación de recursos aos centros públicos para o seu funcionamento	Centros beneficiados (Nº)	16
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe		
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	Sen indicador	
422E ENSINANZAS ARTÍSTICAS		
Mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público		
Adecuación estrutural e funcional dos centros educativos	Centros (Nº)	5
Dotación de recursos aos centros públicos para o seu funcionamento	Centros beneficiados (Nº)	16
Dotación e reposición de mobiliario e equipamento didáctico	Centros beneficiados (Nº)	4
Promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, mérito e a capacidade		
Accións de apoios á igualdade e acceso á educación superior	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	11
	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	26
Axudas a concellos e entidades sen ánimo de lucro para financiar as ensinanzas de música dos conservatorios profesionais de música e escolas de música	Concellos beneficiados (Nº)	73
	Entidades beneficiadas (Nº)	15
Campañas de fomento e difusión das ensinanzas superiores de deseño e ensinanzas artísticas e campañas de promoción e difusión das ensinanzas de música en conservatorios e escolas de música.	Campañas de difusión y promoción (Nº)	1
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe		
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	Sen indicador	
422G ENSINANZAS ESPECIAIS		
Incorporar a aprendizaxe de idiomas en todos os niveis educativos, garantindo a competencia lingüística e dinamizando os usos da lingua galega na sociedade		
Impulso do dominio de idiomas estranxeiros, especialmente o inglés.	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	1.670
	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	2.880
Mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público		
Adecuación estrutural e funcional dos centros educativos	Centros (Nº)	1
Dotación de recursos aos centros públicos para o seu funcionamento	Centros beneficiados (Nº)	11
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe		

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	Sen indicador	
422H OUTRAS ENSINANZAS		
Garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral		
Medidas para favorecer o acceso das persoas adultas á formación ao longo da vida	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	8.258
	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	17.204
	Materiais didácticos elaborados (Nº)	8
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe		
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	Sen indicador	
422I FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO		
Actualización e formación continuada dos profesionais do ensino		
Actuacións do Plan de Formación do profesorado de ensinanza non universitarias	Axudas a profesores individuais para formación (Nº)	126
	Profesorado beneficiado (mulleres) (Nº)	2.240
	Profesorado beneficiado (total) (Nº)	4.530
Mellora da estrutura de formación permanente do profesorado potenciando a formación a distancia e a formación nos propios centros.	Profesorado beneficiado de formación no centro (mulleres) (Nº)	1.275
	Profesorado beneficiado de formación no centro (total) (Nº)	2.680
422M ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL		
Actualización e formación continuada dos profesionais do ensino		
Accións en materia de formación permanente do profesorado de FP	Actuacións de formación (Nº)	86
	Profesorado beneficiado (mulleres) (Nº)	1.114
	Profesorado beneficiado (total) (Nº)	2.322
Aumentar o número de titulacións oficiais impartidas nos centros de FP, con reforzo específico en materias relacionadas coa nova economía e incorporar a formación de adultos		
Impulsar os procesos de innovación tecnolóxica na FP	Proxectos de innovación (Nº)	7
Mellorar a percepción social da Formación Profesional.	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	310
	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	2.100
	Alumnado que cursa FP (mulleres) (Nº)	310
	Alumnado que cursa FP (total) (Nº)	2.100
	Alumnos que cursan FP (%)	52
	Campañas de difusión y promoción (Nº)	4
	Alumnado que realiza prácticas en empresas (mulleres) (Nº)	5.290
	Alumnado que realiza prácticas en empresas (total) (Nº)	11.500
Novos currículos de ciclos formativos de grao medio e grao superior para adecualos as necesidades actuais.	Curriculos novos de grao medio (Nº)	4
	Curriculos novos de grao superior (Nº)	6
	Incremento dos novos currículos de grao medio e de grao superior (%)	5
Garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral		
Implantación dos programas de cualificación profesional inicial (PCPI) para os alumnos que non acaban a ESO acaden unha cualificación relacionada no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	310
	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	2.100
Medidas para favorecer un ambiente de aprendizaxe que conduza a mellora do éxito escolar e dos resultados académicos.	Centros/programas financiados (Nº)	4
Mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público		
Adecuación estrutural e funcional dos centros educativos	Centros (Nº)	90

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Dotación de recursos aos centros públicos para o seu funcionamento	Centros beneficiados (Nº)	337
Dotación e reposición de mobiliario e equipamento didáctico	Centros beneficiados (Nº)	50
	Equipamentos (Nº)	5.400
Homologación salarial do ensino concertado co ensino público	Unidades (Nº)	170
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe		
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	Sen indicador	
423A SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSEINANZA		
Incorporar a aprendizaxe de idiomas en todos os niveis educativos, garantindo a competencia lingüística e dinamizando os usos da lingua galega na sociedade		
Impulso do dominio de idiomas estranxeiros, especialmente o inglés.	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	12.070
	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	24.000
Mellorar a formación en linguas estranxeiras a través das axudas ao alumnado para o aprendizaxe de idiomas.	Alumando beneficiado que cursa inglés (mulleres) (Nº)	795
	Alumando beneficiado que cursa inglés (total) (Nº)	1.761
	Alumnado beneficiado (resto idiomas) (mulleres) (Nº)	133
	Alumnado beneficiado (resto idiomas) (total) (Nº)	310
Mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público		
Adecuación estrutural e funcional dos centros educativos	Centros (Nº)	798
	Centros beneficiados (Nº)	134
Dotación de recursos aos centros públicos para o seu funcionamento	Centros beneficiados (Nº)	700
Promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, mérito e a capacidade		
Accións de apoios á igualdade e acceso á educación superior	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	170.357
	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	283.929
Axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar.	Beneficiados (Nº)	163.000
	Cobertura das axudas (%)	65
Fomentar as actuacións educativas complementarias a través de axudas os concellos.	Concellos beneficiados (Nº)	139
Potenciar o recoñecemento público do esforzo, a superación e o éxito escolar do alumnado a través dos premios extraordinarios.	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	38
	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	68
Promoción de procesos de avaliación nos centros e servizos educativos para a mellora da xestión e dos resultados educativos.	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	4.998
	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	9.800
	Centros (Nº)	39
	Proxectos (Nº)	39
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe		
Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	Sen indicador	
423B PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR		
Actualización e formación continuada dos profesionais do ensino		
Formación do profesorado en linguas estranxeiras.	Profesorado beneficiado (mulleres) (Nº)	148
	Profesorado beneficiado (total) (Nº)	190
Garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral		
Actuacións encamiñadas á prevención do abandono escolar temperá, mediante o desenvolvemento de medidas de orientación, reforzo e apoio.	Alumnado beneficiado por actuacións de reforzo (mulleres) (Nº)	704
	Alumnado beneficiado por actuacións de reforzo (total) (Nº)	1.540
	Fracaso escolar (%)	23
Medidas para favorecer un ambiente de aprendizaxe que conduza a mellora do éxito escolar e dos resultados académicos.	Centros/programas financiados (Nº)	216

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

	Programas desenvolvidos (Nº)	15
<p>Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe</p> <p>Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe</p>		
Sen indicador		
431A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA		
Promoción de Galicia como destino de turismo cultural		
Accións de acondicionamento na Illa de San Simón, Muralla de Lugo, Torre de Hércules, Camiño e cidade de Santiago (Patrimonio da Humanidade)	Actuacións dirixidas á promoción do turismo cultural (Nº)	10
Actuacións de promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia como recurso turístico.	Actuacións dirixidas á promoción do turismo cultural (Nº)	25
Posta en marcha da Cidade da Cultura de Galicia, que debe servir para difundir a marca Galicia internacionalmente	Actividades programadas (Nº)	30
	Visitantes (Nº)	300.000
<p>Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe</p> <p>Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe</p>		
Sen indicador		
432A BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAI		
Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao mesmo en condicións de igualdade		
Actuacións de promoción da lectura e do libro galego, dentro e fora da nosa comunidade. Apoiar a edición e a tradución das obras galegas	Axudas para a promoción do libro galego (Nº)	30
	Axudas para a tradución (Nº)	30
	Feiras (Nº)	20
	Proxectos para a promoción da lectura (Nº)	25
	Bibliotecas participantes en actividades de animación á lectura (Nº)	25
Desenvolver os sistemas de arquivos e museos de Galicia para potenciar a xestión do patrimonio documental e moble desde unha óptica global	Porcentaxe de arquivos e museos integrados nas redes dixitais do patrimonio documental e moble (%)	20
	Proxectos (Nº)	20
Mellora, impulso e promoción das bibliotecas públicas integradas na Rede de bibliotecas de Galicia a través do Plano de automatización 2.0.	Obxectos dixitais creados (Nº)	25
	Bibliotecas dotadas de equipamentos (Nº)	50
Mellora, impulso e promoción das bibliotecas públicas integradas na Rede de bibliotecas de Galicia a través do Plano de desenvolvemento das coleccións.	Documentos adquiridos e distribuídos (Nº)	50
	Bibliotecas dotadas con fondos bibliográficos (Nº)	100
Mellora, impulso e promoción das bibliotecas públicas integradas na Rede de bibliotecas de Galicia a través do Plano de fomento da lectura.	Actividades de fomento da lectura (Nº)	10
<p>Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe</p> <p>Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe</p>		
Sen indicador		
432B FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAI		
Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao mesmo en condicións de igualdade		
Accións de colaboración con entidades públicas e privadas para a realización de actividades culturais e para a execución de obras e melloras nos edificios ou locais adicados ás mesmas	Actuacións e programacións culturais desenvolvidas (Nº)	50
	Centros culturais renovados e/ou mellorados (Nº)	5
	Publicacións (Nº)	10
	Visitantes ao CGAC, escolares (mulleres) (Nº)	500
	Visitantes ao CGAC, escolares (total) (Nº)	800
	Visitantes ao CGAC, adultos (mulleres) (Nº)	1.000
	Visitantes ao CGAC, adultos (total) (Nº)	1.800

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

<p>Creación do Cluster das Industrias Culturais e implementación do Plan director da música.</p> <p>Creación dunha plataforma multimedia para o fomento das industrias culturais galegas, vinculado a un Plan de difusión da música tradicional como primeira oferta de Galicia e embaixadora da nosa cultura e a oferta de un Mapa de festivais de música, audiovisual e artes escénicas.</p> <p>Fomento do produto cultural galego nos paquetes turísticos.</p> <p>Fomento do evento cultural integrado co turismo do seu entorno: creación de ferramentas de comunicación/integración do produto turístico na oferta do evento cultural.</p>	<p>Empresas beneficiadas (total) (Nº)</p> <p>3</p>
	<p>Visitas (Nº)</p> <p>3</p>
	<p>Produtos culturais galegos (Nº)</p> <p>10</p>
	<p>Venda de produto cultural galego (%)</p> <p>2.000</p>
<p>Consolidar un sector galego do audiovisual</p>	
<p>Axudas ás empresas do sector audiovisual.</p>	<p>Axudas (Nº)</p> <p>50</p>
	<p>Empresas beneficiadas (total) (Nº)</p> <p>50</p>
<p>Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe</p>	
<p>Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe</p>	<p>Sen indicador</p>
<p>433A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO ECULTURAL</p>	
<p>Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao mesmo en condicións de igualdade</p>	
<p>Obras de conservación, restauración e protección do patrimonio cultural galego</p>	<p>Obras de conservación, restauración e protección realizadas(Nº)</p> <p>20</p>
<p>Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe</p>	
<p>Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe</p>	<p>Sen indicador</p>
<p>561B INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA</p>	
<p>Reforzar a investigación no ámbito universitario galego, na verquente da investigación básica e na súa aplicación aos procesos empresariais</p>	
<p>Fomento da capacidade investigadora e transferencia de tecnoloxía</p>	<p>Proxectos de I+D+i (Nº)</p> <p>3</p>
<p>Incentivos a grupos de investigación de OPIS en base a resultados de transferencia</p>	<p>Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos(Nº)</p> <p>299</p>
	<p>Proxectos de I+D+i (Nº)</p> <p>250</p>

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	10	20	21	30	40
151A-Fomento da lingua galega				5.724	
421A-Dirección e servizos xerais de educación	1.762				
422A-Educación infantil, primaria e ESO	11.929				
422C-Ensinanzas universitarias					320.632
422D-Educación especial	200				
422E-Ensinanzas artísticas	350				
422G-Ensinanzas especiais	179				
422M-Ensinanza secundaria e formación profesional	5.718				
423A-Servizos e axudas complementarias das ensinanzas	150.234				
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	15.469				
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	1.694	10.909	1.954		
432B-Fomento das actividades culturais		6.558			
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural		105	15.905		
561B-Investigación universitaria					47.970
Total	187.536	17.572	17.859	5.724	368.602

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	IV	VI	VII	IX	Total
151A-Fomento da lingua galega	1.730	145	1.122	3.815	643		7.454
421A-Dirección e servizos xerais de educación	22.277	1.731	8	24			24.039
422A-Educación infantil, primaria e ESO	517.414	12.528	213.827	11.929			755.698
422C-Ensinanzas universitarias		198	284.091	1.381	33.814	1.148	320.632
422D-Educación especial	21.361	700	11.072	200			33.333
422E-Ensinanzas artísticas	25.785	1.700	97	375			27.957
422G-Ensinanzas especiais	12.927	804	174	179			14.084
422H-Outras ensinanzas		300		30			330
422I-Formación e perfeccionamento do profesorado		447		1.218			1.664
422M-Ensinanza secundaria e formación profesional	611.113	36.923	13.635	7.545			669.218
423A-Servizos e axudas complementarias das ensinanzas	15.750	152.384	3.566	2.326	12.756		186.782
423B-Prevención do abandono escolar	16.411		60	1.035			17.506
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	3.337	2.204	4.281	318	5.329		15.469
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	7.558	1.694	1.044	3.188	1.074		14.557
432B-Fomento das actividades culturais	2.041	1.152	2.372	1.847	8.393		15.805
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural	10.209			4.673	1.128		16.010
561B-Investigación universitaria			19.544		28.426		47.970
Total	1.267.913	212.911	554.892	40.081	91.563	1.148	2.168.508

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

10 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	13.021	3.337	-74,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	150.337	154.167	2,5
Cap. IV - Transferencias correntes	6.617	5.633	-14,9
Cap. VI - Investimentos reais	36.421	19.069	-47,6
Cap. VII - Transferencias de capital	9.706	5.329	-45,1
Total	216.102	187.536	-13,2

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

20 SECRETARÍA XERAL DE CULTURA	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	-165	7.419	-4590,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	436	412	-5,7
Cap. IV - Transferencias correntes	711	2.106	196,1
Cap. VI - Investimentos reais	5.448	3.965	-27,2
Cap. VII - Transferencias de capital	3.919	3.671	-6,3
Total	10.349	17.572	69,8

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

21 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	10.357	10.348	-0,1
Cap. IV - Transferencias correntes	760	706	-7,1
Cap. VI - Investimentos reais	6.841	5.112	-25,3
Cap. VII - Transferencias de capital	2.296	1.694	-26,2
Total	20.254	17.859	-11,8

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

30 SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA	2012	2013	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	142	145	1,9
Cap. IV - Transferencias correntes	1.448	1.122	-22,5
Cap. VI - Investimentos reais	5.524	3.815	-30,9
Cap. VII - Transferencias de capital	741	643	-13,3
Total	7.855	5.724	-27,1

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

40 SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES	2012	2013	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	209	198	-5,1
Cap. IV - Transferencias correntes	324.891	303.635	-6,5
Cap. VI - Investimentos reais	1.355	1.381	1,9
Cap. VII - Transferencias de capital	62.190	62.240	0,1
Cap. IX - Pasivos financeiros	523	1.148	119,5
Total	389.167	368.602	-5,3

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

50 D.X. DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA	2012	2013	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	785	680	-13,4
Cap. IV - Transferencias correntes	5.843	3.198	-45,3
Cap. VI - Investimentos reais	4.549	5.164	13,5
Total	11.176	9.042	-19,1

(Orçamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

60 D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.326.186	1.244.769	-6,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	60.564	56.569	-6,6
Cap. IV - Transferencias correntes	247.870	237.889	-4,0
Cap. VI - Investimentos reais	2.240	945	-57,8
Cap. VII - Transferencias de capital	15.149	12.756	-15,8
Total	1.652.009	1.552.927	-6,0

(Orçamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	2012	2013	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.253	2.041	-9,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	909	741	-18,5
Cap. IV - Transferencias correntes	1.830	604	-67,0
Cap. VI - Investimentos reais	2.912	630	-78,4
Cap. VII - Transferencias de capital	7.241	5.231	-27,8
Total	15.145	9.247	-38,9

(Orçamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2012	2013	% Var.
10 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	216.102	187.536	-13,2
20 SECRETARIA XERAL DE CULTURA	10.349	17.572	69,8
21 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	20.254	17.859	-11,8
30 SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA	7.855	5.724	-27,1
40 SECRETARIA XERAL DE UNIVERSIDADES	389.167	368.602	-5,3
50 D.X. DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA	11.176	9.042	-19,1
60 D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	1.652.009	1.552.927	-6,0
A1 AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	15.145	9.247	-38,9
Total	2.322.056	2.168.508	-6,6

(Orçamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013	2012	2013
Cap. I - Gastos de persoal	1.349.399	1.265.872	2.253	2.041	0	0	1.351.652	1.267.913
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	212.473	212.170	909	741	0	0	213.382	212.911
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
Cap. IV - Transferencias correntes	592.630	557.173	1.830	604	4.492	2.886	589.969	554.892
OPERACIÓNS CORRENTES	2.154.502	2.035.216	4.992	3.386	4.492	2.886	2.155.002	2.035.716
Cap. VI - Investimentos reais	62.377	39.451	2.912	630	0	0	65.289	40.081
Cap. VII - Transferencias de capital	104.154	92.193	7.241	5.231	10.153	5.861	101.242	91.563
Cap. IX - Pasivos financeiros	523	1.148	0	0	0	0	523	1.148
OPERACIÓNS DE CAPITAL	167.054	132.792	10.153	5.861	10.153	5.861	167.054	132.792
Total	2.321.556	2.168.008	15.145	9.247	14.645	8.747	2.322.056	2.168.508

(Orzamento 2012 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	2013
Altos Cargos	8
Persoal Funcionario	31.929
Subgrupo A1	13.052
Subgrupo A2	16.950
Subgrupo C1	293
Subgrupo C2	815
Agrupacións profesionais	819
Persoal Laboral	3.011
Grupo I	70
Grupo II	73
Grupo III	104
Grupo IV	1.043
Grupo V	1.721
TOTAL	34948

Medios Personais

Axencia Galega das Industrias Culturais	2013
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	2
Agrupacións profesionais	2
Persoal Laboral	55
Grupo I	5
Grupo II	7
Grupo III	20
Grupo IV	22
Grupo V	1
TOTAL	58

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Consorcios autonómicos	Ingresos	Gastos
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	1.220	1.220
Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia	4.851	4.851
Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	6.974	5.054
Fundación Illa San Simón	367	19
Fundación Camilo José Cela	349	40
	13.760	11.184

(Miles de Euros)